


VICTORIA ARMESTO

# Verbas Galegas



**VICTORIA ARMESTO**

# **VERBAS GALEGAS**

I. S. B. N. 84-7154-207-2

Dep. Legal VG-133-1973

EDITORIAL GALAXIA · Reconquista, 1 · VIGO

**GALAXIA**

Ouh, meiga cidade da Cruña  
Cibdá d'a torre herculina...

*M. Curros Enriquez*

## MERCADORES DA VELLA CRUÑA

Coma Friné sae do mar envolta en escuma e, atraveso dela xurde o seu corpo fermoso e xentil, asin a Cruña sae das néboas da prehistoria envolta en leendas, sempre aloumiñada pola lus máxica do Faro.

Iria Flavia desenrola o seu magnetismo secular dende a pedra que lle deu nome e nova vida espritoal: o Pedrón.

O noso "pedrón" é o Faro, que alumeadando o mar alumea tamén o noso fado coma pobo mareante i emigrante. É certo que isa lus móstranos, feiticeira, o camiño pra fuxir (estanos decindo "ídevos") pero non é menos certo que alumea igoalmente o camiño de volta (estanos decindo "volvede").

Cidade e Faro semellan feitos dunha mesma sustancia vital.

Sempre que se ven abaxio o Faro morre a cidade, cando renasce a vila recomponse o Faro.

Ao longo dos séculos a Cidade e máis o Faro manteñen a mesma estroitura, mais —en tres mil anos de historia— Cidade e Faro cambean ás vegadas os nomes.

De cabo a cidade chamábase *Brigantium*, ou Brigancia. Cidade verdadeira ou mítica, era o *Magnus Portus Artabrorum*. O Faro tiña o mesmo nome que a cidade. Era "o Faro de Brigancia".

Decindo que a Cruña e Brigancia son a mesma cida de non quero anoxar a Betanzos, mais no tomo 19 da *Historia Sagrada* o Padre Flórez, abegado nos escritos de Tolomeo, de Dión Casio e de Paulo Orosio, dí que a Cruña é a sucesora da sonada Brigancia.

Pode ser que Betanzos estivera igualmente aferido ao grande porto dos ártabros, que na antigüidade tiveramos unha caste de "gran cidade das rías", un centro de meirande comercio que encetaron os celtas da Bretaña, entón chamada Armórica.

Armorianos, galeses e irlandeses achegan as súas leendas á lus do Faro de Brigancia; ista mesma lus ilumina as liturxias das vírxenes druídicas ao pé dos Castros.

Na leenda escocesa díse que Gathol, rei de Escocia, veu á nosa cidade pra facernos unha visita de amigo e no curso da mesma roubou a "pedra do Faro", ali onde abancaban os reises de Brigancia...

Dun xeito misterioso esvaise a fabulosa Brigancia. ¿Cóma, cando, por qué? Pode ser que a ciscaran os piratas.

Cidade e Faro érguense novamente cando os fenicios descobren a nosa abundanza mineira.

Os fenicios fixeron da Cruña o seu "gali", ou depósito de estano.

Brigancia tiña (coma Tiro) dous portos, o aitual e o do Orzán que nun momento —aqueles, os nosos lonxanos antergos— teimaron pechar.

Das labouras feitas pra enlevar unha caste de "muro de abrigo" nascéu unha nova leenda: no Mar do Orzán alcóntrase unha cidade asulagada; en certos días, en determinadas condicións pódense ollar os restos dun gran porto.

O Faro de Brigancia —irmán dos de Alexandria e Mesina— renasce envolto nas leendas fenicias. Agora é feitura de Brigo, fillo de Tuval e pai de Astai.

Astai, obrador das primeiras barcas de bimios, é o fundador de nosa industria mariñeira<sup>1</sup>.

Outra leenda abona que o Faro de Brigancia fora edificado pra honrar a memoria de tres reises. E inda temos

<sup>1</sup> Tettamancy Gastón, Francisco, *Apuntes para la Historia Comercial de La Coruña*, prólogo de Salvador Golpe, La Coruña 1900, páxs. 4-7.

unha terceira leenda —grata pra as feministas—, quen fixo o Faro era muller: unha muller da meirande fermosura.

Os románs recompoñen o Faro, revivecen á morrediza Brigancia. Entón ás vellas leendas celtas e fenicias abérirse o recordo das fazañas de Hércules na loita co xigante Gerión.

Agora xa se esqueceron dos "tres reises", agora é o mesmo xigante Gerión quen está encovado baixo a torre.

Joseph de Cornide, home da Ilustración, pouco afei-zoadoo a fantasiar, arreda as leendas, esquécese de Hércules, de Hipalo, de Brigo. Non dá creto ás leendas irlandesas que vencellan a chegada dos seus antergos coa lus do Faro de Brigancia.

Cornide estuda a inscripción latina dunha pedra achada perto dos cimentos da Torre de Hércules. Da dita inscripción surde a certidume de que o arquitecto do Faro (un dos arquitectos) era un galego-portugués, natural de Aquas Flavias (hoxe Chaves) chamado Gayo Servio Lupo<sup>2</sup>.

Cornide afiúza que a Torre de Hércules fixose en tempos de Trajano, pra axuda das naves romás que saífan pra Inglaterra<sup>3</sup>.

A caída do Imperio siñala tamén un esmorecemento da vella Brigancia.

De dona dos portos e dos mares, Brigancia pasou a ser a fácil vítima dos bárbaros e, pra perdelo todo, perdéu hasta o nome.

Xa non era coñecida senón pola sona do seu moimento. Nas sagas normandas á Cruña chámalle "Far"<sup>4</sup>.

Aburada polos vikingos, a nosa cidade foi removéndo-

<sup>2</sup> Joseph de Cornide non sabe si Gayo Servio Lupo foi o arquitecto da Torre ou si foi namáis o arquitecto dunha estatua de Marte situada ao pé da torre. A pedra, na que o dito Gayo Servio Lupo abónase pra a posteridade, estaba dedicada a Marte. Joseph Cornide: *La Torre de Hércules*, edición del Ayuntamiento de La Coruña, sección de educación y extensión cultural. La Coruña, 1969.

<sup>3</sup> Joseph Cornide, *op. cit.*

<sup>4</sup> Victoria Armesto: *Farum Galiciae*, en "La Voz de Galicia", o 8-VIII-1969.

se ao interior chegando a ter un novo desenrolo vital naquel punto onde o río Mero emboca na ría, no chamado "Burgo do Faro".

De cabo, o Burgo do Faro sinala certas disposicións de carácter comercial edificando unhas acequias pra navegar no interior, eran as "aceas da man" que darían logo nome ao lugar: Haciadama.

O desenrolo era cativo. En verdade, o Burgo do Faro non era senón un dos moitos dominios dos feudais condes de Trava. Das mans dos condes pasou ás dos abades do mosteiro de Sobrado e logo dos bispos de Santiago.

Alfonso IX manda que os veciños do Burgo do Faro volvan até a península onde —por vontade do rei— vai medrar, no mesmo chan da antiga Brigancia, unha nova cidade que será coñecida como "A Cruña".

A primeira ves que se lle dá iste nome é nun documento público do ano 1208.

¿De qué lle ven iste novo nome?

Unha das teorías (a do licenciado Molina) senta que Cruña era o nome da fermosa muller que enlevó o Faro. Outra teoría é que Cruña era o nome dun dos barrios da vella Brigancia. Segundo Joseph de Cornide, Cruna ou Cruña ven de "columna" e a columna é a torre, o máxico momento<sup>5</sup>.

No intre da nova vila o mesmo Alfonso IX doa ao cabildo de Santiago dez solares, algunas eirexas, entre elas as de Santa María do Campo e de Santiago, a más dunha cantidade trevellada ao direito de "anclaje". O mosteiro de Sobrado recibiu tamén outros solares e bens na nova vila.

Os primeiros veciños da Cruña dos que temos noticia por un documento son dúas mulleres, María Juana, viuda de Juan Ferro, e Urraca Pérez, viuda de Ramírez Marina. No mes de maio do ano 1217 as dúas donas venden a carta parte dunha casa e a mitade doutra ao mosteiro de Sobrado.

Á Cruña costáballe traballo medrar.

<sup>5</sup> Joseph Cornide, op. cit.

A nosa cidade tiña medo aos mouros, aos vikingos e aos bispos de Santiago de Compostela.

Os piores eran os bispos. Co medo ás excomunións e ás multas, foi arrequecendo na Cruña un sentimento que tiña pouco, ou nada, de amistoso. As relacións non milloraron cando, desfeita a Galicia feudal, os Reises Católicos crean a Audiencia do reino en Compostela.

Nos libros do auctoramento da Cruña (ano 1556) figura unha partida de ducados que foron acomendados a Juan Rodríguez de Medina:

"por haber ido a Santiago a atender e solicitar los pleitos que la ciudad trata con el arzobispo sobre el anclaje y otros pleitos".

Non se trata dun pleito senón "dos pleitos".

A primeira "torre de Hércules", a do arquitecto Gayo Servio Lupo, tiña ao redor unha escala ou rampla pra ascender á cima onde raiolaba o facho.

Sete anos antes de que a Cruña lle dera os ducados a Juan Rodríguez de Medina pra seguir os pleitos contra o bispo de Santiago, a torre de Hércules xa non tiña escala. Temos coñecemento da falla polo licenciado Molina. Polo 1548, o licenciado Molina fai unha descripción en verso do reino da Galicia, e dí da Cruña:

Pues la Coruña tampoco la dexo  
gran puerto, que nunca fortuna le corre,  
y hablo de aquesta pues solo una torre,  
antiguo castillo que llaman el viejo.

Aquesta es do dicen que estaba el espejo,  
mas es fabuloso, sabido lo que era,  
estaba cercado de gran escalera  
que quen la deshizo non tuvo consello<sup>6</sup>.

¿Quén desfixo a escala do Faro? Joseph de Cornide

<sup>6</sup> Na Crónica General do rei Sabio fálase da grande antigüidade do Faro herculino, fálase tamén do seu estranxo espello no que se reflexaban as naves nemigas. Un espello semellante atribuise ao Faro de Alexandria.

de pensa que foron os Irmandiños, nas loitas civiles do século XV, cando esnaquizaron todas as fortesas feudais da Galicia.

A nosa aitividade comercial, no medioevo, era cativa. Tiñamos unhas boas *salinas* e a Zeca, ou Casa da Moeda, seguramente fundada polo rei Alfonso IX cando visitou a Cruña no ano 1200<sup>7</sup>.

A Zeca achábase perto do convento de San Francisco, na parte que hoxe é cuartel.

As moedas da Cruña recoñécense doadamente pois sempre tiñan por marca unha vieira, a concha xacobea<sup>8</sup>.

No século XIV acuñaron moeda polo mandado de dous persoaxes estranjeiros que se chamaron, ou foron, "reis de Galicia".

Un deles foi Fernando I de Portugal, outro o duque de Lánchester. Fernando I de Portugal chegou ás portas da Cruña o primeiro de maio de 1369.

Achegándose a campaña real, o gobernador da Cruña, Xoan Fernández de Andeiro, pregunta:

—¿Ven equí meu Señor o rei don Fernando?

—Eu son, eu son— resposta o rei.

Andeiro bicóulle a man<sup>9</sup>.

Entón a Zeca acuñou unhas moedas de ouro que tiñan no anverso as armas de Portugal e no reverso a torre de Hércules.

Quedan algunas, poucas, das estranas moedas. As que non se alcontraron, até hoxe, son aquelas que a Zeca da Cruña fixo pra o duque de Lancáster o 25 de Sant Iago do ano 1386.

Perto da Zeca alcontrábase a "Casa de Artillería" antecesora da Real Maestranza que dirixían lombardeiros

<sup>7</sup> A Cruña non foi a única das cidades galegas que tivo unha Zeca. Tamén tiveron Zeca Lugo e Santiago. César Vaamonde Lores: *De monetaria Gallega...* no Boletín de la Real Academia, núm. 262 y sucesivos. La Coruña, 1936.

<sup>8</sup> "El taller monetario de Coruña desde su fundación hasta desaparecer en tiempos de Carlos II tuvo siempre una venera como distintivo". César Vaamonde Lores, *op. cit.*

<sup>9</sup> César Vaamonde Lores, *op. cit.*

flamencos. O sogro de María Pita, o segundo marido de María Pita, e o terceiro marido de María Pita chamado Sánchez de Ratia, foron lombardeiros. A primeira feitura da Cruña medieval era a de sere unha cidade en loita consigo mesma. Estaba composta por dúas partes que non se levaban ben: a vella cidade, a suposta herdeira da antiga Brigancia, e a nova, a Pescadería, onde mandaba o gremio dos mareantes.

Os mareantes eran os donos de 600 casas na Pescadería e tamén do Hospital de San Andrés (sito onde hoxe está a capela do mesmo nome). Neste hospital, que dispunha de 150 leitos, recollerón a 400 feridos da mal chamada "Escuadra Invencible".

Os mareantes da Cruña sabían moito das cousas da mar, mais ¿terían tempo pra navegar? Sempre andaban metidos en pleitos cos outros gremios da Cruña e cos mareantes de Ares, Pontedeume, Sada e Betanzos polas razóns da pesca da sardiña.

E non sempre os litixios tiñan un carácter profesional. Gostaban tamén de loitar "polo honor". ¿Qué gremio tiña maior dereito de levar o pendón nas procesións? ¿Os mareantes? ¿Os mercaderes? Polo pendón tiveron un pleito<sup>10</sup>.

Atraveso dos séculos a nosa cidade deu probas dunha gran cobiza. As pretensiós lexítimas de medrar venceillábase un raro desexo de amolar. Se pode, a cobizosa Cruña deixa a Santiago de Compostela sen ósos apostólicos, sen bispo e sen catedral...

Como non tiña bastante força pra roubarlle o tesouro espritoal, roubóulle a Audiencia.

O 21-IV-1560 o síndico Alonso de Piñeiro, en nome do Auntamento da Cruña diríxese ao rei Felipe II pidindo o establecemento da Real Audiencia na cidade herculina.

As pretensiós da Cruña acadaban quasi sempre o favor da corte por isas razóns arteiras e sotís que dirixen

<sup>10</sup> Gafíaron o pleito e pendón os mareantes. Tettamancy Gastón, *op. cit.* pág. 66.

a política histórica do centralismo ibérico. Inda non pasaran tres anos dende que fixeran a solicitude cando xa o rei Felipe II, ordea pór "ukase" ao traslado.

Dende que fora criada polos Reises Católicos pra xullgar aos rebeldes da Galicia feudal, a Real Audiencia tiña un carácter de tribunal bélico. Aparte dos escribáns e alguacís contaba con dúas compañías de escudeiros e alabardeiros.

Os da Audiencia, no arrepío de ir pra a Cruña, mandáronlle outro memorial ao rei: a Galicia era terra de pleitos, en Santiago os litigantes tiñan conventos abondo onde arranxarse. Nunha vila cativa e de poucos conventos, como a Cruña ¿dónde meter aos litigantes, aos escribáns, alguacís, xueces e demás? Sen ter en conta o acougo de tantas almas, o rei confirma a orden de traslado.

O primeiro pleito celebrado pola Real Audiencia na Cruña foi o que levaban os frades de Santo Domingo contra o panadeiro.

Según os frades, o fume do forno do panadeiro metíase no claustro do convento e estáballes estragando o retábulo. "Que o panadeiro non volva a cocer o pan con toxo verde", decreta o xués. Pasado algún tempo, e coma os frades volveran protestar, ao panadeiro botáronlle unha multa de 50 ducados, ameazándolle que, ou acababa co fume, ou tiña que saír da cidade.

Cando a Cruña tivo un cativo comercio chegaron os primeiros xudeus. Acougáronse na mesma rúa que logo levó o nome do templo: a da Sinagoga. Antre os xudeus nados na rúa da Sinagoga o de maior sona internacional foi Daniel da Cruña tamén coñecido coma Daniel de Dueñas.

Este xudeu galego conquire a encomenda do rei Fernando I de Portugal, marchóu co rei e chegou a ter unha posición forte en Portugal. Era home de moitos merecementos, porén non leal: semella que sirvíu coma espía do rei de Castela.

O desenrollo marítimo da Cruña —daquela o primei-

ro porto de Galicia— tiña que ser cativo á forza. Estando nós más perto das Américas que ninguén, non tiñamos permiso pra comerciar con elas. Sevilla e Cádiz empapuzábanse do comercio coas Indias.

O centralismo ibérico chegou a extremos de interés: no tempo de Juana la Loca, o precio no que un zapateiro da Cruña podía vender o par de zapatos sinalábase en... Valladolid.

Nunca se falará dabondo do caso dos correos marítimos con Inglaterra, no século XVII<sup>11</sup>.

Xa polo fin do século XVII críanse, a proposta dos ingleses, os correos marítimos Falmouth-Cruña.

No 1689 comenzañ a navegar os paquebotes ingleses que eles chamaban "Corunna Boats" e nós chamabamos "os paquetes".

"Os paquetes" traguían e levaban a correspondencia antre Inglaterra, España e Portugal.

Iste novo servicio postal marítimo costáballe a Inglaterra 30.000 escudos anuáis, unha cantidade forte da que Inglaterra percuraba resarcírese facendo contrabando nos barcos<sup>12</sup>.

O Padre Álvarez Sotelo, historiador i economista no século XVII, sinalaba que un dos males da Galicia era que todos os cargos públicos estiveran nas mans de xentes alleas ao país.

O ademinentador dos Correos da Cruña (estou falando xa dos tempos de Carlos III) era un vasco, Alonso Uriarri. Parecería lóxico supoñer que levó un alegrón co establecemento da línea postal marítima Falmouth-Cruña. Non señor, non se alegróu nada, ao contrario, traballaba en contra.

<sup>11</sup> Pra o noso coñecimento e fidedina información da historia da economía galega temos os gabados libros do profesor Antonio Meijide Pardo. A laboura de Meijide é descomunal, pódese comparar nun senso coa mesma laboura do gran historiador coengo López Ferreiro.

<sup>12</sup> Este servicio "le costaba a Inglaterra 30.000 escudos, España se negó a dar nada aunque sóle le pedian 2.000. Meijide Pardo, Antonio, *Correos Marítimos entre Falmouth y La Coruña 1689-1815*", discurso leídoao ser recibido como membro de número do Instituto Cornide o 20 de maio de 1916. La Coruña, 1966.

Don Alonso Uribarri tiña razón en rosmar polo contrabando dos "paquetes", mais non era o contrabando o que tiña farto ao xefe dos correos. Polo artigo 3 do convenio marítimo hispano - inglés, "os paquetes", en chegando á Cruña, acomendaban a valixa da correspondencia ao Cónsul da Inglaterra e logo o Cónsul encarregábase de poñela nas mans do xefe de correos.

Téndolle collido xenreira aos "paquetes" polo protocolo da chegada da valixa, o xefe de Correos da Cruña comenzou a mandar memoriales a Madrid decindo que era máis comenente e barato mandar a correspondencia vía Francia e Flandes que non pola vía marítima Falmouth-Cruña.

Como aos de Madrid non lles divirte lér memoriales tardaron algúns tempo en decatárense das razóns de Uribarri, mais ao fin aquelas contas que lles facía o administrador<sup>13</sup> acharon maior valimento que os lonxanos intereses do porto da Cruña. Ansí, no ano 1763, o rei cancela por real orden o servicio marítimo e manda un oficio ao capitán xeral de Galicia: "Si acaso viniera el paquebote no se le consienta la entrada con la correspondencia".

<sup>13</sup> "Se estimaba en 38 onzas el peso de la correspondencia británica con destino al norte de Portugal, lo que suponía 912 anuales: si se recibiera a través de Francia utilizando luego la carrera de postas Madrid-Lisboa, a razón de 19 reales por onza que era la tarifa estipulada, suponía 17.228 y aun habría que añadir 4.300 reales, importe estimado de la conducción de otras cartas extranjeras vía San Sebastián, Madrid, Lisboa, lo que hacia 21.500 reales. En cambio por el servicio Falmouth-Coruña la renta de Correos sólo obtenía 11.500. El embajador inglés deploró lo que calificaba de alteraciones de la verdad en algunos puntos y exageraciones en otros... pero el administrador de la Estafeta coruñesa insistió en denunciar lo que calificaba de graves perjuicios: "en modo alguno conviene que S. M. permita la continuación del paquebote". No mesmo informe o administrador xeneral facía tamén consideracións de orden moral: "entregar al arbitrio del cónsul inglés (un hereje!) el sagrado de la correspondencia del Estado y la de tantos católicos... Al fin consiguieron que la valija sellada fuera entregada directamente en Correos excepto la correspondencia dirigida al ministro inglés acreditado en Madrid y al cónsul inglés en La Coruña. Aun así todo el administrador de correos seguía presionando para lograr la supresión del servicio postal marítimo Falmouth-Coruña". Meijide Pardo, Antonio, op. cit.

Dempós de pechar a línea Falmouth-Cruña as autoridades de Madrid deron o "visto bueno" pra unha nova línea marítima Falmouth-Santander.

Pasados que foron trinta anos o cónsul de Inglaterra fai novas xestións en Londres a fin de que volveran a tocar no porto da Cruña os "paquetes". Púxose dacordo cos ingleses, pro logo o embaixador de España na Inglaterra informou en contra ao seu goberno:

"Aun mirando las cosas con imparcialidad es infructuoso el envío de paquebotes a la Coruña cuando los mismos vientos, con poquíssima diferencia de días, llevan la correspondencia a Lisboa".

Insiste o cónsul, e no ano 1793, encétase de novo o servicio Falmouth-Cruña servido por dous barcos ingleses e dous españoles. A línea postal marítima remanece unhos trinta anos. Sempre, no curso destes anos, a correspondencia que Correos da Cruña tiña a obriga de remitir a Oporto chegaba tarde e, ás veces, nin chegaba. Queixábanse os comerciantes de Londres e os do Oporto, e coma os Correos da Cruña non avivecían, os ingleses fartos decidiron que os "paquebotes" do servicio postal, os velllos "Corunna Boats", empregaran a roita Falmouth-Lisboa.

A iniciativa privada xurde na Cruña ao fin do século XVII.

Os primeiros capitáns da nova industria foron estranxeiros, o flamenco Adrian de Roo, e o alemán Baltasar Kiel.

No ano 1658, cando os ingleses conquisen Dunkerke, os dous (cecais por seren axentes españoles) arriscanxe a fuxir e, polas razóns que eles coñecerían millor que nós, establecéncense na nosa cidade.

Na Cruña traballan primeiro coma técnicos, aforteñendo as fragatas percisadas pra a defensa da costa e logo, apóis de facer un contrato coa Coroa, toman a seu cárrego as operacións de recollida e transporte das levas.

Ista segunda laboura sería de maior renda pro non lles daría moita popularidade no país.

Dempóns das arroutadas do século XV Galicia caíra nun estado de maina resignación. Inda non comenzaran as grandes "fames", había fartura antre certos labregos que non querían deixar Galicia.

Aquelás guerras relixiosas, a mantenza do Imperio nada lles dicía aos galegos. Denantes de ser apreixados polos axentes das levas os mozos fuxían a Castela e Portugal. Emporiso sempre ficaban rapaces abondo pra encher as fragatas.

Adrian de Roo e Baltasar Kiel apañaron mcitos cartos.

Logo xa foi ansi como aquelas primeiras facendas amasadas acarón do porto da Cruña non se fixeron nen cos barcos nen co peixe: fixéronse co carrexo dos homes sinalados...

Adrian de Roo é o pioneiro da nosa industria.

Foi un home interesante, ardido, de pouca moral.

Coñecemos ben a súa vida gracias aos traballos do profesor Meijide Pardo e de Luis Miguel Recio. Temos tamén, a maiores, o informe feito, o ano 1693, pola xunta de comercio da Cruña<sup>14</sup>. Por iste informe sabemos tamén que Adrián de Roo foi o primeiro dos nosos "estrapelistas": aproveitábase do seu status coma cónsul de Flandes pra entrar axiña nos barcos alleos; mercaba a carga; gardábaa nunhos almacéns no porto; creada a escasidade, a venda do artigo almaceado producíalle unha descomunal ganancia.

Vencellados Adrian de Roo, Baltasar Kiel e un galego chamado Martín do Campo decidiron establecer tres fábricas perto da Cruña: unha de velas e xarcias, pra a industria naval, e dúas pra producir panos coma os ingleses e manteles coma os flamencos.

Coma lugar axeitado pra as fábricas elixiron Sada,

<sup>14</sup> Antonio Meijide Pardo, *Aportación a la Historia Industrial coruñesa: las fábricas textiles de Sada 1675-1762*, separata do Instituto Joseph Cornide, Revista, n.º 1, 1965. Luis Miguel Enciso Recio, *La Mantelería de La Coruña*, Madrid, 1963. Adrian de Roo demandara á Xunta de Comercio da Cruña créditos pra montar unha fábrica de aguardente.

daquela unha aldeiña onde moraban unha ducia de mariñeiros.

Nesta segunda metade do século XVII, cando nascía a industria, mantíñanse as estroituras feudais. Os labregos "ricos" das Mariñas pagábanlle ao seu señor, o conde de Andrade e Lemos unha galinha e tres reás ao ano, os labregos "probes" e mais as viudas non lle daban máis que unha galinha.

De recoller o tributo encarregábase o ademínistrador do conde. O conde vivía en Madrid.

Inda que fixeran moitos cartos co comercio das levas, Adrian de Roo e compañía non tiñan dabondo pra montar as fábricas. Ou si o tiñan non o querían gastar, ou cecáis pensarián que os negocios camiñan millor se camiñan con créditos estatales. Percisábase ademáis un capital forte pra enlevar as construccóns, importar o utillaxe de Flandes e facer vir, de Flandes ou de Holanda, aqueles obreiros técnicos que non se atopaban na Galicia<sup>15</sup>.

Si os funcionarios de Madrid chegan a ter por Adrian de Roo a mesma comenda que tiña a xunta de comercio da Cruña non lle dan os créditos. Mais na Corte lembrábanse dos vellos servicios. A mesma Coroa pasou a ser o "cuarto socio" de Adrian de Roo<sup>16</sup>.

Adrian de Roo recibiu o consello, e o permiso, de empregar coma obreiros das fábricas, unha ducia dos nenos orfos do Hospital Real de Santiago.

Era de certo unha boa axuda. Os expósitos eran rapa-

<sup>15</sup> A importación de man de obra especializada era difícil: "En el último tercio del 17, con los Borbones, los técnicos de Flandes y Holanda se resistían a venir por temor de no tener garantizada en España su libertad de conciencia". Meijide Pardo, *op. cit.*

<sup>16</sup> "Le otorgaron por cincuenta años la exclusiva para proveer a la Casa Real de lienzos y manteles al estilo de Flandes, le otorgaron también permiso para traer 10 familias obreras de los Países Bajos; franquicias fiscales para el comercio con Andalucía, Castilla y la propia Galicia durante 15 años. Se le concedieron facilidades para la exportación de oro a fin de pagar el material y transporte de materias primas. La monarquía le concedió un préstamo de 25.000 ducados de vellón a devolver en un plazo de veinte años. Como juez protector de la Mantelería se designó al Capitán General de Galicia". Enciso Recio, Luis Miguel, *op. cit.*

ces fortes, con moitos pulos pra traballar, pois os mirrados, os de pouca forteza física morrían nas primeiras se-más dempóns de entrar no Gran Hospital Real.

Todos os obreiros de Adrian de Roo e Co. foron, por real orden, ceibados do servicio militar agás no caso de que os enemigos invadiran a Cruña.

Adrian de Roo acadou tamén franquicias tributarias pra importación de maquinaria, da materia prima e pra venda dos seus productos. Logo de conceder éstes, e outros privilexios a Coroa mantiña certos dereitos de intervención na industria, ansi como a reserva dunha parte da producción.

Pra atraer aos técnicos flamencos, holandeses e irlandeses as fábricas de Sada tiñan que pagarles moi ben; emporiso os salarios fortes dos estranxeiros compaxinábanse cos salarios baixos dos traballadores galegos.

No informe que manda ao seu goberno un dos axentes ingleses fálase de baratura da man de obra galega: "Labor in that country is veri cheap".

A primeira fábrica do novo "complejo industrial" elevado na vila de Sada por Adrian de Roo and Co. foi a de xarcias, lonas e cordas (1675-1745).

Entróu en crisis nos primeiros tempos e salvóuna un empréstito real de 15.000 reás.

A nova industria tiña meirandes atrancos e non era o máis pequeno o de ter que importar o cáñamo... ¡de Rusia! (daquela Riga era o centro europeo do cáñamo) en barcos holandeses.

Según recoñecían os técnicos a nosa produción era dunha calidade excelente. Si un cable estranxeiro tiña 4 anos de vida o de Sada duraba 16. Era bo, certo, mais, ¿onde vendelo? En Galicia non esistía unha verdadeira industria naveira xa que os arsenales do Ferrol tiveron un desenrolo posterior.

A fábrica, a pesares de ter unha vida difícil, adequiriu xa dende o principio a enemistade de flamencos e ingleses que non gostaban dunha posibel competencia.

Outro tanto pasóu coa nova fábrica de panos, tamén enlevada en Sada.

Daquela os ingleses exportaban panos de Gales a Galicia.

A fábrica de panos encetou a produción con unha ducia de teares e personal estranxeiro. Polo 1698 xa tiña 25 teares, cinco deles manexados por obreiros galegos que gañaban a metade que os estranxeiros.

Os panos de Sada eran tan bos coma os galegos, as granas de Sada eran as millores de Europa, nembargantes a fábrica adoecía dun atranco semellante ao da fábrica de lonas e xarcias: a carestía da materia prima. Tiña que importar a lá de Segovia e pode que fose máis achacoso traer a lá de Segovia pra a Cruña que non o cáñamo de Rusia. Non había camiños, forzábanles a pagar impostos pola mercancía inda que, polas disposicións legais, estaban esentos.

As mesmas cargas rexían a saída dos productos manufacturados. Non había xeito de levalos pra Castela ou Andalucía e o mercado galego non era consumidor.

Os panos galegos costaban a metade que os ingleses, as granas galegas eran as millores de Europa... ¡e non se vendían!

Mais inda que os panos de Sada non atoparan mercado, inda que a fábrica sufrixa atrancos, os ingleses demostraron inquietudanza, cecáis en razón da boa calidade do producto.

Logo de investigar nos arquivos ingleses, Antonio Meijide escribiu: "Al año escaso de su fundación pudo observarse hasta qué punto los progresos de la naciente factoría provocaron malestar y preocupación en Inglaterra. John Parker, cónsul de Inglaterra en Galicia, comunica al Foreign Office y al Council of Trade, sus temores. Como medida más acertada en el Council of Trade, el 10 de septiembre de 1697, se pondrá la conveniencia de persuadir a los técnicos holandeses que trabajaban en la fábrica de La Coruña para que se fueran a Inglaterra ofreciéndoles un contrato mejor".

A máis fortemente subvencionada das novas indus-

trias foi a fábrica de lenzos, a Mantelería, establecida en Sada o ano 1684.

Cecás as fortes axudas estatais respondían ao feito de que a Mantelería traballaba quasi esclusivamente pra a Casa Real. Facía os manteles e as servilletas de palacio.

Pra o establecemento da fábrica de lenzos, Adrian de Roo e Baltasar Kiel tiveron outro socio, tamén natural de terras nórdicas, Cornelius Bandericer.

Os tres socios avíñanse por escritura (A Cruña 23-XI-1684) a traer dos Países Baixos dez familias obreiras e más un capelán que fale a súa lingua.

Contratan os obreiros, mercan o utilaxe, mais o barco de Flandes fóise a pique... afogáronse todos.

A falta dos obreiros flamencos en Sada agardaban os nenos espósitos do Real Hospital de Santiago de Compostela, destinados ao servicio da Real Mantelería.

Descobren logo un novo atranco: o liño colleitado en Galicia é áspero; comenzañ entón a facer experimentos pra ver se coa axuda das sementes estranxeiras poden milloralo.

Adrian de Roo decátase de que se non consigue a apertura de novos mercados, asuláganse as fábricas. Nun informe, dirixido ao rei, pide dúas cousas: franquicias e libertade pra comerciar coa América e que poñan certos atrancos á importación de ouxetos manufacturados.

Un día, en data non percisada, naqueles primeiros anos do século XVIII, aparecéu morto ao pé dunha das fábricas de Sada, Adrian de Roo. Non morréu de morte natural, matárono.

¿Quén, ou quén, serían os asesinos do primeiro empresario da Cruña? ¿Serían outros mercadores galegos? ¿Sería un dos mal pagados obreiros? ¿Sería un familiar dun daqueles mozos das levas que, reclutados polos axentes de Roo, morreron logo nas guerras de Flandes? As sospeitas foron moitas, a certidume pouca. Nun informe posterior do Auntamento da Cruña dícese que Roo foi vítima de "comerciantes enemigos".

¿Quénes foron estes enemigos? ¿serían axentes dos ingleses?

Adrian de Roo non é o único capitán de empresa que morre asasinado en Galicia. Pasado un século, mataron ao marqués de Sargadelos.

Unha ves que, por vinganza ou polo que fose, mataron a Adrian de Roo, foron logo esvaíndose, pasenxo, as industrias de Sada. A fábrica de panos, que pasara por fondas crisis, adequiriu unha certa prosperidade baixo a dirección dun irlandés intelixente: Michael Stapleton. Marchouse de Sada o irlandés —¿por manexos dos ingleses?— e a fábrica fundada por Adrian de Roo veu a morrer o ano 1713 cando, acabada a guerra de Sucesión, as industrias da Cruña por forza tiñan que ir a máis, que a menos non era posibel.

Xa contéi que a fábrica de lonas e xarcias tiña que importar o cánamo de Rusia. Iste atranco esváise cando, con semente estranxeira, millora a produción nacional. Nembarquantes, coma seguía sin ter mercados, a fábrica chegou a un estado de quebra o ano 1745. No 1750 xa ficaba en ruinas. Foi daquela cando, das mans dos herdeiros de Roo e Co., pasou ás mans da Real Facenda. O desenrollo das industrias navais era cifra da nova política do marqués de la Ensenada.

Por medo ás arroutadas dos ingleses, o ano 1762 a fábrica foi levada ao Ferrol<sup>17</sup>. Arruínase Sada que vivía dela. Logo —como á Real Facenda acabáronelle os cartos— tiveron que despedir a 450 obreiros chegando a empregar coma peóns aos "delincuentes comunes aprendidos en el reino de Galicia". Co novo e estrano personal —inda que fora barato— á fábrica non lle foi nada ben. Entrou en crisis ao mesmo tempo que entraba en crisis o Ferrol onde, a partir de 1898, anoiase toda actividade comercial. Asegún o informe da "Comandancia General" Ferrol "se convirtió en espantoso hospital y vasto cementerio"<sup>18</sup>. Esváise entón a fábrica de lonas e xarcias; como xa non facían barcos ¿pra qué querían o velame?

<sup>17</sup> Fixose o traslado por consello do xefe da escadra Jorge Juan.

<sup>18</sup> Meijide Pardo, op. cit.

Do primitivo "complejo industrial" de Sada non quedaba en pe, inda que en estado morredizo, máis que a fábrica de lenzos.

Polo ano 1725, Fernando Roo e Magdalena Kiel (fillos dos fundadores) levaron a fábrica pra a Cruña onde sempre foi coñecida coma "A Mantelería". Achábase na rúa de San Andrés e, pola parte de atrás, a casa chegaba até a rúa da Estrela.

Fernando Roo casouse con Catalina do Campo —filla do que foi socio das fábricas Martín do Campo—. Magdalena Kiel casou con Adrián Coderq. Outra filla de Martín do Campo casou con Cayetano Recarey.

Xa no século XVIII o cultivo e manufactura do liño espállassa na Galicia, e comenzan a xurdir os pequenos talleres domésticos. Na Cruña, aparte da Real Mantelería, había máis de 113 teares. A Real Mantelería mantiña polo regular unhos 500 ou 800 obreiros e unha gran parte deles traballaban na súa casa. No intre de maior inzamente (1797) a Mantelería chegou a ter 100 teares i empregar a 3.392 operarios.

O gran atranco da fábrica da Cruña (agora que xa tiña a materia prima na casa) era o de vivir a conta de un soio cliente, a Casa Real, que sempre pagaba tarde e mal<sup>19</sup>.

A Mantelería entró en crisis polo 1761 (cando a obligaron a pagar alcabalas e tributos), logo, por un novo contrato coa Casa Real, adquire novas ventaxas e o compromiso de fabricar todos os anos 300 xogos de "mantelerías finas adamascadas" pra palacio.

Cando xa comenzaba a respirar, a Mantelería (que non sofrira de competencia estranxeira) alcóntrase con un forte rival na mesma nación: a Real Fábrica de San Ildefonso. Os manteles que fabricaban nesta fábrica costaban coma os da Cruña (500 reás) e gañaban máis por ser más cativos<sup>20</sup>.

<sup>19</sup> Polo ano 1746 a Monarquía debía 310.833 reás á Mantelería da Cruña.

<sup>20</sup> Cecás pra acoubar a diferenza, os da Real Fábrica de San Ildefonso facian o xogo de 13 servilletas en ves de 12.

A nova competencia mirra á Real Mantelería da Cruña.

Xa na terceira xeneración morre o espirto comercial dos herdeiros de Adrian de Roo, Baltasar Kiel e Martín do Campo.

Aduro lles interesaba a industria, fixéronse axiña funcionarios do Estado. Un Coderq sacou diñeiro da fábrica da Cruña pra mercar o cárrego de "regente de la Real Audiencia de Valencia". Antre os demás herdeiros figuraban Xosé Benito Figueroa "oidor de la Real Audiencia de Galicia"; Bernardino del Rio "tesorero del ejército de mar y tierra de Galicia" e ademinentador das Aduanas; Anxel Recarey, rentista, e Mariana Pérez, viuda, e por certo, das de "armas tomar".

Sin ter pra nada en conta os intereses da industria todos eles comenzaron a pelejar por mor das partixas.

En 1773 morre Anxel Recarey que, facendo honor ao nome que levaba, era home moi piadoso. Nomea herdeiros da parte que lle correspondía na fábrica á súa irmá Xoaquina, ao Hospital Real de Santiago de Compostela e aos probes de la Santa Hermandad del Refugio de Madrid.

Daquela foi a desfeita porque os outros herdeiros inda recoñecían a suprema autoridade do Capitán Xeneral de Galicia, Xuez protector da Real Mantelería, pero os axentes que representaban os intereses do Hospital Real de Santiago e dos probes de la Santa Hermandad del Refugio de Madrid, eran tan ousados que non lle tiñan medo nen ao Capitán Xeneral.

Chegou o día en que o Hospital Real de Santiago matinou mercar as partes dos outros herdeiros e os axentes falaron con un abogado que lles deu o seguinte informe: "Todos los herederos del señor Figueroa y de su mujer, María Francisco Coderq, quieren beneficiar su mitad de la mitad que les corresponde. Pero ni los herederos de Figueroa hacen la mitad de la mitad sino un tercio de la mitad... ni es de creer que todos querrán vender. Queda doña Serafina Figueroa, que es la mejo-

rada, quien tiene una hija coja, soltera, que a la muerte de doña Mariana Pérez la deja por heredera de su parte, que son las dos partes de una mitad... cuya coja heredera la asiste y está en su casa esperando que la tía cierre el ojo, y así dudo que la doña Serafina convenga en vender su parte aunque quieran hacerlo sus hermanos de las suyas".

Tras enterarse do informe, os representantes do Hospital Real preferiron seguir os pleitos.

Anxel Varela Montoto, apoderado dos herdeiros Recarey, fala nun segundo informe da "mejora de tercio de quinto vinculado" e danos unha crara e lixeira definición: "El vínculo tiene como privilegio y preferencia que no puede perjudicarse por otra alguna consideración, y por eso ya se hubiesen enajenado las fincas por el don Félix, o por el don Angel o por la doña Joaquina, todo esto independiente para que haya de hacerse un reintegro total en bienes de la hermana de doña Catalina..."<sup>21</sup>.

Namentras os Recarey, Coderq, Figueroa, etc. o Real Hospital de Santiago e probes do Santo Refugio de Madrid peleaban polas cuestiós das *partixas*, do *vínculo* e das *mejoras do tercio de quinto*, os directores da Real Mantelería tiñan problemas de outro xeito. "Los inconvenientes nos tienen abochornados —escribía o apoderado da fábrica— si se acaban las hilazas a cualquiera de los tejedores, para pasar a darles otras se necesita suplicar al auditor que mande al escribano que concurra con las llaves, y unas veces dice que está ocupado y otras que lo dejen para mañana..."

Nas condicións espotas semella un milagre que a Real Mantelería da Cruña vivira até o ano 1908, a crisis da guerra da Independencia deu fin a un comercio encetado en 1684 por Adrian de Roo. Por suposto que por pechar a fábrica non se pecharon os pleitos, os herdeiros dos fundadores, e máis o gran Hospital Real de Santiago e os probes da Santa Hermandad do refugio de Madrid seguiron peleando até principios do século XIX.

<sup>21</sup> Enciso Recio, Luis Miguel, *op. cit.*

Liberdade de cultura

O ano 1763 o Auntamento da Cruña recibe una comunicación de Carlos III. O rei pedía un informe encol do estado da Agricultura, do Comercio e da Industria da Cruña.

Non sabemos (ou non sei eu) quen fixo o informe; era forte, arrepiante. Fálase do atraso da Agricultura; os labregos non tiñan terras propias que traballar, vivían abafados polos trabucos, pasaban fame... O estado do comercio era tamén ruín e pra revivencelo era mester abrirlle o comercio das Américas.

Carlos III recibe o informe da Cruña, i, en vez de arquivalo, acorda que a demanda é xusta e inxusto o *monopolio* histórico concedido aos portos de Sevilla e Cádiz<sup>22</sup>.

As ordes reás van abrindo as portas pechadas das colonias. O día 12 de outono do 1768, conta na historia mercantil da Cruña, pois nel deuse a coñecer o novo "Reglamento del Libre Comercio".

Nos tempos vindeiros tamén Barcelona, Málaga, Santander e a Cruña terán licencia pra comercializar coas Américas.

A libertade deu forzas ao mirrado comercio da Cruña. O primeiro de mes saíran os "correos marítimos" rumbo a Nueva España, Cuba e Puerto Rico; o día 15 saíran rumbo a Buenos Aires, Trinidad e Panamá. De dous en dous meses saíran os "correos marítimos" rumbo a Chile, Perú, México...

Os barcos admitían carga. No mesmo ano da libertade comercial, 1768, saíron do porto da Cruña 36 barcos de alto porte cheos de productos galegos, e non falo de materia prima senón de produtos manufacturados. Ise mesmo ano saíron de Barcelona pra América 32 barcos<sup>23</sup>.

A teima da Cruña era chegar a ser unha potencia in-

<sup>22</sup> Tettamancy Gastón, Francisco, *Apuntes para la Historia comercial de La Coruña*.

<sup>23</sup> "A partir de 1778 el comercio coruñés tomó tal incremento que la ciudad duplicó". Martínez Barbeito, Carlos, *Perfil Histórico-económico de La Coruña*, edic. patrocinada polo Banco de La Coruña, Bodas de Oro 1918-68.

dustrial. O desenrolo quentábase nas novas asociacións ceibes como "A Real Academia de Agricultura" e a "Sociedad de Amigos del país". Os "Amigos del país", moi demócratas, conseguiron do rei unha declaración de que non eran "infamantes" os oficios de curtidor e de zapeiro. Tamén matinaron o dragado do porto, costruir un "muelle de abrigo" ansi como achegar o castelo de San Antón a terra por unha ponte.

Unha orde do rei Carlos III crea no ano 1785 o Consulado da Cruña, unha institución semellante ás anseáticas ou ás inglesas.

O Consulado, que tiña os poderes dun tribunal, ceiba o comercio marítimo da curia.

Nos 44 anos que tivo de esistencia (sempre en loitas burócratas) o Consulado da Cruña teima de quentar a iniciativa privada e máis o espírito de laboura artesá.

O Consulado tiña cartos (das multas que podía impor e dun medio por cen sobre as importacións) que empregaba en dar créditos ás industrias merecentes deles<sup>24</sup>.

O Real Consulado mantiña unha escola de navegación e unha escola de "hilazas" de algodón, dándolle a cada aprendiz dous reás acotío. Arreagenta o Consulado o desenrolo dos cultivos de cáñamo e liño na Galicia; tamén o da industria siderúrxica. Traballaba tamén pola agricultura dándolle créditos aos labregos<sup>25</sup>.

Dirixían a política do Consulado o chamado *prior*, dous cónsules, oito consiliarios, un contador, un tesoureiro, un xuez, dous fidalgos, dous mercadores, dous maiores, dous fabricantes e dous navieiros.

Coma segretario foi nomeado Xosé Lucas Labrada, home intelixente, autor da *Descripción Económica del reino de Galicia*.

<sup>24</sup> Tettamancy Gastón, Francisco, *op. cit.*

<sup>25</sup> Martínez Barbeito, Carlos, discurso leído al ser recibido como miembro de número del Instituto Cornide. La Coruña, 11 febrero, 1965. O consulado da Cruña déulle cen mil reás a Xosé Codera, cecáis o único dos herdeiros das fábricas de Roo que tiña un certo siso empresarial. Mais tarde, Juan Francisco Barrié recibiría do Consulado 178.000 reás pra desenrolo da fábrica de sombreiros, e 16.000 outro mercador pra unha fábrica de flecos.

Tiña o Consulado da Cruña unha boa biblioteca, logo dirixida polo coengo Pedro Antonio Sánchez Vaamonde.

No ano 1814 a biblioteca do Consulado foi pechada por orden da Inquisición.

Un dos consiliarios do Consulado era o abogado de sona, estrela do foro da Cruña, Bernardo Hervella, autor do *Derecho práctico y estilos de la Real Audiencia*.

Outro consiliario era Joseph de Cornide.

Cornide nacéu o ano 1734, na casa de pedra que se alcontra perto da "Colegiata" e morréu en Madrid o ano 1803.

Cornide tivo o espírito, crítico e racionalista, do seu século. Achábase, coma o Padre Feixóo, disposto a revisar a heranza espritoal á lus da razón.

O pai de Cornide fora decano do Colexio de Abogados, mais o Joseph non tiña tíduos académicos. Autodidacto de sabencia enciclopédica o mesmo podía disertar encol da arqueoloxía, coma da pesca, da industria, da xeografía e da historia.

Chegou a dar recetas de cociña. Moi malas.

Coma era rico pola súa casa e casóu con muller de bens, Cornide —sin ter a briga de traballar pra a manterna da familia— poido adicárese á investigación e ás cencias sociáis.

Fixo tamén carreira na política, chegando a ser rexedor de Santiago, diputado do reino e vocal da Xunta de camiños da Galicia.

Daquela había unha "xunta de camiños", o que non había era camiños.

Foi Joseph de Cornide un dos primeiros promotores dunha laboura pendurada aos pés da Cruña: a de refacer a torre de Hércules.

Sempre cinguidas a sorte da cidade e a do faro, cando Adrian de Roo, o primeiro dos empresarios herculinos, funda as novas fábricas de lenzos, xarcias, etc., matina tamén a reconstrucción do faro, daquela (ano 1682) desfeito.

Coma nin a coroa, nin o reino da Galicia, nin os ve-

ciños da Cruña tiñan cartos, Adrian de Roo —cónsul de Flandes— interesóu no proyecto aos seus colegas cónsules de Inglaterra e de Holanda na Cruña.

Das tres nacións estranxeiras: Flandes, Holanda e Inglaterra, chegaron os cartos percisados pra acender o lume mítico do vello Faro de Brigancia; erguéuse a torre, fixéronlle dúas torretas, unha escalaera e dous faroles...<sup>26</sup> Despós do asesinato de Adrian de Roo e ao mesmo tempo que morrían as novas industrias, véuse abaxo a laboura dos cónsules. Primeiro ciscóuse un farol, logo o segundo, non podían reparalos, nin subir á torre: esmendrellouse a escalaera.

No ano 1785 o Real Consulado, pola iniciativa de Cornide, emprega a restauración da torre, unha laboura que veu costar 40.000 ducados. O primeiro arquitecto da torre de Hércules foi o galego-portugués Gayo Sevio Lupo, o segundo foi un italiano, o teniente de navío Eustaquio Giannini.

As inscripcións latinas foron escritas polo mesmo Joseph de Cornide.

De novo na renascente Cruña alumea a lus ancestral de Brigancia.

Xa polo ano 1849 a torre de Hércules convírtese en “escola de torreiros” posta baixo a dirección do reloxeiro de sona tamén piloto da mariña mercante, Agustín Antela, autor do tratado de mecánica chamado “cartilla de Antelo”.

Inda non pasaran tres anos cando levaron a escola pra o Faro Machichaco, en Vizcaya, mais logo o goberno español decatóuse de que o cambio, da Cruña a Vasconia, fora un erro.

O millor lugar pra pór a escola de torreiros non erán certamente nin as orellas do Atlántico nin as do Cantábrico, o “ideal” eran outras orellas: ¡as do Manzanares!

A escola de torreiros foi levada a Madrid, ao entre-

<sup>26</sup> A fin de se resarcir do canon de peaxe imposto aos navios que entraban no porto da Cruña, os cónsules quedaban co dez por cento. Tettamancy Gastón, Francisco: *Apuntes para la historia comercial de La Coruña*.

solo da casa número 7 da rúa do Turco, e alí mesmo —onde logo matarían a Prim— veu morrer a dita escola de torreiros<sup>27</sup>.

O espírito do século, a lóxica rexionalista, a rexouba do pasado, van desfacendo, como a golpes de martelo, a imaxen da Cruña medieval: a dos condes de Andrade, a dos irmandíños, a dos gremios de mareantes, a dos xudeos, a Cruña dos tres maridos de María Pita, a Cruña de María Pita...

E xa estamos no século XVIII ¿qué queren os veciños? Queren lus, lus nas almas, lus na torre, lus nas rúas e nas casas... deste anceio virán a nacer logo as galerías da Mariña, principal feitura da nova Cruña...<sup>28</sup>

Imposta da súa importancia coma capital da Galicia, a Cruña —vella rival de Compostela— matina enlevar o novo edificio da capitania xeral enriba do pazo (das ruiñas do pazo) do feudal Payo Gómez das Mariñas.

Como non había cartos pra facelo impoñen ao viño galego un novo tributo. A obra acábase polo 1760 non sen moitas críticas pola banda dos ourensáns. Ourense, a más forte productora de viño, tivo que pagar pola construción da Capitanía da Cruña máis que a mesma Cruña<sup>29</sup>.

<sup>27</sup> Tettamancy Gastón, op. cit. pág. 343.

<sup>28</sup> “Tras declarar Carlos III la “guerra a la pereza”, en varias ciudades españolas, entre ellas La Coruña, se inicia la recogida de vagos y mal entretenidos... les mandaban a las Américas o les militarizaban, si eran niños se les daba un oficio. En 1778 una pragmática real declara no ser “infamantes” los oficios de curtidor y zapatero... se proyectó la limpieza del puerto, la construcción de un muelle y la comunicación por medio de un puente, de La Coruña con el castillo de San Antón, al mismo tiempo se retranqueaban las casas, La Coruña era alumbrada con faroles de aceite, Teresa Herrera fundaba el hospital y, aparte de la Real Mantelería, funcionaban en La Coruña más de 120 telares de lienzo ordinario, había fábricas de cordelería, papel, paños, sombreros, vidrio y pasamanería. Véase Tettamancy Gastón, op. cit. Carlos Martínez Barbeito: “Evocación de Joseph Cornide”; discurso lido ao ser recibido como membro de número do Instituto Cornide La Coruña, 11 febrero de 1965.

<sup>29</sup> Se iniciaron las obras de la Capitanía General de La Coruña —real Cédula de Fernando VI del 11 de junio de 1748— con arreglo a los planes del ingeniero Juan Vergel. Para llevar a cabo dichas obras se impuso un maravedí por cada azumbre de vino que se cosechase en Galicia durante dos años. Se prolongó el impuesto por dos años más no sin qu protestase Orense... Tettamancy Gastón, op. cit.

Naquel tempo enlevan o primeiro teatro abeirado á vella Porta Real. A primeira das compañías teatráis chegadas á Cruña foi italiana.

Tamén a eirexa adícase á construcción: o arquitecto Casas Novoa dirixe as obras das Capuchinas de Pandeiras.

Non se sabe de certo cantos veciños tiña daquela a Cruña. Asegún certas estadísticas, antre os anos 1797 e 1808 a Cruña tiña unhos 15.000, mais nesta cifra non se contan nen os cregos, nen os militares...

Outros rebaixan a cifra, dicen que a Cruña non chegaba a ter 5.000 veciños<sup>30</sup>.

Na "Guerra da Independencia" cando se vai —nora-boa— a Real Familia e foron creadas as xuntas de defensa, nun sistema político de feito, inda que non de derecho, federal, a Cruña medra como por milagre. En cinco anos a poboación duplícase.

Tamén no século XVIII —o mesmo que pasou no XVII— a nova industria da Cruña nasce, en gran parte, pola iniciativa dos estranxeiros, se chamamos "estranxeiros" non soio aos flamencos e aos alemáns, aos franceses e aos italianos, senón tamén aos cataláns, vascos e casteláns que foron aferindose á industria e ao novo comercio da nosa cidade.

Un dos primeiros en decatarse da esistencia da Galicia foron os cataláns. E chegaron cedo, polo ano 1738, e logo foron axuntándose en agrupacións pesqueiras.

<sup>30</sup> Nos derradeiros anos do século XVIII, o xeógrafo don Tomás López enceta o seu *Diccionario Geográfico de España*, pedindo a cada un dos eruditos rexionais información da súa comarca. Estes informes áchanse na "Sala de Manuscritos" da Biblioteca Nacional, o correspondentes ás provincias da Cruña e Lugo baixo a signatura 7.297. O correspondental de don Tomás López na Cruña foi o fidalgo Bernardo del Río, nado en Pastoriza, residente na rúa de Tabernas, mariado da dona María Ozores. No informe —datado o 24 xaneiro, 1800— dícese que a Cruña ten 2.500 veciños e que, a máis da Real Audiencia cónstanse nela "catorce tribunales formados para administrar justicia sin contar la Inquisición". Bernardo del Río morre, aos 61 anos, no 1811. *Bernardo del Río describe La Coruña de fines del siglo XVIII*. Instituto Cornide, revista, ano 11, número 2, 1966.

Os empresarios cataláns tiñan presa por facer cartos; os obreiros galegos —a seu servicio— láianse do trato; os mariñeiros galegos protestan de que os cataláns pescaran coa "xávega" mentres eles seguían pescando co "xeito".

A "guerra do xeito e da xávega" foi longa e fera.

O Real Consulado da Cruña quere ter o informe de Joseph de Cornide. Cornide achégase aos portos pesqueiros (1774) estudiando o problema "in situ". Logo escribe a *Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia*.

Joseph de Cornide sabía moitas cousas, era un mestre nas cencias económicas, mais non debía ter idea da vida que levaban os pescadores galegos: quedou arrepiado.

A industria pesqueira (que tivera un certo desenrollo no século XVII) ficaba —como as fábricas de Adrian de Roo— na ruina. Sen cartos pra mercar, sen barcos, sen aparellos, os mareantes —abafados polos usureiros— víanse na obriga de pagar réditos dun trinta ou corenta por cen.

Os malpocados vivían de fiado. Cando adoecían ou sofrían un accidente non lles quedaba senón botarse a pedir polas portas.

No pleito entre galegos e cataláns, Cornide pónse de parte dos galegos.

A xávega, asegún Cornide era: "un instrumento que arrastra a la tierra todo género de pescado y aun el fondo", a xávega acabaría coa sardiña<sup>31</sup>.

Joseph de Cornide teima en fundar un Montepío pra os mareantes, fala do proyecto no Real Consulado, pide igualmente axuda económica ao Jerónimo Hijosa.

Jerónimo Hijosa era o home máis rico da Cruña no século XVIII. Tiña unha fortuna calculada en dous millóns cento coarenta e catro mil reás; tiña unha renda anual cifrada en 84.796 reás e pagaba 3.270 de contribución; tiña catro casas na calle Real e vivía nunha de-

<sup>31</sup> Cornide, Joseph, *Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia*. Carlos Martínez Barbeito, op. cit.

las; tiña, tamén na calle Real, o seu establecimento comercial; tiña nove casas no Orzán; tiña casas, almacéns, muiños e solares espallados; era dono de barcos, dunha "casa de seguros" e de máis de corenta lugares<sup>32</sup>.

Hijosa en chegando o vran marchaba pra un pazo sito en Santa Eulalia de Lians, Oleiros.

Hijosa fixo os primeiros cartos na Cruña meténdose no negocio da importación de cereáis.

Na mesma Galicia que teimaba industrializarse o pobo pasaba fame. Moita fame. Até o século XVIII Galicia produciú dabondo pra mantenza da súa xente. Segundo o profesor Meijide Pardo foi nos comenzaos do 18 cando "se rompe el equilibrio entre el abasto alimenticio y el crecimiento demográfico".

Nos chamados anos bos Galicia tiña que importar millo, centeo e trigo por valor de catro millóns de reás. Nos anos malos, cando se perdían as colleitas, os labregos fuxian das terras valdeiras e, na percura dun milagre, achegábanse a Santiago de Compostela. Dous grandes e xenerosos bispos, Raxoy e Malvar, espallaban esmolas ante os famentos e no "bienio da fame" (1768-69) morrián as xentes polas rúas da capital galega.

Os economistas galegos do século XVIII decátanse non soio da traxedia da agricultura senón do triste feito de que, sen contar coa axuda dun desenrollo rural paralelo, a nova industria das cidades non tiña porvir.

Cornide, o padre Sarmiento e máis o cruñés Somoza de Montsoriu láiase en nome dos labregos e chegan até escribir:

"Tal vez estarían mejor los labradores de vivir entre leones y tigres..."

Antonio Raimúndez de Ibáñez, industrial, fundador dos fornos siderúrxicos e da cerámica de Sargadelos afire os seus principios:

<sup>32</sup> Temos coñecemento da vida e laboura de Jerónimo Hijosa polo traballo do profesor Antonio Meijide Pardo: *Hombres de negocios de La Coruña dieciochesca*, separata de la revista del Instituto Cornide, número 3.

"La población sólo puede progresar por medio de la industria, pero siempre apoyándose en la agricultura porque todo poder viene de los campos..."

O mesmo, noutras verbas, dixo Xosé Lucas Labrada: "Sin la agricultura toda producción es precaria y la agricultura resulta más floreciente cuando el agricultor es propietario".

Joseph de Cornide foi un dos vintecatro "hacendistas y terratenientes" axuntados pra crear a "Academia de Agricultura" na Cruña o ano 1765.

"El primer objeto —reza o artigo III dos "estatutos" da dita Academia— será investigar las causas de la decadencia de la Agricultura de las 7 provincias del Reino de Galicia, pues conocida la enfermedad más fácil es encontrar remedio"<sup>33</sup>.

Antre os "remedios" propostos na "Academia de Agricultura" da Cruña cecáis o máis orixinal foi o de Xosé Pardo Bazán —antergo da doña Emilia— quen dixo que o campo estaba abafado principalmente pola usura e que, dende o Estado até o derradeiro particular que tivera cartos, tiñan a obriga moral de facerse "prestamistas" recibindo un 3 ou un 4 de interés, en ves do 30 ou do 40 por 100 que levaban os logreiros.

Jerónimo Hijosa enceta a carreira comercial importando faríña de Castela e, polo ano 1763, importa, por vía marítima, "cargamentos masivos" de Francia e de Vasconia<sup>34</sup>.

En levado a categoría de primeiro importador, Hijosa establece na Cruña almacéns pra gardar o grao e muiños —en San Amaro— pra moelo. Os materiais e os

<sup>33</sup> La Real Academia de Agricultura 1744-1765. Os académicos eran 24 con 29 correspondentes. Proyectaron publicar un periódico semanal "El Mercurio Agrícola". Correa Calderón, Evaristo, *Bibliografía de arbitristas, reformadores y economistas gallegos*, "Cuadernos de Estudios Gallegos", fascículo XIV, ano 1960.

<sup>34</sup> "Operando sobre una Galicia ultradeficitaria, Hijosa se interesó por ese tipo de comercio que, en razón de sus peculiares matices, confería siempre a sus negociadores una lucrativa ganancia". Meijide Pardo, op. cit. pág. 90.

técnicos encarregados de facer os muiños chegaron tamén, co grao, de Francia.

Os admiradores que tivo Jerónimo Hijosa (entre eles contábase un ministro do Consello de Castela) non se cansaban de decir que, ao revés que os especuladores e logreiros, Hijosa sempre vendéu a "precios mórdicos", a súa aituación tiña un carácter filantrópico como protector do malpocado e famento pobo.

Do comercio da importación, Jerónimo Hijosa (e máis os socios que tiña) pasa a encarregarse da contrata do abastecimento de carne da cidade da Cruña.

Cecás o Hijosa fixose cargo da contrata pra "purificar" aquel servicio do Auntamento que tiña unha mala sona. Falábase de que os "abastecedores" enchiánse de gañar cartos metendo na Cruña as piores carnes.

Ao mesmo tempo Hijosa fixose contratista pra suministrar os materiais da fortificación das murallas da Cruña e doutras obras estatais. A súa laboura mereceu as gabanzas de todo o elemento oficial que tivo relación con el.

É ben certo que a Providencia axuda aos filántropos de bo corazón. Inda non pasaran dez anos dende o día en que chegou á Cruña sin ter un carto, cando nun informe díxe que Hijosa: "maneja cuantiosos bienes propios y ajenos".

Tamén no terreo sentimental tivo sorte Jerónimo Hijosa.

Tivo a sorte de namorarse de doña Xosefa Rodríguez, a viuda máis rica da Cruña. Xosefa fora a muller do fidalgo Francisco González del Castillo quen adoecéu polo ano 1759, foi a tomar as augas de Carballiño afuzando moito nelas; as augas non lle fixeron ben e morréu o fidalgo deixándolle á viuda e ás nenas orfas, unha fortuna en terras.

Un dos grandes errores da monarquía española era o de non permitir que todos os portos puideran negociar coas Américas, un privilexio reservado pra Cádiz. Degredada

polo rei Carlos III a chamada "ley del comercio libre" (1765) a Cruña enceta a súa relación coas colonias americanas. Jerónimo Hijosa foi un dos primeiros mercaderes que se aproveitan do novo *status*.

Aquela lonxa cerrada que tiña no porto enchéuse cedo de azúcar de Cuba, coiros de Arxentina, cacao de Maracaibo e moitas mercancías de ultramar. Hijosa abastaba a máis da Galicia ao norte de Portugal e, de cando en cando, ao sur de Francia.

As outras virtudes de Jerónimo Hijosa axuntábase a piedade. Isto vese polos nomes que lle puña aos barcos. Un deles chamábase "San José", outro "Santa Ana", un terceiro "Nuestra Señora de la Caridad"... os paquebotes chamábanse, un "Santiago de Galicia alias el Trueño", outro "Nuestra Señora de Covadonga" e un terceiro "La Purísima Concepción".

É certo que tamén tiña dous barcos que non levaban nomes seráficos, máis deulles nomes patrióticos coma "El Cid Campeador" ou familiares como "La Josefa", que era o nome da muller.

Mostra igualmente a súa piedade o feito de que, cando polo ano 1784 crea a compañía de seguros marítimos, e baixo a máis escelsa das invocacións, as pólizas de seguros decían:

"En el nombre de Dios, amén, don Jerónimo Hijosa director de la compañía de seguros establecida en esta ciudad de La Coruña bajo el patrocinio de Santa María Santísima de los Dolores y Santiago Apóstol patrón de España, otorgamos y conocemos que aseguramos a vos..."<sup>35</sup>

As virtudes de Jerónimo Hijosa afírense tamén ao fondo sentimento patriótico. No ano 1761, en canto chega á Cruña a primeira noticia de que España e Inglaterra romperan as relacións diplomáticas, Hijosa arremuxa pola súa conta declarándolle a guerra á "pérvida Albión".

Colléu o "Santiago de Galicia alias el Trueño", mandóulle pór unhos cañóns e fixoo sair en corso. Deseguida

<sup>35</sup> Meijide Pardo, op. cit. pág. 99.

deu caza e levóu pra Vigo un barco mercante inglés, o Zinzal, que saíra de Portmouths carregado de salazón de peixe, viño e aguardente pra as Antillas.

Quentado polo primeiro trunfo, Jerónimo Hijosa fixo corsarios todos aqueles barcos de nomes de santos e virxenes.

Cando —firmado o tratado de paz— volvéruse á normalidade, Joseph de Cornide falóulle a Jerónimo Hijosa do triste fado dos mareantes. O espírito filantrópico de Hijosa —nese intre a primeira personalidade do Real Consulado da Cruña— levóuno a se interesar polos feridos traballadores do mar.

Nun *memorial* —dirixido ao rei Carlos III— espoñen as necesidades dos pescadores e os anceios de ter un Montepío, entón o rei dá o permiso pra crealo e sinala unha posibel fonte de ingresos: “los caudales de los espolios y vacantes de las mitras de Santiago, Tuy y Monforte”.

Eu non sei moi ben que é iso dos “caudales dos espolios y vacantes de las mitras”, mais coido que tiña que ser un ingreso bo dende o punto que os responsables puideron fiarllles sal aos mareantes.

Daquela a sal era tan cara que moitos labregos salaban o pan con auga de mar.

Teimaban os directores do novo Montepio que os nosos mariñeiros adeprenderan a salar o peixe ao estilo de Francia, pois os métodos galegos de facer o salazón eran moi primitivos.

Hijosa e Cornide compoñen o que hoxe nós chamaríamos “unha encuesta”, e vanlle facendo aos mareantes unha chea de preguntas:

1. ¿Queredes un préstamo do Montepio? ¿Cánto dinñeiro? ¿Por cánto tempo?
  2. ¿Cál é a vosa pesca hoxe?
  3. ¿Qué poderiades pescar tendo avíos?
  4. ¿Qué barcos, qué aparellos precisades?
- Responden os de Pontevedra: Poderíamos pescar os

salmóns e logo salalos asegún o método de Irlanda, se nos deixara o prior de Lérez...”

En xeral as respuestas foron do xeito aqueloutrado; os pescadores galegos non parecían mostrar unha grande comenda polos próceres que teimaban axudalos. Lembrémonos do diagnóstico do Padre Sarmiento:

“Suponen ellos que jamás pasarán de ser unos infelices jornaleros que han de exponer sus vidas en el océano para que tres o cuatro se hagan ricos sin salir de sus casas...”<sup>36</sup>

De remate o Montepío de Pescadores foi parar a ese limbo onde achan acougo os proiectos benéfico-sociáis que inventaron e logo non foron capaces de levar a cabo os galegos.

Non sei se non sería polo fracaso do seu Montepío, o certo é que Joseph de Cornide aos 55 anos, decide retirarse da vida activa social e política, e levándose a biblioteca, marchóu pra Madrid.

Como segredario da Academia de Historia, Cornide adicase á investigación escribindo traballos moi eruditos encol da fabulosa Límica, encol das Casitírides galegas, encol da torre de Hércules ou dos naturalistas anteriores a Plinio...<sup>37</sup>

Hijosa, tamén doíao polo fracaso do Montepío, seguiu traballando no desenrollo dunhas pesqueiras que tiña montadas na ría de Arosa pra o salazón da merluza e do abadeixo. Quería facerlle a competencia aos bacallaos ingleses de Terranova.

Hijosa acadou certas ventaxas do goberno: dábanlle a sal ao precio oficial e dábanlle tamén madeira dos “reales almacenes” do Ferrol. Tamén conseguiu o permiso pra traer os técnicos de salazón de San Juan de Luz...

<sup>36</sup> Padre Sarmiento, cita do profesor Meijide Pardo, *op. cit.* pág. 123.

<sup>37</sup> Joseph de Cornide estivo tamén en Portugal, seguramente servindo como espía de Godoy. Cornide morréu en Madrid vítima dunha pulmonía. Os restos do erudito galego perdérónse. Carlos Martínez Barbeito: *Evocación de José Cornide*, discurso leído al ser recibido como miembro de número del Instituto Cornide, La Coruña, 11 febreiro, 1965.

Logo, polas guerras ou polo que fose, os técnicos volvérónse pra Francia e as pesqueiras fundíronse.

Había na Cruña algunha desa xente ruin que non faltaba nas millores cidades. Por envexa dos éxitos e dos millóns de Jerónimo Hijosa deron en espallar mentiras referidas aos orixenes do filántropo.

Ansi que o Jerónimo Hijosa —que non falaba da súa nobleza por modestia— non tivo máis remedio que ir a Valladolid pra tramitar na Real Chancillería o seu "expediente de Hidalguía".

Antre outros testigos declaró o fidalgo galego Varela de Seixas: nos trinta anos que Hijosa leva vivindo na Cruña —dixo— sempre lle chamaron "don". Varela de Seixas dixo tamén que Hijosa tiña moitas propiedades e cartos (cousa que xa sabían os xurídicos de Valladolid).

A Real Chancillería fixo constar nun documento que os anteriores de don Jerónimo Hijosa "eran nobles hijosdalgos, limpios de toda mala raza de moros, judios o de otra secta reprobada y de los penitenciados por el santo oficio de la Inquisición".

Iste documento tivo que acalar aos mal pensantes da Cruña e o filántropo foise cangando de anos e de honores.

Jerónimo Hijosa morréu aos oitenta anos cando era "Comisario Honorario de Guerra de los Reales Ejércitos de Su Majestad", "Regidor perpetuo de la ciudad de La Coruña", "Director General de la Compañía Marítima del Puerto", "Prior del Real Consulado de Mar y de Tierra"...

Ao entero do prócer asistiron todos os dominicos e todos os franciscáns da Cruña e 35 sacerdotes que lle botaron responsos.

Dempois de morrer Jerónimo Hijosa esvaíronse cantas empresas fundara. Os catro fillos do filántropo más as dúas fillas do primeiro matrimonio da muller comenzaron a pleitear.

Os millóns e as propiedades fundironse.

Jerónimo Hijosa morréu o ano 1803, o ano 1819 o

Real Consulado tivo que darlle a seu fillo Diego unha esmola de 400 reás pois estaba enfermo e non tiña qué comer<sup>38</sup>.

Adrian de Roo foi o primeiro empresario da Cruña no século XVII. Hijosa é o home más rico da Cruña do século XVII. Juan Francisco Barrié é o mercador más sinificado do século XIX. Barrié era un francés da Gascuña que chegou á nosa cidade polo 1796 cando tiña 28 anos. Antes de vir pra a Cruña pasou dez anos en San Sebastián traballando no comercio dun parente, Monsieur Abadie, tamén francés.

Juan Francisco Barrié (axudado polo seu irmán Pedro) adicóuse, como fixera Hijosa, ao comercio de importación de grao<sup>39</sup>.

Chega a ser o primeiro importador, o único que sempre tiña cheos os almacéns. Tamén importaba bacallao de Terranova. Tres anos dempós de chegar á Cruña, Juan Francisco Barrié cásase coa señorita Manuela Irene Marchesi, filla dunhos italianos, pero xa nacida en Madrid.

Barrié, home de forte persoalidade, representaba na Xunta de Comercio, os intereses doutros 18 mercadores estranxeiros igualmente establecidos na Cruña.

No seu tempo Adrian de Roo fora cónsul de Flandes. Tamén Barrié foi cónsul de Prusia toda a vida e, por períodos, cónsul de Francia, de Rusia e de Austria.

Juan Francisco Barrié adequire a nacionalidade española o ano 1808. No Real Consulado da Cruña leéuse públicamente a commovedora *concesión real*:

"Su Majestad se ha servido otorgar carta de naturaleza en España o en sus Indias a Juan Francisco Barrié de Abadie, natural de Francia... por el hecho de que vos, vuestra mujer e hijos sois muy observantes de la religión católica".

<sup>38</sup> Meijide Pardo, *op. cit.* pág. 112.

<sup>39</sup> Véxase o traballo do profesor Meijide Pardo: *Un capitán de industria de la Galicia del antiguo régimen*, Historia Económica y Social, separata, enero-dic. 1968.

Tamén sinalaba coma méritos do novo cidadán o de ter invertido un millón de reás na fábrica de sombreiros *finos*, e logo a súa laboura no terreo das importacións, aquelas cargas de grao que Hijosa puña en mans das autoridades salvando á Cruña da fame...

Adquirida a "ciudadanía española" foi posibel pra Juan Francisco Barrié figurar no comercio da Cruña coma *matriculado*. Agora xa podía tamén negociar coas Antillas pra o que non tiñan permiso os mercadores estranxeiros.

A Cruña no século XVIII tiña unha industria de sombreiros de certa importancia. A produción anual chegou aos 40.000 chapeos.

A fábrica máis vella era a do francés Cornet na rúa da Franxa.

Un compatriota de Cornet, Pierre Salabert, tiña outra fábrica que lle vendéu a Barrié, marchándose el pra Oporto.

Juan Francisco Barrié, home arrido e lagarteiro, pedíulle cartos ao Consulado da Cruña. Dérонlle 178.000 reás e gastou parte en facer vir unhos vintecatro técnicos sombreireiros de Lyon.

Até a chegada dos franceses os sombreiros da vella fábrica de Salabert eran ruíns, mais logo a producción millorou.

Barrié chegou a ter 200 obreiros e a producir 30.000 chapeos por ano. Foi nomeado "proveedor de la Real Casa".

O negocio era bo, mais non marchaba sin atrancos, había que importar peles de coello de Castela, e peles finas de Rusia. Vivían tamén a conta do estranxeiro polo que se refire a goma arábiga. As importacións de Castela ofrecían maiores incomenentes debido á competencia da Real Fábrica de sombreiros de San Fernando, establecida en Vicalvaro.

A fábrica de Barrié ficaba na *estreita* de San Andrés nunha casa propiedade do marqués de Almeiras. Tamén na *estreita* vivía Barrié coa muller e os catro fillos.

O profesor Meijide Pardo, historiador da economía galega, abona que Juan Francisco Barrié pagaba millor que outros fabricantes. Os técnicos do estranxeiro recibían de 20.000 a 28.000 reás ao ano. Antre os traballadores galegos, o número un da nómina era o "tenedor de libros" Espiñeira, cuio xornal era de 24 reás. A fábrica de chapeos tiña tamén 40 "aprendices", que traballaban, mantidos, por un real.

Nos derradeiros anos do século XVIII a inflación iza dramáticamente os precios sen acrecentamento dos salarios, xa ruíns denantes da inflación.

A crisis laboral da fábrica de chapeus nace dunha algara dos técnicos estranxeiros. Barrié, nun memorial dirixido ao goberno (1803) denuncia a folga<sup>40</sup> e dice: "Si se quiere que la industria continúe disfrutando una maravillosa prosperidad... forzoso es reprimir tan graves desórdenes mediante oportunas y severas providencias dictadas por la autoridad gubernativa".

Tivo, coma resposta, a bendición dun "despacho regio": "Enterado el rey de lo expuesto por don Juan Francisco Barrié con ocasión de los desórdenes introducidos entre los operarios de su fábrica de sombreros finos, se ha servido mandar que en adelante no puedan pasar dichos operarios a otras fábricas sin certificación de Barrié".

Comprido o despacho real acabouse a folga.

Na guerra da Independencia Juan Francisco Barrié pasóuno mal. Unhas xentes da Cruña, entolecidas, teimaron matalo por ser francés. Salvóuse de milagre, co seu irmán Pedro saliu da casa protexido polos soldados e logo estivo un tempo arrestado no castelo de San Antón.

Conquerida a Cruña polas forzas de Soult, Juan Fran-

<sup>40</sup> Unha das primeiras folgas —cecás a primeira— da que temos lembranza na historia laboral galega é a dos picapedreiros que, no ano 1882, traballaban na construcción da eirexa de San Andrés. A primeira folga xeneral da Cruña é a do ano 1901. Martínez Barbeito, Carlos: *Perfil Histórico - Económico de La Coruña*, Libro conmemorativo de las Bodas de Oro del Banco de La Coruña, 1918-1968.

cisco Barrié foi nomeado "prior do Consulado", cos "cónsules" e "conselleiros" do mesmo rinde acatamento ao rei intruso José Bonaparte.

Logo, por medo á reacción do pobo, Juan Francisco Barrié tivo que fuxir cos franceses. O novo "Tribunal de Seguridad Pública" sinala nun edicto que os irmáns Barrié foran axentes do enemigo. Como castigo fóreronles embargados cantos bens tiñan, entre eles a fábrica de sombreiros e a fragata "Herculina".

A dona Irene Marchesi de Barrié require do xeneral marqués de la Romana a parte que lle correspondía como "gananciales".

O xenerla non lle fai caso, a fábrica, vendida en pública subasta, foi mercada en 250.000 reás polo facendado José Dalmau.

Dalmau era o consogro de Barrié e pode que neste asunto estiveran segredamente dacordo. O certo é que a fábrica volvéría logo a mans dos Barrié.

Xa polo ano 1814 Juan Francisco Barrié comparece na "Sala de lo Criminal de la Real Audiencia" da Cruña pedindo a revisión do seu proceso. A favor do mercader declararan dazaséis veciños, entre eles o vello tenedor de libros da fábrica de sombreiros, Espiñeira.

Os xueces decretaron "nulo y sin efecto" o procesamiento de 1809. Proclamado inocente, Barrié foi absolto sen costas.

Reposto na mesma posición que tiña denantes da guerra, Juan Francisco Barrié non soio refixo a facenda senón que medróu ate chegar a ser o home máis rico da Cruña.

Tiña Barrié o pazo e más unhas hortas no Burgo, perto da ría. Tiña casas no cantón, tiña barcos, era mercader activo, era cónsul, e tiña a vella fábrica de sombreiros, inda que ista esmorece neste tempo.

En 1823, coa entrada na Cruña dos "Cien mil hijos de San Luis" abátese o réximen liberal que durará tres anos.

Coma moitos daqueles mercadores da Cruña foran

liberales e pasáronse unha parte daqueles anos dando vivas á Constitución ou vivas a Riego, moitos tiveron que fuxir e outros ficaban presos no castelo de San Antón. Non quedaba moita xente adoitada pra encarregarse da dirección da cidade sen perigo da moral absolutista.

Juan Francisco Barrié, polo contrario, mantivérase afastado do liberalismo. Agasallóu xentilmente a aquelas forzas estranxeiras que ceibaron á Cruña do "desgobierno". Logo vélle de Francia "a cruz da Legión de Honor".

Nomeado primeiro rexidor da Cruña, Juan Francisco Barrié forma parte dunha comisión creada pra pedirlle ao goberno que non fora de novo pra Santiago de Compostela a Real Audiencia da Cruña.

Barrié figura igoalmente no comité encarregado de redactar un informe municipal pedindo tamén ao goberno central que non permitan o establecemento dun "Consulado de Comercio" en Vigo. As dúas peticións foron ben acollidas en Madrid.

Logo Barrié interéssase polo urbanismo, dende o Auntamento traballou forte pra millorar as casas, as rúas e más os xardíns da Cruña.

Tamén Juan Francisco Barrié foi "Comisionado del Consejo de las Juntas de Depuración fiscalizadora de aptitudes políticas o conducta moral y religiosa de quienes ocuparon cargo público durante el trienio" <sup>41</sup>.

Antre os mercadores que tiveron que responder da súa conducta política, por ter o pouco "siso" de facerse liberales, figuraba Juan Carré y Bartrá nomeado, no tempo da revolución de Riego, concellal do Auntamento da Cruña.

<sup>41</sup> Juan Francisco Barrié morre o 24 de maio de 1834. Ao enterrado —según precisa a partida de defunción— asistiron "todos los señores sacerdotes que pudieron asistir". Unha lápida no cemiterio da Crufia, sinalaba a súa sepultura: "Aquí yacen las cenizas de Juan Francisco Barrié, caballero de las Reales Ordenes de Carlos III, de la Legión de Honor de Francia y del Aguila Roja de Prusia". Meijide Pardo, op. cit. Un dos descendentes de Juan Francisco Barrié foi Pedro Barrié de la Maza, tamén no seu tempo un dos homes más poderentes da Crufia.

Juan Carré era un catalán de Bañolas, Gerona, que chegou á Cruña o ano 1806.

Dende o ano 1760 había moitos cataláns na Cruña que tiñan as tahonas da cidade e tamén fábricas de sardiñas na Palloza.

Juan Carré metéuse no negocio do pan e, con outro socio catalán chamado Francisco Tremujas, monta unha tahona na rúa de San Nicolás <sup>42</sup>.

O de Carré, coñecido coma "pan dos cataláns" era o millor da Cruña e chegou a despachar até dous mil kilos cotiáns.

Iste Juan Carré era un bo panadeiro, unha boa persoa, mais o coitado metéuse en moitos líos, primeiro a conta do servicio militar —que parece que non o fixo ou que sen rematalo marchou do reximento— e logo, arranxado iste asunto, a conta do "funesto liberalismo". ¡Probe Carré!

Casou con unha rapaza tamén catalana, de Calella, e nin o profesor Meijide (que o sabe todo) sabe cal foi o seu nome propio, pois ela sempre firmaba María Carré. Esto se debe —esponse ao pé dun documento firmado pola dona catalana— a que en el principado de Cataluña se lleva el estilo o costumbre de tomar las mujeres el apellido de sus maridos" <sup>43</sup>.

Juan Carré tivo un fillo e unha filla. A filla, Francisca, casou con José Dalmau (o vello Dalmau, pai do José, era un dos fabricantes cataláns da Palloza). Un dos fillos do matrimonio Dalmau-Carré casou con un dos fillos —ou fillas— de Juan Francisco Barrié.

Aqueles mercadores chegados de fora, esquecendose das desemellanzas políticas, casábanse quasi sempre en-

<sup>42</sup> Meijide Pardo, Antonio: *Mercaderes catalanes en Galicia, Juan Carré y Bartrá 1806-1844*, separata del Boletín de la Real Academia Gallega.

<sup>43</sup> Juan Carré y Bartrá finou na Crufia o dia 24, setembro, 1844, aos 65 anos, antre os seus albaceas testamentarios figuraba don José Pastor. Deixou unha casa, a número 3 da rúa de San Nicolás, un muiño en San Cristóbal das Viñas, un monte e unhas propiedades rústicas en San Xulián de Barañán. Fixéronlle un funeral con 15 sacerdotes e 7 acompañaron os restos até o cmenterio.

tre eles. Deste xeito o proceso de galeguización fixose pasenxo e, pra certas familias máis pechadas no seu, quedou sen facer <sup>44</sup>.

Inda que non chegaron a ter os cartos nen a sona dos estranxeiros achábanse tamén na Cruña algúns homes de empresa galegos. Cecáis os más coñecidos foran Fernando Agar e Jenaro Fontenla.

Fontenla vivía no Cantón Grande, nunha casa que de milagre está en pé. É aquela xeitosa e cativa onde levaron a Sir John Moore cando quedou malferido na batalla de Elviña. O xeneral inglés morréu na casa de Fontenla, no Cantón, ás dez da noite do día 10 de marzo do ano 1809.

Galicia, dende os tempos dos suevos e cecáis denantes dos suevos, foi sempre unha rexión natural que tiña 7 comarcas: A Cruña, Santiago, Betanzos, Tuy, Ourense, Mondoñedo e Lugo.

Cando as Cortes de 1821 proceden a unha nova división de España, Galicia pasou a non ter máis que 4 provincias: A Cruña, Lugo, Ourense e Vigo.

Vigo, a gran creación galega do século 19, según di Ramón Otero Pedrayo <sup>45</sup> foi a capital da provincia desde o día 13 de Santa Mariña do ano 1821 até o trunfo do absolutismo en 1823 cando, por castigar á liberal e forte vila, fóille acomendada a capitalidade provincial a Pontevedra <sup>46</sup>.

O centralismo borbónico, creado a imaxen e semillanza do francés, afogou o desenrollo das rexións, mais certas vilas, como a Cruña, medraron.

<sup>44</sup> Antre os descendentes do industrial panadeiro Juan Carré y Bartrá a galeguización espiliña fai xurdir persoalidades estranhas. Juan Carré e o bisabó de Uxío Carré Aldao, pai do noso ademirado Leandro Carré Alvarellos.

<sup>45</sup> Otero Pedrayo, Ramón, libro conmemorativo de las Bodas de Oro del Banco de La Coruña, 1918-1968.

<sup>46</sup> Sublevada Vigo, el 10 de setiembre de 1840, contra la regencia de María Cristina al grito de "Viva la Constitución de 1837", se declara a si misma nuevamente capital y publica el Boletín Oficial de la Provincia de Vigo, que imprime el editor Iquereta, y del que sólo salen nueve números pues, triunfante el movimiento, el regente Espartero dispone por decreto del 6 de noviembre de 1840 que siga la capitalidad en Pontevedra. Tettamancy Gastón, op. cit. pág. 421.

Aquela vila cativa da que o fidalgo Bernardo del Río dí en 1800, que non tiña senón 2.600 veciños (¿doce ou trece mil habitantes?) pasó a ter —según o informe publicado pola contaduría xeral da Facenda— 40.437 habitantes en 1897.

Si é verdade que, coma se ten dito, o agarimo do goberno central fixo medrar á Cruña, a cidade non o agradece. A revolución de 1846, a de Carral, comenza aos gritos de "Viva la reina libre" e acaba aos de "Guerra a Madrid". Foi de certo unha revolución moi popular na provincia. O primeiro decreto da "xunta revolucionaria" dado xa en Santiago o día 1 de abril de 1846 establecía:

"Artículo único: Se declaran nulos y sin efecto todos los actos del Gobierno de Madrid desde el día 2 del actual"<sup>47</sup>.

Pero as revolucións, os pronunciamentos, as loitas, as bágoas dos parentes das víctimas, e as mesmas víctimas (inda que lles fixeran moimentos de pedra coma en Carral) eran ao cabo esquecidos.

Os mercadores da Cruña seguían exportando a Cuba viños, xamóns embutidos, xéneros manufacturados... Exportabamos a Inglaterra bois cebados, dúas veces por semá saían barcos cheos de gando dende o porto de Carral.

Xa dende os derradeiros anos do século 18, Galicia teimaba por quentar unha forte industria textil. Antre outras fábricas establecese en Cambre a de algodón e lino dos franceses Enrique Bret e Luis Vitry<sup>48</sup>.

Betanzos era un centro activo na fabricación de panos e saios, aló tecíanse todos os anos 1.000 arrobas de lá...

A industria de lenzos seguía tendo a mesma dilixencia en Padrón (que xa tecía liño pra os romanos)... Non

<sup>47</sup> Tettamancy Gastón, op. cit. pág. 465.

<sup>48</sup> Os señores Núñez e Miranda tifian unha fábrica de fiados e tecidos no Camino Nuevo. Edificada o ano 1872 deu traballo a 250 obreiros. Outra fábrica de tecidos, sita na rúa do Socorro, era a de J. Rofast e Co. Naya Pérez, Juan: *Antigua importancia de La Coruña en el orden comercial y mercantil*, en "La Voz de Galicia" do 21 de abril de 1966.

había en Padrón grandes fábricas, os obreiros traballaban na casa, en vellos e toscos teares.

As telas coñecíanse en Madrid co nome de "Coruñas" e vendíanse na calle de Postas.

Benito Pérez Galdós en *Fortunata y Jacinta* fala dun Albert, de orixen belga, suministrador do exército e dí do mesmo: "Fue el auxiliar eficacísimo de Casarredonda en sus valiosos contratos de lienzos gallegos para la tropa. El pantalón blanco de los soldados ha sido origen de grandísimas riquezas. Los fardos de Coruñas y Viveros dieron a Casarredonda y al tal Albert más dinero que a los Santa Cruz o a los Bringas los capotes y levitas militares de Béjar, aunque en rigor estos comerciantes no tenían por qué quejarse".

Aqueles esforzos da Cruña, Betanzos, Xubia, Padrón, Viveiro... foron esforzos valdeiros. Enchetado no resto de Europa o fenómeno da revolución industrial, a industria textil galega non tivo o vigor percisado pra acadar o mecanismo.

Outro tanto pasó coas vellas ferreirías.

No século XIX unha das industrias más importantes establecidas na Cruña é a fábrica de Tabacos da Palleza, onde xa se alcontraban as fábricas de salazón de peixe.

A fábrica de Tabacos chegou a dar traballo a 3.065 obreiras, xeitosa aportación pra o noso folklore literario.

Cando fixeron do tabaco un "monopolio" a fábrica da Cruña pasó a mans do Estado. Entón subiron os precios e, como algo tiña que baixar, baixou a calidade da produción.

Tamén desmerecéu a calidade dos fósforos cando, en 1892, convirtíronse en monopolio. Tiñan fábrica de fósforos na Cruña o señor Zaragueta, na Coirama, e os señores Bescansa en San Andrés, 21. Os irmans Fermín e Martín Bescansa, nados en Sanguesa, Pamplona, chegaron á Cruña a comenzaos do 19 e tiveron unha droguería primeiro na rúa Nova e logo na Calle Real. Tettamancy di que era a máis antiga de Galicia, León e Asturias.

No século pasado os cruiñeses descubriron o baño. Foi cousa que metía moito medo aos vellos que non se cansaban de pedir axudas a refráns coma: "De los cuarenta para arriba no te mojes la barriga". Do novo anecio nacen as Casas de Baños. Xosé Fernández, en 1837, establece a primeira no Parrote, perto da Porta Real. Tiña un departamento pra homes e outro pra mulleres e nenos. No mesmo Parrote fixeron unha segunda Casa de Baños, moi xentil, de arquitectura chinesca.

A primeira Casa de Baños de Riazor chamábase "La Primitiva", inda que de primitiva non tiña senón o nome. Nela alcontrábase unha sala de esgrima, ximnasio, sala de masaxes, duchas a vapor... e facían música co fonógrafo. A segunda Casa de Baños de Riazor foi fundada polo médico municipal Xoan Villardefrancos e logo mercóunha Xoan Dorrego.

Un francés, M. Rolland, monta a primeira das modernas tahonas pra facer o pan de Viena. Tamén tiña unha tahona Nicandrio Fariña, consignatario dos barcos da Trasatlántica.

Na Cordelería había catro fábricas de velas de sebo.

Na rúa do Socorro estaban as millores fábricas de serrar e labrar madeiras, "La Progresiva" de Puig e Marcelli, e a dos Cervigón.

No Riego de Auga fabricaban, o ano 1839, unhas máquinas de vapor pra facer café ou té.

A fábrica máis vella de vidro prensado era a de don Agapito Ugarte fundada polo ano 1840.

Os señores Gamboa, Pinilla e Pastor eran socios na produción dun xabón tan barato e tan bo que lle facía a competencia ao sevillano; exportábanlo ás Américas.

A más importante das fábricas de fundición de ferro e de louza, onde o mesmo facían balcóns coma cocñas económicas, era a de Xaquín Galiacho en Santa María de Oza. Logo Fernando Solórzano establece outra fundición

e ali traballaba, coma tenedor de libros, Xosé María Rodríguez, o pai do médico Rodríguez<sup>49</sup>.

No Pasaxe, ou perto, estaba a máis vella das fábricas de cervexa da Cruña, a de Merkel. Tamén por ali estaban as fábricas de conservas de Zuluaga que servían ao mercado de Cuba e Puerto Rico.

En Mera tiña unha tellería Luis Labarta.

Había na Cruña moitas fábricas de chocolate que estaban na Rúa de San Andrés, no Cantón, e dunha delas, sita na avenida que hoxe leva o seu nome, era o dono Fernando Rubine.

Nos derradeiros anos do século XIX figuraban na Cruña matriculados coma banqueiros (aparte do "Crédito Gallego" que funcionaba en réximen de sociedad anónima) os seguintes: Pedro Barrié e Co.; Viuda e hijo de Atocha Martín de Carricarte; Viuda e Hijos de Cirera, Curbera e Capdesunyer Eugenio da Guarda; Herce y Co.; Maristany Herrero; Ramón Picos; Nicolás María del Río; Rubine e hijos; Sucesores de Veiga y Veiga; Sobrinos de José Pastor; Ricardo Rodríguez Pastor; Banca Obanza, logo somida no Banco Español de Crédito.

A Cruña foi un dos primeiros portos españoles que xa polo ano 1841 tiveron un navío de vapor. "El Primer Coruñés", que facía a roita da Cruña a Burdeos, con escalas en Gijón e San Sebastián, de volta tocaba nos mesmos portos e logo seguía a Vigo, Lisboa e Cádiz.

"El Primer Coruñés" foi construído no Ferrol pola iniciativa de tres empresarios da Cruña, Xoan Menéndez, Bruno Herce i Enrique Salgado.

Orgullo da Cruña decimonónica era a vidreira "La Artística" onde facían tamén estampado de folladelata envases pra conservas, caixas, placas litografiadas e a releve.

"La Artística" foi fundada polo abogado Xermán Suárez Pumariega, tendo por socio a Manuel Resende.

<sup>49</sup> Iste dato de Tettamancy Gastón non é seguro; Elvira Martí, neta do médico Rodríguez dí que na familia non tiñan noticia de que o bisabó traballara coma tenedor de libros nesta ou noutra fábrica.

Pumariega estivo trinta anos en Cuba, alí fixo moitos cartos e adeprendéu a nova técnica. Os talleres da fábrica eran modernísimos.

Aínda, e coa axuda dos vellos libros de economía, podía falar moito máis dos esforzos industriais da vella Cruña dende o século 16 até o 19, esforzos en gran parte fracasados por canto eiquí non conseguimos desenrolar unha industria semellante á catalana ou á vasca.

Eu non sei por qué fracasamos, si foi a nosa culpa, si foi a culpa dos outros ou si foi o Demo... Como non entendo de Economía non sei qué decir, mais hai certos puntos que vexo con moita craridade: inda que os reises de España, e moi especialmente o progresista Carlos III, laboraron polo desenrollo dunha industria protexida polo Estado, o certo é que o centralismo borbónico afogó a vida natural da nosa rexión.

Nos vellos tratados que eu tiven que estudar pra escribir ista sinxela historia dos mercadores da Cruña, atopéi frases acusatorias como ista de Tettamancy: "Cada vez que nos acordamos del poco prestigio y de la ninguna autonomía que se les concede a los Ayuntamientos y diputaciones provinciales... en la misma Rusia, en donde como sabemos impera el absolutismo... los municipios gozan de una amplia autonomía".

No seu sonado discurso dixo o profesor Alfredo Brañas: "Donde existe concentración de fuerzas, dirección única, agrupación en un punto determinado, en una clase social o en un círculo muy pequeño... donde existe monopolio y esclavitud de lo que por su naturaleza es vario y múltiple, igualitario y cosmopolita, allí aliena, allí se encuentra la centralización... tiene que desaparecer dejando paso al reconocimiento de unos organismos vivos, subordinados pero libres dentro del Estado... Si la centralización en todas sus formas ha sido la causa única de la crisis económica en la época presente, claro está que la descentralización regional en sus manifestaciones

correlativas, será también el único remedio que podamos aplicarle"<sup>50</sup>.

Hai outro punto de intrés: a industrialización da Cruña decimonónica fixose ao mesmo tempo que a renascencia literaria galega. Mientras a industria da nosa cidade enlevaba fábricas chamadas "La Primitiva", "La Artística" ou puña na mar barcos que levaban nomes coma "El Primer Coruñés", a cultura galega asoballada xurdía na voz dos poetas, en libros tidiudos: *Follas Novas, Aires da Miña Terra, Espiñas, follas e frores, Queixumes dos pinos*. Isto quere decir que os industriais falaban en castelán i os intelectuais en galego.

Cecásis pra un economista tanto dá unha cousa coma outra, a fábrica mal plantexada fracasará o mesmo si leva un nome galego coma si o leva castelán. Terán razón os economistas, mais non podemos nin debemos esquecer que un pobo ten sempre unhas enerxías e unhas aspiracións, a millor industria será sempre a que recolla istas e desenrole aquéllas.

As desfeitas de onte próbannos que calquer industria onde os traballadores estén mal pagados sempre vivirá en precario. O gran descubrimento dos países anglo-saxóns é que os obreiros que producen son tamén os obreiros que consumen.

E na hora da verdade sabemos que o fado da Industria afirese ao fado da Agricultura. Coma ben dixo o economista de Lugo Francisco de Castro: "son inseparables, población, agricultura, manufactura y comercio"<sup>51</sup>.

<sup>50</sup> Brañas, Alfredo: *La crisis económica en la época presente y la descentralización regional*, discurso de apertura de curso en la Universidad de Santiago de Compostela, 1892.

<sup>51</sup> Martínez Barbeito, Carlos: *Economistas gallegos del pasado*.

MÉDICOS DA ESCOLA DE FONSECA

## VARELA DE MONTES

Sinalando a importancia da tradición médica, Varela de Montes recorda que Hipócrates foi o dazaseteavo médico da familia<sup>1</sup>.

Na Galicia do século XX non temos unha documentación tan boa coma tiñan os gregos dos séculos IV e V denantes Cristo.

Non, sen dúbida non a temos coma non temos moitas cousas das que tiñan os gregos. Nembargante..., segundo a liña das xeneracións en certas familias da Escola de Fonseca, coido que —sen chegar ao *récord* de Hipócrates— contariámos cinco, seis ou, se cadra, máis médicos.

A Escola de Fonseca é vella, unha das más vellas escolas médicas de Europa. Nace na edade media de mans daqueles pelegríns que viñan a nós en percura de saúde: saúde pra o corpo e saúde tamén pra a alma.

¿E non será o pai da Meiciña compostelá aquil sonado profesor Roberto que o bispo Xelmírez fixo vir de Salerno pra o insino compostelán? Estou falando do século XII. Axiña, ao sonado profesor non lle petó vivir en Santiago de Compostela, ou cecáis rifóu co bispo por razóns económicas, volvéu pra o seu país, mais por forza tivo que deixar en Santiago de Compostela algúns discípulos encarregados de espallar a nova cencia médica.

Pasado o século XV veñen, pra a nosa traxedia, aque-

<sup>1</sup> A mención de Hipócrates encóntrase no libro: *Distinción entre la verdadera y falsa experiencia en medicina y caracteres del verdadero médico según las ideas del célebre Zinermann*. Santiago, 1821.

les séculos en que, abafada Galicia, esmorece tamén a Escola de Fonseca.

Encetada, xa no século XVIII, a renascencia, no mesmo Varela de Montes, pai da nova meiciña compostelá, síntese o peso dunha tradición. O seu abó, Lorenzo Montes, tamén foi médico e discípulo nas clases de discción do sonado doutor Bedoya<sup>2</sup>.

O pai de Varela de Montes non era médico senón boticario.

Xosé Varela de Montes nascéu no 1796. De neno tivo que pasar longas horas na botica, axudando ao pai e remexendo nas pócimas coma sempre fan os nenos dos boticarios.

As boticas do vello Santiago tiñan que ser moi semellantes ás medieváis, inda que xa non venderían os remedios miraculosos como as pedras de águia ou de anduríña para sandar do mal de testa.

Xa de neno, Xosé, deu probas do seu talento estraiño.

Encetou os estudos polos anos da guerra (da guerra da Independencia) e aos 19 gradúase coma bachiler en Filosofía.

Un ano antes de se facer filósofo, Xosé Varela de Montes decátase de que o que quere ser é médico. Entón, sen deixar a Filosofía, enceta os estudos de Meiciña na Escola de Fonseca i, en tres anos, faise médico<sup>3</sup>.

Foi ansi como adequiriu aquela fonda cultura clásica, o coñecimento das línguas grega e latina, mais o tanto estudar, o levar dúas carreiras a un tempo, faise sempre a conta de algo. Varela de Montes, que non era de natureza forte, adoece dunha tuberculosis e dela non se cura na vida; sempre foi un home debecido pola doença, un home triste.

Aos 21 anos, o novo bachiler da Escola de Fonseca vai pra Madrid onde pasaría dous anos máis practican-

<sup>2</sup> O doutor Bedoya escribiu o libro, en xeito de diálogo: *Historia de las fuentes minerales de España*, adicado ao Cabildo de Santiago de Compostela o ano 1764.

<sup>3</sup> Ramón Otero Pedrayo: *El Doctor Varela de Montes, médico humanista compostelano del siglo XIX*, Santiago de Compostela, 1952.

do no "Real Estudio de Medicina" coma discípulo do doutor Antonio Fernández Morejón, historiador da Meiciña española<sup>4</sup>.

Por un papel da Inquisición sábese que Varela de Montes vivía en Madrid na calle de Cantarranas, hoxe calle de Lope de Vega.

Sábese cal era o seu domicilio, o que non sabemos é a razón de sere sinalado nun papel do Santo Oficio. ¿Cecáis por qué levaban conta de canto estudiante de fora chegaba a Madrid?

Xosé Varela de Montes foi o primeiro antre os médicos galegos do século XIX, o gran profesor de Fisiología, decano e mestre da Facultade de Meiciña da Universidade de Compostela, o guiador do Gran Hospital Real...

Varela de Montes coñecía toda a cencia médica do seu tempo.

De non ser médico houbera adequirido sona coma escritor.

Tivo tempo tamén pra se adicar á laboura social e política, e chegou a representar a Galicia nas Cortes.

Varela de Montes tivo sona internacional.

Cando estaban recollendo material pra o libro "Santiago, Jerusalén, Roma", os señores Fernández Sánchez e Freire Barreiro, chegaron até Exipto onde coñeceron ao doutor Sahadun, médico do Khedive.

O doutor Sahadun contóllles que, máis que en ningún outro tratado médico, adeprendera no "Ensayo de Antropología" de Varela de Montes.

Tamén é posibel que o noso Varela de Montes fora gabado en Exipto e que non o coñecieran en Madrid...

Acabados os estudos en Madrid, Varela de Montes volve a Santiago (1819). Aos 23 anos nomeárono médico titular de Corcubión e do mosteiro de Sobrado, centro da cultura benedictina en Galicia. Non sabemos moito

<sup>4</sup> Varela de Montes fica en Madrid dende o outono de 1817 até o vrán de 1819. Volvéu cheo de agradecemento e de admiración polo mestre Fernández Morejón a quem chama "distinguido profesor y literato" cando lle adica o *Ensayo de Antropología*.

da xuventude de Varela de Montes fora de que caéu nun estado de fonda melancónia, o que nós hoxe chamariamos "unha depresión".

Podería vir dun tremor á tuberculosis, dun tremor á morte sempre pendurada coma unha negra sombra. O xoven médico botaba sangue pola boca, tiña febre...

O curamento da melancónia chegoule atraveso dun libro estranxeiro. Na biblioteca do mosteiro de Sobrado, ou noutra biblioteca de Santiago, atopou un libro "La Soledad" que escribira unhos cincuenta anos antes o médico suizo Zinermann.

Non pasaría moito tempo sen que Varela de Montes reconécera a débeda: "Como suavizaron mis penas los sublimes pensamientos del inmortal Zinermann".

O influxo de Zinermann na vida e na obra de Varela de Montes recorda o influxo de Krause na obra e na vida de Julián Sanz del Río.

É ben pouco o que dicen as enciclopedias do doutor Zinermann. Coido que, fora do noso Varela de Montes, non tivo moitos discípulos.

O doutor Zinermann nascéu en 1728 e morréu en 1795. Viviu sempre en Berna e, inda que escribira outros libros, o máis coñecido é o da *Soledad*.

A obra é coma o manual do home sensíbel que non gosta senón da solitude, mais que ten a obriga de vivir nunha sociedade que non lle agrada. Pra axudarlle no seu destino social, Zinermann oferce unha bisma ou solimán composto de resignación cristiá e de filosofía estoica.

Sempre baixo o mesmo influxo, Varela de Montes escribe, aos 25 anos, o primeiro libro: *Distinción entre la verdadera y falsa ciencia en medicina y caracteres del verdadero médico según las ideas del célebre Zinermann*.

A obra, que está moi ben feita, acada o merecemento de sere a un mesmo tempo respetuosa e iconoclasta. Varela de Montes fai a defensa dos médicos novos e de talento (o seu caso) e a rexouba dos vellos mé-

dicos rutineiros. A rutina é un pecado, nembargantes recofece a importancia da tradición na Meiciña, asegún proba o exemplo de Hipócrates<sup>5</sup>.

O médico —dí tamén Varela de Montes— ten que mandar no enfermo e non deixarse asoballar por el coma facían os médicos dos mameculos.

Mais inda que está disposto a loitar, inda que se sinte namorado da profesión, non se fai moitas ilusións: "Es una carrera llena de abusos y desagradecimientos. Oponed a los desprecios del vulgo un fondo inagotable de paciencia y sufrimiento y caminad libremente hacia el templo del honor y de la virtud".

Sempre baixo o engado do doutor Zinermann, o xoven e melancónico doutor Varela de Montes viviu perdo do mosteiro de Sobrado os anos da Revolución de Riego, o *trienio liberal*: 1820-23.

Foron anos de espranza, anos de anguria; foron anos fermosos, anos trementes. A revolución meteu no mes-

<sup>5</sup> Cando fai a descripción do verdadeiro médico, Varela de Montes fai tamén, sen decatarse, o seu autorretrato: "Debe ser racional, filósofo, un hombre de genio, un observador, erudito, aplicado, sensible y religioso... estas propiedades debe tener el verdadero médico; no le basta ser racional sin erudición, erudito sin observación, observador sin filosofía..." Logo, referíndose aos servicios prestados pola observación, erudición e tradición no arte de curar, fala do Hipócrates: "Hipócrates, padre de la medicina era el décimo séptimo médico de su familia y los hechos observados y estudiados le habían sido transmitidos como un secreto patrimonio. Además había viajado mucho... La verdadera erudición se adquiere ya por la lectura, ya por la conversación con las gentes estudiosas. Las ideas de los otros, su saber, su experiencia se reflejan con lo que nos es propio y peculiar". Mais fora do estudio, da sabencia herdada ou recollida descóbreste no verdadeiro médico aquela caste de que falara Celso: "Celso pensaba que debía haber en el médico cierta cualidad que no se puede explicar ni comprender. Ese yo no sé de Celso, es lo que hace diferenciar dos médicos que tienen la misma educación, los mismos estudios vieron los mismos casos y los cuales no obstante no son iguales en mérito. Ese yo no sé que diferenciaba a Próspero Marciano de Galeno". ¿Esta caste será o xenio?: "El genio ocupa el lugar más predilecto entre todas las cualidades del espíritu y entendemos por genio un alto grado de espíritu acompañado de finura y penetración. O sea un alto grado de perfección en todas las facultades intelectuales. José Varela de Montes: *Distinción entre la verdadera y falsa experiencia en Medicina y caracteres del verdadero médico según las ideas del célebre Zinermann*. Santiago, 1821.

mo mosteiro abandeirando aos monxes e achegados como a todos os demás.

Unha ves conquerida Galicia polos "Cien mil hijos de San Luís", rachadas as defensas da Cruña, meteron unha chea de xente no castelo de San Antón, ante ela o panadeiro Juan Carré i Bartrá. Logo encetaron as chamadas "depuraciones".

Inda non rematada a perseguição dos liberáis que duróu dez anos (a chamada "década ominosa"), no interno máis forte da reacción absolutista, Xosé Varela de Montes cobiza un posto de profesor na Facultade de Meiciña da Universidade de Santiago de Compostela.

Daquela pra entrar na Universidade, no insino oficial, non abondaba o caletre, máis importante que a sabencia do novo mestre era zugarlle al probas —e ben compridas— de adhesión ao réximen.

Parece lóxico supór que o melancónico e xoven discípulo do apóstolo suizo da *Soedad manteríase marxinado das loitas civís nos tres anos da revolución. Decatémberos —pola súa aitude posterior— de que lle tiña moito medo á anarquía, tanto se procedía do pobo revoltoso coma dos fidalgos arroutados, no seu arrepío do "tumultum" achegábase a Erasmo... Nembargante, temos probas de que se o Varela de Montes non foi amigo da revolución, polo menos sí foi amigo, e admirador, de algúns dos dirixentes revolucionarios, coma Cayuela. Logo —a meu xuicio— aquil "certificado de buena conducta política" que lle estenderon en Sobrado dos Monxes proba o contrario do que dí.*

No "certificado" (librado en maio do 1825) afirmase que o doutor Xosé Varela de Montes non foi "miliciano nacional", nin de "junta sospechosa" e que sempre extremou "su aversión al sistema revolucionario"; firman e abalan o "certificado" de "boa conduta" o alcalde "real y ordinario", a autoridade da Mariña, o médico tiduar e, coma escribano, Manuel Recamán.

Seguramente non por agradecimento senón por amor, o novo profesor "auxiliar" de Santiago de Compostela

cásase (en Corcubión) con Carmen, a filla do escribano Manuel Recamán.

¿Cómo sería aquil Santiago do ano 1825 cando chegaron Carmen e Xosé.

A imaxen da cidade, no centro, tiña que ser ben semellante á que coñecemos nós hoxe, mais inda terían forza as tradicións e os costumes do medievo. Facían, por exemplo, os enterros de noite; levaban ao morto até a cova alumeados pola luz dos fachos. Ás doce da noite un vixilante pedía unha oración pola alma dun bispo morto trescentos anos antes<sup>6</sup>. Cando unha muller paría, o feito era coñecido de todos os santiagueses polo "toque de parto"<sup>7</sup>. De cando en cando polas rúas pasaba, paseño, a carretela verde da Inquisición na percura dos disidentes e dos heréticos...

Non sabemos si o pai e a nai de Varela de Montes vivían polo ano 1825, si xa daquela o seu irmán tiña establecida a botica en Villagarcía, si Xosé e más Carmen tiñan outros parentes na cidade, non sabemos nen si foron felices. É de supor que sí, tiveron catro ou máis fillos, tiñan unha boa casa nunha das rúas, sempre servidos polas mozas de aldea, rapazas do lugar onde tiñan o pazo.

En Santiago gardábase coma unha lembranza das vellas tragedias do século XVIII. Inda non se perdera o recordo do "triste bienio" (1768-69) cando os labregos falmontos, que máis que homes semellaban esqueletes, chegaban por centos e miles a Compostela en percura dun

<sup>6</sup> Dende 1534 deica 1840, todo os días á medianoite, un vixilante recorría as calles de Santiago, parándose en cada esquina e berrando: "Un padrenuestro y un avemaría por el alma de don Alonso de Fonseca, bienhechor de esta ciudad". Victoria Armesto, *Galicia feudal*, páx. 574, 2.<sup>a</sup> edic.

<sup>7</sup> Os enterramentos nocturnos duraron até o ano 1886, o "toque de parto" até 1841.

milagre, pra vir morrer nas rúas ou nas portas do Gran Hospital Real<sup>8</sup>.

A situación milloróu, certamente, dempóis que, nos primeiros anos do século XIX espállose por Galicia o cultivo da pataca; mais inda na cidade santa mantíñase aquil vello caráter de lazareto oriental que describe Borrow no seu libro *La Biblia en España*:

"Santiago viene a ser como el inmenso lazareto de Galicia, lo cual explica el prodigioso número de seres horribles que se ven por las calles llegados en su mayor parte en busca de asistencia médica".

Borrow fala do Santiago de 1837, do Santiago de Varela de Montes.

Polo sí ou polo non, cando non viñan famentos (en percura das esmolas dos xenerosos bispos) os labregos chegaban, como os pelegríns, en percura da saúde do corpo.

¿E tiña daquela a capital da Galicia recursos abondo pra sandar a tanto doente? ¿Cántos médicos e cántos hospitáis foran mester pra atender á moitedume de xentes que chegaban de lonxanas aldeas, moitos deles inda falando dialectos que non se entendían, pois cecáis as súas estranas falas non eran senón as derradeiras verbas dos derradeiros dialectos celtas, inda vivos na Galicia do século XIX, mais que, por disgracia, ninguén recolléu

<sup>8</sup> En el "triste bienio" las lluvias arrasaron las cosechas de trigo, centeno y maíz quedando Galicia, según Joseph de Cornide, angustiosamente cercada por los horrores del hambre. El cabildo de Santiago sacó a la calle la imagen del Apóstol, la de San Roque y otros santos... sin resultados positivos. Los hambrientos, hacinados tres en una misma cama, morían en el gran Hospital Real —las rúas de Santiago estaban llenas de gentes semi desnudas— de semblantes cadávericos que despedían un hedor insoportable, sólo en el distrito compostelano se contaría 6.000 muertos. La corona concedió dos millones y medio de reales para la compra de grano siendo comisionados, para su adquisición en Castilla, los comerciantes coruñeses Marcos Pan y Jerónimo Hijosa. Entretanto los arzobispos compostelanos Raxoy y Malvar, extremaron su generosidad. El primero llegó a distribuir 150.000 reales en un año. Antonio Melijide Pardo: *El hambre en Galicia de 1768-1769 y la obra existencial del Estamento Eclesiástico compostelano*, revista "Compostellanum", abril-junio 1965.

e perdéronse como se perdieron músicas e romances e cantares e tantas cousas de valimento?

¿Cómo atendían os médicos aos doentes de terras lonxanas? De certo que o Santiago do 1825 estaba millor disposto no terreo da Meicíña que o Santiago de 1710.

É verdade que pior non podería estar.

En 1710, que foi un dos piores de epidemia e de fame, o capitán xeral marqués de Rixbourg deu unha orden: "Que los cirujanos hagan anatomía de las partes principales del cuerpo para mejor conocer las dolencias". O xeral recibiu a seguinte resposta dos médicos composteláns: "Que no fuera malo se ejecutasse, sin embargo de que los cirujanos de esta ciudad nunca lo han hecho ni tienen instrumentos para ello".

¿Cómo acadar un desenrolo da cencia si calquer investigación aviventa as sospeitas?

Poucos anos antes de chegar Varela de Montes, vivía en Santiago de Compostela o xeólogo e palenteólogo Casiano do Campo, un sabio que sempre andaba polos campos recollendo as herbas e as frores e as pedras, e que tiña na casa unha chea de libros estranxeiros. Certamente era sabio Casiano do Campo, más ¿sería igualmente piadoso? ¿Non era pecado gardar tanto libro de "fora" sen permiso da autoridade competente, asegún o decreta o noso señor e rei Felipe II?

O día 5 de decembro de 1817 a carretela verde da Inquisición chegou até o domicilio do Casiano do Campo, ali recollerón os libros do sabio e máis ao sabio, pecháronos no coche e logo —por orden do alguacil maior da Inquisición, conde de San Román— guindaron ao Casiano no calabozo número 5 do Santo Oficio, sito onde hoxe está o Hotel Compostela<sup>9</sup>.

Cando o fixeron profesor de Santiago, Xosé Varela de Montes inda era xoven (29 anos) mais xa adequerira unha certa sona, naqueles homildes meios científicos do

<sup>9</sup> Otero Pedrayo, op. cit., artículo en "El Conservador" de Madrid, 30, setiembre, 1820: "Visita a un calabozo de la Inquisición".

seu tempo, dempós de pubricar o primeiro libro: *Distinción entre la verdadera y falsa experiencia en Medicina y caracteres del verdadero médico según las ideas del célebre Zimmerman.*

Si o triste e melancónico doutor suizo foi coñecido en Galicia, débese ao predicamento que tivo o seu discípulo.

Varela de Montes fica, pra o resto da vida, en Santiago de Compostela.

Dende o ano 1825, cando entra na Universidade, até o 1868, cando fina, pasan 44 anos.

Varela de Montes, neste tempo, trócase no gran mestre, clínico i escritor da rexión galega; pola forza do seu exemplo e maxisterio rexurde a vella escola de Fonseca. De novo, coma no medievo, Compostela volve a ter médicos e moitos deles —coma o doutor Teixeiro— formados na mesma cátedra de Varela de Montes.

O doutor Varela de Montes tivo os seguintes cáregos: profesor interino dende 1825 até 1827, dende 1827 catedrático tiduar de Fisioloxía e Clínica Médica, guieiro da escola de Prácticos, e cando (segundo o vello costume de pechar as escolas de insino en Galicia) pecharon a dita escola, decano da Facultade de Meiciña, Varela de Montes foi director médico do Gran Hospital Real<sup>10</sup>.

Inda que pasou a sere o primeiro dos médicos galegos, Varela de Montes non se fixo rico coa práctica da Meiciña. Sabemos que, coma profesor interino, tiña un soldo anual de 6.000 reás enlevado a 10.000 cando lle deron a cátedra en propiedade; coma director do Colexio de Prácticos gañaba 19.000 reás, e non sei canto lle darían no Hospital Real. Fora dos salarios oficiais, os ingresos de Varela de Montes tiñan que sere por forza captivos, na súa clientela abondarián os pacentes amigos ou probes.

Nestes 44 anos Varela de Montes escribiú unhos libros tan fermosos e craros que inda os profanos en Meiciña gostamos da súa leitura. Carmen (a dona de Varela

<sup>10</sup> Varela de Montes, estudio en "Mondariz", año IV, n. 33, 20-X-1918.

de Montes) tivo catro ou cinco fillos e máis unha nena, e Santiago de Compostela tivo dúas revolucións e dúas visitas ao rebato: a do cólera en 1834 e a dos carlistas en 1836.

O cólera, a terríbel epidemia medieval, fai aito de presentación na Galicia o día 19 de xaneiro de 1834. Coñecemos o nome do primeiro caso: Francisco Conde, de Vigo.

De Vigo o cólera salta a Pontevedra e Santiago. Pra loitar coa doença dividen a capital galega en catro distritos.

A másima autoridade médica, o doutor Varela de Montes aconsella aos santiagueses que teñan, en primeiro termo, valor:

"Hay que tratarla como otra enfermedad: con temerla la atraemos, con entereza de ánimo la alejamos".

E tamén aconsella: "No conviene salir de noche, y especialmente en verano, desabrigados, se harán arropar como en invierno"<sup>11</sup>.

Foi vencido o cólera do 1834, mais de novo rexurde a epidemia vinte anos máis tarde. Ista vez o cólera ven de Portugal, nasce no sitio de Oporto polos miguelistas, de alí pasou á escuadra de Sartorius sita nas Cíes, nova ameaza pra Galicia.

O gobernador de Pontevedra manda chamar a Varela de Montes e o profesor compostelán visita as Rías Baixas e a Cruña, sinala o que se debe facer, pubrica un Boletín de orientación e, na dramática loita contra o cólera morbo de 1854, ten como axudantes aos señores Antonio Casares, Olivares e Manuel de la Riva<sup>12</sup>.

A sonada expedición de Gómez foi ben recibida por certos composteláns das crases altas. Había daquela en Galicia moitos fidalgos que eran, ou se chamaban, carlistas, e o carlismo tiña tamén cregos, moitos cregos.

O día 19 de xullo do ano 1836 entró en Santiago de

<sup>11</sup> Otero Pedrayo, Ramón, *op. cit.*

<sup>12</sup> En 1854, Varela de Montes escribe que el clima de Galicia no era, por fortuna, adecuado para el desarrollo del cólera.

Compostela a columna expedicionaria do xeral Gómez. O día 20 os carlistas foron agasallados con un "xantar de honra" nunha das Casas Reales<sup>13</sup>. Antre os comensáis é seguro que non figuraba o noso gran doutor. Varela de Montes —fervente isabelino— estaba espiritoalmente cos que repetían aqueles sinxelos versíños:

Duro tiene el corazón  
don Carlos, viejo y cruel  
y sólo tres años tiene  
la tier necita Isabel.

O día 20 de xullo foi o da festa, o día 21 chegaron tremendo as espadas "los húsares de rojo dolmán de Espartero" (un deles era o meu bisabó) e comenzaron a loitar cos carlistas polas rúas de Compostela... nunca tal se vira dende os tempos de Almanzor.

Arrepiados os composteláns, houberan fuxido ao campo si o campo non estivera tamén cheo de bandas facciosas, de cregos trabucaires, de bandidos adoviaos ao estilo andalús...

A Galicia tiña unha muller xefe dos bandidos: Pepa a Loba.

Son moitas as historias e as leendas desta muller arriscada i estrana. Asegún unha tradición, "a Loba" cando viña a Santiago (e viña moito farrovegada coma unha labrega) xantaba na cociña de... Varela de Montes!

"¿Caridad profesional o relaciones impuestas por la dureza de los tiempos?" —pregunta Ramón Otero Pedrayo.

Non sabemos quén protexía a quén Varela de Montes a Pepa "a Loba", ou Pepa "a Loba" a Varela de Montes?

Outra anécdota curiosa refírese ao día en que, sentíndose enfermo Varela de Montes no seu pazo, e por non tere un médico a man ou por tere maior fé no curandeiros local, os familiares e amigos mandáronos chamar.

<sup>13</sup> Otero Pedrayo, Ramón, *op. cit.*

O mencíñeiro, chamado Pastor, recoñecéu a Varela de Montes e dixo:

"O que ten é frío".

Mandóulle dar unhas fregas e unhas bismas que lle fixeron moito ben.

Unhos meses dempós de que fuxiran as desfeitas forzas do carlismo, achábanse o doutor Varela de Montes visitando os enfermos do Gran Hospital Real. Era pola serán do 24 de febreiro do 1837, chovía como pode chover en Santiago, xa iban pechar as portas do Hospital cando aparecélle unha muller preguntando polo doutor Varela de Montes.

Dempós de escoitala, o doutor saliu con ela en dirección do Camiño Novo; cando volvéu ao Hospital —xa perto da medianoite— según certas versións traguía baixo da capa un pequeno atadullo, e según outras informacións viña na súa compañía unha muller labrega, a María Francisca Martínez, que era a que levaba o atadullo: a nena.

Aquela mesma noite foi bautizada na capela do Gran Hospital Real —o vello hospital (hoxe Hotel dos Reyes Católicos) encheito polas lembranzas dos pelegrins, dos bispos de Compostela e de tantos e tantos nenos orfos... Unha nova orfa da Galicia viña a recibir a auga da gracia. Logo o capelán escribiría na partida:

"Folio 159, María Rosalía Rita... hija de padres incógnitos, cuya niña llevó la madrina, y va sin número por no haber pasado a la inclusa"<sup>14</sup>.

Ao marxen da partida siñálase de novo: "No entró en la Inclusa".

O patético e reducido dato, proba que Teresa de Castro y Abadía, aquela probiña fidalga malferida pola

<sup>14</sup> García Martí, Victoriano, prólogo a las Obras Completas de Rosalía da Edit. Aguilar, Madrid 1944, pp. 18-19.

crueldade dos tempos, chegou na súa traxedia a pensar en abandonar a nena, en deixala na Inclusa...<sup>15</sup>

Parece que foi o mesmo doutor Varela de Montes, amigo persoal da familia Castro, quen lle aconsellou que non o fixera.

¿Non sentides eiquí o peso dun simbolismo?

Pra min é a Meiciña galega salvando á Poesía galega.

O ano 1843 o rector Viñas e o decano Varela de Montes fixeron un viaxe a Madrid pra felicitar —en nome do Santiago universitario— a Isabel II, que acadara a súa “mayoría de edad”.

Cando os seus ministros a declararon maior de edade, poñendo nas súas mans a sorte das Españas, a raíña era unha nena de 13 anos e pouco siso máis —coma dixo Donoso Cortés—, a raíña ben podería ter 13 anos “la monarquía era una institución que tenía 14 siglos”.

Temos que pensar que, se non lles fixeron unha des cortesía, o rector Viñas e o decano Varela de Montes foron convidados a palacio; estiveron presentes no gran salón dos Embaixadores aquil día 8 novembro de 1843 cando Isabel II foi entronizada coma raíña das Españas. Unha cerimonia seguida polo ollar crítico de certos tranxeiros de sona:

“Esta sumisión de un gran pueblo al control de una niña es un curioso espectáculo”, pensou o ministro dos Estados Unidos<sup>16</sup>.

<sup>15</sup> Las incógnitas hace tiempo que se han despejado. Su madre fue María Teresa de la Cruz de Castro y Abadía, hidalga de escasos medios, a la sazón de treinta y tres años; su padre, el sacerdote José Martínez Viojo, de treinta y nueve años. La niña Rosalía llevada al bautismo aquel mismo día (24 de febrero de 1837) por una mujer del pueblo ajena a la familia, María Francisca Martínez, había nacido en una casa indeterminada del barrio llamado *Camiño Novo*, por el cual pasa hoy la calle que ostenta el nombre de la escritora. Asiste al parto el doctor Varela de Montes, una eminencia provincial y médico del Hospital Real, en cuya capilla es bautizada la niña... Alonso Montero, Xestos: *Rosalía de Castro*, Madrid 1972, pág. 16.

<sup>16</sup> O ministro era o escritor Washington Irving, a descripción da cerimonia no Palacio Real de Madrid encontrase no libro de Edmund B. D'Auvergne: *A queen at by the story of Cristina and don Carlos*, London, 1910, pp. 246-48.

Dende o día en que lle bicou a man á raíña-nena, desde o día en que ollou a súa cariña gorda e xentil, o doutor Xosé Varela de Montes fixose o máis afervoados admiradores da xoven Isabel II.

Cecais fora a fidelidade á raíña —fidelidade vencillada dun certo enchoído centralista— a razón de que Varela de Montes se mantivera afastado da revolución de 1846 na que estivo comprometida a millor xente de Galicia.

Foi aquela unha revolución de militares idealistas, coma Solís, e de intelectuais rexionalistas insatisfeitos, coma Antolín Faraldo. Era unha protesta contra a política de Narváez que, de maneira sinxela e crara, foi descrita polo cruñés Salvador de Madariaga no seu derradeiro libro:

“La política de Narváez consistía en romperle la cabeza a todo el que aspirara a usarla para cosa que no fuera ponerse el sombrero”<sup>17</sup>.

Non temos probas de que a home tan intelixente coma Varela de Montes lle petara a singular política, mais sí sabemos que foi enemigo da revolución —que non lle apraceron os berros de “Viva la reina libre” ou de “Muerre Madrid”— e que a Xunta chegou a detelo unha noite inda que, coma o prestixio do doutor Varela de Montes era tan grande, foi respetado polos mesmos líderes que teimaron levalo a unha cadea.

O feito de que fora enemigo da revolución non quiere decir que o humanitario doutor Varela de Montes non se doera do sangue escorrido en Carral —aquele sangue hoxe feito pedra no moimento aos “mártires”.

O doutor Varela de Montes mantívose igualmente marxinado, e cecais ollouno con segredo desamor, do novo inxamento revolucionario nado en 1856, aos dez anos das mortes de Carral.

É sabido que o espírito da revolución nascéu nun xantar (un xantar que recorda as xuntanzas dos celtas ga-

<sup>17</sup> Madariaga, Salvador de, *Mujeres Españolas*, Madrid 1972, estudio sobre “Rosalía de Castro”, pág. 282.

legos) no meio dunha carballeira cercada pola policía, perto do vello mosteiro de Conxo —logo, a casa dos tolos.

Por primeira vez na historia da Galicia, os estudantes e os obreiros vencellábanse coma irmáns na loita común. Dous poetas novos, Aguirre e Pondal, recollerón aquil fondo sentimento de irmandade e democracia:

Decid, ¿quién hizo al hombre diferente  
de su hermano?  
¿Quién dio mayor nobleza  
al corazón de un déspota tirano  
que al honrado sudor de un artesano? <sup>18</sup>

No mesmo ano en que nascéu Rosalía de Castro, pouco tempo dempós de que baixo o mando arriscado do xeral Gómez entraron os carlistas en Galicia, achábase na parroquia de Gonzar unha muller que levaba trinta anos sen comer.

Mesmo parecía que “comía do aire” coma aqueles cabalos lexendarios galego-portugueses dos que falou Plinio.

O nome da muller, unha labrega, era Xosefa da Torre.

Aquil estrano caso coñecéuse en Santiago dempós de que —pra loitar coas partidas carlistas— chegou até Gonzar o coronel Cayuela.

De Cayuela (home do meirande intrés) eu non sei de momento nada máis senón que xurdíu na Cruña, ao tempo que a revolución de 1820, como axudante do coronel Félix Acevedo.

Logo, fuxindo das “depuraciones”, cecáis andivo escondido nas mesmas terras da montaña galega onde, xa no ano 1836 e sempre na mesma banda liberal, volvía a loitar; ista vez pelexando cos carlistas chegados de “fora” e más coa “quinta columna” dos carlistas galegos formada maiormente por cregos e fidalgos.

O día 23 de nadal deseño 1836, Cayuela —que ti-

<sup>18</sup> Brindis de Eduardo Pondal no “Banquete de Conxo”, o día 2 de marzo de 1856.

ña o seu campo de operacións nas terras do Tambre—adónase dos xefes navarros Fermín López e Antolín Martín.

O día 9 de xullo do ano seguinte, o coronel Cayuela chega a Gonzar, onde lle falan da estrana Xosefa que vivía sen comer nen beber.

Cayuela non era un home calquera. Adivíñase nel unha certa inquietud intelectual por canto, en vez de se botar a rir ou tomar o asunto a broma, foi visitar a Xosefa, estivo certo tempo á esculca, e viu que o dito era certo pois non comía.

Cayuela chamou ao crego e díolle que tiña que escribir unha carta ao bispo de Compostela, monseñor Vélez, contándolle o que pasaba en Gonzar.

Atendéu o crego as razóns do coronel e mandou a carta ao bispo.

Foi ansí como chegaron a Santiago as primeiras novas encol da muller, logo coñecida coma “a espiritada de Gonzar”.

Coma resposta á carta do párroco, o bispo envía a Gonzar a catro ouservadores que logo volveron a Compostela co convencimento de que a Xosefa vivía sen manutenza.

¿Cómo era isto posibel, santo Deus? ¿Sería santa a Xosefa, ou sería meiga? ¿Sería cousa do demo? ¿ou qué?

O caso da muller “espiritada” interesa ao doutor Varela de Montes quen decide estudialo, dunha maneira científica, “in situ”. A primeira autoridade médica galega fai o viaxe a cabalo a Gonzar e chega á casa da muller que nen comía nen bebia.

Varela de Montes estivo 13 días e 13 noites ao pé do leito da “espiritada”, aferindo logo a verdade do que decían familiares, veciños, o crego e más o coronel Cayuela: Xosefa da Torre vivía sen mantenza.

Froito da percuta científica daqueles longos días de esculca, é a relación escrita por Varela de Montes cando volvéu a Santiago, un ano dempós editada na mesma

cidade co tíduo: *Historia razonada de Josefa de la Torre*<sup>19</sup>.

No cativo libro, o doutor Varela de Montes dá conta primeiro de quén é a muller enferma:

"En la parroquia de Gonzar, lugar montañoso a cuatro leguas de la ciudad de Santiago, en una pequeña casa de labrador, llama la atención pública una mujer de edad de 65 años, que hace 30 subsiste sin comer ni beber. Josefa de la Torre, hija de padres sanos y honrados labradores, nació en la parroquia de Gonzar y se ocupaba, en sus juveniles años, en la labranza del campo. Casada a los 22 años con Roque Tojo tuvo tres hijos que lactó robustos".

¿Cómo se fixo que a xoven labrega, sana e ben posta, pasara a situación de "espiritada"?

Foi de súpeto. Sempre traballando na terra e na casa, ocupada cos fillos e más co gando Xosefa chegou en boa saúde aos 33 años, e daquela presentouselle a doença:

"Estando sudando tubo (sic) que exponerse a la acción de un temporal de viento y lluvia. Sufrió entonces trastornos y desmayos. A poco comenzó a notar que su cuerpo se hinchaba y en breve se tuvo que encamar. En este estado la muerte de su madre le produjo una pasión de ánimo. La hinchazón, en este segundo ataque, se hizo monstruosa hasta el extremo de romper su piel. Sus úlceras curaron pero una, por efecto del poco cuidado, degeneró en pútrida, se mortificó en parte produciendo abundante número de gusanos, pero también cicatrizó".

Guardas, as úlceras do corpo na Xosefa encétanse os milagreiros trastornos:

"No se observó en ella transpiración, ni sudor, ni secreción de vientre, ni de orina, ni de saliva, sólo vertía a veces algunas lágrimas... En los primeros tiempos de su enfermedad tomaba algún alimento, chupaba algún

<sup>19</sup> "Historia razonada de Josefa de la Torre", por José Varela de Montes, catedrático de Fisiología e Higiene en la Universidad de Santiago, profesor de número del Gran Hospital, Santiago, 1938.

bizcocho mojado en vino, pero lo tuvo que dejar. Desde 1808 no volvió a usar ninguna especie de alimento sólido ni líquido. Comulga todos los primeros domingos del mes, el día de San José y alguna otra festividad".

Si a Xosefa levaba dende 1808 sen comer ¿qué aspecto tería polo ano 1837 cando foi recoñecida polo doutor Varela de Montes?

Na mesma relación díse:

"Su cara es blanca y regularmente llena y sin el color desagradable de la extenuación, sus carnes están consumidas. Está enteramente ciega. Sus potencias intelectuales son regulares. Sólo habla con ciertas personas y razona con muy pocas".

Descricao o caso, Varela de Montes fáise a pregunta de coma é posíbel que se poda vivir sen mantenza. Na percura dunha razón científica dictamina:

"Las plantas que necesitan alimento, los animales que también lo exigen, como todo ser viviente, existen en medio de su absoluta falta cuando la vida se disminuye, se reconcentran en su interior y apenas aparece más que un resto de ella que resiste a la muerte, entonces sus pérdidas son pocas, o ningunas, y poco o ningún alimento necesitan. Los vegetales en invierno, muchos animales en la misma estación no comen, su vida es tan oscura que parecen estar muertos".

Logo, denantes de nos dar un espoemento do fenómeno, Varela de Montes —siempre piedoso— recorda que un mundo sen Deus sería coma un universo sen luz.

Con istas verbas pecha o seu estudio do caso da Xosefa da Torre:

"Llegó un momento en que no hubo necesidad de reparaciones, los órganos depuradores dejaron de trabajar, se estableció un círculo continuado de unas mismas moléculas que recíprocamente se reemplazan y continuamente circulando por los vasos vitales, hora expulsadas, hora atraídas, pero siempre con restos de vida, conser-

van lo bastante para no dejarse atraer por las leyes de la materia y no descomponerse”<sup>20</sup>.

Pouco tempo dempós de que fora imprentado o pequeno libro de Varela de Montes, cando inda a xente de Santiago falaba da “espiritada” veu morrer nos campos da Senra, perto de Gonzar, o coronel Cayuela.

Foi o día 10 de marzo do ano 1839, Cayuela ao frente de 22 homes a cabalo saliu de Boimorto perseguido unha partida de 150 facciosos. Albiscónuos en Ponte Cañizas, loitaron e logo, en circunstancias pouco craras, o coronel Cayuela recibiu un balazo de costas nunha corredoira, e morréu.

O faccioso que matou a Cayuela chamábase “Raposo”, e tamén era coñecido por “Trusgo”, cecás por sere viollo. Morréu noutra das revoltas antre galegos carlistas e liberales.

Levaron os restos de Cayuela ao mosteiro de Sobrado onde foi enterrado con honores. Mais non deron paz ás súas cinzas.

Dende que pola desamortización de Mendizábal marcharon os benedictinos, Sobrado —gloria da Galicia feudal— ficaba en mans de ninguén. Entraban no mosteiro os labregos veciños pra roubar, entraban os bandidos, entraban os tolos e máis entraban os reaccionarios pra profanar as tumbas dos enemigos.

Arrincado da eirexa o sartego de Cayuela, ciscado primeiro polos rapaces, acabou perdéndose, esvaíronse os restos do guerrilleiro denantes de que se perdera a memoria do seu valor.

Polo ano 1844 o doutor Xosé Varela de Montes visita Sobrado, onde pasara aqueles anos da súa melancónica mocidade, coma médico dos monxes.

<sup>20</sup> Falando hai pouco en Santiago co doutor López Nogueira preguntéelle polo caso, ¿qué pensan hoxe os médicos da “espiritada”? Segundo López Nogueira non hai unha “explicación racional” mais, pra amolar a “maxia”, pódese invocar o metabolismo das bacterias intestinais. Estas poden render un nitróxeno orgánico en forma de aminoácidos, que non chegan a eliminarse, volven ser tratados polas mesmas bacterias e prodúcense o “círculo pechado” de que fala, na súa relación, o doutor Xosé Varela de Montes.

Cando viú o estado do mosteiro, xa medio desfeito, cova de mouscos e de raposos, Varela de Montes levóuse as mans á testa. Co corazón cheo de tristura escribiu logo: “Este gran monasterio erigido entre ásperas y elevadas montañas y de cuyo recinto se elevaban a media-noche himnos de gratitud al Creador es hoy asilo de asquerosos animales y los fatídicos y favorosos chillidos de aves nocturnas suplen los cánticos sagrados. ¡Estas puertas que eran hace poco el asilo del pobre están cerradas hoy para la indigencia!”.

Varela de Montes medita na perda das cinzas de Cayuela, e do intre do desconsolo xurde a espranza:

“Acaso está decretado que las cenizas despreciadas de los hombres de paz evangélica... (as cinzas dos monjes de Sobrado) deban confundirse con las del bravo guerrero de nuestros días que murió defendiendo la causa de la libertad”.

¡El bravo guerrero que murió defendiendo la causa de la libertad!

E fala de Cayuela, do vello revolucionario do Trienio, do axudante de Acevedo, do home de Quiroga e Riego... Dempós de ler ista frase de Varela de Montes (escrita como a primeira no libro *Defensa del Pauperismo* adivínase que o doutor tivo maiores simpatías polo nascente liberalismo do que se pensa, inda que naquel documento de Sobrado xuraba que sempre se mantivo afastado dos “peligrosos ideales”.

A carreira política de Xosé Varela de Montes escomenzou en 1843 cando —en nome da Universidade de Santiago de Compostela— foi a Madrid pra felicitar á raíña Isabel II quen, aos 13 anos, acadara a “maioría de edade”.

En 1844 o profesor Varela de Montes volve a Madrid coma diputado a Cortes por un distrito da Cruxía.

Non se pode dicir que Varela de Montes fora un representante democrático. Eran as cortes reacionarias de Narváez: nomeárono polo “dedo”.

Nas Cortes, o noso sonado doutor revelouse coma defendedor da Eirexa e dos intereses da Galicia.

A posición relixiosa de Xosé Varela de Montes recorra a posterior de Ramón Otero Pedrayo, quen tamén fixo do amparamento dos intereses eclesiásticos o tema do seu gran discurso nas Cortes da II República.

En tempos de Varela de Montes a Eirexa —rematada a desamortización— non tiña cartos pra manterse.

Varela de Montes falou catro vegadas no Congreso, os días 5 e 17 de nadal do ano 1844 e, xa no 1845, os días 10 e 14 de abril.

No seu discurso encol dos probremas da Eirexa, Varela de Montes mantivo: 1, era mester devolverlle aqueles bens inda non vendidos; 2, suspender as ventas; 3, concederlle ao clero un tres por cen do produto da avenza arrapiñada.

Varela de Montes apela á opinión pública i engade: "Es justo que el país vea todos los esfuerzos que hace el Congreso para dotar el culto y clero, y especialmente cuando vamos a cumplir con un deber santo y sagrado porque santo y sagrado es el culto que se debe a Dios".

Na segunda e memorábel sesión, o diputado da Cruña erguéuse na defensa da Galicia. A nosa rexión está illada, non ten camiños:

"Galicia reclama, con justicia, caminos. Las cuatro provincias están aisladas, sus comunicaciones, incluso las interiores, son durante la mayor parte del año penosísimas..."

Galicia fica no desagارimo, nembargantes —sigue decindo o doutor Varela de Montes— achega más que as outras rexións españolas na hora de loitar ou de render soldados; eiquí áchase a meirande contradición. Varela de Montes acaba o seu discurso con istas verbas: "Confiamos se nos atienda por justicia, no por favor".

Cando Varela de Montes estaba decindo "Galicia reclama, con justicia, caminos..." oíronse na sala do Congreso unhas risas logo rexistradas no "Diario de Sesio-

nes". Desafiuizado Varela de Montes calóu un momento e fixo iste comentario:

"El reírse de esto... de las peticiones de Galicia, es poco decoroso, yo no lo esperaba de verdad... Si Galicia está rebajada en el concepto de algunos hombres, es un concepto equivocado, erróneo y falso que rechazo..."

Logo, facendo un esforzo, seguío co seu discurso.

¿Qué pensades vos da razón dos risos dos diputados?

Pode ser que se estiveran rindo do representante da Cruña.

O doutor Varela de Montes estaba ben lonxe de ser un orador coma o seu coterráneo Pastor Díaz, do que se ten dito que "cuando hablaba magnetizaba a sus oyentes"<sup>21</sup>. Non soio non era orador Varela de Montes senón que tiña a voz moi cativa e pode que tivese tamén un forte acento galego, cousa que, ás vegadas, fai gracia en Madrid. ¿Ou cecáis estarían aqueles diputados rindose da mesma Galicia?

Non pasarían moitos anos sen que unha muller recollería o sentimento de acedume e soedade dunha rexión marxinada:

Probe Galicia, non debes  
chamarte nunca española...<sup>22</sup>

Noutro discurso, o diputado Varela de Montes pidíu que as Universidades tiveran unha representación no Senado, logo tomóu parte no debate encol do insino.

Naquelhas Cortes pedíanse doce millóns de reás pra presidios e un millón oitocentos mil reás pra beneficia...

"He debido entender mal", dixo o doutor Varela de Montes facendo as seguintes contas: "En una nación donde no hay hospitales, donde no hay casas de expósitos porque las inclusas son cementerios, en una nación donde no hay casas de maternidad ¡fijar sólo un millón ochocientos mil reales para la beneficencia!"

<sup>21</sup> É frase do historiador Modesto Lafuente.

<sup>22</sup> Rosalia de Castro, *Cantares Gallegos* "A gaita gallega", canto IV.

O doutor non comentou abertamente o feito de que requeriran doce millóns pra presidios.

Compre agora que estou falando das Cortes decir que Varela de Montes afiuzaba nas asociacións. Nos seus escritos empregaba a miudo a verba "socialismo" ou "socialista" (por exemplo, dí que o seu gran amigo Ramón de la Sagra "es un socialista") no senso de bondade social ou de filantropía.

O ano 1862, cando foi nomeado presidente da sociedade compostelana de "Amigos del País", Varela de Montes falou das asociacións:

"Siempre indiqué la necesidad de asociarse para hacer el bien, no el bien individual que deja de ser de gran valor porque es efímero como la vida humana, sino el bien general que no es perecedero, que toca a todos en bien de todos y de todas las clases y de las generaciones sucesivas..."<sup>23</sup>

Varela de Montes era tamén director dunha revista imprentada polos mesmos "Amigos del País". Pra esta revista escribiu un artigo o ano 1859 no que "clama porque desaparezca el temor y la desconfianza que nos domina... y sin disputa será el reino de Galicia, a la sombra de las asociaciones, lo que son otras provincias". Neste mesmo traballo, no que fai un eloxio do rei Carlos III, engade: "La muerte de nuestras ricas y amenas provincias está en la inacción".

Segundo aos economistas galegos do pasado, Varela de Montes teimaba polo desenrollo conxunto da industria e da agricultura.

O ano 1864 tivo lugar en Santiago de Compostela un congreso agrícola coa participación de 370 congresistas que tiveron a San Martín Pinario coma centro das reunións.

<sup>23</sup> Varela de Montes remata o discurso de Santiago con estas verbas: "Instruyamos para que progrese nuestra industria y para que una ignorancia humillante no nos lleve al error". "Discurso leído por el Excmo. Sr. D. José Varela de Montes en la sesión celebrada por la Sociedad Económica de Amigos del País en la ciudad de Santiago, en el acto de tomar posesión del cargo de director de la misma, año 1862". Santiago, 1862.

Encarregado do discurso de apertura (24 xullo 1864), o doutor Xosé Varela de Montes deixouse levar pola banda dun doce lirismo:

"De allí, del campo, han nacido inspirados por la melodía de la planta y bajo el verde y bullicioso follaje, los escritos en honor de los dioses y de las diosas del Amor y de la gratitud, porque en Atenas las fiestas del amor no eran menos magníficas que las de Ceres y Minerva..."<sup>24</sup>

Aquela acedume do peito, a lembranza da triste esceña nas Cortes, fuxiron axiña sen que o doutor Varela de Montes perdera o seu enchoido centralista e borbónico. O amor que lle inspiraba a raíña Isabel II quedou pra sempre sinalado nas páxinas do manuscrito do seu libro *La verdadera filosofía y los intereses materiales*.

Xa Varela de Montes tiña escrito un feixe de páxinas i estaba escribindo encol de Solón e de Platón "perfectos ciudadanos de la república", cando alguén lle deu a nova de que a raíña estaba preñada, un sucedimento xenerador de ledicia (pra un fervente monárquico) tanto máis cando se espallaban novas confusas de que o rei consorte era un tantíño raro...

Varela de Montes esquecéuse de Solón e de Platón pra sinalar ali mesmo o seu engado:

"En el momento en que estoy escribiendo estas palabras, bendigo a la Providencia divina... El regocijo público anuncia un grandioso suceso. Yo te saludo lleno de entusiasmo Princesa excelsa de España. Bendita sea la Providencia y ella os conserve y dirija en la senda de la virtud".

Inda estaba o doutor Varela de Montes a voltas coa tesis do libro *La verdadera filosofía y los intereses materiales* i escribiá encol dos posíbeis excesos da civilización material (un tema por certo ben moderno) cando lle che-

<sup>24</sup> Tamén se garda lembranza doutro gran discurso de Varela de Montes, o dito na Universidade cando a apertura do curso académico 1847-48. Neste discurso desenroló a tesis de que "comenzar por saber lo que supieron los demás es el primer paso del hombre científico".

garon novas do atentado do cura Merino. Sempre con aquela letra fermosa e regular, o doutor escribe:

"Lamenta estos días la España un crimen inaudito. Uno de esos espíritus fuertes, víctimas al mismo tiempo del misantropismo más exagerado y anti social, arma su brazo regicida para herir la inocencia y cubrir de luto el suelo español. El cielo protege a la España y a su reina y la mano de Dios se interpone entre el arma alevosa y un regio y bondadoso corazón... La España sí, la España es eminentemente monárquica y aun profundamente religiosa".

Iste "aun" produce unha certa inquietudanza. ¿Temería o piedoso Varela de Montes que España non fora relixiosa no porvir?

O seu tremor contrasta coa cega comenda nun sentimento monárquico nacional imantado pola "inocente raíña".

Varela de Montes escribía en 1852; en 1868 a "revolución de septiembre" botaba fora de España a Isabel II.

Aproveitou Varela de Montes a estadía en Madrid —no tempo en que foi nomeado diputado pola Cruña— pra imprentar un libro que xa tiña escrito ou que andaba a rematar por aqueles días.

Déulle o título de *Ensayo de Antropología*<sup>25</sup>.

Esta sería a obra mestra de Xosé Varela de Montes, a mesma obra que, correndo o tempo, chegou a Exipto, ali foi estudiada polo médico do Khedive quen logo —faleando cos visitantes galegos— manifestaría: "O tráfico onde eu máis adeprendín é no *Ensayo Antropológico* de Varela de Montes".

Inda hoxe —pasados tantos anos— cando ún lé iste ensaio experimenta unha singular ledicia por sere un libro tan fermoso coma cheo de engado.

Danos, por exemplo, esta bélida definición do universo: "Un todo perfecto, un todo unísono y armonioso, una fuerza única que todo lo activa, una sucesión de fenó-

<sup>25</sup> *Ensayo de Antropología o sea Historia Fisiológica del Hombre*, por José Varela de Montes, Madrid, 1844.

menos encadenados y, en fin, una tendencia graduada a la perfección que constituye el último modo de ser de la materia".

Lonxe de sere un relumbre ou alumío da mocedad, o "ensaio" é froito dunha esperiencia persoal e clínica. Varela de Montes escribe cando xa levaba vinte e cinco anos exercitando a meiciña e dazasete coma profesor de Fisioloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Inda que Varela de Montes non sería tan parvo que non se decatara dos seus merecementos, a obra —logo tan celebrada en Exipto— fixolle pasar as de Caín. Non lle gostaba ren. Máis de unha vez teimou queimar o ensaio en Madrid.

Foi boa sorte que non o fixera.

O doutor Varela de Montes non soio era un grande clínico i escritor senón que, pra o seu tempo e pra vivir tan alonxado dos centros europeos da cultura, era home moi sabido.

No ano 1844 cando, aseñorados os medos, o doutor compostelán imprenta o *Ensayo de Antropología* en Madrid, facía oito anos que Charles Darwin volvera do seu sonado viaxe ás illas Galápagos, inda Darwin non escribira *El origen de las especies* más xa tiña imprentados algúns traballos encol da evolución, entre eles o "Diario" da expedición.

Varela de Montes coñecía sen dúbida estes traballos científicos e no *Ensayo de Antropología* cita a Darwin, tamén noutros ensaios fala de Kant<sup>26</sup>.

A obra mestra de Xosé Varela de Montes arrinca dun concepto ortodoxo da creación:

"Todos los seres y todos los fenómenos, a primera vista opuestos, son el resultado de una misma y superior acción, cuyo primero origen emana del Eterno".

Emporiso o piedoso doutor e profesor semella disposto a admitir a evolución da materia cando fai estes razonamentos:

<sup>26</sup> "Platón disputa hoy con Aristóteles el dominio de las ciencias —escribiu Varela de Montes— bajo los nombres de Kant y de Bacon..."

“¿Qué diferencia no se reconoce entre un pedazo de cuarzo y un cristal de roca, tallado siempre bajo formas geométricas? Pues estos dos cuerpos de una misma naturaleza con poca diferencia se hallan confundidos en las grandes montañas primitivas y constituyen un tránsito, un verdadero eslabón a esos cuerpos constantemente regulares... Parece que una vida propia o que una animación molecular obliga a los más imperceptibles átomos a adquirir siempre, en circunstancias en que esta fuerza no se halle contrariada, una misma y sorprendente figura”.

Dos cuarzos e das rocas nos que siente latexar a vida, coma si en vez de ser o más afervoado dos ortodoxos románs fora un vello panteísta galego, Varela de Montes vai ascendendo na escala universal en sempiterna evolución:

“En las algas se observa la mayor simplicidad posible, si bien luego desde su primera forma se elevan de un modo notable, constituyendo las algas continuas y las llamadas articuladas. Estos simples vegetales forman el tránsito a los musgos, a los líquenes más perfectos y, pasando por tránsitos sucesivos, de los musgos a las lipocodiceas y de éstas a las coníferas y a todas las plantas de mayor perfección... Si intentáramos hallar un verdadero tránsito desde el reino vegetal al animal presentaríamos los zoofitos y una gran cantidad de pólipos”<sup>27</sup>.

Ademitidos os principios revolucionarios, unha volta —supoñemos que sinxela— ao primitivo concepto da ortodoxia forza en Varela de Montes o más notabel dos contradecimentos: aceitar a evolución mineral, vexetal e animal e refugar a evolución humanal: “La vida es independiente... no evoluciona... Ni el hombre es hijo de la casualidad, ni ha nacido andrógino porque siempre fue el mismo y siempre su estructura idéntica. Dios, la

<sup>27</sup> Según o doutor Varela de Montes “las leyes que han sostenido el gran desenvolvimiento de fenómenos tan variados y maravillosos no son otras que las leyes de la combinación universal. Estas leyes son el resultado simple y necesario de combinaciones moleculares”.

creación, el primer hombre, he aquí una causa cierta y un origen que no se puede desconocer”.

Léese na “Antropología” que os costumes dos homes acaban asemellándose ao ceo e á natureza do país onde moran. Esta correlación da terra e do soma sería logo tamén recoñecida por outro gran médico galego, polo doutor Roberto Núñez Santos.

No ano 1852 Varela de Montes dá a coñecer tres ensaios: “La defensa del Pauperismo” e “La verdadera filosofía y los intereses materiales” (imprentados xuntos), “Las notables doctrinas y sistemas médicos desde Hipócrates hasta el día”<sup>28</sup>.

O ensaio de estrano tíduo, “La defensa del pauperismo”, foi escrito por un Varela de Montes acontecido cando, dempués de visitar Sobrado decatouse que, cos monxes, fuxira do vello mosteiro a vida.

Acarón da desfeita abadía Varela de Montes pregunta anguriado:

“¿Cómo salvar a Sobrado?”.

Denantes de Varela de Montes, outro científico galego, o inxenieiro xeógrafo Fontán (o do mapa de Galicia) tivera a mesma teima.

Fontán era diputado nas Cortes de 1841 nas que se pedían seiscientos e pico mil reás pra facer os novos cuarteles da Guardia Civil.

“Que se habiliten los monasterios de Sobrado y Oseira como cuarteles”, dixo daquela Fontán.

A idea era boa, porén non lle fixeron caso. Até hoxe, más que de salvare as glorias antergas a ademanistración sempre prefirió deixalas caer namentres enlevaba edificios sen valía. De certo que é unha disgracia, mais sempre foi así.

O que quería Varela de Montes era facer de Sobrado —por ter o mosteiro unha boa posición central e boas terras arredor— a gran casa da caridade de Galicia, onde recoller aos probes da rexión.

<sup>28</sup> Varela de Montes imprentou tamén un “Formulario de medicamentos” e un folleto encol do cólera morbo.

No ensaio arrinca do principio de que a probeza non é un crime. Fai a defesa do probe que é sinxelo, bó e relixioso. Os probes non son arriscados, revolucionarios... cree que o pauperismo é un mal que ten cura polo traballo e pola educación. No terreo do insino Varela de Montes tiña unha grande comenda na lei Moyano de Educación e o seu ensaio está adicado a Gil de Zárate.

Dempóns do *Ensayo de Antropología*, a obra máis cobizosa do doutor Varela de Montes é a *Piretología razonada ou Tratado da frebe*<sup>29</sup>. Imprentada en Santiago de Compostela o ano 1859, a "Piretología" está adicada aos suscriptores, entre eles —na lista que pubrica o libro— encóntrase o rector da Universidade de Compostela Xoan Xosé Viñas (o mesmo que fixera con Varela de Montes o viaxe a Madrid pra felicitar á raíña Isabel II) e o máis brillante dos discípulos de Varela de Montes, o doutor Maximino Teixeiro.

Máis científica, menos filosófica que o *Ensayo de Antropología*, a *Piretología razonada* non é tan fácil pra os profanos da Meiciña.

Arrincando da doutriña de Hipócrates, no libro —que ten 600 páxinas— Varela de Montes estudia as teorías de Celso, Areteo, Galeno (pra quen a frebe era un calor demasiado do corazón), Paracelso...

Varela de Montes estuda fondamente o *Tratado de las Fiebres* de Miguel Pedro de Heredia. No Miguel Pedro de Heredia —que viviu no século XVII— infriuira grandemente a meiciña árabe e dun xeito moi especial Avicena.

Non soio por Galeno, Paracelso, Pedro de Heredia e demás coñecía a frebe o doutor compostelán. A frebe era pra o infeliz Varela de Montes, tuberculoso crónico, unha vella amiga dende a mocedade.

A frebe, a doença dános de certo unha razón pra aquela fonda tristura, pra a saudade que envolve sempre a súa vida como a néboa envolve a terra galega nas longas noites do longo inverno.

<sup>29</sup> *Piretología razonada*, por el Excelentísimo Señor Don José Varela de Montes, Santiago, 1859.

Diste xeito, pola súa doença, polo carácter cauteloso e polo influxo das teorías do mestre suizo Zimmermann, apóstolo da soedade, Xosé Varela de Montes —naqueles 43 anos en Compostela— tivo un vivir alonxado.

Un dos discípulos que pasou, coma interno, cinco anos a carón de Varela de Montes deixounos un fermo retrato do mestre:

"Era severo en sus principios, escrupuloso en sus costumbres y estaba siempre en guardia contra las sorpresas de los sentidos. Era respetado y amado de sus discípulos a quienes quería y protegía y era amable con ellos —como con todos— si bien siempre circunspecto y poco expansivo. Su delicada constitución, así como sus frecuentes hemotisis, pusieron varias veces en peligro su vida"<sup>30</sup>.

Apúrase a relación do discípulo coas verbas de Rodríguez Seoane:

"Varela de Montes nunca salía de su casa sin antes fijar una idea sobre la cual pudiera ir meditando, a fin de no perder el tiempo".

Lembrándose da admirábel virtude do doutor Varela de Montes ún chega á conclusión de que foi sorte que o noso gran clínico vivira nun tempo en que, fora da carroza do bispo e da carretela verde da Inquisición, era cativo o pasamento en Santiago.

Caso de que un mestre compostelán dos nosos días botárase a seguir o exemplo insigne do mestre e por non perder un minuto de tempo, saira da casa meditando en outras cuestións filosóficas, tal e como vai hoxe a circulación rodada polas vellas rúas, o profesor non daria moitas leccións. Non, de certo que non as daba...

Ademáis de sere melancónico por temperamento, quasi poderíamos decir que por vocación esistencial, o doutor Varela de Montes tivo razóns dabondo pra adoecer de tristura pois non lle faltaron as penas.

Carmen, a benquerida dona, morréu inda nova e,

<sup>30</sup> Otero Pedrayo, Ramón, op. cit.

dende o pasamento da muller, a Varela de Montes non se lle coñeceron novos intreses de orde sentimental. Coma tan ben marcara o seu discípulo: "estaba siempre en guardia contra las sorpresas de los sentidos".

Aquela aadelonxe que o médico compostelán puña antre el e o mundo foi apreixada polo pintor galego Dionisio Fierros nun retrato que lle fixo en 1850, un ano dempois de morrer Carmen. Varela de Montes figura vistindo dun xeito formal, de banda e condecoracións, ten na man dereita un anelo..., a súa faciana non é fermosa mais nela, coma na frente aberta, lése a detremiñación e a intelixencia.

O vivir estoico do doutor Varela de Montes non estivo siquera dozurado pola compañía dunha muller da familia que lle gobernara a casa. O doutor non debía ter parentes —tía, curmá solteira, cuñada ou sogra— que moraran con el. Decatándose de que sen unha axuda femeña era pra el difícil educar á única filla, Varela de Montes pechóuna nun convento compostelán, onde logo a rapaza debéu profesar.

A parte da filla que foi pra o convento, o doutor Varela de Montes tiña catro fillos que ficaron na casa e recibiron unha formación científica pois, coma sempre decía o doutor Varela de Montes falando como falaría un bon burgués: "Por más que no les quede otra cosa, al menos que mis hijos tengan una carrera".

Os fillos de Varela de Montes fixeron honor ao nome que levaban. Segundo a tradición familiar un deles foi médico e outro boticario.

O médico, doutor Xesús Varela de Montes e Recamán, chegou a sere profesor da Facultade de Meiciña da Universidade de Santiago de Compostela ao mesmo tempo que o pai<sup>31</sup>. Xesús, que tamén escribia, pubricou un traballo encol da música e do seu influxo psicolóxico e patolóxico. Según aqueles que o lerón, iste artigo é moi bó.

Varela de Montes perdéu cedo estes dous fillos ci-

<sup>31</sup> Foi catedrático de Meiciña legal e Toxicoloxía.

tados e tamén morréu, na fror da xuventude, un terceiro fillo chamado Xosé, que era tenente de navío.

Calixto foi o único dos fillos de Varela de Montes que viviu longo. Un fillo de Calixto, Luis, morréu na Cruña hai poucos anos.

Os misteriosos axentes da herdanza, os DNAs do ácido nucléico, detremiñaron que no neto de Xosé Varela de Montes se achara moito da vella xentileza evasiva, da cortesía elegante e alonxada...

Cando eu era nena visitaba a miudo a don Luis Varela Paz naquela anterga casa da rúa de Tabernas onde el moraba. Antre nós esistía unha vella relación, cecáis un parentesco... Cando morréu Luis Varela —coronel de Infantería— pechouse a sucesión dos Varela de Montes.

Tense dito que a descendencia dun home de xenio é, a miúdo, cativa.

Iste vivir alonxado, a aadelonxe que puña antre el e o mundo, non impidiron que Varela de Montes tivera un pequeno número de amigos. Antre eles cóntanse, coma é lóxico, os seus colegas da Universidade.

Foron íntimos de Varela de Montes o profesor Antonio Casares, catedrático de química e decano da Facultade de Filosofía, e o profesor Moreno —coido que tamén da mesma Facultade. O segundo era un home moi sabio e que viviu sempre escuramente, abafado polo peso dunha familia numerosa (nun tempo sen protección) e que morréu sen deixar cartos pra o enterro.

Ninguén se lembraría hoxe do profesor Moreno se non fora pola súa relación co doutor Varela de Montes e porque un dos fillos chegou a ser un dos máis sonados protestantes galegos.

Iste fillo converso ao protestantismo chamábase Félix Moreno Astray. Murguía fala del nos *Precursores*<sup>32</sup>.

Outro amigo querido do doutor Varela de Montes era Ramón de la Sagra.

<sup>32</sup> Félix Moreno Astray foi sacerdote católico, cursou os estudos no seminario de Santiago de Compostela. Xa crego, intresado pola política, funda en Santiago dous diarios que non tiveron fortuna "El cu-

Ramón de la Sagra era dous anos máis xoven que Varela de Montes. Nascéu na Cruña o ano 1798 e morréu en 1871. Foi economista e sociólogo, home intelixente e sabido, librecambista a ultranza que non sabía si lle tiña más xenreira á ignoranza ou aos monopolios.

Pra sinalar a súa bondade filantrópica sempre que falaba do amigo Ramón, Varela de Montes decía: "Ramón es un socialista".

Os dous amigos non se vían a miudo, pois Ramón de la Sagra tiña establecida a residencia en París onde moraba no número 27 da rue de Lamartine.

Nas xuntanzas, La Sagra e Varela de Montes sempre falaban da educación, conviñan en que a rexeneración da patria soio podería vir pola vía educativa, era mester darlle ao pobo aquil fundamento científico moral e relixioso entrave da anarquía. ¡A anarquía ibérica que eles temían tanto coma ao mesmo despotismo! <sup>33</sup>.

Ramón de la Sagra falou i escribiú *ex abundantia cordis*, mais eu sempre que me acordo del lémbrome tamén das belidas verbas do brindis... Foron ditas no ano 1849, en Paris, no curso dun xantar de honra adicado a un patriota polaco. Ramón de la Sagra —daquela un home de 51 anos— erguéuse coa copa de champagne na man e dixo en francés:

"Je bois a la mort de tout despotisme, quel que soit

ra de aldea" e máis "El diario de Santiago". No inzamento patriótico, compresa a Revolución de Septiembre, Félix Moreno Astray, o corazón encheito de liberalismo, funda no mesmo Santiago "El Santo Panza liberal". Logo, a conta da publicación, ten que marchar pra Madrid. Foi na capital onde entra en relación cos presbiteriáns na súa capela da "calle de la Madera".

Enviado pola Eirexa presbiteriá a Alcázar de San Juan, o protestante galego fica aló pra o resto da súa vida. Ali alterna o seu traballo pastoral coa redacción dunha "Historia de Alcázar de San Juan"; foi un dos primeiros eruditos, senón o primeiro, en desenrolar a teoría de que Cervantes nascéu en Alcázar, unha tesis inda hoxe mantida polos eruditos alcazarinos que xa non se lembran do pastor Félix Moreno Astray, quen finó polo ano 1870.

Véxase o artigo de Alvaro Ruibal, "Ero", no diario "La Vanguardia" de Barcelona, 8 outono 1969, "Moreno Astray".

<sup>33</sup> O doutor Varela de Montes tiña unha grande comenda na le<sup>i</sup> Moyano de Educación.

son nom, royal ou imperial, bourbonique ou napoleónien" <sup>34</sup>.

Cecáis foi sorte que o doutor Xosé Varela de Montes, fervente monárquico, xa non vivira cando a "revolución de septiembre" botou fora do trono a Isabel II e cando a raíña —admirada e loubada polo mestre galego— tivo que cruzar a fronteira aldraxada e maldita.

Inda que a súa doença iba de mal en peor, o doutor Varela de Montes endexamáis se rendiu. Inda figuraba como decano da Facultade de Meiciña cando lle chegou a hora do descanso.

O doutor Varela de Montes morréu con serenidade. Tivo unha longa agonía na que lle servía de consolo a invocación do nome de Xesús.

Según a relación do fillo, o doutor Xosé Varela de Mon finó ás seis do abreiro do día trinta de marzo do ano 1860.

Tiña sesenta e dous anos.

Denantes de morrer e nun aito público o doutor Varela de Montes nomea o seu herdeiro espritoal:

Aquí está mi sucesor, ahí queda quien acrecentará la fama de la Atenas gallega, ahí está Maximino Teijeiro".

Maximino Teijeiro, o gran médico benquerido, morréu no ano 1900. Aquela herdanza de sabencia, a tradición e gloria da escola compostelá veu a iluminar á persoa do doutor Roberto Núvoa Santos.

<sup>34</sup> "Brindo por la muerte de todo despotismo, sea cual sea su nombre, real o imperial, borbónico o napoleónico".

ROBERTO NOVOA SANTOS

A MAXIA DO MESTRE

Agora, denantes de comenzar, lémbrome dunhas verbas de Domingo García-Sabell: "Hablar de Nóvoa Santos es para mi un tema fascinante como si algo de la magia que irradiaba su persona se trasladase a la reflexión sobre su misma persona"<sup>1</sup>.

Algunhas daquelas persoas, compañeiros, amigos, discípulos e pacientes que tiveron un trato co doutor Roberto Nóvoa Santos falaron tamén da súa maxia:

"Era coma un bruxo".

"Don Roberto tiña ollos de *iluminado*".

"Eu lémbrome sobre todo dos ollos, máis que mirar fitaban".

Aquela enerxía misteriosa, cecáis orixen do seu engaño, reflexábase mórmamente nos ollos negros e furadores con lóstregos de xenio.

Roberto Nóvoa Santos chegou a ser un gran médico. O máis importante médico que tivo Galicia dempós de Varela de Montes. Chegou tamén coma Varela de Montes a sere un home sabente, coñecedor de toda a cencia do seu tempo, mais descubriuse nel moito do vello engaño dos curandeiros galegos. Engado antergo, atraemento de carácter espritoal. Nóvoa Santos houbera podido ser o dono dunha mística de longo esvaída...

Polo demais non se asemellaba ren ao seu ilustre antecesor.

<sup>1</sup> *Obra médica y doctrina biológica en Nóvoa Santos* por el Dr. Domingo García-Sabell, conferencia homenaje a la memoria del profesor Nóvoa Santos pronunciada por el Dr. Domingo García-Sabell en la facultad de Medicina de Madrid el 10 de abril de 1964.

Varela de Montes era un home de ritual ortodoxo. Nóvoa Santos era un heterodoxo. Varela de Montes era un home frío, Nóvoa Santos era un home fervente, dubidoso, cheo de inquedanzas.

Varela de Montes tiña a clave dunha longa tradición profesional. Nóvoa Santos sería o primeiro da súa familia que acadaba un tíduo universitario.

Roberto Nóvoa Santos xurde nos nívéis que denantes chamábanse "modestos". Nascéu ás once da mañán do día 8 de xullo de 1885 na casa número 20 da plaza de María Pita da Cruña.

Foi o fillo único dun brigada de artillería, ex-combatiente da guerra de Cuba que logo pasou unhos anos destinado no Ferrol<sup>2</sup>.

Os santos eran xentes da Cruña capital, os Nóvoa proceden do lugar "A Xesta", perto da estación de ferrocarril de Lalín, onde tiñan unha casa, unha horta e unhas leiras que cecáis serían vendidas pra atender aos estudos da vindeira gloria médica de Galicia.

Roberto era un rapaz miudo e mouro, mais sendo el tan moreno, na familia había persoas de cabeleira loira, coma un tío que foi capataz de estibadores do porto da Cruña.

Nóvoa Santos fixo os estudos de Meiciña en Santiago de Compostela. Antre outros tivo como catedráticos a Varela de la Iglesia, Romero Molezún, Miguel Gil Casares, Xoan Barcia Caballero, Luis Blanco Rivero, Varela Radío... Inda non se perdera en Compostela o recordo direito do gran doutor Maximino Teixeiro, o discípulo de Varela de Montes que acababa de finar.

Roberto foi un estudiante intelixente e probe.

Tan probe que vivía nunha buhardilla e, pra axudar aos pais, fíxose profesor doutros estudiantes.

<sup>2</sup> Dúas vilas rifan polo honor de ser o berce de Nóvoa Santos, A Cruña e Mugardos. Na partida de nacemento de don Roberto dícese que foi nado na Cruña, na de defunción cita a Mugardos. En verdade nascéu na Cruña, n.º 20 da plaza de María Pita. Cando non tiña senón mes e medio foi levado ao Ferrol por sere destinado o pai no reximento de Artillería da dita plaza. Nunha eirexa de Ferrol recibiu o bautizo.

Licenciado o ano 1906, o novo curador establece o seu consultorio no Ferrol, a cidade onde fora bautizado, onde morara de neno no barrio de San Felipe.

O consultorio de Nóvoa Santos estivo primeiro nunha casa que fai anco coa praza de San Francisco e logo noutra (propiedade dun coñecido señor Guerreiro) da Calle Real, entón oficialmente chamada "de Sinforiano López".

A falta de enfermos, Roberto dende a fiestra podería esculcar ás mulleres "aguadoras" coas sellas sobre a testa. Daquela o Ferrol inda non tiña "traída"<sup>3</sup>.

Nos derradeiros meses do ano 1909, ou cecáis nos primeiros de 1910, Roberto Nóvoa Santos váise de Ferrol pra probar fortuna na cidade onde nascera.

Estabelece entón o seu consultorio nunha casa que fai anco, no chamado "callejón del gobierno", a mesma casa onde tamén tiña aberto o seu laboratorio de análisis don Rafael Fernández.

Roberto Nóvoa Santos non chegou a adequirir unha clientela. Teimou de entrar na *Beneficencia* e déronlle o cárrego a outro médico que non tiña de certo a mesma sabencia que don Roberto, mais que tiña noustante algo cecáis millor: era o fillo dun dos *caciques* do barrio de Santa Lucía.

A nova desfeita de Roberto Nóvoa Santos na Cruña enténdese si ún se acorda de que non hai nada que lle coste más traballo a un cruñés que non seña recoñecer o talento doutro cruñés. E tamén compre decir que naqueles primeiros anos do século a nosa cidade tiña unha chea de médicos populares, como foron os doutores Rodríguez, Amigo, Durán, Villardefranco, o vello Deus e o xoven Hervada, Barbeito, Manolito Rodríguez, irmán do que foi ministro de Fomento Leonardo Rodríguez, e outros...

No "Médico Rodríguez" dábase en outo grado a virtude socrática de reflexar o xenio da súa cidade. Alcontrá-

<sup>3</sup> Nóvoa Santos y el Ferrol por Alfonso Couce Doce, artículo no diario "La Voz de Galicia", o 20 de outono de 1968.

base na súa persoa moito daquí atraemento, daquela gracia sinxela da vella republicana Cruña no *Trienio ou da Gloriosa*.

O "Médico Rodríguez" era home do meirande valor, héroe da campaña contra o cólera en Valencia, orador maxistral, autor de moitos libros onde mestura os plans políticos coas fórmulas de botica ou as recetas de cociña. Coma curador, coma home político sentía no fondo do seu corazón as inxusticias sociáis que lle fixeron decir:

"Mientras haya un ser inerme, niño, viejo o mujer, que pase hambre o frío no hay derecho al sosiego público ni al lujo público ni privado".<sup>4</sup>

Don Xosé Rodríguez Martínez era ciruxano, tocólogo e internista. Visitaba sempre aos enfermos pola serán. Cando a berlina do "Médico Rodríguez" (sempre seguida por un can de palleiro que se chamaba "Ley") pasaba polos Cantóns, os cruceños siñalábana:

"Velahí vai o Médico Rodríguez".

O seu nome, ao paso da berlina levaba apóis unha certa ledicia. Foi o "Médico Rodríguez" un home popular; queríalle ben hastra o Abade da Colexiata, inda que o "Médico Rodríguez" chamábase librepensador.

Pola contra o seu colega, o tamén popular doutor Amigo, era un beato. Passábase gran parte da mañá na eirexa dos Xesuítas onde asistía a dúas ou tres misas. Cando ao fin saía da eirexa, o doutor Amigo, e máis a muller, marchaban pra o monte de Santa Margarita onde recollían herbas meiciñáis. A meia mañán chegaban ao domicilio e consultorio sito na rúa de Feixón.

—¿Hai moita xente na consulta? —preguntáballe o doutor Amigo ao criado, falando coma sempre en galego.

—Están as dúas salas cheas.

—Daquela vóume —decía o doutor Amigo.

E volvíase pra os Xesuitas a seguir outra misa.

O Doutor Amigo tiña dúas salas de espera. Cando entraba na consulta unha persoa elegante, o criado levá-

baa a unha sala, se chegaba unha persoa mal vestida iba pra outra segunda sala. Pasaba o probe e o doutor Amigo non lle cobraba. Pasaba o rico e pagaba polos dous.

O doutor Amigo foi un dos primeiros médicos galegos que fixo prácticas de psicoanálisis. Era un home moi orixinal.

Aos 21 anos, xa médico, Roberto Núvoa Santos coñéceu a unha xoven chamada Lidia. Lidia Guzpel.

Il mesmo dá conta do encontro<sup>5</sup>:

"En 1906 tuve la dicha de conocer en un pueblo marítimo del Noroeste a una señorita extranjera, linda y elegante dedicada al estudio de la Medicina..."

Parece que o "pueblo marítimo" que non nomea era Cariño.

Antre Roberto e Lidia debúu nascer un sentimento amoroso, e Roberto aconsellouna no senso de que abandona o estudo: a muller nascéu somente pra amar e pra ser amada, canto máis iñorante máis fermosa. Coma Lidia non estaba dacordo, Dempón de intercambiar unhos libros, as relacións pecháronse. Sempre pensando na fermosa rapaza, Núvoa Santos escribiu o seu primeiro libro.

Pra ser, coma debía ser no fondo, un libro de amor, levaba un tíduo ben estrano: *La indigencia espiritual del sexo femenino. Las pruebas anatómicas y fisiológicas de la pobreza mental de la mujer. Su explicación biológica*.

No libro, logo editado en Valencia por unha editorial republicana, Núvoa Santos desenrola a teoría de que a muller é coma un infante que acadara a plenitude sexual. Coma o infante ten a voz lisgaira e fáltanlle pelos no beizo e na barba. No prano mental ofrece a peculiar estroitura que Núvoa Santos chama "psique histeroide". Ao predominio do afectivo afírese nela a fraxilidade da

<sup>4</sup> Escrito o ano 1908 no libro: *Los grandes simuladores y el médico Rodríguez*.

<sup>5</sup> Núvoa Santos, Roberto, *La indigencia espiritual del sexo femenino. Las pruebas anatómicas, fisiológicas y psicológicas de la pobreza mental de la mujer. Su explicación biológica*. Valencia, 1908.

vontade. Fáltalle poder de embebemento e de síntesis, é menor a súa capacidade de inhibición e de reacción consciente e ten a tendencia a cair na fábula.

A inferioridade da muller probábase polo feito de que ten o cerebro máis cativo que o home. A dita inferioridade lexos de ser unha disgracia é —na opinión do xoven Nóvoa Santos— unha sorte pra a Humanidade pois esiste un ben marcado antagonismo antre a función sexual e os procesos mentais.

“La pequeñez del cerebro en la mujer constituye una válvula destinada a asegurar la conservación de la especie mediante la fecundidad. Si la actividad mental de la mujer igualara a la del hombre asistiríamos inmediatamente a la despoblación y ruina de la especie”<sup>6</sup>.

Danse aberracións. No prano físico —sinala don Roberto— hai mulleres que teñen a voz moi forte e bigote (había moitas mulleres deste xeito na vella Cruña, tivo que velas Nóvoa Santos, eu inda as vin sendo nena, logo as *bigotudas* da Cruña esvaíronse...)

No prano mental danse tamén as mulleres que Nóvoa chama “originales”, as super-femias. A don Roberto estas mulleres arrepíánlle. Ademite que poden ser fermosas, “com certas frores dexeneradas”, mais convén fuxir de-

<sup>6</sup> Segundo o pensamento de Nóvoa Santos no citado libro: “la hembra humana, degradada a nivel de sierva, ha ido perdiendo en el curso de la historia su primitiva igualdad con el hombre. Bebel marcaba que entre los pueblos sin civilizar y en estado salvaje, el peso del cerebro en la mujer y en el hombre se diferenciaban muchísimo menos que en los pueblos civilizados, lo que puede explicarse por el hecho de que los hombres civilizados han desarrollado las funciones cerebrales, abandonadas en la mujer... Las diferencias en el peso de los cerebros son naturales y congénitas. La pequeñez de éste en la mujer constituye una válvula destinada a asegurar la conservación de la especie humana mediante la fecundación... El cerebro de la mujer se aproxima más que el del hombre al cerebro de los antropoides... La expresión *sexo débil* empleada para designar a la hembra humana es justa, no sólo en el sentido físico, sino también en el sentido psico-fisiológico dependiente de la función perpetuadora de la especie, entre la función sexual y la actividad del cerebro existe un marcado antagonismo...”

las poís son marimachos, viragos ou hermafroditas espritoáis<sup>7</sup>.

Lidia Guzpel recibiu un exemplar do libro *La indigencia espiritual del sexo femenino...* É posíbel que a fermosa e intelixente rapaza, estudante de Meiciña, sentirase ferida polas teorías anti-feministas do seu ademirador. Pode que a pubricación sinalara o fin dunha relación que cecáis tivo un carácter amoroso. Pode que xa rifaran antes...

Cecáis no conto que figura no derradeiro capítulo do libro *La indigencia espiritual del sexo femenino*, Nóvoa Santos fixo un estudo alegórico daquel amor.

Lidia, no conto, chámase Dora, a muller fermosa, sabida e científica. Roberto convírtese no “Doutor Blume”, o namorado da Lidia-Dora quen se fai a pregunta angustiosa: “¿Por qué la amo si es un monstruo o hermafrodita espiritual?”.

Da desfeita matrimonial bótaselle a culpa ao “intellectualismo” de Dora e o malferido “Doutor Blume” (neste fuxir da muller sabia alter ego de Nóvoa Santos) alcontra a felicidade no leito dunha xoven criada ceibidas inquedanzas que atormentaban a Lidia.

Pasaron máis de vinte anos. Nóvoa Santos fala novamente da inferioridade da muller nunha das conferencias ditas na Habana, en 1928. Xa é sabido que en América abondan as feministas, más dunha muller “sabida” e mentada saíu da conferencia de don Roberto botando lume polos ollos.

<sup>7</sup> “Seguramente hay también mujeres que se pueden llamar originales pero ¿queréis que os dé un consejo? Guardaos de las mujeres originales... El juicio popular no anda descaminado cuando califica a una mujer original de marimacho... Las mujeres originales se parecen a ciertos individuos locos de ciertas tribus salvajes. Si la originalidad puede ser considerada en el hombre como una ventaja no pasa lo mismo con la mujer. Ello es debido a la oposición que existe entre las funciones del cerebro y del aparato generador... la fuerza del espíritu se desarrolla a expensas de la fecundidad. La mujer sabia está fatalmente condenada a la esterilidad o a ser poco fecunda... la mujer culta y erudita alimenta su cerebro pero desnute sus ovarios y su matriz. ¡Cuánto mejor no sería para la especie en general que se entregara a cuidar su aparato generador, absteniéndose de violentar su organismo con cargas espirituales demasiado pesadas!” Nóvoa Santos, *op. cit.*

Nas primeiras verbas don Roberto semella cantar un "mea culpa":

"Me acuso de haber publicado en mi mocedad un pequeño libro... según aquella visión la mujer excepcionalmente inteligente y original no representaba el arquetipo femenino sino un ser algo monstruoso poseedor de caracteres sexuales secundarios de tipo femenino..."<sup>8</sup>

Logo, en vez de se retrair, don Roberto afura no adaxio latino:

"Tota mulier in útero".

Sinalase emporiso un certo cambio no seu pensamento. Logo de marcar que "todo ser sexualmente diferenciado lleva en su entraña y en su apariencia elementos del sexo contrario" ademite que a muller orixinal e criadora —inda que pra il sigue sendo un "fenómeno"— pode tamén aportar certos valores proveitosos pra a coleitividade<sup>9</sup>.

Diputado nas Cortes da II República, Roberto Núvoa Santos volve a reflexar nun discurso a vella tesis da mocedad. Pola lei do ensino vencellada á herdanza, a muller é sempre enemiga do adianto e sostén a reacción<sup>10</sup>.

A tesis foi compartida por algunas mulleres da Re-

<sup>8</sup> Núvoa Santos, Roberto, *La mujer, nuestro sexto sentido y otros ensayos*, Madrid 1929. Libro dedicado a "la Institución Hispanocubana de Cultura y al Centro Gallego de La Habana".

<sup>9</sup> Amparado en Darwin e Schopenhauer, Núvoa Santos afica no tema da "infantilización" da muller, da inferior capacidade psíquica, na cativez do cerebro, nembargante Núvoa Santos ademite o seguinte: a) "la mujer original y creadora, sigue siendo un fenómeno de inversión sexual de los caracteres psíquicos, pero del cual puede extraer la República alguna savia para la prosperidad colectiva", b) "aun conservando su típica constitución mental femenina, puedan trasmitir a la descendencia masculina, y así se explica que esté mejor asegurada la conservación de aquellas cualidades cuando los hombres de genio se aparejan con mujeres pertenecientes a familias selectas.

<sup>10</sup> No seu primeiro libro *La indigencia espiritual del sexo femenino* Núvoa Santos escribira: "El predominio de la ley de herencia explica también que la mujer es casi siempre enemiga del progreso y el más firme sostén de la reacción. Permanece apasionadamente ligada al pasado y a la tradición, transforma la religión en superstición, las instituciones en formas, las acciones en ceremonia y las reglas sociales en etiqueta tiránica".

pública que pasaban por radicales coma Margarita Nelken e Victoria Kent.

Tamén elas, coma Núvoa Santos, votaron en contra de lle dar o voto á muller española.

Quedou vaga a Ausiliaría de Patoloxía da Facultade de Meiciña de Santiago de Compostela e o profesor Francisco Romero Molezún lembrouse daquil estudante temoso que vive escurecido na Cruña.

Mandouno chamar. Don Roberto esprora, quere o cárrego e non o quiere... Adiviñase no gran Núvoa Santos unha certa cortedadade na hora de tomar unha decisión. Os pasos definitivos da súa carreira, o traslado da Cruña a Santiago e de Santiago a Madrid déronse baixo alentos e presiós alleas.

Núvoa Santos foi auxiliar de Patoloxía o ano 1911 e gañou a Cátedra en propiedade ao ano seguinte.

Roberto Novoa Santos tiña 26 anos cando chegou á Universidade galega. En Santiago de Compostela ficaría dazasete anos. Foi entón cando o seu xenio xurde coma faísca que alumea o ceo da Galicia. Convírtese no gran clínico, no profesor maxistral, no herdeiro dos loubados Varela de Montes e Maximino Teixeiro. Foi entón cando escribe as obras fundamentais, a *Patología General, Physis y Psiquis*, *El Problema del mundo interior*, *El instinto de la muerte*.

En Santiago namorouse dunha xoven e atraínte modista loura. Tiña un nome agarimoso: Pastora Gamallo. Roberto alcontra nela as virtudes domésticas e sociáis do seu ideal femenino. Con moita ledicia, pola banda da familia de Pastora, casáronse en Santiago. En Santiago tamén nasceron os dous fillos do matrimonio, Olga e Ramón<sup>11</sup>.

Núvoa Santos tiña o consultorio e máis a residencia

<sup>11</sup> A dona Pastora Gamallo de Núvoa Santos tivo unha longa vida. Morreu hai pouco en Madrid. Olga é hoxe a señora do doutor Mac Lellan, e Ramón, médico odontólogo. Os dous viven en Madrid e, coma non teñen fillos, neles acaba a descendencia do doutor Núvoa Santos.

no Hórreo. Mercóu a casa que era grande e boa, con un pequeno xardín. Era un lugar de pelegrinaxe, un cativo *Lourdes*.

Viñan os enfermos da gran Galicia histórica, incluíndo aquelas zonas que hoxe son Asturias, Castela e Portugal...

Agora que pra visitalo tiñan que coller o Castromil, abondaban os doentes cruñeses. Os médicos galegos, reconéxendo con xenerosidade o talento do mestre, recomendábanlle os casos difíciles.

Cando xa tiña trinta e cando xa tiña corenta anos, o sonado doutor Roberto Núvoa Santos inda semellaba un estudante. Era máis ben pequeno, miudo, de estrano (pra Galicia) tipo mouro, coor verdecente na faciana, frente estreita, os ollos encheitos de xenio e piedade<sup>12</sup>. O aspeito xuvenil gradecía o reforzo dunha guedella de pelo mesto e negro que lle barreaba a fronte.

Emporiso aquil home novo inspiraba o meirande respeto e ningúén en Santiago —fora de certos amigos da mocedade coma os doutores Rodríguez Cadarso e Villar Iglesias— o tuteaban.

As xentes de Galicia dirixíanse a Núvoa Santos decíndolle “vos” ou “usted”. Cando falaban dil sempre decían “don Roberto”.

Fillo exemplar (i é xusto lembrarse tamén da dona Pastora, *nora exemplar*) don Roberto levóu aos pais pra a súa casa. Morta a nai, o pai sempre viviu acarón del e ademestráballe os cartos. Polo que dicen, era un bó ademestrador pois —cecaís coma pasara tantas estreituras— o antigo brigada de Artillería coñecía ben o valor do diñeiro.

O prestixio social de don Roberto medróu cando o mestre decidíu mercarse un automóvil. Era un dos primeiros Fiat. Non había máis que outros dous catedrálicos da Universidade de Compostela que foran donos dun

<sup>12</sup> Débole ista descripción física do doutor Núvoa Santos a don Ramón Otero Pedrayo.

coche, un deles era o profesor Gil Casares, esposo da marquesa de Figueroa.

Naquela Galicia dos nosos pais que inda vivía coma nos tempos dos nosos abós. Naquela Galicia do século XX que inda parecía a Galicia do século XIX, o doutor Roberto Núvoa Santos figuraba o novo espírito vital.

Coñeoza coma foi un día da súa vida —un día naqueles anos da década dos vinte—: adoecida de gravedade unha rapaza da burguesía da Cruña (unha señorita de Chas) o médico da familia e máis os doutores Santos Vidal i Hervada chamados en consulta, non se poñen dacordo no diagnóstico e —segundo a norma xeral do ritual médico galego— apelan á suprema autoridade de Núvoa Santos.

Rematada a xornada laboral en Santiago de Compostela —as crases na Facultade de Meiciña, a consulta privada no “Hórreo”— don Roberto sube ao Fiat e dílle ao chófer: “A La Coruña”.

En chegando á cidade herculina, recoñece á rapaza —que moraba nunha casa de Linares Rivas— e logo aceita a convida que, pra ceiar en “Fornos” lle fan os seus amigos os doutores Hervada e Araújo.

Comenzaban a cantar cando a Núvoa Santos chégalle unha chamada urgente de Xubia. De novo ao Fiat. Reconécido o doente inda non saíra de Xubia cando recibe unha terceira chamada, igualmente urgente, da Estrada. O “Fiat” toma o camiño da Estrada. Don Roberto está de volta en Santiago de Compostela pola mañán á hora de dictar a lección na Universidade.

O problema da relatividade do tempo era un dos que más intresaron a don Roberto. Segundo a Bergson fixo notar que son causas desavariadas o tempo da vida e o tempo sobre o que opera a mecánica<sup>13</sup>.

<sup>13</sup> ...“Pero el tiempo que marcan nuestros aparatos, el tiempo físico, no es el tiempo vital y Bergson ya lo hizo notar...” Núvoa Santos, Roberto: “Espacio y tiempo en Biología y Medicina”, publicado no libro *El advenimiento del hombre y otras conferencias*, Buenos Aires, 1943.

"La relación relativa de la vida —dijo— es exactamente igual para todas las especies. Un año de nuestra existencia humana equivale a un día del ciclo vital de una mosca. El cuerpo de cada criatura marcha con un reloj automático que va marcando su tiempo"<sup>14</sup>.

Segundo o mesmo principio ¿non terá o mesmo tempo desvariadas dimensíons pra os desvariados homes? Unha cativa, pra as persoas cativas coma nós, outra estraia pra os homes coma Nóvoa Santos.

A laboura que don Roberto desenrolou en corenta anos non a podería aturar un home traballador e de talento en oitenta.

En máis de douscentos traballos está apreixada a doutriña médica e filosófica do mestre galego<sup>15</sup>.

Nóvoa Santos presenta ao home erecto, hominizado, na súa loita coa natura. Nesta dramática loita, o home pra vencer ten que superala. Mais ¿cómo pode o home sumido no cosmos acantoarse fora da natureza?

Soio por unha prodixiosa evasión.

O "escurrimento do ser", a evasión da natureza, a evasión de si mesmo e a señalada dereitura da esistencia humá.

Coma Zubiri, Nóvoa Santos parte dunha concepción monista, oposto a toda metafísica dualista busca a uni-

<sup>14</sup> "La duración vital difiere de una especie a otra, mas cuando mensuramos la vida con el marcador interno del tiempo, descubrimos que la duración de la vida de los seres es siempre la misma con relación a "su tiempo". Nóvoa Santos, Roberto, "El marcador interno del tiempo" en *La inmortalidad y los orígenes del sexo*, Madrid, 1931.

<sup>15</sup> Pra un maior coñecemento da doutrina de Nóvoa Santos é componente o estudo de tres conferencias, as ditas polos doutores García-Sabell e Cabaleiro Goás e a do profesor Santiago Montero Díaz. García-Sabell, Domingo, *op. cit.* Cabaleiro Goás, M. *Un médico humanista: Roberto Nóvoa Santos*, Archivo Iberoamericano de Historia de la Medicina y Antropología Médicas, vol. XVII, año MCMLXV. Montero Díaz, Santiago, *La idea del hombre en Nóvoa Santos*, Archivo Iberoamericano de Historia de la Medicina y Antropología Médica, vol. VI enero-marzo-abril y junio de 1954.

dade da persoa, unidade radical i estroitoral do somático e do físico.

Ista evasión prodixiosa é posibel pola forza do espírito esbalirado do corpo, na espreca anímica que o leva a recollerse nunha sobrenatureza<sup>16</sup>.

<sup>16</sup> "El espíritu crea y amplia la sobre naturaleza, en escala individual el espíritu protege al hombre por medios sutilísimos... Así pues, el espíritu queda concebido como resistencia a la naturaleza. Hay un eco del idealismo de Hegel, y de la filosofía de Ludwig Feuerbach... Nóvoa opone la moderna psicología a la filosofía cartesianas. En oposición a la filosofía cartesianas que no consideraba otro mundo interior que el de la conciencia, la psicología se ha esforzado en demostrar que existe un vasto campo de estados afectivos e intelectuales y de tendencias ocultas... que constituyen el fragmento más fijo de nuestro mundo interior..." Montero Díaz, Santiago, *op. cit.*

"Al darse en él tal potencia evasiva se sintió hasta cierto punto al margen de la naturaleza y se contempló sumido en otro mundo. No gravitaba ya sobre el hombre el mundo natural sino que al fraguar un sobremundo se asomó al mundo de esencias; trató de otear el tras-mundo y de intuir el contenido eidético de la existencia y se fue escapando del cerco que lo encarcelaba. Este escurrimento del ser, significaba, para Novoa Santos, lo más característico de la vida humana". Cabaleiro Goás, M. *op. cit.*

DISCURSO ACADEMICO DE NOVOA SANTOS  
EN SANTIAGO

No libro *La inmortalidad de los orígenes del sexo* e no capítulo XII adicado á inmorrencia dos hérois e dos homildes, Nóvoa Santos escribiú:

"Todo quanto hiere a un ser deja en él un signo, una huella; podrá quizá borrarse algún día ese signo... pero no por ello la huella se ha perdido del todo"<sup>17</sup>.

Sempre seguindo o pensamento do mestre: se a pegada dun beduíno na área do deserto non se esfasa, se o roncel dun barco na mar non se esvae, se o recendo da rosa non esmorece, ¿váise perder o eco do más hermoso discurso que nunca se pronunciara na Universidade de Santiago de Compostela?

Un ouvido que tivera unha percepción infindamente maior que a nosa, inda hoxe podería aprender na Aula Magna as afervoadas verbas de don Roberto:

"¿Qué es ese vago sentimiento de algo que no es nuestro cuerpo ni el mundo que nos envuelve y que no tiene localización temporal ni espacial? Por ventura puede ser otra cosa que la conciencia que se reconoce a sí misma fundida, disuelta momentáneamente en el mar sin límites de lo Absoluto de donde brotan y a donde van a sumergirse todas las cosas y la vida misma"<sup>18</sup>.

<sup>17</sup> Nóvoa Santos, Roberto, *La inmortalidad y los orígenes del sexo*, Madrid, 1931.

<sup>18</sup> Nóvoa Santos, Roberto, *El problema del mundo interior*, discurso leído en la inauguración del curso académico de 1920 a 1921 por el prof. Doctor Médico Roberto Nóvoa Santos.

Encarregado de facer o discurso inaugural do ano académico 1920-21, Nóvoa Santos afura nun tema filosófico: "El problema del mundo interior".

Tratábase dun acontecer memorábel. Era a primeira vez que un mestre compostelán alonxado da filosofía cartesiana adiantábase polas plaias da moderna psicoloxía.

Era a primeira vez que algúns dos presentes ouvían o nome de Freud, mais o mesmo discurso ofrecía tamén estranas dimensións. ¿Non xurdía nel o vello endexamáis esquecido panteísmo? De novo, coma en tempos de Prisciliano, a filosofía de Oriente canga no pensamento galego<sup>19</sup>.

A máis do trasfondo panteísta xurde no sonado discurso de Compostela o degoiro de Roberto Nóvoa Santos polas materias esotéricas.

Falando da estrana podencia que leva a certas persoas a lér o pensamento doutras (ás veces non coñecidas e alonxadas por moitos kilómetros) don Roberto dixo:

"No queda otra solución sino admitir que nosotros, como miembros de la humanidad, estamos influídos no sólo por el medio físico y el ambiente social en que vivimos sino además por una serie de influencias interespirituales cuya causa desconocemos por ahora. Estas in-

<sup>19</sup> No hermoso discurso pódese ler o seguinte: "Si en un momento, por fugaz que sea, acertamos a repulsar de la conciencia toda huella de lo pasado y toda visión de lo porvenir, si entornamos los párpados para que no llegue al fondo de los ojos el más tenue rayo de luz, así al mismo tiempo nos abandonamos en medio de la soledad más tranquila; y si ahora, en esta augusta quietud que nos invade, nos impeñamos un último esfuerzo como para descargarnos del peso de nuestra envoltura corporal, entonces, ¡sólo entonces!, habremos gustado el placer de bañarnos en el manantial enteramente vivo, profundo e inagotable del espíritu que todo lo anima, al nirvana de los fakires... Ese sentimiento que nos permite confundirnos con la verdadera substancia de las cosas, constituye la forma más profunda y a la vez más imprecisa de la intuición de la substancia".

Engade logo o doutor Nóvoa Santos: "En el torbellino de la vida sólo llega a nosotros la sombra de las cosas... Lo que llamamos nuestra conciencia individual es un fragmento de una substancia continua que se extiende a todo y que lo penetra todo, y que... no es más nuestra que de los otros. La única diferencia que podemos establecer seguramente, es que, en unas partes, flota en nebulosa vacía, sin contenido (en las cosas) y que en nosotros alumbría un tesoro más o menos nutrido de imágenes".

fluencias no llegan a nosotros por la vía de los sentidos sino que flotan, a lo que parece, como ondas dispersas por el mundo..."

O fondo intrés pola metapsíquica levó a don Roberto, en anos posteriores, ao estudo e popularización dos fenómenos extrasensoriais, da *telenergía*, da *levitación*, da visión e audición a distancia, da *telepatía*, da *premonición*...

Nóvoa Santos esfórzase en vencellar estes e outros fenómenos ás leises coñecidas da natureza.

Aquí degóiro en afurar na *fenomenoloxía do ocultismo* aparellábase doadamente co "carácter máxico" recoñecido no Doutor Roberto Nóvoa Santos.

Os longos anos morando na cidade santa da Galicia, ainda aquecida pola mística do medievo, tiveron tamén una fonda influencia no desenrollo espritoal de Nóvoa Santos.

Non podemos esquecer que o mesmo episcopado da Catedral de Santiago conta con un "bispo bruxo" a quien, ante outras podencias máxicas, atribuironlle a de voar<sup>20</sup>.

Foi Roberto Nóvoa Santos un adiantado no estudo dunha nova cencia que daquela acabara de nacer: a parapsicoloxía<sup>21</sup>.

As verbas de don Roberto foron seguidas devotamente polo auditorio que enchía a "Aula Magna" da Universidade, inda que algúns dos ouvintes recoñecéu logo que se atrapallara con aquello do *consciente*, *preconsciente* e *inconsciente*.

Antre as emboras que recibiu Nóvoa Santos contába-

<sup>20</sup> Era o bispo don Pedro Muñiz chamado "O Nigromántico" no século XIII.

<sup>21</sup> O ano 1882 estabelécese en London a "Society for Physical Research", deseguida estabelécese unha filial nos Estados Unidos de Norteamérica onde, baixo a dirección do doutor Joseph Rhine e do psicólogo William McDougall nascería unha nova metodoloxía que, xa no ano 1934, pra diferenciarse da vella metapsíquica, pasou a chamarse *parapsicología*. Oscar G. Quevedo, *Qué es la parapsicología*, Buenos Aires, 1971.

se a do representante do bispo, quen ficaba na presidencia do aito.

Nun principio ninguén rachóu as vestiduras nin deu solta á língua chamando heréticos a Freud e a Nóvoa Santos.

Logo, cando *El problema del mundo interior* foi recollido nun folleto, a súa leitura aviva unha certa inquietudanza no Santiago clerical.

¿Non sería herética e perigosa a doutriña esposta polo profesor Nóvoa Santos?

Paresce que o mesmo bispo, cardenal Martín de Herrera, home ilustrado e de espírito asaz moderno, non quería falar en contra do profesor, mais as presións dos "ben pensantes" forzán á sonada deliberación publicada no "Boletín oficial del Arzobispado de Santiago" o día 2 de outono do ano 1920.

Referíndose ao discurso do doutor Roberto Nóvoa Santos no aito inaugural do curso académico, o Cardenal Martín de Herrera percisa primeiro a súa posición pastoral:

"Al oficio de apacientar la grey del Señor que Nos ha sido confiada de lo alto en esta archidiócesis de Compostela, Jesucristo señaló como deber primario el de guardar con suma vigilancia el depósito tradicional de la fe, tanto contra las novedades profanas del lenguaje, como contra las oposiciones de una falsa ciencia"<sup>22</sup>.

Engade logo o bispo que non se pode admitir que, co gallo da cencia espallen a herexía:

"Por lo expuesto se ve que el Dr. Nóvoa Santos cayó en los abismos del panteísmo que es la negación de Dios y de toda religión, justamente anatemizado por el Concilio Vaticano en el Capítulo I, canon IV de la Constitución Dogmática Dei Filius..."

<sup>22</sup> Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago, número extraordinario, 2, outono, 1920.

O cardenal remata con estas verbas:

"Y no cumpliendo el primero de nuestros deberes episcopales, prohibimos la lectura, retención y difusión de dicho discurso y mandamos a nuestros amadísimos diocesanos a cuyas manos hubiera llegado, que lo entreguen al párroco o al confesor, quienes a su vez Nos lo darán para destruirlos".

Denantes de sere condenado polo Cardenal, o discurso de don Roberto non o lérán máis que os profesores e algún que outro estudiante; dempóns da recomendación do prelado leéuno todo o mundo que sabía ler en Santiago.

Agora é don Roberto, o presunto heterodoxo, quen siente unha fonda inquedanza.

Naqueles días ficaba no Sanatorio de San Lorenzo o sonado Médico Rodríguez, quen fora a Santiago pra se operar da vexiga.

Nóvoa Santos foi a velo, levóulle o folleto do discurso e pedíulle consello, ¿debia ou non debía querellarse contra o bispo de Compostela?

Logo de escoitar a don Roberto, o Médico Rodríguez respondéulle:

—Vostede é novo, eu son vello e teño *experiencia*, non faga nada, non se dea por *aludido*, e créame, co bispo é millor non loitar<sup>23</sup>.

Don Roberto pensou que o Médico Rodríguez tiña razón.

Nóvoa Santos, porén encontróu a maneira de responder indireitamente ás críticas. Escribe o libro *Physis y Syquis* no que desenrola folgadamente as mesmas presuntas teorías heréticas. *Physis y Syquis*, que logo nas derradeiras edicións pasou a chamarse *Cuerpo y Espíritu*, foi imprentado en 1922, dous anos dempóns do discurso académico e da condena bispal.

Afurando nos temas espiritoáis don Roberto adica un capítulo (o V) aos problemas metapsíquicos.

Asegún Nóvoa Santos existe unha conciencia universal que vaga a noso arredor, a dita conciencia ten capacidade pra concretarse e manifestarse cando dispón dos meios percisos. Estos meios alcóntranse na "peculiar organización nerviosa" do individuo.

Daquela réndese o fenómeno psíquico do encontro ou relación coa conciencia ausoluta<sup>24</sup>.

Temos que admitir a existencia de fenómenos *supranormales* que esproan do examen biológico: "Queda no obstante —engade o mestre— una categoría especial de hechos que se escapan de momento a una interpretación estrictamente física y para los cuales no cabe más que una de estas explicaciones provisionales: o se trata de fuerzas físicas o fisiológicas todavía desconocidas o de una nueva realidad intelectual que no está ligada necesariamente a la organización de la vida, tal y como la hemos considerado hasta ahora... Para algunos de estos fenómenos supranormales, registrados con todo el rigor y la escrupulosidad que requiere una observación científica, no tenemos al parecer más que una explicación plausible: admitir que estas fuerzas organizadas por la vida y desprendidas de ella continúan circulando después de la desorganización del manantial de donde han surgido".

O discurso de Santiago ilumina unha nova aitividade do doutor Nóvoa Santos, neste aito nasce o maxistral conferencante. Cecáis dende os tempos de Pastor Díaz non xurdira na Galicia un orador semellante. Aventaxaba a Montero Ríos pola cultura humanística e polo rigor crítico, aventaxaba tamén a Basilio Álvarez na espreca emocional... servíalle a don Roberto aquela forza ou calidade "máxica", o recoñecido meigallo que engaiolaba os corazóns...

Tiña a voz crara e vocalizaba moi ben, quasi coma un xesuita, tiña o doce acento dos intelectuáis da Cruña.

Moitos teimaron logo, de imitar o seu estilo, mais sempre os imitadores abafábanse.

<sup>23</sup> Lembranzas de don Manuel Fernández.

<sup>24</sup> Domingo García-Sabell, *op. cit.*

No seu falar, naquela *gravitas* de cando en cando rachada pola ironía adiviñábase ao mestre, mais tamén descobriase nel unha dimensión política desenrolada no tempo en que foi nomeado diputado polas Cortes Constituyentes da II República.

Antre as súas aituacións parlamentarias gárdase memoria do discurso antifeminista do que faléi denantes.

Tamén deixó memoria don Roberto, coma parlamentario, do seu amor pola rexión nadal. Neste senso Nóvoa Santos seguío o exemplo do seu ilustre antecesor Varela de Montes. Non o seguiría na liña política, pois don Roberto era un liberal de esquerdas de siñalada (e ben interesante) tendencia anarquista<sup>25</sup>.

A intervención a que fixen referencia tivo lugar o día 21 de outono do 1931 cando don Miguel de Unamuno, don Felipe Sánchez Román, don Emilio González López, don Roberto Nóvoa Santos e outros diputados proponen unha enmenda ao artigo 48 da Constitución. O artigo 48 da Constitución republicana establecía: "Es obligatorio el estudio de la lengua castellana que deberá emplearse como instrumento de enseñanza en todos los centros de España".

Desvariados do preceito centralista Nóvoa Santos e demás diputados propuñan que nas rexións autónomas o ensino poidera desenrolarse nas lenguas *respectivas*, sendo tamén o catalán, o vascuence e o galego recoñecidas coma lenguas oficiais da República.

<sup>25</sup> As "tendencias anarquistas" xurden xa en Santiago, cando inda era estudiante. Foi un dos colaboradores de "La Revista Blanca" onde publicou algúns traballos firmados co pseudónimo de "Pedro Noveakow"; consultese por exemplo o artigo titulado "Lo inconsciente", no número 149 da dita revista, 1 setembro de 1904; no correr da vida Nóvoa Santos mantivo unha certa fidelidade ao ideario xuvenil. Un médico galego, que foi visitalo cando don Roberto era xa catedrático en Madrid escribiúme o seguinte: "Fui a pedirle apoyo para un partido político que queríamos fundar (galleguista, naturalmente) y con ideas que hoy llamaríamos "contestatarias". Nos recibió con un puro y una copa de cofiac y nos afirmó que era anarquista, cosa que ya sabíamos pues sus obras figuraban en una biblioteca que se publicaba entonces en Valencia con obras de Baroja, Krapotkin, Haeckel, etc. Era sincero. Tenía un absoluto pesimismo sobre las posibilidades de cambiar políticamente al país".

Cando falaba en público don Roberto non percisaba de *muletas*, endexamáis botou man de texto escrito, notas ou papel algún, o seu tipo de oratoria era dunha crase i estilo que hoxe non se atopa senón raramente: discurso ceibe, que sempre fai pensar nas augas fruidas, nas fontes, nas gárgolas, nas arroiadas da nosa terra...

As veces chegaba o día da conferencia e don Roberto inda non tiña elegido o tema, asegún contan que lle pasou en Zamora:

—¿De qué nos va a hablar, don Roberto? —foi a primeira pregunta que lle fixeron ao chegar.

—¿De que quieren ustedes que les hable? —respondéu amábel Nóvoa Santos.

Esto acaescéu xa polos derradeiros anos da dictadura de Primo de Rivera, e algunha xente (como aqueles zamoranos que o convidaran a falar) estaba moi politizada.

—Háblenos de las derechas y de las izquierdas...

Don Roberto dixo que sí, co sorriso laberco... e falou da zurda de caráter patolóxico compensador, da zurda herdada e da familiar, das reaccións motoras dos individuos destros e de coma o home dextropráxico representa o inverso funcional do levo-práxico. Logo falou da asimetría nos cans, nos peixes, nas moscas, nas prantas..., déullas en fin un coñecimento verbal do seu traballo: "Asimetría de la materia viva como signo expresivo de diferenciación".

Neste traballo encóntrase unha frase que a miñ firome cavilar:

"En la lucha por la existencia es vencedor el que mejor se protege el lado izquierdo en donde el corazón es más asequible a los golpes del enemigo. El costado izquierdo siempre es más débil que el derecho"<sup>26</sup>.

Roberto Nóvoa Santos adequire unha sona internacional Dempós das conferencias ditas en Cuba e na república Arxentina os anos 1928 e 1932.

<sup>26</sup> *Cuerpo y Espíritu*, por Roberto Nóvoa Santos, Madrid, 1930.

En 1928, cando foi convidado a falar na Habana, don Roberto —a pesares de vivir alonxado dos centros culturais e políticos da España i envolto nesa néboa que arreda as cousas da Galicia— xa era ben coñecido na península, particularmente a traveso da súa *Patología General*.

Como daquela o plan de estudos médicos españoles inda ficaba valdeiro dun contexto psicolóxico, moitos dos novos licenciados non tiñan outro coñecemento de Freud e do psicoanálisis que o que lles dera o libro do alonxado mestre galego<sup>27</sup>.

Nóvoa Santos foi un dos primeiros divulgadores da laboura de Freud e un dos primeiros en decatarse da trascendencia do psicoanálisis<sup>28</sup>.

Denantes da chegada de Roberto Nóvoa Santos, pasou pola Habana unha outa persoalidade española (eu coñecía o nome, mais é preferible esquecerse del) quen dixo esta "delicada" frase:

"De España no salen solamente gallegos, sino también hombres de la mejor capacidad intelectual"...

Na súa conferencia do Teatro Nacional don Roberto respondéu ao público aldraxe apelando a un sarcasmo que fixo rír ao ferido auditorio galego:

"Se vé la separación de España en dos fracciones, una que sólo envía gente sencilla para bajos oficios despreciados, los gallegos, y la otra que envía mensajeros de luz que esparden la cultura española por el mundo..."<sup>29</sup>

Logo fixo un canto aos fillos ilustres da Galicia, dende Prisciliano até o profesor Alfredo Brañas. Rematóu coas máxicas verbas "Terra a nosa".

Era a primeira vez que Nóvoa Santos falaba pra os

<sup>27</sup> Cabaleiro Goás, M. *Un médico humanista: Roberto Nóvoa Santos*, Archivo Iberoamericano de Historia de la Medicina y Antropología Médicas, vol. XVII, año MCMLXV.

<sup>28</sup> Candelas Barrios, Jacinto, *La antropología de Nóvoa Santos*, Barcelona, 1971.

<sup>29</sup> "Emocionante conferencia pronunciada por el Doctor Roberto Nóvoa Santos en el Teatro Nacional de la Habana", en "El Practicante Galálico" 1928.

galegos emigrantes. Aberto o seu corazón sensíbel á dor que magoaba a moitos, senón a todos os ouvintes, esforzouse en espoñer e definir os seus fondos sentimentos.

Morriña e saudade —dixo— veñen da aadelonxe:

Lonxe da terraña  
lonxe do meu lar  
¡qué morriña teño!  
¡qué angurias me dan!

A morriña é o desexo de volver á terra, axeitarse na paisaxe nadal; as raigañas da morriña alcóntranse na "tendencia instintiva del hombre de vestirse en la misma tierra que modeló su carne y su espíritu".

A saudade é un sentimento más complexo e misterioso no que se vencellan a melancolía, a tenrura, o desengano, a perda do ser e tamén, ás veces, o anecio letal.

Na mesma conferencia que, coma o discurso de Santiago tiña un acusado carácter panteísta, don Roberto falou da amicidade da terra e do soma xa sinalada —inda que nun xeito máis ortodoxo— polo doutor Varela de Montes.

O carácter do home galego responde á mesma estroitura da paisaxe, a luz esmorecente do ceo, a humedade da terra, a chuvia miudiña, a frora, a fermosura das rías paradisiacas refléxanxe en nós criando esa propensión á melancolía, ese sentimento lírico e relíxioso, esa sede do infinito... "Nos modela el paisaje, que es un fragmento del ambiente, y a pesar de que en la modelación de nuestra persona intervengan otras influencias ambientales y espirituales cuyo origen y cauce desconocemos en absoluto ¿no quedará para siempre en nosotros, prendido en el cuerpo y en el alma, "algo" de lo que nos penetró durante los primeros años de la existencia?".

Aterra fai aos homes, mais tamén os homes "modelan" a terra:

"Queda algo de nosotros mismos en el paisaje, algo de nuestra carne y unas chispas de nuestro encendido espíritu. Recordad al viejo castaño que os habló un día y que

os ha dejado un recuerdo en el alma, pero vosotros habéis dejado en él una huella".

Novamente, o ano 1932, Roberto Nóvoa Santos volvے ás Américas pra dictar cinco conferencias na Arxentina e no Uruguay.

Enceta o ciclo en Buenos Aires falando sobre dun tema non certamente descoñecido polo auditorio: "Diagnóstico espiritual del pueblo argentino".

Cando eu, aguisando os datos, atopéi esta conferencia recollida nun libro<sup>30</sup> quedéi abafada. Abafadísimamente.

Pra comenzar ¿non foi arriscado contarles ás boas xentes de Buenos Aires —nascidos no Plata ou vellos residentes— coma era Arxentina, un país que Nóvoa Santos visitaba por primeira vez?

Lembrándonos da sabencia do mestre, cecáis escusariámoxo o arriscamento do tema. O grave do "diagnóstico" non é tanto que fora ou non axeitado. O grave é que, enxuciando os problemas arxentinos, don Roberto deu mostras do máis desbardallado sentimento antixudeu.

Eu sentínme ferida por este descubrimento. Costa en verdade admitir que o noso querido doutor poidera albergar no peito un fato de prexuicios ruíns. ¿Cómo é posible que chegara a falar así?:

"Una voz queda advierte sigilosamente que, si el argentino no pone remedio, esta será la verdadera tierra sionista del mundo. Por más que el judío adquiera la nacionalidad del país en que mora esto sólo obedece a la necesidad de disfrutar de aquellos derechos políticos y de los favores sociales que le permitan desarrollar sus ocupaciones sin riesgo y con holgura"?

¿Debemos pois supór, polo dito, que don Roberto Nóvoa Santos caera na mesma barbaridade dos nazis?

Non, non chegaremos até admitir o monstruo emparrillamento. Don Roberto era un liberal, un home de es-

<sup>30</sup> Nóvoa Santos, Roberto, *El advenimiento del hombre y otras conferencias*, Buenos Aires 1943.

querdas, endexamáis un fascista... ¿e por qué falaria mal dos xudeus?

Matinando na desfortunada conferencia cheguéi á seguinte conclusión: naquela armoñosa e bensoante persoalidade que foi a de Roberto Nóvoa Santos xurdia, de cando en cando, un elemento malquisto, desacordado coa perfección xeral da persoa.

As mesmas teorías sobre da muller eran certamente pouco asisadas, e xa daquela parecían vellas, pasadas de moda. Non era lóxico manter, nos anos vinte e nos anos trinta do século XX, que a misión da muller se apurase nun destino sexual...<sup>31</sup>

As remanescentes conferencias de Nóvoa Santos na Arxentina e Uruguay foron moi fermosas<sup>32</sup>.

Ao volver de Cuba, Roberto Nóvoa Santos tivo noticia de que vacara a Cátedra de Patología da Universidade de Madrid.

O seu mestre Varela Radio, os seus amigos doutores Pittaluga e Marañón pídenlle que oposite. Don Roberto responde que non se encontra preparado.

Os colegas saben que non é certo. De noite, tras pechar a consulta, Nóvoa Santos estudaba as novas publicacións alemás, francesas e inglesas tomando notas en cadernos dos que logo se servía pra revisar as novas edicións da *Patología General*<sup>33</sup>.

En verdade, igual que moitos outros intelectuais galegos, don Roberto tiñalle medo a Madrid. Un medo certamente vencellado coa atracción.

<sup>31</sup> Dixo tamén don Roberto Nóvoa Santos que debéramos esquecermos de verbas coma "Madre Patria" ou "Repúblicas Hermanas": "Hay que crear nuevos lazos".

<sup>32</sup> Estes foron os temas das remanescentes conferencias: "El advenimiento del hombre", "Biopatología de la estigmatización mística", "Significación y devenir del sexo", "Espacio y tiempo" e "Biología y Medicina".

<sup>33</sup> A primeira edición da *Patología General* data de 1916, a derradeira, correxida polo doutor Nóvoa Santos, de 1934. "La Patología de Nóvoa ha formado a los médicos españoles durante veinte años; yo me la sabía casi de memoria", dixome Pedro Lain Entralgo.

Ao cabo, cando o mestre compostelán presenta a candidatura arretíranse todos os opositores agás o sevillano doutor Del Campo. O doutor Del Campo tiña boas razóns pra se non botar fora. Era home de moitos merecementos, antrs eles cecáis o que alumíñaba nil unha maior fianza era o de "amigo íntimo" da familia Primo de Rivera.

Percisamente en razón deste "carisma" o Tribunal que presidía o doutor Suñer, queríalle dar a Cátedra.

Aquelhas oposicións foron memorábeles.

A espreca da sabencia do mestre compostelán iba atoldando ao seu adversario e, cando chegaron á "trinca" véuse ben que as influencias da terra non lle abondaban ao doutor Del Campo, estaba perdido coma non baxara do ceo pra axudalo o mesmo arcanxo San Miguel<sup>34</sup>. O Tribunal tivo que darlle a Cátedra a Roberto Nóvoa Santos, porén o profesor Suñer gardou sempre a xenreira no peito.

Roberto Nóvoa Santos foi catro anos profesor en Madrid<sup>35</sup>.

Daquela veu sere recoñecido coma o primeiro dos patólogos de España. A súa verba engaiolaba a intelixen-

<sup>34</sup> ... "Como ya le he dicho fueron unas oposiciones muy célebres llevando mucho público. Donde las ganó fue en la lección clínica, principalmente. Se le presentó un enfermo en el que cabía la duda de si se trataba de una lesión orgánica o funcional. Es decir, de un histérico, diferenciación en la que era maestro, como los grandes clínicos de su tiempo. Enseñó una nueva maniobra exploratoria que nadie conocía por aquella época. También recuerdo en uno de los ejercicios de entonces, que consistía en explicar en una hora cinco temas, una exposición muy acabada de algo que entonces tampoco nadie sabía y que se acababa de descubrir: la transmisión de los estímulos nerviosos al corazón por la formación de acetilcolina. Como era de una claridad estupenda, en la exposición salió al encerado y dejó a todos asombrados..." Carta do doutor Juan Rof Carballo, que foi discípulo de Roberto Nóvoa Santos, a Victoria Armesto, o día 20 de novembro de 1970.

<sup>35</sup> Denantes de saír de Santiago, Roberto Nóvoa Santos foi agasallado con un "xantar de honra" ao que asistiron os seus colegas da Universidade de Santiago de Compostela, médicos e políticos de toda a rexión galega. Neste banquete falou Basilio Alvarez quen fixo unha gabanza louca de Nóvoa: chamóuno "aborto de la naturaleza".

cia<sup>36</sup> e pra asistir ás clases que dictaba era mester poñerse nunha "cola", misturados os estudiantes de meicíña cos médicos e os escritores...<sup>37</sup>

En Madrid, a familia Nóvoa Santos moraba nun piso da casa número 45 da calle de Abascal, chamada hoxe General Sanjurjo. Mantiñan aberta a casa de Santiago onde sempre pasaban os vrans.

Don Roberto era bó e xeneroso cos axudantes e internos. En Santiago invitó ao xoven doutor Xulio Outeiriño pra que o seguira no traslado. Outeiriño era un dos once fillos dun labrego da Mezquita da Merca e respondéulle que, por disgracia, non tiña medios.

"Usted se viene conmigo a Madrid y de sus gastos me ocupo yo", díolle o mestre.

Aos médicos novos don Roberto sempre lles aconsellaba: "Procuren publicar sus mejores trabajos en revistas extranjeras, porque si los publican sólo en las nacionales los españoles no se enteran".

Dí o doutor Domingo García-Sabell que, cando un home intelixente e sensibel elixe unha profesión é cásque pra responder a unha pregunta que o asoballa e tortura.

A pregunta fundamental na vida de Roberto Nóvoa Santos, cecáis a que o levó até a Meicíña humanística

<sup>36</sup> "El verbo de trémolo más emotivo que escuchó la Universidad española" dixo de Roberto Nóvoa Santos o doutor Gregorio Marañón. Véxase *La medicina y nuestro tiempo* polo doutor Gregorio Marañón, Buenos Aires, 1954.

<sup>37</sup> Logo de asistir a unhas das clases un periodista galego deixó escrita a seguinte descripción: "...En una de las galerías, que da a la calle de Atocha, un enjambre de jóvenes de actitud inquieta que pugnan buscando posiciones... Dos bedeles guardan la entrada pero su esfuerzo es vencido por el impetu de los que esperan. La puerta se abre y entra en tropel la masa. No queda espacio libre y fuera un centenar de personas lamentan que el aula no tenga mayores dimensiones. Hay hombres maduros, médicos en ejercicio... Un grupo de personas avanza por la galería, todos los presentes se descubren. De entre el grupo destaca la figura del profesor Nóvoa Santos, de bata blanca, sonriente sin altanería, silueta menuda... Comienza la lección, su voz es clara, de timbre argentado, con expresiva dulzura en la dicción... llegan los enfermos que son llevados al recinto para demostrar clínicamente la explicación teórica... La cátedra primitiva tuvo que ser sustituida por insuficiente..." *Semblanzas raciales*, por Andrés Martínez Morás. Madrid, 1930.

foi a de "¿Qué hay detrás de la muerte, si es que hay algo?".

O seu segredo anceio de sobrevivirse facialle vagar polas rexións do espírito, ali onde converxen todos os misticismos e todas as relixións.

A percura das almas deulle a entender que, fora de algunas pequenas desemellanzas puramente formales, non se atopa disiunción esencial entre a anihilación dos nosos místicos cristiáns e o éxtasis dos místicos de outras relixións, coma os yoguis budistas ou os sofies persas<sup>38</sup>.

Unha gran parte da laboura de Roberto Nóvoa Santos está adicada á morte<sup>39</sup>.

Fala xa da morte aos 21 anos, naquela primeira publicación de estrano tíduo: *Sobre la evolución química del sistema nervioso y sobre el substrato interior del alma. Contribución teórico-experimental*.

O xoven estudiante anarquista que foi Nóvoa chega a un acabamento radical: "La nucleína nerviosa y quizás también todas las substancias fosforadas albuminoideas de la célula nerviosa, deben ser consideradas como el substrato material de las funciones específicas del siste-

<sup>38</sup> "Las prácticas —sinala Nóvoa Santos— aunque distintas en la forma tienen una sorprendente afinidad, porque los cauces del espíritu son esencialmente los mismos para todos los hombres. La anihilación es una forma de suicidio moral. Si el suicidio moral aniquila su organización somática... el yogui que se procura el nirvana anula toda su tectónica espiritual. Psicológicamente puede considerarse el estado supra normal de éxtasis y anihilación como manifestación de una psiconeurosis hipnóide". Don Roberto fala tamén da semellanza doada entre o "paraíso místico" e o "paraíso pagano": "Muchos de los tóxicos que nos brindan las plantas o que los modernos alquimistas preparan artísticamente en sus redomas ¿qué fuerza misteriosa les ha concedido la virtud de crear en la conciencia del hombre las deliciosas sensaciones del paraíso? Un artificio interno desencadenó el inmenso placer del místico arroboamiento, pero mientras este obedece a motivos religiosos, de sublime refinamiento, los paraísos paganos se consideran como él florescencias de la depravación o del vicio, y por ello las sabias leyes de las repúblicas persiguen sin piedad a los cultivadores de estos placeres morbosos... Si analizamos las diferencias que separan ambos paraísos... veremos que ambas formas tienen, no obstante su disparidad, un modo común: el deseo de sustraerse a la órbita del mundo real y el de recrearse en la contemplación de un mundo artístico especial". Roberto Nóvoa Santos: *El instinto de la muerte*, Madrid 1927.

<sup>39</sup> Roberto Nóvoa Santos imprentara doucentos traballos, deixou outros catorce sen rematar.

ma nervioso, es decir, como la base física del alma". A alma é química, a morte o fenómeno propio do mundo orgánico.

Non rematarían neste materialismo xuvenil as dúbihadas e as angurias esistenciáis de Nóvoa Santos. Seguiría matinando, dun xeito cuáseque ousesivo, na morte. Pásados vinte anos, e cando xa tiña 42<sup>40</sup> pubrica o libro *El instinto de la muerte* que fai pensar nas fermosas verbas de Santa Teresa: "Oh muerte, muerte, no sé quien te teme pues en ti está la vida"<sup>41</sup>.

Segundo o pensamento de Roberto Nóvoa Santos, o home é o único animal capaz de desexar a morte. Canso de loitar coa natureza —nesa loita dramática enlevada polo espírito— o instinto tanático xurde do desexo de acougar, o desexo de acadar a fusión místico-corporal coa terra nai:

"Hay que pensar que la muerte natural es una necesidad fisiológica y sobre el estribo de esta necesidad debe levantarse el nuevo instinto de la muerte... El morir —engade don Roberto— es el deber postrero que pagamos a la misma vida. Porque morir significa ser pródigo con todo lo que fructifica y adquiere valor en torno nuestro. Tenemos necesidad de derramarnos fuera de nosotros mismos, de volcar la vida sobre las tumbas para que se haga el milagro de la resurrección..."<sup>42</sup>

A morte non é tráxica máis que "en la apariencia", ansi razoa Nóvoa Santos no libro *El instinto de la muerte*, na hora da verdade a morte é doce e amábel como unha moza amada. Algúns dos que estiveron perto dela e foron logo devolto á vida falan de que, no momento supremo, sentíronse encheitos dunha seréa ledicia.

Si a morte é doce e amábel ¿de qué virá o medo que lle teñen os homes?

<sup>40</sup> "Y este silencio (sobor do tema da morte) tarda en romperse veinte años. Durante este tiempo Nóvoa estudia, lee, publica, recibe las influencias de Bergson, James, Freud y Jung". Jacinto Candela Barrios, *op. cit.*

<sup>41</sup> Verbas de Santa Teresa glosadas no libro de Roberto Nóvoa Santos: *Patología de Santa Teresa de Jesús*, Madrid, 1933.

<sup>42</sup> Nóvoa Santos, Roberto, *El instinto de la muerte*, Madrid, 1927.

O medo á morte, conforme dí Nóvoa, fundase principalmente no anceio humán de acadar a *supervivencia*. Este anceio, fonte da anguria existencial, inspira os versos do filósofo galego Xoan Vicente Viqueira:

Miña alma, ouh coma ela é triste  
sintindo a vida latexar en sí  
querendo ser con plenitú d'esencia  
n'un eterno vivir...<sup>43</sup>

Dempois de ler os textos sobor da morte de Nóvoa Santos ún fica no convencimento de que don Roberto —un home inda xoven— ventaba a súa morte. Nóvoa Santos, o máis brillante dos médicos galegos do seu tempo, tería a vida corta dos elexidos e cecáis por sabérese elexido por ela don Roberto amaba tanto á morte coma os mesmos místicos do cristianismo.

O amor á morte aparellábbase co anceio de *supervivencia*, un fondo e anguriante anceio que enleva ao doutor Nóvoa Santos do materialismo da mocedadade (cando mantiña que a ialma non é más que química) até as súas derradeiras teorías nas que latexa unha nova esperanza: no home, ser mortal, encóntranse certos elementos inmorrentes.

Nun libro de tenro e dramático tíduo, *La inmortalidad y los orígenes del sexo*, don Roberto escribe: "Todo cuan-  
to hiere a un ser deja en él un signo, una huella; podrá borrarse algún día ese signo... pero no por ello la huella se ha perdido del todo. La estela que deja el ser en el mar de la vida perdura hasta lo infinito. Héroes y genios han dejado su estela inmortal ¿es que no divisamos por doquier huellas de los humildes y huellas de todos?"<sup>44</sup>.

A vida esbaltra os pechados coutos da estreita esistencia material pra se perpetuar primeiro no corazón dos

<sup>43</sup> Versos citados por Roberto Nóvoa Santos no libro *El instinto de la muerte*.

<sup>44</sup> Nóvoa Santos, Roberto: *La inmortalidad y los orígenes del sexo*, Madrid, 1931.

achegados<sup>45</sup> e logo no prano espritoal dos elementos que integran a concencia coleitiva.

O profesor Santiago Montero Díaz fixo esta belida síntesis do pensamento de Nóvoa Santos sobor da trascendencia: "Suscribe la hipótesis de que existe un más allá de la organización, un conjunto de elementos y complejos inteligentes que nos han penetrado pero que en un momento dado pertenecen a ese acerbo espiritual que flota sobre nosotros... Es casi seguro que esos elementos y complejos intelectuales separados para siempre del organismo generador, nos penetran en todo momento e influyen sobre nuestra vida aunque no tengamos el menor conocimiento de semejante penetración y de los ocultos favores extraespirituales que nos gobiernan. La colossal capacidad de evasión frente a la naturaleza que revela el espíritu humano le fuerza a pensar en la eternidad"<sup>46</sup>.

Don Roberto comenzou a ter sofrimento de estómago e, cando ficaba na Facultade, a media mañán tiña que beber un vaso de leite.

Non fixo caso da doença en longos meses; logo cásese que deixou de fumar. Don Roberto fora un gran fumador, sempre levaba na man un cigarro...

En sinal de agradecemento polas groriosas conferencias, os galegos da Habana regaláronlle unha chea de caixas de puros espresamente feitos pra el. Don Roberto déulle un destes puros "especiales" ao seu axudante, o doutor Xulio Outeiriño quen logo de fumalo pensou morrer. Outeiriño xurou que non volvería fumar no resto da súa vida.

<sup>45</sup> "El consuelo habrá de venir del pensamiento de que los seres queridos que huyeron para siempre de nuestro lado, viven realmente en nosotros. No iremos a su encuentro... están en nosotros mismos. Han dejado en nuestro ser tan profundas huellas, tanto afecto, tanto corazón, tanto espíritu que ellos continúan viviendo en nosotros..." Nóvoa Santos, op. cit. No desenrollo do pensamento do mestre galego advítese a fonda influencia das teorías de Jung, senlleiramente no seu conceito dos arquetipos ou do "inconsciente colectivo".

<sup>46</sup> Montero Diaz, Santiago: *La idea del hombre en Nóvoa Santos*, Archivo Iberoamericano de Historia de la Medicina y Antropología Médica, vol. VI, enero-marzo-abril y junio de 1954.

Unha serán, cando o doutor Outeiriño atendía aos Rayos X presentouse o mestre e díxolle:

—Mañana viene usted por aquí a las 9 que me va a hacer un sondaje gástrico en ayunas.

—Pero don Roberto, qué le pasa? —aterrecéu o seu axudante<sup>47</sup>.

Don Roberto díolle que tivera un erupto fétido en ayunas. O sondaxe foi desfavorábel e no autoanálisis Nóvoa Santos diagnostica "cáncer de estómago".

Toda a vida estivo agardando a visita, e ao fin chegaches *negra sombra*. Pode que don Roberto te recibira segredamente coas mesmas verbas do santo de Asís: "Benvida irmá morte".

Don Roberto decide operarse en Alemania. Mais logo de consultar cos doutores Juan Medinaveitia, Teófilo Hernando e Mariano Gómez Ulla refuga o proiecto. Se mellaba que NÓVOA Santos sofría dunha estenosis pilórica producida por unha úlcera crónica. Sometido a un réximen, don Roberto millorou.

Esgótase o ano académico e, coma sempre, Roberto NÓVOA Santos váise pra Santiago de Compostela.

Aquil vran do ano 1933 celebrábanse en Lugo as xornadas médicas de "Irmandade galego-portuguesa". NÓVOA Santos foi a Lugo onde topa co seu axudante Xulio Outeiriño.

Na hora do xantar, o mestre díolle:

—“Mañana me voy, tengo que preparar las cosas porque me marcho a Madrid a que me operen. Me apareció un ganglio supra clavicular y ya no hay duda de que tengo un cáncer”.

Falou con frialdade, sen que se adeviñara nel a máis cativa emoción.

NÓVOA Santos estudara as reaccións do home doente sinalando que poderían ser de catro tipos: 1, de loita aitiva ou rebeldía, no seu repuno do achaque o doente pode chegar até o suicidio; 2, de "adaptación", o home ade-

<sup>47</sup> O doutor Xulio Outeiriño falóume longamente da morte do doutor Roberto NÓVOA Santos, seu mestre, o dia 1 de novembro de 1970.

prende a vivir coa doença; 3, de resinación, polo regular sempre arrincada de fondas creencias relixiosas, NÓVOA Santos, que sinte o engado dos místicos, econSELLA a lectura do Breviario de Luis de Lapuente, o cristian olla a doença coma un camiño de perfección, sírvese dos achiques coma faitor purificante dunha alma pecaminosa e como avío pra acadar a gracia divina; 4, de frieza, o home doente esfórzase pola vía do estoicismo, abafado pola dor, noustante percura acadar a forteza da superación.

Ansí das catro vias abertas, naquela hora de acedume e soedade, Roberto NÓVOA Santos abeirábase á coarta. Si tiña que morrer tería o pasamento dun estoico.

En Madrid don Roberto escribe unha carta que continúa as derradeiras disposicións e pasou algunas horas ordeando os papéis.

Logo, no seu despacho e alcontrándose presentes os axudantes, tivo unha xuntanza co seu operador o doutor Gómez Ulla, e falóulle deste xeito:

—“Mira Mariano, yo estoy seguro de que tengo un cáncer de estómago y posiblemente con metástasis. Me extirpas todo lo que se pueda extirpar si hay posibilidades de supervivencia y, si no me dejas en la mesa de operaciones”.

Gómez Ulla promete que así o faría, inda que non pensaba facelo.

Un día dempois da xuntanza don Roberto entra no Sanatorio madrileño do Rosario. Arredor do mestre, na cativa alcoba, abeirábanse os axudantes e discípulos, entre eles Xulio Outeiriño, Carmela, Leoncio Jaso, Pescador, Mosquera e outros<sup>48</sup>... Pola banda da familia estaba o curmán de doña Pastora, que era médico.

<sup>48</sup> O doutor Xulio Outeiriño, loubado analista de Madrid, casou con unha das discípulas de NÓVOA Santos, a doutora María Herranz; o doutor Carmenha chegaria a ser catedrático da Universidade de Valencia; a fecunda laboura de Leoncio Jaso tivo que desenrolarse, por razóns políticas, en Venezuela; Mosquera, adiantado socialista e benquerido doutor de Ponteareas, morréu novo vítima dun cáncer de laringe... Coma herdeiros e discípulos espirituais de Roberto NÓVOA SAN-

Don Roberto sereó falaba de cousas lenes. Os axudantes, moi abafados, teimaban tamén de falar lixeiro.

Xa dispusto o doente, acodiron os enfermeiros coa camilla.

Don Roberto botouse fora do leito e dixo:

—“Se va por el propio pie, que hoy cumple 48 años y no tengo edad de ir en camilla”.

Era o dia 8 de Santa Mariña de 1933.

Don Roberto puxo enriba do pixama a bata branca de médico e comenzou a baixar as escaleiras —daquela no Sanatorio do Rosario non había ascensor.

Cando eu penso naquela escea, o doutor Nóvoa Santos baixando, sereó coma un estoico, unha escala que o levaría até o quirófano, até a morte, penso tamén naquelas verbas do mestre escritas baixo o engado, doce e cruel, da “negra sombra”: “Con el pensamiento puesto en lo que dejamos y en lo que nos espera; penetrados de serena resignación pero sin gran pesadumbre puesto que todo lo que desaparece ha cumplido por esto mismo su misión en el mundo, y con la creencia de que nuestro espíritu irá a Enriquecer el tesoro intelectual que palpita sobre nosotros, debemos penetrar en el mundo de lo desconocido sin el más leve temor, puesto que estamos penetrando en él en todo momento sin que nos demos cuenta de ello y puesto que él nos penetra sin solicitarlo y sin advertirlo”.

Roberto Nóvoa Santos tiña un tumor de píloro, fígado e páncreas e os órgaos intestináis con metástasis. Fixéronlle o único que lle podían facer no seu estado: unha gastroenterostomía.

Tos compre tamén siñalar aos doutores Juan Rof Carballo, de Madrid, e Domingo García-Sabell, de Santiago de Compostela, estrelas da Medicina psico-somática, adiantados da cultura galega... Non se perdeu a heranza espiritual de Roberto Nóvoa Santos. Lembrémonos daquellas verbas do libro *El instinto de la muerte*: “El morir es un deber posterior que pagamos a la misma vida. Porque significa ser prodigo con todo lo que fructifica en torno nuestro. Tenemos que derramarnos fuera de nosotros mismos, de derramar la vida sobre las tumbas para que se haga el milagro de la resurrección”.

Acordaron decirlle que tiña unha úlcera crónica de píloro estenosante e que lle fixeran a gastroenterostomía pra facilitar a evacuación do estómago.

Don Roberto foi preguntando, apartadamente, a cada un dos médicos e coma recibía sempre deles a mesma resposta e coma el mesmo sentiase moito millor, cobróu unha certa espranza.

Foi daquela cando decidiu tornar a Santiago pra repórse. Xa no outono escribiría a Xulio Outeiriño pra darlle conta de que se encontraba ben, pasado o Nadal volvería a Madrid.

Naqueles mesmos días recibiu un anónimo. Era a esquina, recortada dun periódico, dun morto descoñecido de Nóvoa, unha man criminal escribira ao pe: “Muerto por cáncer de páncreas”.

“Esto me lo manda el desvergonzado del doctor...” —e don Roberto nomeóu a un colega enemigo.

A esquina e máis o propio abafamento déronlle a verdadeira medida do seu estado. Porén don Roberto seguío escribindo no traballo que tiña en xogo e que versaba encol do sistema nervioso.

O día 9 de nadal daquil ano 1933 Ramón entra pola mañán cedo na alcoba do pai. Don Roberto, dempués de beber un caldo, escribía. De súpito esvaise. Ramón entón chama ao seu tío, o doutor Xosé Rojo Moreira. Nóvoa Santos recobróu o coñecimento e dixo:

—“Acabo de tener una hemorragia interna, llamad inmediatamente a Fernando Alsina para que me haga una transfusión”.

Morréu ás catorce horas, minutos antes de que chegara o doutor Alsina.

Inda que non imprentaron esquelas, a noticia da morte foi recollida pola Prensa e o Santiago universitario axúntase pra o enterro do doutor Nóvoa Santos. Asistiron tamén ao enterro todos os franciscáns en comunidade.

Os monxes querían a don Roberto, cecáis adiviñaban no fondo do seu espírito heterodoxo unha luz que o apallibaba co doce espírito da doutrina de Asís.

A presidencia do duelo foi assumida polo rector da Universidade de Santiago, don Alexandre Rodríguez Cadarso. Pasados oito días, os mesmos persoaxes volvíanse a xuntar no mesmo cemiterio pra o entierro de Rodríguez Cadarso.

Cando xa os restos de Nóvoa Santos ficaban na cova, a familia veu descobrir aquela carta, escrita en Madrid, que contiña as derradeiras disposicións.

Trátase dun documento segredo, non coñecido fora dos achegados, até o día en que Ramón e Olga Nóvoa Gamallo déronme o permiso pra copiala e leela púbricamente<sup>49</sup>.

A carta decía o seguinte:

Roberto Nóvoa Santos  
Madrid.

Abascal, 28  
teléf. 31033

"A los míos: Pastora, Moncho y Olga: Es mi deseo que, caso de muerte, cumpláis severamente las instrucciones contenidas en esta carta: —Que no se publique esquela en ningún periódico, ni ahora, ni en los aniversarios; que no se envíen participaciones de óbito, ni se de noticia alguna a la prensa; que el entierro sea el más *modesto y sencillo*, o mejor, el más *pobre*, y que a nadie se participe la hora de su celebración; que no se haga función religiosa alguna, ni ahora, ni en las fechas de aniversario; que, como toda tierra es santa, se me de sepultura en tierra no religiosa; pero si creéis que este deseo mío puede heriros o acarrearos molestias de tipo social, disponed lo que queráis sobre este extremo, mas a condición de cumplir las condiciones anteriores. Como mortaja, una sábana. Al cumplir el tiempo que la ley señala, los despojos trasladarlos a Santiago,

<sup>49</sup> Leéuse por primeira vez no curso da conferencia titulada "Perfil humano de algunos médicos galegos", dita por Victoria Armesto nun acto organizado pola "Academia Médico-Quirúrgica" de Santiago de Compostela o día 28 de novembro de 1970.

al lado de mis padres; y recordad que, dentro de un año, habrá que recoger los huesos de mi buen padre para trasladarlos a la urna en donde se guardan las cenizas de mi madre.

En la caja-fuerte de casa quedan todos los papeles de interés para vuestra vida. He procurado dejar todo en orden. Encontraréis en distintos sobres, instrucciones, consejos, etc. y en las carpetas documentos de interés. Tened buen cuidado de todo esto y velar porque nada se extravíe.

Vuestro  
Roberto."

Dempóis do enterramento espállassese por Santiago a voz de que Roberto Nóvoa Santos suicidárase. ¿Cómo nascéu e logo aturóu a falsa lenda? Pode que no recordo daquelas verbas ditas por don Roberto ao doutor Gómez Ulla e tamén polo mesmo contido da obra do mestre.

Don Roberto fala longamente do suicidio no libro *El instinto de la muerte* e defende a tesis de que se tienen dereito a vivir ten tamén dereito a dispor da súa vida: "se nos niega —engade— el derecho a disposer de lo "único verdaderamente nuestro" y no obstante la sociedad organizada sabiamente cree tener derecho, y lo ejerce violentamente muchas veces, a disposer de nuestra vida. La sociedad ejerce ese derecho de muy variada manera... es el imperativo que nos violenta a disposer de nuestra vida enviándonos a la conquista de territorios o lanzándonos a combatir contra hermanos de otra religión o de otra lengua o de ideales políticos que no son los nuestros... ¿Por qué se puede morir por un ideal más vigoroso que la misma vida, y en cambio no se "debe" morir a impulsos de otros móviles".

Ansi era a doutriña de Roberto Nóvoa Santos, porén a súa morte foi *natural*, se podemos chamar natural o desaparecer dun home de 48 anos, chave do pensamento filosófico, luceiro abrente da Meiciña galega.

FRAI MARTÍN SARMIENTO

Levaba anos e anos alonxado, coa negra sombra da morriña no peito, e sempre que lle falaban de Pontevedra Frai Martín Sarmiento sospiraba: "Quién pudiera vivir en la *Boa Vila*".

Cando volve a Pontevedra, polo ano 1745, sinte fortemente o engado da natureza: "En el corto espacio de 60 pies hallé una palma que da dátiles, unos naranjos, dos o tres arrayanes, de laureles no se hace por acá sino para arcos de cubas y para que en ellos canten los rui-señores".

Pasados outros dez anos, na segunda visita a Galicia, decatóuse da deslouvada situación de Pontevedra e díxolle a seu irmán Xavier:

"Debéis saber que esa *boa vila* está entre dos enemigos furiosos: Vigo y Santiago".

Pra nós, os lacazáns da Cruña, o Padre Sarmiento mostra un amábel desdeno: "Si los de la Coruña quieren hacer de corte que busquen primero quien se lo crea".

Todos os intereses de Pontevedra son, pra Sarmiento, sagrados. Sinte unha afervoada devoción por Santa Margarida. No folklore pontevedrés alcontra o seu pseudónimo predileito "O tío Marcos da Portela" e non se cansa de decir —é bó repetilo xa que as historias o calan— que a caravela de Cristóbal Colón chamada "La Gallega" fora fabricada na pescadería pontevedresa.

O Padre Sarmiento tiña a seguridade de que se as mulleres estériles de Castela e León viñeran morar nas costas de Pontevedra comenzarían decontado a parir.

Non está craro si as estériles tiñan que vir co mariado ou seu marido.

Doíase o Padre Sarmiento da decadencia comercial da "Boa Vila", aconsellando que se ergueran novas industrias e que resucitaran a vella feira de San Bartolomé.

É ben raro que o máis fervente dos fillos de Pontevedra nascera lonxe da "Boa Vila". Sarmiento non nascéu siquera no meio da Galicia xeográfica, inda que sí no corazón da Galicia histórica que algúns chaman irredenta: nascéu en Villafranca do Bierzo onde os nosos irmandiños perderan unha batalla, nas loitas feudáis.

A razón de que Frai Martín nascera nesta vila é que o pai —que era mestre constructor— foi alá pra facer a colexiata.

Sarmiento nascéu o ano 1695 nunha casa que inda está en pé. Pasado certo tempo, cando o pai rematou a laboura, a familia volvéráu pra Pontevedra. Moraban na Praza do Campo Verde.

Na praza xogaba Frai Martín de neno cando lle chamaban *Perucho*. Lembrándose logo daqueles xogos, o Padre Sarmiento diría que recordaban aos orientais. En Pontevedra xogábase coma na China.

¡Qué cousa estrana! ¿Ónde recollería esta información?

*Perucho* cursó os primeiros estudos no colexio de Lérez. Era un rapaz moi bó e xentil, según proban as verbas de dona Clara de Balboa e Sarmiento (a súa nai) cando se despediron ás portas do convento: "adeus *Perucho*, que nunca me dices que sentir".

O ano 1710, compridos os 15, *Perucho* profesa na orden de San Benito e, de súpeto, ten que cambear de nome. Fora bautizado en Villafranca do Bierzo coma Pedro Xosé García, fillo de Alonso García Gosende e de Clara de Balboa e Sarmiento.

A nai era fidalga, de vella familia que tiña unha casa perto de Samos, sita nun lugar que ten o curioso no-

me de "lugar de perros". O pai tamén foi fidalgo pola banda dos Gosende<sup>1</sup>.

Sarmiento tiña dibuxados (era un bó dibuxante) os escudos dos Balboa e dos Sarmiento. Falaba da fidalguía familiar, mais logo bulrábase da mesma: "Bien coñoco que todo ello es patarata".

No convento a *Perucho* non o podían chamar o "Padre García" pois xa había alí tres frares García. Tam pouco foi posíbel collar o Balboa pola conta doutro padre Balboa, persoaxe venerábel e que logo chegaría a xeral da Orden de San Benito, así que *Perucho* botou man do segundo apelido da nai empregando o Martín polo Santo.

Lembrémonos de que Sarmiento é un dos nomes que figurán nos sete linaxes de Galicia histórica: Lemos, Andrade, Trastamara, Ulloa, Sotomayor, Altamira e Sarmiento.

Xa dende a mocedad deu probas Frai Martín Sarmiento do seu raro talento. Aos 19 anos, estudante en Salamanca, adicóuse a copiar corenta alfabetos levado pola teima de comparalos.

Antre eles cóntanse catro hebreos, cinco gregos, o caldeo, o persa, o fenicio, o exipcio, o copto, o etíope, o armenio e o xeorxiano...

Gostaba o xoven monxe da leitura da Biblia e dos fondos estudos científicos. Tiña pasión pola xeografía, a cronoloxía, a mitoloxía e a botánica... Nunca se deixóu levar polo sentimento poético, tan natural nos galegos. Coidaba que a poesía, como a música, eran materia frívola.

O ano 1723 tería lugar un dos feitos trascendentés na vida de Frai Martín Sarmiento. Iste ano, e na cidade de Oviedo ou ben coñece ou ben intima co Frai Benito Xerónimo Feixón<sup>2</sup>.

<sup>1</sup> Un dos antergos de Sarmiento, o capitán Xoan de Gosende, participou na defensa da Cruña contra Drake, o ano 1589.

<sup>2</sup> Algunhas eruditos pensan que o Padre Feixón foi durante algún tempo mestre do xoven monxe Sarmiento.

Feixón tiña daquela 47 anos, 28 Sarmiento.

Os dous sintense vencellados, primeiro polas razóns de paisanaxe e logo polas culturais.

Tamén Feixón era producto da fidalguía rural galega.

Nado no pazo ourensán de Casdemiro (1676) profesa tamén aos 15 anos na Orden de San Benito.

Feixón inda non comenzara a brillante carreira literaria (botouse a escribir aos 50 anos) mais xa lle reconócián a gracia e a intelixencia. A persoalidade de Feixón enmeigóu ao xoven monxe introvertido que foi Martín Sarmiento.

Xa daquela Sarmiento era un sabio. Aparte do latín sabía ben o grego, o francés, o italiano e tiña coñecimentos do árabe e de certas linguas orientais. Mais sabendo tanto falaba pouco (ao rivés que Feixón, conversador de forte engado) e por iso tense dito aquello de:

Instruido en tantas lenguas,  
era el que menos hablaba.

Feixón foi home de pouca memoria, Sarmiento tiña de elefante. Dato que adequería, dato que non esquecía endexamáis. Era coma unha computadora.

Pasados unhos anos, namentres España admiraba a Feixón, Feixón admiraba a Sarmiento: "Tiene mi religión un sujeto que, en la edad de 35 años es un prodigo de erudición".

Lembrémonos daquela España da primeira mitade do século XVIII. Xa por sorte non era a melancónica España do XVII. Xa non era a España morrediza que, coma don Miguel de Mañara veu pasar o seu propio enterro.

Esvaírase a forte dinastía dos Austria no ruín Carlos II "o hechizado", a quen tanto fixeron por lle tirar os demos do corpo.

Nove anos denantes de que profesara Peruco García, fixo unha entrada solemne en Madrid o primeiro

Borbón. Felipe V chegou á capital das Españas un 14 de abril do ano 1701, outro 14 de abril do ano 1931 (pasados douscentos trinta anos) sairía de España Alfonso XIII, o derradeiro rei da dinastía de Borbón.

Os pais Feixón e Sarmiento coñeceron no curso da súa vida catro reises: Carlos II "o hechizado", Felipe V, Fernando VI e Carlos III.

En xeral pódese decir que tiveron sorte, pois —fora do "hechizado"— tiveron, de triste cortexo dos reises de España, cecáis algúns dos millores.

Enxuciando o reinado de Fernando VI un cronista do século XIX escribiu o seguinte:

"Su reinado fue uno de los más felices que ha conocido la monarquía... No hubo en el conflicto externo ni interno que alterase el orden, ni que opusiera una rémora a la acompasada marcha de la administración y, al par que esta llevaba su poderoso impulso a la agricultura, a la industria y al comercio, la prosperidad del país se acrecentaba notablemente y más aún hubiera progresado si, al par que los notables políticos que la encaminaron por tan buena senda, hubieran crecido grandes hombres científicos; pero de esto no tiene la culpa Fernando VI, la tenía y la tuvo aquel fanático Tribunal de la Inquisición que pretendió extirpar el germen de las ciencias exactas"<sup>3</sup>.

Ansí era a España dos primeiros Borbóns e, polo que se refire á política internacional, foi adoitada a de Fernando VI e desguedellada a de Carlos III. Fernando acataría a sabencia dun vello refrán de Castela "con todos guerra y paz con Inglaterra", namentres a xenreira anti-británica de Carlos III aviventaba fatalmente a guerra.

Según o censo realizado por orde do Conde de Aranda, en 1768 España tiña 9 millóns de habitantes. Deles, un millón eran galegos (este dato proba o descenso da Galicia: na España de 34 millóns non se contan senón dous millóns e medio de galegos).

<sup>3</sup> Heras y Muñoz, Manuel, *Los Borbones ante la revolución*, Madrid s.d. vol. 1, pág. 581.

Galicia, no século XVIII, era unha rexión marxina-  
da, mal coñecida e pouco estimada. Sofríamos grandes  
traxedias históricas (guerra irmandiña, desfeita da Galicia feudal...) e, por non ter, Galicia non tiña nen voz  
nen voto nas cortes españolas. Zamora falaba en nome  
de Galicia.

Banidos os grandes feudais, Galicia non se ceibara  
por iso do carácter feudal. A terra pertecía á Eirexa ou  
aos señores. Os labregos, de seu, non tiñan senón a fame.

No mesmo século XVIII rómpese o equilibrio antre a  
poboación e os alimentos. A perda das colleitas (lembremos que inda non se coñecían as patacas, que é un  
producto da Galicia do XIX) alporizaba as fames.

Unhas fames cíclicas coma non se recordan piores en  
Europa. Estas fames forzan a emigración do home galego. Os mozos emigran a Castela, Extremadura, Portugal...

Sen "status" legal dende o século XV, banida do mundo oficial e do ensino, a língua galega sigue vivindo na  
boca do pobo que amostra unha forte resistencia vital  
ao castelán.

"Los gallegos de hoy —dice el padre Sarmiento— tienen su propio dialecto diferente del castellano. Háblanle todos, así señores como rústicos... En Galicia no es vulgar la lengua castellana pero se entiende..."

Inda non se establecería a fronteira crasista da lingua.

Plácido e Anselmo Feixón —os irmáns de Fray Benito— falaban e escribían en galego no pazo de Casdemiro e, se non chegan a profesar tan xóvenes, en galego houberan escrito os Padres Feixón e Sarmiento.

Frai Benito Xerónimo Feixón era un home alto, fraco, ben posto e elegante, o seu amigo Frai Martín Sarmiento era baixo, gordeiro, coa testa grande, porén esquecía-se a súa fealdade pola forza e o vigor da faciana.

Feixón era un home xentil, cando acadou a sona da  
que era merecente atendía aos admiradores sempre con  
un sorriso nos labres.

No primeiro viaxe que fixo a Madrid, Dempós do éxito literario, volvéreron tolo, as xentes chegaban ao convento pra facerlle as preguntas más estranas:

"¿Cuál es la opinión del Reverendo Padre sobre la Quiromancia?"

"Padre Feijón, vengo a que me interprete el sueño que tuve anoche..."

"¿Podría deciros en qué tierra se crían los mejores tomates?"

"Reverendo ¿qué ratoneras han usado los antiguos?"

E sempre o Padre Feixón percuraba de achar unha  
resposta e tamén adicaba dous días por semá á tarefa  
de contestar as cartas.

Polo contrario o Padre Sarmiento non contestaba ás  
cartas<sup>4</sup> e si lle facían algúna pregunta impertinente  
do tipo desta que un día plantexaron a Feixón:

"Reverendo, ¿puede deciros cuántas y de qué  
naciones eran las mujeres que el persa tenía en  
su serrallo?"...

Sarmiento calaba un longo momento, ollaba logo  
pra o seu interlocutor coma quen olla unha araña e, en-  
levando unha voz que foi descrita "como de no muy sim-  
pático timbre", decíalle:

"Burro".

É que Sarmiento tiñalle aos parvos a mesma xenreira  
ra que lles tiña logo Castelao, e tamén lle tiña xenreira  
aos que falaban mal de Galicia<sup>5</sup>, a certos aristócratas e  
ao clero en xeral. Nas cartas sempre anda rosmando contra o clero: "Dios me libre de frailes y monjas", "No temas que los frailes me mexen —escribíalle a seu irmán Xavier— pues me sé sacudir a tiempo y con garbo".

<sup>4</sup> Cando lle escribían cartas (e tiña que pagar según o costume da época o franqueo) o Padre Sarmiento laiábase: "Si aquí fuera como en el Perú, que allí al menos pagan las cartas los remitentes".

<sup>5</sup> Pra os que falaban mal de Galicia, Sarmiento tiña sempre a man respostas garimosas coma esta: "Comed, puercos, mas no gruñáis; alabad vuestras bellotas, mas no mintáis tan demasiadamente".

Cando o rei Fernando lle ofrecéu unha abadía mitrada, Sarmiento non fixo senón este comentario: "El rey me quiere hacer Abad de Ripoll, será preciso andar vestido de mogiganga y aguantar señorías de tonto". Eixe a pobreza da súa celda, ledo na reflexión filosófica: "No me faltará modo de comer poco y vestir mal".

Arredor do ano 1725 Frai Benito Xerónimo Feixón comenza a escribir o *Teatro Crítico* e pubrica o primeiro dos 8 volumes, logo seguiría escribindo as 163 *Cartas Eruditas*.

Pra arranxar a publicación, Feixón fai un viaxe a Madrid e, coma tiña tan forte comenda do talento do xoven Padre Sarmiento, fai dil o seu axente literario na capital<sup>6</sup>.

Sarmiento encarregóuse de levar os textos á censura, de recollelos, de correxir as probas e tamén de comprobar se os datos que ofrecía Feixón eran exactos.

Pódese decir que, sen a axuda que lle prestaba Sarmiento, Feixón non houbera chegado a ser Feixón.

Ben entendemos o éxito do Padre Feixón. Nun tempo en que a moda impuña un estilo escuro e barroco, a prosa do noso benedictino era crara como a auga dun ragueiro aldeán. Servía ademais a unha causa noble e belida: reconciliar a relixión e a cencia.

Enciclopedista cristián, non somente populariza a cencia do seu tempo, senón que conxura un novo espírito e loita coa vella superstición.

No caso persoal de Frai Benito Xerónimo Feixón pódese decir que a renuncia á libertade déulle outra crase de libertade. A súa virtude recoñecida coma monxe sínxelo axudába (non se podía decir que o Padre Feixón fora *volteriano ou herexe*) e sempre tivo o respaldo dunha Orden espiritoal e socialmente forte. Achábase endemais nunha boa tribuna pra debelar os errores, pois naquela España dos primeiros Borbóns pasaba un pou-

<sup>6</sup> Sarmiento servía como axente literario, pra os asuntos financieros Feixón tiña outro representante en Madrid.

co o mesmo que inda pasa hoxe na España dos nosos días: a única crítica que se pode facer (sen perigo) é a que xurde de dentro do mesmo sistema.

A pesares do seu reformismo, o Padre Feixón ficaba no sistema, tiña o seu tallo na escea político-social.

Dempois de que un Feixón de cincoenta anos se adianta —novo Alonso Quijano— no campo das letras patrias, semella que o seu discípulo, o xoven monxe de estraio talento, seguiría o seu exemplo.

Co trunfo, Frai Benito Xerónimo Feixón conquire tamén un fato de enemigos, entre eles cóntase o Padre Soto Marne, cronista dunha orden rival, a dos Franciscanos, e o señor Mañer, home culto e primeiro periodista profesional que tivo España. Mañer "con precisión geométrica" rexistróu que no *Teatro Crítico* había 998 errores e máis de 245 falsedades.

Sentidos polo ataque da Orden Franciscana, os benedictinos encarregan da defensa de Feixón a Frai Martín Sarmiento quen escribe, o ano 1731, un libro apoloético.

Levado polo amor a Feixón, Sarmiento vai máis lonxe do que aconsellaba o bon sentido. Coma non ten un espírito liberal non admite a rexouba, pra il Feixón é un escritor perfeito, sen mácula, aqueles que o critican —o Padre Soto Marne, o señor Mañer, etc— son: "cínicos, melancólicos, émulos de lo que no podían ser émulos, chinches de la república, pseudocríticos, maniáticos, epidémicos..."

Destes aldraxes, o que menos gracia lles fixo foi seguramente o de "chinches de la república".

Do libro de Sarmiento, *Demostración crítica apologetica del Teatro Crítico Universal* fixérонse catro edición. Unha abondaba pra que Sarmiento recollera todos os enemigos de Feixón e inda algún que outro máis.

Este libro do Padre Sarmiento foi o primeiro e o único. Non volvéría a publicar. Metéuse no convento que ficaba na rúa do Desengaño (¿nome simbólico?) pechou a tranca da celda e pasouse coarenta anos sen saír ás

rías dun Madrid que non lle intresaba. Nestes anos soamente salíu tres veces pra xantar fora do convento.

Tiña na celda —que debía ser grande— sete mil e quinientos libros<sup>7</sup>, moitas macetas cheas de terra de Pontevedra, un corno de rinoceronte e un microscopio que fora mercado en Amsterdam por un xudeo. Este microscopio era un regalo de Feixón.

Frai Martín pasaba as horas, os días, os meses, os anos lendo (dicen que non tiña boa vista, eu non o creo si é certo que podería ler 24 libros en 24 horas) facendo estudos de xenética coas prantas ou ben ollando os átomos polo microscopio. A un monxe do convento que pretendéu compartir a celda con el, Sarmiento afastóuno con esta verbas: "Mejor quiero vivir solo que bien acompañado".

Enterado de que o seu amigo non escribía, ou si escribía non publicaba, e que non saía da celda, o Padre Feixón, dende Oviedo escribíalle unhas cartas cheas de consellos. Facíalle tamén críticas más ou menos abertas:

"Yo me pasmo, me confundo y me aturullo cuando contemplo que Vuestra Paternidad no piensa sino en meterse en su rincón y cerrarse en su celda, hallándose en edad flamante, con buena salud, que podría servir mucho a Dios y al mundo".

Esta carta data do ano 1740 cando Sarmiento tiña 45 anos.

Inda que deixó de publicar, Sarmiento non deixó de escribir. Os seus escritos circulaban por Madrid manuscritos, coma hoxe o "Samizdat" dos rusos, e Sarmiento demostraba tan cativo apracimento pola súa produción literaria que, ás vegadas, quedábase sen unha copia. Si alguén lle pedía o traballo, escribíao de novo, noutro xeito.

<sup>7</sup> É quasi milagroso que un relixioso sen facenda coma o Padre Sarmiento chegase a ter 7.500. Metéu en libros cantos cartos amañara en traballos literarios e artísticos na Catedral de Toledo e no pazo real de Madrid.

¿Por qué facía esto o Padre Sarmiento?

Tense dito que a loita en favor de Feixón desfixo a súa carreira literaria. O discípulo elixiu sacrificarse a maior groria do mestre.

Eu coido que non é verdade. Por grande que fora o seu amor, non se vé porque iba de chegar aos límites heroicos.

Ao principio víuse que Sarmiento teimaba de facer unha carreira semellante á de Feixón.

Outro suposto é o de sinalar a censura, o Tribunal do Santo Oficio, coma vilán. Cando levaba ou recollía os traballos de Feixón, cando o ameazaban por ter dito que os xóvenes ben podían beilar e troulear, cando Feixón tiña que facer concesións á superstición ademitindo que as campás de Velilla ben podían tocar soias, Sarmiento pechábase na súa decisión de non publicar.

Gárdase lembranza daquelo que Sarmiento dixo un día no que estaba más farto que outros:

"Esto de la censura llegó aquí a tan deplorable estado que es más fácil escribir seis tomos que conseguir licencia para imprimir media docena de pliegos. Hace más de un mes que el señor Feixón está padeciendo mil desazones. A mi no me cogerán pues me alisté en la cofradía de los muertos..."

Pra min que nen a censura nen o medo xustifica ou acrara a complexa renuncia do fraude de Pontevedra.

Deberemos anotar que, namentras medraba a sona da súa sabencia, medraba tamén a certidume de que o Padre Sarmiento, amigo e "alter ego" do Padre Feixón era home estrano, asocial. O mesmo Padre Sarmiento abáfase nun triste autorretrato: "Yo soy en boca de todos un hombre ridículo, duro, adusto, terco, hipocondriaco, insufrible, seco, desabrido, incomunicable, melancólico, intratable, indómito, testarudo, huraño, incivil, inurbano, descortés, grosero, inmanejable, voluntarioso..." Calisquera que chegue tan lonxe no auto-abaxamento ou non é sinxelo ou sofre dun complexo de inferioridade.

Eu non creo que o Padre Sarmiento fora enteiramente sinxelo, mais sí creo que sofría dunha neurosis ou complexo de inferioridade que se aparellaba —coma é psicolóxicamente natural— a un segundo complexo de superioridade.

Cando escribíu a seu irmán Xavier pra lle decir que renunciara a ser Abad de Ripoll, Sarmiento confesou:

“Si el diablo fuera capaz de tentarme por vanidad, más vanidad haría en ser Fray Martín Sarmiento, que no de ser Arzobispo de Santiago”.

Se admitimos que Sarmiento sofría dunha neurosis, esta podería ter un orixe conxénito, ser froito desgraciado da herdanza, ou ben ser adequerida.

Coido que temos que abandoar a primeira hipótesis. Que Fray Martín non foi un neno neurótico ou desmiolado próbano as verbas da nai “Adeus Peruchón que nunca me dices que sentir”; logo non parece que nen o pai, o mestre constructor, nen o irmán Xavier —que chegou a comisario da mariña e persoa de influencia en Pontevedra— fosen tolos, e non sei tampouco que se deran tolos pola banda da nai.

Frai Martín non chegou alevado ao convento.

¿Qué lle pasou entón pra de súpeto forzar ou cambiar unha persoalidade de carácter xentil como a súa?

¿Non será que o Padre Sarmiento foi un home de acción condenado polas circunstancias a levar a vida contemplativa propia dun monxe medieval?

A pesares de que Sarmiento ollaba mal aos aristócratas, un dos poucos amigos que tivo era un duque, o duque de Medina-Sidonia. Nunha das cartas de Sarmiento a este duque, no que afiuzaba, Sarmiento (aos 65 anos) fixolle esta confesión:

“Yo no he nacido para vivir en el retiro de cuatro paredes”.

¿Pretendo suxerir que Sarmiento non tivo vocación? Non, eu non chegaría tan lonxe.. Recoñecer —coma se desprende das súas verbas— que non tivo vocación mo-

nástica non quere decir que non tivera outra crase de vocación relixiosa aitiva.

Ao revés que Feixóo, no que latexa lene un vagar de heterodoxia, Sarmiento foi sempre ríxido na ouservancia doutriñal. “Ayer me quisieron traer un escrito de Voltaire —dice por exemplo— y me ratifiqué en lo dicho: esa canalla no entrará en mi celda”.

Nembargantes a súa ortodoxia, Sarmiento áchase fora do sistema, ésta é cecáis a principal razón de que non poida imprentar a crítica. Non somentes está fora do establecemento senón que o país, España, non lle peta e deixa adiviñar o seu desacougo nos mesmos escritos que nunca levou á censura.

Falando do naturalista Francisco Dávila, quen demóis de vivir moitos anos en Paris veu pra España e non ficou, diría Sarmiento: “Parece que... don Pedro Francisco Davila... se volvió a Paris con las manos en la cabeza: yo ya se lo había pronosticado”.

Outra vez, a propósito dos funcionarios, fixo ista ouservación:

“Los estados más florecientes de la antigüedad tenían impuesta pena de muerte a los ociosos... no tengo el genio cruel. Sé que si los ociosos de España incurriesen en pena de muerte se despoblaría toda ella”.

Noutra ocasión escribiulle a Xavier: “Recibí dos cartas tuyas juntas, la del correo pasado y la de éste. Y no extrañes que lo de los correos ande como anda pues si anduviese bien se quejarían las demás cosas”.

Estas mostras espalladas nas cartas e nos manuscritos do seu curioso “samizdat” proban compridamente que Sarmiento non afiuzaba na ademanistración e cecáis non tiña máis comenda pola autoridade nacional da que poda ter un anarquista.

No derradeiro curruncho do seu corazón ¿non sería un tantiño anarquista o noso Padre Sarmiento?

O seu desacordo social aparéllase polo apasionado amor a unha Galicia perfeita e belida.

É certo que tamén o Padre Feixón amara a Galicia, máis non coa fogosidade de Sarmiento.

Xa dende as primeiras polémicas xurde, cal unha fonte leda, o seu agarimo patriótico. Un dos enemigos de Feixón —e penso que fora o cronista Mañer— declarou que os galegos eran unha xente ruín.

Lembrémonos que naquél tempo facíanse versos contra este:

Soberano Señor que permitiste  
que los gallegos te llamaran padre...

“Xente ruda” berraría o Padre Sarmiento, e botóuse a escribir o ensaio que leva o título *Falsedades contra Galicia*:

“En Galicia hay rudos, como los hay en las provincias que quieren jactarse de Discretas. Esotro de querer introducir la voz Gallega por antonomasia de la Rudeza digo, y diré mil veces, que sólo es propio del que es rudo por antonomasia”.

Logo Sarmiento fai un canto á Galicia histórica, as armas de Aníbal foron fabricadas en Galicia como dixo Silio Itálico “Gallaicae Telluris opus”. Junio Bruto, o conqueridor, puxo moito intrés en ser chamado “O Gallaico” pois admiraba a bravura da terra conquistada.

Os Padre Feixón e Sarmiento adicaron á lingua galega fondos estudos; neles rexurde a fermosa e abafada lingüia.

Polas ferventes e sabidas gabanzas e, a pesares de que escribíran en castelán, os frades foron os catalizadores da renascencia. Aqueles vellos mosteiros de antigo ritual quentan a nova renascencia das letras galegas.

Feixón e Sarmiento vólvense contra a espallada crencia de que o galego non e máis que un sub-producto do portugués.

Sucede xustamente ao contrario. Galego e portugués son a mesma lingua e o portugués moderno nasce do galego vello. Este proceso da lingua segunda o proceso

da historia. Arredor do ano 400 os suevos conquieren Galicia e Portugal do norte. Establecen, a traveso de 170 anos, unha monarquía, e foi neste período de domesticidade común, cando da corrupción do latín, nascéu a lingua galega igoal nas dúas provincias, na lucense (a nosa) e a bracarense (a deles).

“De Galicia se comunicó a Portugal y no de Portugal a Galicia —siñala Feixón— en la unión de los dos reinos en el gobierno suevo, Galicia es la región dominante... asiento de la corona... es claro que no pudo tomar el idioma de Portugal porque nunca la provincia dominante la toma de la dominada sino al contrario”.

“Sábese —engade Sarmiento— que la famosa conquista de Portugal ha ido desde Galicia al Mediodía y en tiempo en que ya Galicia estaba con su idioma vulgar, así la lengua portuguesa no es otra cosa que la extensión de la Gallega que después se cargó de voces fósteras, moriscas, africanas, orientales, brasileñas...”

Frai Martín Sarmiento foi o primeiro en descobrir que o rei Alfonso X de Castela fixera romances en lingua galega.

Cando deu conta do seu descubrimento alcontró un xeral escepticismo nos eruditos alleos a Galicia. Eles non admitían que o rei “Sabio” empregara poéticamente un “dialecto ruín”.

Logo o Padre Sarmiento atopou unha carta do Marqués de Santillana. Santillana —que viviu no século XV— declarara nesta carta que no tempo dos seus anteriores o galego fora a lingua xeral da poesía ibérica, e que se lembraba de ter oido na casa da súa aboa Mencía, un libro dos cancioneiros galego-portugueses, antre os xograres que trovaron en galego contábanse douce reises, don Dinis de Portugal e don Alfonso de Castela.

Entolecido polo descubrimento, o Padre Sarmiento comenzou a remexer polos arquivos na percura do libro de cantigas. Non o atopou. Nós hoxe sabemos onde sería alcontrado: na biblioteca do Vaticano. Non sería descoberto por un erudito galego, senón por estraneiros, ale-

máns, italianos, ingleses. É o libro que nos coñecemos coma o *Cancioeiro da Vaticana*.

Cando Sarmiento volvéría a Galicia, pasados trinta anos fora da rexión, os amigos e familiares decatáronse de que inda falaba co acento de Pontevedra. Este acento, estrano en Madrid, servía á súa sona de home rudo. Falando deste asunto dixo o Padre Sarmiento:

“¿Qué delito es, en un hombre, el que por su acento manifieste su patria? El salvajismo consiste en que habiendo en España tantos tonillos diferentes sólo el de los gallegos se censura”.

Frai Martín Sarmiento fixo tres viaxes a Gálicia e, no curso dos mesmos, ficou 28 meses na terra.

En Madrid Sarmiento pasaba anos sen saír da celda, en Galicia botouse a andar polos camiños, cos hábitos arremangados e unha bulsa na man onde metía as cunchas de vieiras, e as pedras, e as frores, e os insectos, e os mineráis pra logo estudalos. Aquello que non podería facer persoalmente encomendábaoo. Nunha carta dirixida a un amigo (o Padre Colmeneiro, prior de Xubia) dícelle:

“Asco me da acordarme de Madrid y de sus conveniencias. Yo no echo de menos mi celda ni mis Libros pues por aquí me divierto contemplando las cosas que Dios ha creado: Peces, Aves, Animales, Plantas, Hierbas, Conchas... A este tenor te he de deber que cuando hables con los rústicos, procures escribir aparte los nombres Gallegos que te dixeran, enseñándole esta, o la otra planta que te ofrezca a la vista. Si la planta es de las conocidas, o con nombre Latino o Castellano, bástame saber el nombre gallego... Pero si la planta es singular y desconocida, toma de ella dos o tres hojas y la flor y inclúyelas en un sobreescrito viejo, a imitación del que te remito ahora, rotulándolo del mismo modo, con el día y mes y lugar y el nombre gallego...”

Na mesma liña pragmática temos moitos ensaios de

Sarmiento que non son senón unha lista de nomes. Os nomes galegos das cousas, das persoas e dos pobos... Estes traballos son da meirande importancia o mesmo dende o ángulo etimolóxico e lingüístico coma dende o naturalista e botánico...

Por aqueles anos fixeron un dos primeiros catastros pra efectos fiscales. ¡Cánta razón teñen os nosos paisanos cando ao Catastro sempre lle dicen “a Catástrofe”! Pola preguiza de informarse (temos que supór que non o fixeron por mala fe) os da primeira “Catástrofe” cambearon ou trabucaron os nomes galegos. Indinado Sarmiento aldraxó aos responsables. Il mesmo (o ano 1759) encarregóuse de facer unha nova lista cos nomes dos pobos galegos.

Nesta lista áchanse 11.303.

En Galicia o Padre Sarmiento enterábase das cousas más estranas. Foi en Pontevedra onde tivo a primeira noticia de que si o gando deixa de comer, lévanlo a un lugar de moita carqueixa e o rumiar da pranta devólvelle o apetite.

A carqueixa é unha fror do campo galego. O nome ven do latín “quercus”.

En chegando a Celanova o Padre Sarmiento entérase de que a carqueixa é moi boa pra os cabalos doentes.

Daquela o Padre Sarmiento, que xa comprira os 50 anos e era home gordo por natureza e pola vida sedentaria que levaba en Madrid, caéuse da mula e fixose moi mal na rabadela. Quedóu o malpocado feito unha lástima e sen poder seguir viaxe pola súa amada Galicia. Frai Martín debéu pensar entón (semper tiña ideas orixináis) “o que é bó pra un cabalo, é bó pra min...” Tivo razón. Mandou cocer unha porción de carqueixa, bebió unhas xícaras e, coa mesma auga da carqueixa, deuse un baño. Quedóu coma novo.

Como non era egoísta e non quería manter segredo o descubrimento sen que se aproveitaran outros que non foran as vacas de Pontevedra e os cabalos de Celanova,

o Padre Sarmiento escribió un longo artigo dando conta de que a carqueixa cocida era a triaca que percisa a nosa humanidade pois “aliviaba la gota y la ciática, extirpaba los bultos y abcesos, curaba los carbunclos y aun quizás el cáncer”, esto cando ún a empregaba nos baños; quen bebía a mesma auga da carqueixa “purificaba la sangre y expelía los malos humores, protegía en las caídas y golpes, restablecía el movimiento total y parcial de los paralíticos, era prodigiosa para los que padecían mal de orina o sufrían de tercianas, se tomaba como purgante o para levantar el ánimo...”

É decir, a carqueixa era unha meiciña e tamén o que nós hoxe chamamos “droga tranquilizante”.

O traballo encol da carqueixa, titulado “Disertación sobre las virtudes maravillosas y uso de la planta llamada *carqueixa*, conocida en Galicia por este nombre y en otras provincias del Reyno por una voz análoga de la misma pronunciación” circuló por Madrid manuscrito e foi o que más éxito tivo de cantos escribira o Padre Sarmiento. A portería do convento de San Martín encéñouse de enfermos que viñan en percusa da triaca. Non daban abasto repartindo carqueixa que mandaba, dende Pontevedra, o irmán Xavier. En pouco tempo vendérónse, ou regaláronse, máis de cen arrobas.

Un dos curados pola acción da carqueixa foi o Padre Rábago, quen era, coma confesor do rei, un dos máis ilustres persoaxes do país. Tiña máis categoría que un ministro. O Padre Rábago entró no convento a pata coxa. Frai Martín déulle unha xícara de carqueixa e o Padre Rábago tirou ledo coas muletas...

Debú ser daquela cando —con seguridade a proposta do mesmo Padre Rábago— o rei lle ofrecéu a Sarmiento a Abadía de Ripoll e comenzaron a chamalo “Salomón Gallego”.

Como denantes a Feixón, facíanlle a Sarmiento duicias de “consultas”. Por veces atendíaas. Ansí a un mozo que lle fixera esta pregunta: “Padre Sarmiento ¿de-

bo casarme?”, respondéulle polo ensaio titulado “Ir a la guerra, navegar y casar no se puede aconsejar”.

Unha grande parte das ideas socio-políticas de Sarmiento están espostas na chamada *Obra de los 660 pliegos* na que tivo que afrontar o problema agrario.

Foi encetada polo ano 1762. Donos das grandes propiedades agrícolas os frades —polo xeral— non as traballaban directamente, senón que —ás veces— tíñanlas arrendadas. Tamén —ás veces— criábase un novo absentismo nos arrendatarios, señores que non as traballaban senón que as subarrendaban a labregos.

Os arrendados amañábanse pola vida de tres reises, duraban tanto coma os mesmos reises.

Nos tempos de Sarmiento morrera o terceiro dos reises que daba validez ao contrato, as Ordes monásticas preparábanse pra recoller as terras ceibes.

Era de certo un bó asunto pra os monxes e malo pra os arrendatarios que as tiñan arrendadas moi baxas. É de supór que si os perxudicados foran labregos houberan tido que achar consolo nas piedosas verbas “Ya Dios proveerá, hermano”, mais xa dixen que entre eles abundaba o señorío.

Os señores arrendatarios pedíronlle un dictamen aos abogados da Cruña, e os abogados fixeron un escrito contrario aos intereses agrarios da Orden de San Benito.

Espantados por ter aos abogados en contra (non é bó ter en contra aos abogados, é unha xente lista de máis) os benedictinos encarregaron da defensa ao “Salomón Gallego”.

O probe do Padre Sarmiento véuse envolto nun pleito incomenente. Incomenente, pois en materia agrícola é de supor que tería unhas ideas semellantes ás do seu mestre Feixón: ningún debía ter máis terras que aquelas que, ben soio ou ben coa axuda dos criados, poidera cultivar directamente. Os latifundios arruinaron a Roma.

Tales principios camiñaban ás avesas da fidelidade

monacal e a fidelidade dictóu a resposta. Sarmiento encarregouse da defensa agrícola dos benedictinos na *Obra de los 660 pliegos*.

Dos males de España —ven decir o Padre Sarmiento— é inxusto botarlle a culpa ás Ordes relixiosas, nen ao feito de que as Ordes foran as donas das propiedades agrícolas. Inda que os monxes non tiveran terras, non por iso estarían millor traballadas.

Os españoles —ista é a nosa disgracia— non teñen un espírito industrioso, abonda no país unha “corma” de funcionarios, xente que non sirve pra as labouras agrícolas, nin pra o fomento da industria, nin pra calquer outra aitividade do ben común.

Sarmiento non coñece senón unha triaca pra redimir ao pobo español: unha nova ensinanza. As ideas do Padre Sarmiento en materia do ensino son semellantes —ansí o penso— ás doutro grande reformador nacional: Francisco Giner de los Ríos.

Propón Sarmiento reformas na estroitura do agro: aqueles que deixen valdeiras as terras de laboura perderían ao cabo de tres anos de leixamento a propiedade das mesmas, todos os golfantes do reino deberían estar pechados nunhas colonias de traballo, especie de “koljoses”; crama tamén o Padre Sarmiento pola abolición dos *mayorazgos*, dos *monopolios* e das *alcabalas*...

(Advírtese que as teorías de Sarmiento en canto se refire ao comercio responden á tradicional política económica dos cataláns: libre cambista pra o interior, protecciónista pra o exterior).

Sarmiento é un dos primeiros españoles que se volve contra da pena capital. En materia penal o seu espírito humanitario fórzalle a adiantarse ás teorías da época. Feixóo non chegou até pedir a abolición da pena de morte, non a pediría tampouco, un século máis tarde, Concepción Arenal.

Ansi, empregando verbas que poderían ser nosas, fala o Padre Sarmiento: “Por malvado que sea un hom-

bre, será más útil vivo que muerto a la sociedad si se le separa de ella a un sitio donde se le haga trabajar. Eso de que un castigo de muerte sirve para escarmentar a otros, está bien pensado pero no corresponde a la práctica.

Cecáis porque escribía aquello que lle petaba, sin medo á censura e sen facer concesións ás modas literarias<sup>8</sup> o Padre Sarmiento escribía doadamente. Emporiso tivo certos atrancos na redacción da *Obra de los 660 pliegos* e morréu sen deixala acabada. Pode que non o deixaran escribir os seus paisanos que, dende que se fixo tan popular por mor da carqueixa e dende que era coñecido coma “el Salomón Gallego” amolábanlo coa teima das “recomendaciones”.

Non era o Padre Sarmiento tan duro coma siñala no seu autorretrato, cando hoxe pedía por Xan e mañán por Pedro. Ás veces fala enoxado das pretensiós galegas: “Unos quieren una *Abadía*, otros piden una *Embaizada*, acaso se contentarán con una *Portería*...”

Ollando pra aqueles “señoritos” que, por un “enchufe” na capital, deixaban terras e pazos en Pontevedra, Frai Martín fixo unha esculca aceda: “Creo que la *Boa Vila* se ha de transplantar a Madrid para refinarse en la ociosidad”.

Entolecidos na percura dun “puesto” ministerial, moitos daqueles galegos falaban sempre dos seus blasóns. Entón Sarmiento decíalles cos ollos cheos de maldicia:

<sup>8</sup> Bramaban contra Sarmiento pola abundancia das “disgresiones” e Sarmiento tiña a doada resposta: “Haré todas las que me vinieran a la pluma... ¿qué le importa al lector que yo haga disgresiones? Dixerón tamén que era erudito de más, e Sarmiento botouse a rir: “Al que le fastidiara este género de erudición etimológica poco le costará hacer caso de que no lo escribo para él”. Falando encol do corno de rinoceronte que tiña na celda, Sarmiento pasou do tema do unicornio ao tema do seu estilo literario e tivo a ben espraiarse: “Lo principal por qué escribo tan difuso es porque sólo de este modo me instruyo *ab origine y ab fundamentis* de todo el asunto circunstanciado. Yo no escribo para imprimir ni para contemplar gustos a la moda. Cada cual escribe lo qué, cuándo y cómo quiera que yo no estoy privado de hacer lo mismo”.

“¿Sois vos el de los treinta y tres abuelos? sentáos a la paz del rey...”

Nembargante as bulras, o contraste antre unha Galicia lonxana e belida (a que vivía no seu corazón) e unha Galicia abafada e mendicante facialle sofrir.

Daquelas sementes que Sarmiento enviaba a Pontevedra, moitas perdíanse polo descoido. “Esa desidia —láisiase Sarmiento nunha das cartas a seu irmán— me hace aborrecer el ser nacional, así que no me vendas lástimas de nuestros paisanos: que se ahorquen todos y que paguen su innata aversión a todo lo bueno”.

A emigración é outro dos problemas que o firen. Cando Sarmiento fala dos segadores galegos que van e volven de Castela, mesmo parece que está falando Rosalía.

Un día o duque de Sotomayor contóulle que 45.000 galegos compriran coa Pascua en Lisboa, Sarmiento respondéulle de mal talante:

“Si salen mal... si vuelven peor”.

A frase enténdese neste senso: estes mozos galegos soltos na gran urbe estranxeira perderán a sinxeleza dos costumes e, por disgracia, non adeprenderán cousa boa, é millor que fiquen alá, que non volvan á terra.

Sempre en loita coa serpe da emigración, o Padre Sarmiento tremou de caraxe cando, no ano 1760, o seu irmán Xavier contóulle nunha carta como loitara con unha ducia de mouros. Estes mouros andaban por terras de Pontevedra reclutando mozos pra levalos a traballar a Argel.

“Si se quiere hacer feliz a Galicia —dixo o Padre Sarmiento— hay millones de medios fáciles, justos, útiles y en favor de todos como llevo propuesto, y no se piensa en ninguno, y los que se piensan en todo van al contrario fin salvo que cuatro canallas más se hagan marqueses, duques, insolentes y señores *do diñeiro*.

Espotricando na celda do convento madrileño de San Martín, o Padre Sarmiento, nos derradeiros anos daúa

vida, perdéu o hábito de andar. Morreu o 7 nadal do 1772, oito anos dempós de que morrera en Oviedo o seu mestre Feixón.

Frai Martín tiña 77 anos cando finou. Enterrárono no convento e logo, cando éste foi abatido, esvaíronse as cinzas.

A pouco de morrer Sarmiento, cando inda alumeara en Madrid o recordo do seu raro talento, falaron de publicar a laboura inédita. Non se chegou a imprentar máis que un libro, as *Memorias para la Historia de la Poesía y Poetas Españoles*, onde Frai Martín dá conta de que o rei de Castela escribira en galego.

Foi sorte pra Galicia de que a laboura inédita de Sarmiento non se perdera ao mesmo tempo que as cinzas. Salvouse non pola devoción dos galegos contemporáns do Padre, senón pola teima de dous amigos, o duque de Medina-Sidonia e o naturalista Francisco Dávila.

É certo que se perderon (cecás inda poidan aparcer) algúns dos papeles máis importantes pra o estudo de Sarmiento, antre eles as cartas de Feixón, mais consérvese a parte principal da súa laboura onde xa brilla a luz da renascencia literaria galega<sup>9</sup>.

Si é verdade que Galicia estase encontrando a sí mesma, é lóxico que encontre tamén a lembranza dos precursores. No mes de nadal do derradeiro ano 1972 comprí-

<sup>9</sup> “Foi o primeiro dun tempo novo: a súa obra é o tallamar que, arreda dúas historias. Tivo conciencia do que denantes ninguén ante nós a tivera. O grande Lemos ou Gondomar, defenderon a Galicia; Feixón, honrábaa; Sarmiento foi o seu “entendedor”, dando a esta verba o seu valor bisémico, de enamorado á maneira medieval e de comprendedor i escudador das nosas realidades. Entendeu a Galicia, amorosamente, albiscou o seu porvir e matinou a súa reforma”, Xosé Filgueira Valverde, *No centenario. O P. Sarmiento e a fala galega*, en *Grial*, 38, 1972.

ronse os douscentos anos da morte do Padre Sarmiento. As verbas dos eruditos aviventaron en Galicia o recordo dunha persoalidade orixinal, ceibe e fondamente galega<sup>10</sup>.

## VALENTÍN LAMAS CARVAJAL

<sup>10</sup> Pra un maior coñecimento da vida e laboura de Frai Martín Sarmiento Catar: López Peláez, Antolín: *El Gran Gallego, Fr. Martín Sarmiento*, La Coruña, 1895; López Peláez, Antolín: *Los escritos de Sarmiento y el siglo de Feijóo*, La Coruña 1902, Gesta y Leceta, Marcelino: *Indice de una colección manuscrita de obras del Rmo. Padre Martín Sarmiento seguido de varias noticias biblio-biográficas del mismo*. Boletín Histórico, Madrid, 1886. Opúsculos Médicos Gallegos del Siglo XVIII, Araujo y Salgado, el P. Feijóo, el P. Sarmiento, Gómez de Bedoya y don Ddo. Orea, prólogo del Dr. J. Rof Carballo, Estudio preliminar por el Dr. Ramón Baltar Domínguez, Santiago de Compostela, 1961. Arresto, Victoria, *Dos gallegos, Feijóo y Sarmiento*. Polo que se refire a lingüística vénzanse os fondos e intresantes estudios do profesor José Luis Pensado, *Fray Martín Sarmiento, sus ideas lingüísticas e a tesina de María Angeles Filgueira Iglesias, Lengua Materna y Educación en Fray Martín Sarmiento; Tres hombres y un problema*, de María Angeles Galino; *El Plan de Estudios Gallegos ideado por el P. Sarmiento i El P. Sarmiento precursor de los Estudios Locales*, de Xosé Filgueira Valverde.

Nun dos artigos de conmemoración escribiú Gonzalo Fabra Barreiro: "La mayor parte de la obra del P. Sarmiento permanece aún inédita. En 1950 el Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos anunció la publicación sucesiva de sus inéditos; hasta la fecha se han editado algunas cartas y su *Viaje a Galicia*. Por su parte, la Universidad de Salamanca y bajo la dirección del profesor Pensado, ha comenzado en 1970 la publicación sistemática de sus escritos sobre lingüística... Los manuscritos de Sarmiento, 3.000 pliegos de papel marquilla, alrededor de 48.000 páginas, darian para más de 100 volúmenes en letra de molde. (En "Informaciones", 21-XII-1972).

Foi ben grande o interés que tivemos neste ano de 1972 en Galicia polo poeta Valentín Lamas Carvajal. O feito de que lle fose dedicada a festa das Letras Galegas presta novo lume a unha persoalidade esquecida.

Eu fun das abaladas. En verdade fora do *Catecismo do Labrego*, da leitura do "Tío Marcos da Portela" e do recunqueo de certas e máis coñecidas composicións, como aquela de "Fálame nesa fala melosíña...", non sabía ren do Lamas Carvajal.

Os nosos irmáns de Bós Aires pedíronme que lles fiera algúin traballo encol do poeta e tamén recibín o mesmo encárregu pola banda do Centro Mercantil e Industrial de Fene. Os de Fene pedíanme unha "conferencia".

Eu xa estaba "a priori" disposta a pecharme e decir que "non", pois esto das "conferencias" pésame más que o neno Xesús lle pesaba a San Cristóbal. Unha conferencia dá moito traballo, hai que pensala, hai que ter o valor de decila e logo —enrabuxada na precura das verbas— ún non escribe tanto como debera e a vida é unha cousa lene... váise, váise das mans...

Mais unha cousa é pensar "diréi non" e outra decilo. ¿E quén lle dice *non* ás xentes desta comarca ferrolana tan perto do noso corazón? Ao fin déuse a conferencia en Fene, nun día grorioso da liturxia cristiá, no Pentecostés "Antre os asistentes contábanse os fillos doutro gran poeta galego, de Noriega Varela, chegados dende Viveiro.

Non son moitos os traballos biográficos e críticos adicados a Valentín Lamas Carvajal. O poeta cego, o "Homer da Galicia", tivo a mala sorte de vivir nunha época en que a nosa terra estaba enchida polos grandes bardos, e a labarada de Rosalía e máis a de Curros Enríquez non deixaba ver outras lúas, outras fontes.

Xa se ten dito que os grandes poetas da Galicia parecen santos, o seu arte adequire un sentimento carismático e místico. Hai neles unha faciana mesiánica que o pobo adiviña. Inda hoxe as labregas de Santiago pregan no sarxego de Rosalía Castro e chámannelle "a santiña". O poeta cego, Valentín Lamas Carvajal podería, e cecás debería adequirir tamén o trasfondo metafísico. Esta houbera sido a súa fada de non ser, a máis de poeta, periodista.

O periodista, inda que seña un santo poeta cego, é sempre home que se queima nun inferno medieval. Si se pensa, é unha parvada ser periodista ¿e cómo gañarse a vida doutro xeito?

¡Feliz a sorte do bardo Pondal que tiña a súa casona, as terras, os albres, a "aurea mediocritas" dos románs!

Cando ún afura na persoalidade do poeta, sinte a forza daquil home que perdendo a visión non perdéu nin o engado vital nin o espírito de loita.

Valentín Lamas Carvajal nascéu en Ourense o día primeiro do mes de Santos do ano 1849.

Entón Ourense era unha vila moi cativa. Fernández Gallego dí que non tiña senón 800 veciños<sup>1</sup>.

Bautizado na Eirexa da Trinidade, o poeta víu ao mundo na casa número 27 da vella rúa de San Cosme.

Daquela o Auntamento de Ourense caéu na conta de que os antigos nomes galegos das rúas non eran patrióticos dabondo, e déu na teima de pórllas outros máis "axeitados".

<sup>1</sup> Fernández Gallego, José, *Valentín Lamas Carvajal, estudio biobiográfico*, premiado en el certamen que se celebró en Ourense con motivo del centenario de aquel poeta. La Coruña, 1950.

A rúa da Obra bautizárona "calle de Lepanto"; *A Laiña* pasou a ser "Viriato"; a rúa *Oscura* foi chamada "calle de Pizarro"; *O Pelourinho*, "Colón"; *A Fontaiña*, "Cervantes"; á rúa de *San Cosme* tocóulle o nome de "Calle de Hernán Cortés".

—Os ourensáns, sen lembrarse das devanceiras grierias ibéricas, seguían decindo "O Pelourinho", "A Fontaiña", "San Cosme", etc.

Tamén a rúa da Alba, onde máis tarde Valentín Lamas Carvajal tivo a residencia e a redacción dos periódicos, cambiou o seu vello nome, nado da posición respecto ao ceo, ao ritmo dos tempos. Foi primeiro "calle de don Luís Espada Gundín", logo, "Calle del General Aranda", e, actualmente, "calle del Cardenal Quiroga Palacios". ¿Seguirá tendo o mesmo nome no futuro? Unha cousa é segura, pra os ourensáns será sempre a "rúa da Alba".

Descóbreste na familia, e no mesmo Valentín, unha certa arrouta sentimental e sexual, pois a nai casouse aos 14 anos, e o noso poeta namorase da súa vindeira dona cando tiña 8 ou 9.

A nai fora unha rapaza de Lugo chamada María Manuela Carvajal ou Carvajales (das dúas maneiras escribiuse o nome, até os 21 anos Valentín sempre decía *Carvajales*) que casou en Ourense, que tivo ao fillo maior aos 15, o fillo segundo, Silverio, aos 16, e quedou viuda —e probe cal rato de eirexa— aos 17.

Do pai de Valentín non coñecemos senón o nome, Xosé Francisco Lamas, sabemos que nascéu en Ourense, que nesta cidade casou coa María Manuela, fixolle os fillos e morréu...<sup>2</sup>

Da mantenza e da educación dos nenos orfos encargouse un irmán de María Manuela do que din que foi pintor. Eu suponzo que sería tamén outra cousa, pois soi cos pinceles non sería doado mantelos i enmáis pagarles o "bachillerato" e a carreira na Universidade.

<sup>2</sup> No ano 1848, José Francisco Lamas e María Manuela Carvajales casáronse na mesma eirexa da Santísima Trinidad onde, o día 3 de nov. do 1849, foi bautizado o seu fillo Valentín.

Sabemos que a primeira escola de Valentín Lamas Carvajal foi aquela rexentada polo mestre Antonio Agregán na *rúa da Obra*.

Esta rúa era —xa o dixen— unha das rebautizadas, e tocóulle o grorioso nome de “Lepanto”.

Nesta escola, e tendo entre 8 e 9 anos, Valentín Lamas Carvajal coñecéu unha nenña xentil e leda chamada Amalia Rosina Sánchez Gómez.

Esta rapaciña sería a muller pra toda a vida, a espoza, a nai dos fillos, o amanuense, segredario, ama de casa, amiga, sería todo pra Valentín Lamas Carvajal. Louvada sexa a súa memoria.

Cando ao pai da Rosina, médico de profesión, destíñrono a Segovia, Valentín, alonxado da adourada rapaza, sofríu a primeira mágoa da vida. Por aquel mesmo tempo morréu o seu compañeiro de crase e amigo moi querido, Laureano Urbis. Esta morte supón o encontro coa traxedia esistencial.

Nos primeiros versos, escritos en língua castelá, Valentín, xa cumplidos os 20 anos, lémbrase daquela fermosa nena da rúa de San Cosme, e dí:

Es la niña que yo adoro  
con la pasión más volcánica<sup>3</sup>

Lémbrase igoalmente do amigo morto.

Cóntase tamén que aos 6 anos víu unha escea nas rúas de Ourense que inda non esquecera de mozo. Un home bêbedo e brutal aldraxaba e batía nunha muller, a súa dona. Aquela faciana de “Mater Dolorosa”, aquela brutalinxusticia, aquela morte, aquel amor... O neno Valentín sentiría igoalmente a orfandade e cecáis a probeza do lar.

A rúa de San Cosme, ou de Hernán Cortés, onde Valentín, a nai e o irmán Silverio, vivían, tiña algunha que outra casa boa, con blasóns, mais en xeral nelas moraban pequenos artesáns, carpinteiros, xastres, canteiros...

<sup>3</sup> Os primeiros libros publicados por Valentín Lamas Carvajal foron: *Flores de Ayer* e *El Cancionero del Miño*, no ano 1870.

Cos fillos dos canteiros, dos xastres e dos zapateiros xogaba o pequeno Valentín. Deles adeprendéu a falar o galego sinxelo do pobo.

Escolar do Instituto de Ourense, Valentín adicase ao estudo. Nas crases de aritmética e de catecismo chegou a figurar no “cuadro de honor”. Un esforzo traballoso, si se pensa que xa daquela adoece do mal dos ollos polo que logo sería declarado “inútil” pra o servicio militar.

Antre os mestres que tivo Lamas Carvajal no Instituto lembráreime do humanista, don Xosé García Mosquera<sup>4</sup>, profesor de retórica, e de don Antonio Saco y Arce —o autor da primeira gramática galega—, profesor de latín e grego.

Antre os seus compañeiros cóntanse, Arturo Vázquez Núñez, arqueólogo, poeta e periodista, e Xosé Dato Muruais. Alberto García Ferreiro encetaba o bachillerato no derradeiro curso de Valentín. Logo Valentín Lamas Carvajal determinaría facerse médico e —sempr coa axuda da pensión que lle pasaba o seu tío Pedro Carvajal —vai pra Santiago de Compostela. Foi estudiante no vello Colexio de Fonseca, a casa inda encheita pola memoria saudosa do gran bispo humanista, don Alonso, o terceiro dos Fonseca.

Non sabemos cantos foron os cursos aprobados (Fernández Gallego di que foron catro), o que sí se sabe é que Lamas Carvajal saliu de Santiago sen outer a licenciatura en Meiciña.

Cóntase que decidiu abandoar a ciruxía aquela serán cando, nas prácticas de vivisección, o seu bisturí embica nun corazón de muller do que saliu unha bágoa...<sup>5</sup>

Temos que supór —deixándonos de leendas románticas— que Valentín Lamas Carvajal non chegou a licen-

<sup>4</sup> Don José García Mosquera vivía na rúa de San Cosme, tamén vivía na dita rúa Filomena Dato Muruáis.

<sup>5</sup> Eugenio López-Aydiollo y José Palacios, *Valentín Lamas Carvajal, estudio biográfico y crítico con una selección de sus mejores obras*, Madrid, 1925, pág. 13.

ciarse, primeiro polo triste feito de que estaba quedándose cego, e segundo porque, por enriba da meiciña, a súa primeira teima era campar como o novo Zorrilla, o Zorrilla da Galicia. No mesmo Santiago escribe *La monja de San Payo*.

Eu acabo de lér *La monja de San Payo*, o argumento é o seguinte: a anxelical rapaza Aurea María vive co seu vello pai nun pazo perto de Santiago; a nai de Aurea María tíñalle feito unha falcatruada ao pai e por iso o vello decidió meter a filla no Convento de San Paio. Aurea María, neféito, convírtese en *Sor María de las Angustias*, un nome ben apropiado, pois a rapaza non sómente non quere ser monxa senón que está namorada dun pelegrín esgrevio. Lamas Carvajal describe o convento:

Monumento gigante alza sus muros,  
en la ilustre y antigua Compostela,  
el convento de monjas de San Payo  
enorme y colosal masa de piedra...

A malfadada sor María de las Angustias consinte en fuxir co seu amante, descende da celda por unha corda, rómpese a corda e a monxa, ante o arrepío do namorado, morre no chan.

Cecáis o romanticismo *demodée* podianos arrincar un sorriso, de non saber que esta leenda nascéu dunha historia verdadeira. Unha triste monxa, fuxindo do convento-forteza morréu da dita maneira.

*La monja de San Payo* (gabada pola condesa de Pardo Bazán) levaba a seguinte adicatoria: "A mi querido tío don Pedro de Carvajal... a usted mi querido tío, es a quien dedico esta leyenda... la escribo a los 20 años sin otra inspiración que la de una inteligencia poco cultivada y la de un corazón que siente y no puede expresarse".

Polo feito de sinalar a súa xuventude e pouca sabencia, Valentín Lamas Carvajal sinala que non puña moi-

ta seguridade nunha obra que nin era orixinal<sup>6</sup> nin dela xurdía craro o seu talento poético.

Nembargante, o éxito obtido pola primeira leenda fórzalle a escribir unha segunda, *Las dos Perpetuas*<sup>7</sup>, tamén en verso castelán, adicada ao seu médico don Antonio Romasante Guedes.

Aquil probe rapaz poeta, na percura de leendas galegas, vivía na más penosa das angurias, no medo á cegueira total.

No seu arrepío, ameazado de caer na noite eterna, pudo engarrar unha luz ceibe, a que lle ofrecía a xentil Amalia Rosina, xa de volta de Segovia.

Antre os dous namorados non sumaban 45 anos cadauno (sin ter cartos nen posición) decidiron cinguir pra sempre os seus destiños na eirexa ourensá de Santa Eufemia do Norte.

Casáronse, e daquel fervente e sinxelo amor veu unha xenerosa descendencia, ano tras ano, coa regularidade das berzas, chegaban os fillos, un, dous, tres, catro, cinco, seis, sete, oito, nove... As boas xentes de Fene ríronse moito cando eu lles dixen que hoxe, o noso poeta Valentín Lamas Carvajal e más a dona Rosina poderían aspirar senón ao Premio Nacional de Natalidade polo menos a un dos premios provinciais, e baixo a protección que o noso estado acorda ás familias numerosas, premiós, subsidios, rebaixas nos colexios e no ferrocarril, inda que mal, apañariase. Daquela o que tiña tantos fillos estaba na obriga de mantelos pola súa conta.

Do "birth control" encarregábase, cruel, a mesma natureza. Así que dos fillos que tiveron Valentín e Rosina

<sup>6</sup> Xoan Manuel Pintos foi o primeiro en cantar a leenda da monxa de San Payo na foliada segunda de *A gaita gallega* (1853). Pünsase que o suceso real tivo lugar no ano 1833. No ano 1972, Amparo López Lamas, bisneta de Lamas Carvajal confesa que non chegou a ler a obra do seu devanceiro porque *La Monja de San Payo* recordáballe a Zorrilla e tamén "os aborrecedos versos" de Pemán. Ver "Da fala de Lamas ao castrapo da súa bisneta" por Amparo López Lamas, en "La Voz de Galicia", 1 de xunio de 1972.

<sup>7</sup> *La monja de San Payo* impréntase en 1871, *Las dos perpetuas*, en 1873.

non medraron senón seis, os demás morreron nenos. Nembargantes, pra a mantenza da familia a Valentín non lle quedou outra saída que non fora vender a alma ao demo: fixose periodista o probe, o coitado...<sup>8</sup>

Aos 24 anos Valentín Lamas Carvajal quedou cego<sup>9</sup>.

Pensade ben no que isto siñifica: non ver máis nin o ceo, nin a natureza da Galicia amada, aquela terra por el cantada no primeiro dos seus libros, desexando chegar até:

Verter mi sangre solo por Galicia  
por mi patria adorada  
tan noble y bella como desgraciada...

Non ver máis nin os ríos, nin os albres, nin as fermosas rapazas, nin as froles amarelas da primaveira... non ver á súa amada Rosina, non ver ao seu fillo querido, ao pequeno Oliverio...

Outro home que non tivera o rexo temple moral de Lamas Carvajal arrumbárase, pero lonxe de esvaírese foi entón cando o noso poeta escribe o más hermoso dos seus libros: *Espiñas, Follas e Frores*, e na introducción campa o seu sentimento cristián:

"Aunque probe e sin luz, Dios m'alumea".

Este primeiro libro de versos galegos surde por entregas. O ano 1874 saliu a primeira parte, por el chamada: "o ramíño primeiro", ao ano seguinte saliu "o ramíño segundo", aquel onde o poeta dóese:

¡Cánto tardas, cobizada  
rexeneración gallega!

En *Espiñas, Follas e Frores* campa subrimado o seu amor a Galicia, a dozura da paisaxe ceibe que o poeta cego, o novo Homero, xa non pode ollar. Refléxase tamén a dórra da patria asoballada, a desgracia infinda dunha emigración coa que fuxo a alma galega.

<sup>8</sup> O seu traballo periodístico encétase xa de estudiante en Santiago onde foi director da publicación "La Aurora de Galicia".

<sup>9</sup> Polo dictamen médico do doutor Antonio Romasante Guedes sabemos que sofría dunha oftalmia granulosa nos dous ollos con queratitis panniforme.

A traxedia de caráiter coleitivo cínguese a traxedia persoal do poeta:

Todo esperta, todo vibra  
todo é vida e craridá;  
solo eu coitado non vexo  
tanta groria e maxestá.  
¡Ay, quén na rexión do espirito  
poidera vivir en paz!  
¡Ay, quén tivera, alas, alas...  
moitas alas pra voar...!  
Alá van as miñas ansias  
meu pensamento alá vai,  
onde os probiños galegos  
de fatiga morrerán...  
Deixan neste chan frorido  
a súa noiva, a súa nai;  
que os arrulóu cando nenos,  
con tola felicidá;  
Deixan a terra que garda  
as cinsas dos mortos pais.  
¿E pra qué? Pra comer lonxe  
mollado en vágoas o pan...

Despós das primeiras coitas, Valentín Lamas Carvajal prega polo fin da emigración e a volta dos que emigraron:

Meus paisanos, meus gallegos  
volvede axiña pr'a acá...  
pensade ben que os craveles  
viven solo n-o rosal,  
as ovelliñas no monte,  
as sardiñas no mar  
os peixes no craro río,  
as ledas frores no val...  
Os galegos en Galicia  
lonxe morren de pesar  
pensade que poucos veñen  
polos moitos que se van...

¡Ay Bós Aires, unha cova  
pra a nosa mocedá!  
Quixerá que m'escoitasen  
estou canso d'agardar,  
quixerá traspolos montes  
voando na inmensidá.  
Quixerá traspolos ríos,  
quixerá traspolos mar,  
e chegar hasta Bós Aires  
onde os gallegos están.  
Falaríles de moitas cousas,  
faceríles volver pra acá,  
mais ¡ay de min coitadiño  
que nada pudo lograr!  
Probe e sin luz ¿que ei fazer  
sinón sofrir e chorar?

No "ramiño primeiro" do libro *Espiñas, follas e frores* síntese ben o amor que lle tiña Valentín ao seu fillo Oliverio:

Ven miña xoya, ven meu pequeno  
dolce consolo d'o mal que peno...  
cando ti crezas, meu pequenijo,  
faréiche un traxe de galeguinho,  
verás que gloria, verás que ben,  
terás pra gala d'os días de feira,  
calzós de rizo, terás monteira  
y un pao de moca terás tamén...

Os dous iremos n'un cabaliño  
a vel-a festa do Carballiño,  
y-a Celanova n'a do Cristal,  
a Ribadavia pol-a vendima;  
quen ben se quere, mellor s'estima  
non viviremos pra troulear.

Sei que non pudo chegar a vello  
y-antes que morra d-o curazón  
respeta os vellos, tem-a xusticia  
sé bó cos probes y-adora a Dios.

Oliverio non iba medrar, non estaba chamado pra locir xeitoso o traxe de galeguinho coas calzas de rizo, a monteira e a moca na man. Morreu neno o probiño do Oliverio. Logo, no seguinte parto da Rosina, nascéu outro meniño e Valentín Lamas Carvajal —quen polas razóns que fosen gostaba do estrano nome— quixo que tamén se chamara Oliverio.

O nome non lles prestou sorte. Morreu axiña o segundo Oliverio. Inda cando, pasados catro anos, pubrica as *Saudades Galegas*, Valentín Lamas Carvajal lémbra-se da morte dos fillos no poema titulado "Anxeliños ao Ceo".

Cando saíron o "ramiño primeiro" e máis o "ramiño segundo" Valentín Lamas Carvajal que non tiña máis de 24 ou 25 anos, gardaba moitas espranzas de carácter persoal e coleitivo. A comenda na cencia médica facíalles crer que non quedaría cego pra sempre. Pouco a pouco foi perdendo as ilusións, e o tíduo do seguinte libro *Desde la reja, cantos de un loco móstranos* que o poeta sentiuase perto da tolemaia.

Este libro foi adicado á súa muller Rosina: "Me encuentro a los 27 años de edad con un alma enferma y sin ilusiones y sin una esperanza que pueda infundirme aliento para conquistar un brillante porvenir... a ti que eres la cariñosa compañera de mis infortunios, a ti, que has unido tu suerte a la mía te dedico mis versos"... Logo o poeta esprícanos porque lle deu ao libro un tíduo louco: "locura y no pequeña es publicar una colección de versos en el presente siglo, cuando las concepciones de peregrinos ingenios son duramente maltratadas por la crítica y acogidas con indiferencia por el público... son los cantos de un loco desde su celda que la multitud desdenosa... no se digna escuchar".

Os outros libros que publicara Valentín Lamas Carvajal, tanto os catro de poemas casteláns como *Espiñas, follas e frores* e as *Dez cartas ós gallegos* tiveron moi boa crítica, mais o derradeiro, os cantos do tolo dende a pri-

sión atoparon o máis rexo dos censores: a don Manuel Murguía.

No número 3 da "Ilustración de Galicia y Asturias" o patriarca das Letras Galegas ocúpase do libro de Lamas Carvajal que era bilingüe, pois parte dos poemas estaban en castelán e parte —os derradeiros— en galego:

"No merece ni siquiera los honores de la crítica —escribe Murguía— los versos gallegos... son verdaderamente lastimosos y qué diremos de los castellanos... no son mejores".

Lamas Carvajal e Murguía, despóis da publicación desta crítica, rifaron xa pra toda a vida.

Parécenos hoxe que don Manuel Murguía, home fundamentalmente xeneroso, se amostrase inxusto co poeta ourensán. No libro *Cantos de un loco...* non somente latexa a desesperanza do poeta xoven e cego, latexa tamén o amor patriótico e a coita da emigración. Xa na apertura sinala:

¡Qué negro y triste cuadro!... Un buque en la bahía sus velas desplegando, dispónese a marchar, en el van los que dejan su patria, que es la mía..."

E, seguindo a pauta dos outros libros, Lamas Carvajal prega pola volta dos emigrantes.

Tamén hai unha certa fermosura e sinalado patetismo na oda tiduada: "¡Atrás a la guerra civil!" :

¿Por qué tantas venganzas  
si todos son cristianos,  
si todos son hermanos  
nacidos en un suelo,  
criados bajo un sol?

O ano 1880 é o *anus mirabili* da historia da literatura galega. En 1880 impréntase: *Follas Novas* de Rosalía de Castro, *Aires da miña terra* de Curros Enríquez, *Maxina ou a filla espírea* de Marcial Valladares (a primeira novela en galego) e *Saudades Gallegas* de Valentín Lamas Carvajal.

Malfadada, malferida polo inxusto trato, a lingua galega, nas verbas dos novos poetas, xurde tan xentil como a Cincenta pra o baile co príncipe. É ben estrano que a primeira renascencia literaria galega encétase denantes de que foran cofiecidás en Galicia as cantigas dos xograres medieváis, os cancioneiros galego-portugueses —descubertos nos arquivos do Vaticano, estudiados e publicados no estranxeiro polos eruditos alemáns, italianos e ingleses.

Falando dos precursores, e referíndose a Rosalía, Curros e Pondal, Murguía sinala que o pobo galego encarrégouse da mantenza da tradición poética:

"Seis siglos de distancia separan a estos tres inspirados, de los de nuestros Cancioneiros, pero... es posible negar que vinieron a unir con eslabones de oro la rota cadena de nuestra tradición poética. Y no es, ciertamente, que haya estado interrumpida, como se cree, porque faltén los nombres y se hubieran perdido las producciones. El genio popular llenó abundante el vacío... A nuestro pueblo no le conocemos, ni en su pasado ni en la actualidad. Es una fuerza que se pierde en la soledad en que vive..."<sup>10</sup>

Así foi que no grorioso ano 1880, Valentín Lamas Carvajal xurde como un dos novos poetas que, sen saberlo, viñan recompór a cadea de tradición poética dos xograres galego-portugueses.

De Rosalía de Castro dícese que recolléu a tradición lírica popular cando era unha neniña labrega en Ortoño. Tamén Valentín Lamas Carvajal recolléu a heranza popular, primeiro xogando cos nenos artesáns nas rúas rebautizadas polo Auntamento do vello Ourense, e logo no seu virar como estudiante. A vida do campo a Valentín metéuselle moito polos ollos, antes de se

<sup>10</sup> "Boletín de la Real Academia Gallega", año 11, núms. 16 y 17, discursos leídos en la solemne recepción de Académico de Número del señor don José Parga Sanjurjo: *El renacimiento de la literatura regional*; contestación por don Manuel Murguía, La Coruña 20, novembro, 1907.

"Non me farto de falar delas ¡meigas das mozas galegas!... Si as de Muros e Neda teñen nombradía de xeitotas e repoludas, si as d'o Ribeiro de Avia son amorosíñas e ardentes... si as de Noya e total-as d'as Mariñas falan com'as fadas... si as do Ferrol e da Cruña espárenxen ledicia e pracer por onde camiñan... si as de Vigo levan más sal no corpo que as augas do mar... si as de Pontevedra teñen nas súas cariñas as gracias e os resplandores de aquel ceo... si as de Ourense non recordaran no corpo as fermosuras griegas, e si ao ver a unha moza de Lugo venlle a un ás mentes o dicir: ¡Alabado sea o Santísimo Sacramento!".

Dende o ano 1874 até a súa morte no ano 1906, Valentín Lamas Carvajal viviu sempre na cidade onde nascéu, en Ourense. E, como xa dixen, pra manter a Rosina e máis aos fillos fixo carreira no periodismo.

Aos 25 anos, de volta de Santiago, Lamas Carvajal funda a revista "El Heraldo Gallego", unha publicación bilingüe escrita en galego i en castelán. Daquela o poeta, que non levaba máis de un ano cego, inda mantinha a comenda na cencia médica. Tamén afiuzaba no destino colectivo; pensaba, cos krausistas, que a humanidade vai sempre progresando.

Cos anos esvaíronse estas ilusións de carácter persoal e social. Na emigración, na vida e morte dos amigos, no pasamento dos nenos, na súa probeza... ¿qué atopaba que non fora traxedia ao redor?

Lamas Carvajal láiase da inxusticia amostrada por Galicia acarón dos intelleituáis como Aguirre, Añón, Vesteiro, Rosalía, Curros... pensa neles cando dí:

*¡Ay desgraciado  
del genio que en Galicia haya nacido!*

Síntese ferido pola morte de Vesteiro, quen lle escribiu a derradeira carta denantes do suicidio<sup>13</sup>. O pasamento de Añón fálle tremar:

<sup>13</sup> Dempóns da tráxica morte de Vesteiro, Valentín Lamas Carvajal adicóulle no "Heraldo" unha "Corona fúnebre".

*¡E tantos triunfos... pra morrer logo  
n'o probe leito dun hospital!*

Morrer nun hospital era —naquel tempo e pode que inda hoxe— más que unha desgracia unha vergonza pra os galegos. Era como morrer dúas veces<sup>14</sup>.

Tan ledo na mocedade, Valentín Lamas Carvajal fóise amargurando e, quizaves pra defenderse daquela fonfa tristura, fixose ironista.

Coido que "El Heraldo Gallego" era un semanario estimábel. Cecáis un dos millores que se fixeron na nosa terra<sup>15</sup>. De carácter literario tiña como colaboradores aos escritores da primeira renascencia galega. Antre eles a Manuel Curros Enríquez.

Lamas Carvajal e Curros Enríquez coñecéronse no ano 1877. Foi neste ano cando, coa axuda de don Modesto Fernández e González, tan prestixiado no Ministerio da Facenda como amigo de axudar aos amigos, Curros conqueriu un pequeno emprego de 5.000 reás na Delegación da Facenda de Ourense<sup>16</sup>.

Lamas Carvajal acompañou a Curros até Celanova, máis tarde ofrecéulle no mesmo "Heraldo" un xantar de honra.

Aquel homaxe supuxo un gran esforzo pra Lamas Carvajal. O poeta ourensán chegou na súa probeza até o estremo de admitir unha esmola. Ansí, no ano 1874, "El Heraldo Gallego" publicaba esta abraiante noticia:

"Dos palabras acerca de nuestro director, una distinción no sólo a título de desgracia sino por su mérito literario. El jurado de la testamentaría de don Lucas Aguirre, que dejó fundada pensión anual de 3.000 reales con destino a escritores pobres o sus familias decidió

<sup>14</sup> Da morte do vate Añón falouse cecáis en demasia. Augusto Mosquera, fillo do ministro, dixo no "Heraldo" que Añón fora recollido polo seu amigo Romaña, que estivo na casa de Romaña até o dia en que, pra facerlle unha operación, levárono ao Hospital. Fernández Gallego, op. cit. pág. 17.

<sup>15</sup> Apareceu "El Heraldo Gallego" no mes de xaneiro de 1874.

<sup>16</sup> Luis Carré Alvarez, *Manuel Curros Enríquez, súa vida e súa obra*, Buenos Aires, 1953, pág. 69.

concederlo este año al poeta paralítico Narciso Serra y a Valentín Lamas Carvajal".

Así vemos que si o filántropo vasco doaba 3.000 reás pra valimento de escritores probes, a Curros Enríquez pagábanlle 5.000, tamén ao ano, polo seu traballo na Facenda de Ourense.

"El Heraldo Gallego", como en xeral todas as publicación de Lamas Carvajal, o mesmo aparecía dúas veces por semá como non aparecía nun mes. Dependería, por suposto, dos cartos. "El Heraldo" costaba 9 reás ao trimestre e, aqueles que os pagaran por adiantado, recibían tamén de regalo un exemplar do libro de Lamas Carvajal *El Cancionero del Miño*. Dende o número 65 a revista adoviaba a cabeza de páxina co vello lema dos irmandiños: "Deus fratesque Gallaeciae". Deus e os irmáns de Galicia.

Tiña tamén Lamas Carvajal un bisemanario, logo diario, "El eco de Orense", escrito polo regular en castelán. "El Eco de Orense" fora fundado polo diputado liberal ourensán, don Vicente Pérez, estivo unha ou varias veces en trance de morte (salvóuse gracias a doce amigos de don Vicente Pérez que lle pasaron por algúin tempo cento vinte pesetas ao mes) e logo, nas mans de Lamas Carvajal adequiriu o seu xenio periodístico que, por certo, emparellábase ben pouco co xenio poético.

Cando escribía en galego, na *língua das fadas*, Valentín Lamas Carvajal empregaba a dozura dun anxo, cando se puña a escribir en castelán, pra o periódico, Lamas Carvajal espallaba aldraxes millor que os mesmos xograres medievais nas chamadas "cantigas de escarnio e mal decir".

Unha das más populares seccións de "El Eco de Orense" era aquela tituada "Mostacilla", polo regular obra do director. Nas "mostacillas" Lamas Carvajal rabearba contra o goberno, a política local, os caciques e as cousas que non lle petaban...

Estas coplas, logo recollidas nun libro, xa non divir-

ten tanto hoxe, quezáis porque xa nin coñecemos os problemas nin os homes nelas rexoubados.

Esta é unha das "mostacillas" do ano 1897, que inda me fixeron surrir:

La situación actual de la política  
es en extremo crítica.  
Hacia un abismo vamos ¡ah señores!  
están los liberales abatidos  
los demócratas idos  
y en desacuerdo los conservadores.  
Divididos en tirios y troyanos  
van los republicanos...  
Los carlistas asoman la cabeza  
con orgullo y fiereza...  
Por más que hoy el oficio de profeta  
no da ni una peseta,  
que si algo suele dar es un disgusto,  
voy a hacer unas cuantas profecías  
recordad que son mías  
y disponeos a pasar el susto...  
Una sorpresa magna se avecina,  
la tenemos encima...  
Idolos que hoy están en pedestales  
van a quedarse... como simples mortales.

Coplas, aldraxes e insinuacións fóronlle creando a Lamas Carvajal un fato de enemigos. Rifóu co seu vello protector o diputado Vicente Pérez, rifóu co seu colaborador o arqueólogo e periodista Arturo Vázquez Núñez, rifóu co cronista de Ourense Benito Fernández Alonso aludido nunha das "mostacillas", rifóu co poeta Alberto García Ferreiro pola cuestión da estatua de doña Concepción Arenal (Lamas Carvajal deu a entender que o Ferreiro non fixera ben as contar dos cartos recollidos na suscripción pública pro-estatua e que non os metera no banco); rifóu con Curros Enríquez, rifóu con outras xentes...

Val a pena deterse no caso de Curros Enríquez, pois

mostra as diferentes maneiras de pensar dos dous poetas encol da relixión.

A espritoalidade de Curros Enríquez alonxábase da ortodoxia oficial, e no momento en que se puña á venda *Aires da miña terra*, o 28 de xunio de 1880, Cesáreo, bispo de Ourense, pubricou no Boletín Eclesiástico da diócesis, a condenación da obra do poeta por conter "proposiciones heréticas, blasfemias, escandalosas e algunas merecentes de outra censura..."<sup>17</sup>

O bispo Cesáreo, que non debía ter moito senso do humor, considerou herética e blasfema aquela imaxe do vello Deus, ollando pra o chao, e decindo tristemente: "Si este é o mundo que eu fixen, que o demo me leve..."

Ao reverso de Curros Enríquez, Lamas Carvajal amóstrase sempre como un católico ortodoxo. Un fondo sentimento crexián alumea a laboura literaria de Lamas Carvajal, e certamente brila naquel poema adicado á Virxe dos Doores:

Virxen chorosa. Nai sin consolo,  
ten a seu fillo morto n-o colo...  
Desconsolada. Nai dos mortales,  
branca pombiña que moito vales,  
foco esprendente d'a luz d'o sol.  
¡fai que te vexa pra miña sorte  
cando estes ollos me cerre a morte...!  
fai que te vexa perto de Dios...!

Inda que Curros Enríquez fora un herexe, como decía o bispo Cesáreo, ún pensa que o seu amigo e colega Valentín Lamas Carvajal debéu defendelo, e que o poeta ourensán non estivo nada ben cando escribiu (12-VIII-1882) que *O Divino Sainete* fora inspirado polo demo, e que os versos de Curros se "artísticamente son perfectos pero, para los piadosos, son flores sin perfume que hielan el corazón".

Absolto Curros na Audiencia da Cruña, emigrante na Habana, pasados os anos cando Curros volvéu de visita

<sup>17</sup> Luis Carré Alvarellos, *op. cit.* páx. 72.

a Ourense (1904) ao se despedir de don Marcelo Macías, Curros Enríquez díolle tristemente: "Adiós amigo mío, mi mala estrella me condena a morir lejos de mi amada Galicia..."

Daquela era doada a pubricación de diarios e revistas. Lamas Carvajal pubrica tres sin ter cartos. Xa contéi que, cento vinte pesetas ao mes impediron a morte dun xornal. As loitas de periódicos eran parte da vida das provincias. As pubricacións galegas adicábanse como "El Eco" i "El Miño" ao mútuo aldraxe ("El Miño" pertecía a don Vicente Pérez, quen o funda dempois de rifar con Lamas Carvajal). Cando non facían uso dos aldraxes empregaban a ironía. Por exemplo, o poeta García Ferreiro, primeiro amigo e logo enemigo de Valentín Lamas Carvajal, dirixía tamén en Ourense "La Defensa de Galicia"; sempre que "El Eco de Galicia" falaba do seu rival chamáballe "La Defensa de... García".

Pesie á inferioridade física, Valentín Lamas Carvajal era un home rexo e valente. Un día dous homes en desacordo entraron no despacho de Lamas Carvajal amenazándoo con darlle unha boa tunda. Entón o poeta viróu a chave da luz, colléu o seu bastón e berróu: "Loitemos, agora xa somos todos igoales".

No cultivo dun periodismo de denuncia e protesta, Valentín Lamas Carvajal tería moitos discípulos. Un deles foi Basilio Alvarez, abade de Beiro, quen fixo o seu debut periodístico no mesmo "El Eco de Orense". Anos máis tarde cando Basilio funda en Ourense "La Zarpa", a súa popular sección "Zarpazos" en certo modo recordaba aqueles "ecos" e aquelas "Mostacillas" de Lamas Carvajal, inda que Basilio non escribia en verso.

Un ano despóis da pubricación de *Espiñas...*, cando el mesmo non tiña senón 26, Valentín Lamas Carvajal funda o semanario humorístico de inmorrente sona.

Refírome ao ben lembrado "O tío Marcos da Portela".

Nascéu no mes de febreiro de 1876 e, baixo o goberno de Lamas Carvajal, tivo 13 anos de vida. Pra can, ou

pra revista galega, unha vida longa<sup>18</sup>. "O tío Marcos da Portela" foi primeiro "revista quincenal", logo semanario; era sempre de gran feitura, unhas oito páxinas en folio que "salvo imprevistos" saía sempre os domingos.

O tíduo non é orixinal. Valentín Lamas Carvajal colléuno dos escritos agrícolas do Padre Sarmiento quen, no século XVIII, facéndose tamén símbolo e cifra das quedanzas e das angurias do labrego galego, gostou de chamarse "o tío Marcos da Portela".

Na cabeza do semanario aparecía sempre o mesmo dibuxo: o labrego vestido co traxe rexional, calzas, cirolas, monteira e moca... así como Valentín Lamas Carvajal baduaba que vestise de mozo o seu filliño Oliverio.

Pasados unhos anos, a imaxen xa popular do "tío Marcos" aparéllase coa ben fadada copla:

Fálase chino na China  
portugués en Portugal,  
catalán en Cataluña,  
e na Alemania, alemán...

Soilo os galegos de agora  
hastra vergonza lles dá  
falar a melosa e dolce  
fala que falan seus pais...

"O tío Marcos da Portela" deixóu, paseniño, de ser unha creación literaria e, como don Quijote, chegou até adequirir unha vida axeita. Os labregos coidaban que vivía, que era un vello petrucio tan sabido como don Marcial Valladares e, ao mesmo tempo, moi retranqueiro e graado, sempre disposto a escoitar calquer coita, sempre disposto a axudar naquelo que fora mester.

Chegouse a crér que "o tío Marcos" baduaba por Ourense vestido coas ditas calzas, cirolas e monteiras.

<sup>18</sup> "O tío Marcos da Portela" deixa de se publicar o ano 1889. Kurde logo un segundo semanario humorístico tamén chamado "O tío Marcos da Portela" que, dirixido por Lameiro e Xavier Prado, sigue as pegadas de Lamas Carvajal. Iste segundo "Tío Marcos..." esvaise no ano 1919.

As vegadas a xente das aldeas emprendía o viaxe somentes pra lle pedir unha "recomendación".

Valentín Lamas Carvajal tiña a vivenda e más a redaición das súas pubricacións na casa número 15 da rúa da Alba, logo "calle de don Luis Espada Gundin", "do General Aranda", "do Cardenal Quiroga Palacios..." Nos tempos de Lamas Carvajal a casa tiña enfrente unha ringleira de hortas, aló escomenzaba a fermosa campiña ourensá. As vegadas o poeta cego saía ao balcón pra alentar os aires da terra<sup>19</sup>.

De cando en cando, na porta petaba un labrego:

—Buenos días. ¿Fáime o favor de decir si está na casa o señor Marcos da Portela?

O visitante non decía "o tío Marcos" por parecerlle ordinario, senón "señor".

Falando dende o seu despacho respondíalle o mesmo Lamas Carvajal:

—O señor Marcos non está pero pase, hó, a ver o que quer...

—Pois mire señor, verá, é pola custión dun camiño, que si tiña que ir un pouco máis enriba ou un pouco máis abaxo... tívenas tesas co veciño e, xa chegáramos a un acordo, cando me armóu unha falcatruada que non hai diñeiro que me chegue pra saír dela... e un amigo díxome, vai a Ourense á casa do "señor Marcos da Portela", que é home moi bó e xa verás como te bota pra adiante... e velahí que non está... sinto ben que non estea na casa.

—Máis o sentirá el —respondíalle surrindo Lamas Carvajal— mais xa lle daremos conta do seu problema e xa veremos o xeito de lle botar unha manciña...

Hoxe, no ano 1972, Amparo López Lamas, bisneta de Lamas Carvajal, asómbrase matinando na estraixa popularidade e sabencia do abó:

“Ténome preguntado cómo un home que non era labrego foi capaz de chegar aos campesiños”<sup>20</sup>.

<sup>19</sup> Amparo López Lamas, art. cit.

<sup>20</sup> idem. idem. idem.

As coitas dos labregos, aquelas visitas que lle facían as xentes da aldea, o pranto do pobo acabaron facendo un "experto agrícola" do marxinado poeta cego Valentín Lamas Carvajal.

En certo modo as mesmas queixas e modiñas foron creando o espírito do "Tío Marcos da Portela", pois o semanario tiña un espírito, tiña vida, tiña senso, tiña amor... Valentín Lamas Carvajal decatouse de que o noso país ten pendente a remisión da terra, unha remisión inda por facer...

É certo que na súa percura da xusticia social o poeta cego de Ourense non chegou até acadar un programa político, mais tamén parece xusto supór, seguindo a Carré Aldao, que na poesía e na prosa de Lamas Carvajal espella unha forma de socialismo cristián e agrario<sup>21</sup>.

Foi naqueles anos cando, lembrándose daquél "Catecismo del Padre Astete" que tan ben adéprendera de neno no Instituto, chegando a figurar nas crases de relixión no "cuadro de honor", Valentín Lamas Carvajal escribe e pubrica no "tío Marcos da Portela" a cruel parodia logo chamada *O Catecismo do Labrego*.

O éxito obtido forza a Lamas Carvajal a apañar as páxinas soltas nun libro cativo (primeira edición Ourense 1889) que ofrece como un craro "producto social": "Mercade o catecismo do labrego, que vos habedes rir un pouco e darme as gracias porque é un libriño que se fixo por vosotros e pra vosotros".

Coido que ún adéprende máis dos velllos problemas da terra lendo o "catecismo" do pseudo "Fray Marcos da Portela" que non estudiando un tratado de economía agrícola de mil páxinas.

E as condicións denunciadas por Lamas Carvajal si-guen sendo a nosa cruz. Senón ¿cómo entender o feito de que, reeditado no ano 1969, o vello "catecismo do la-

<sup>21</sup> O que propuña era nun senso o mesmo socialismo agrícola que fora o motor das irmandades agrarias. Sentiase Valentín Lamas Carvajal perto de Basilio Alvarez, o abade de Beiro, naque-las primeiras campañas, na denuncia das inxusticias que aferrollaban aos labregos.

brego", nunha cativa edición semellante á primeira, convírtese no "gran best seller" galego dos derradeiros anos?

Encétase o "Catecismo do labrego" coa declaración da "doutrina labrega":

P.—¿Sodes labrego?

R.—Sí, pola miña disgracia.

P.—¿Qué quere decir labrego?

R.—Home acabadiño de traballo, caste de besta de carga no que tanquen a rabear os que gobernan...

Alumea nas páxinas do "catecismo" a xenreira do labrego a unha autoridade lonxana que, cando se achega, adequire a feitura dunha trinidad de "dioses", "tres persoas distintas e unha sola calamidá verdadeira".

P.—¿O alcalde é dios?

R.—É sí señor.

P.—¿O Secretario é dios?

R.—Orgallá non-o fora.

P.—¿O Cacique é dios?

R.—Así el adoecera com'o é.

P.—¿O Alcalde é o Secretario?

R.—Non señor.

P.—¿O Secretario é Alcalde?

R.—Ás veces.

P.—¿O cacique é Alcalde ou Secretario?

R.—Si non-o é, como si o fuera.

P.—¿Por qué?

R.—Porque si as persoas son distintas, vólvese unha sola cando se trata de mallar en nós...

P.—¿E logo cántas naturezas, entendimentos e voluntás hai neses dioses?

R.—Naturezas dúas, unha de lobo e outra de porco; entendimentos, ningún; voluntás, a d'o Gobernador, a d'o diputado, a d'o xues y-as súas malas voluntás...

De algúñ xeito a teima contra as "autoridades" apárellase co sentimento cristián e pacifista e a espranza ven do ceo : "pidimos a Dios que veña a gobernar este cotarro que anda levado d'o demo'.

Na terceira parte do "Catecismo" xurde, nas páxinas adicadas aos "mandamentos", a histórica retranca:

P.—¿Cál é o sexto?

R.—Non fornigar.

P.—¿Quén peca contra este mandamento?

R.—Vellos e mozos todos... —e sigue a máis estrana descripción do erotismo labrego, aquel espallarse da natureza pagán contra o "sexto", nas romerías, no "centeo", nas muiñeiras, nas carballeiras, no chan...

P.—¿Cál é o noveno?

R.—Non cobizar a muller d'o veciño.

P.—¿E pecades contra este mandamento?

R.—Según sea ela, señor.

O mesmo sentimento socialista cristián, con anacos anarquistas e sempre co viso do humor encóntrase noutras colaboradores do semanario "O tío Marcos da Portela". Un deles foi —denantes de rifar con Lamas Carvajal— Arturo Vázquez Núñez, do que se ten dito que lle axudou na redacción do "Catecismo do Labrego"<sup>22</sup>.

Encóntranse tamén antre os colaboradores algunos cregos. Cecáis pódese sinalar que o de maior éxito foi o párroco de Escornabois quen sempre firmaba os seus escritos co pseudónimo de "Roque Grilo Berzas"<sup>23</sup>.

Unha das seicións más populares do "Tío Marcos da Portela" era aquela tituada "Casos e cousas" onde sempre alumea a ironía de Lamas Carvajal. Nesta seición tanto se falaba do "cacique máximo" Bugallal, como dos gobernantes (nunca ben) ou se repetían cousas tolas neste senso:

Dicen que unha muller de Valencia déulle de mamar a 90 nenos...

<sup>22</sup> Nunha conferencia dita en Madrid o ano 1952, Xosé Ramón e Fernández-Oxea afiuzaba que, na composición do *Catecismo do Labrego*, colaborou tamén Arturo Vázquez Núñez. Ademáis de ser periodista, arqueólogo, profesor, erudito, Vázquez Núñez foi empregado da Facenda. "Best Seller" por Victoria Armesto, art. publicado en "La Voz de Galicia", 11-IV-1971.

<sup>23</sup> O párroco de Escornabois chamábase Remíxio Garrido Bouzas, morreu o dia 7 de outono de 1907 aos 77 anos. Na mesma parroquia de Escornabois foi sucedido por un sobriño.

; María Santísima, qué vaca de leite se perdéu!

Aló en Murcia nascéu un rapaz con dous estómagos:

xa conta Cánovas con un partidario máis.

O rei de Baviera que se afogou e que se alcontraba tocado da cabeza, tivo denantes de morrer estranas tolerías. Unha noite firmou unha real orden dispoñendo que lle sacaran un ollo a cada ministro.

Nin de tolo se esquecía que os ministros non andan direitos.

Contan os periódicos que un manate chino negáse a probar bocado porque se lle meteu na cabeza morrer de fame.

Pra sair coa súa, millor fora que se fixera labrador galego.

Alcóntrase tamén en "O tío Marcos da Portela" unha seición adicada aos refráns galegos. Dela recollo os seguintes:

Home con sogra, alma que o demo logra.

Quen vive e bebe de gorra, seus cartos aforra.

Mociña nova da Cruña, trompo na uña.

Paxaro que non pía, morto ou na invernía.

"O tío Marcos da Portela" gostaba de espallar consellos de "hixiene corporal": Cada un ano lava os pes y a cara de mes en mes.

Ou tamén consellos pra fomentar a piedade: Home que moiyo reza é boa peza.

Valentín Lamas Carvajal pasouse unha chea de anos "turrrando" contra o cacique máximo Bugallal. Nunca lle pasou nada. Ou ben don Gabino non se enteraba das cousas que del decían no "Tío Marcos..." ou ben prefe-

ría facerse o xordo. Pero un día Lamas Carvajal metéuse co alcalde de Carballiño e isto foi pior. A primeira autoridade da vila conseguiu que procesaran ao director do "Tío Marcos" e que o condenaran a dous meses e un día de arresto maior. Lamas Carvajal non chegou a ir á cadea (pechó coa culpa o seu irmán Silverio) mais era unha boa ocasión pra pasar como mártir.

Ansi o número 16 do mes de Santa Mariña do ano 1885 presenta o xa coñecido e popular dibuxo do "Tío Marcos" tras unhas reixas, gardado por un soldado e, debaixo, a seguinte leenda:

Porque dicen qu'un alcalde  
qu'houbo na vila d'a rabia  
de talento non ten migas  
nin na chola nin n-a facha  
porque o toméi por un burro  
(por suposto, fora a alma)  
non ten volta, n-a cadea  
metidiño estou de patas...

¡E que tempos, que tempiños  
e que cousiñas me pasan!  
Eu parolando cos presos  
vaya, vaya, vaya, vaya! <sup>24</sup>

No "Tío Marcos da Portela" Lamas Carvajal pubrica traballo de crítica literaria e gran parte da súa laboura en prosa.

Era xeneroso como crítico, a maiores con Rosalía Castro a quen veneraba dende neno (Lamas Carvajal era un rapaz de 14 anos cando Rosalía pubrica os seus *Cantares Gallegos*) e a quen adicou a poesía titulada "A rola de Galicia":

Rousinol da miña patria  
da nosa ribeira rola  
pombiña con pico d'ouro,  
xenio esprendente de gloria...

<sup>24</sup> Dispuestos a cebar pola forza ao querido petrucio, algunos labregos, ante a clientela do "Tío Marcos..." chegaron até Ourense.

Fora ben interesante ter un estudo comparado da laboura destes grandes poetas da renascencia literaria galega, de Rosalía, de Curros, de Pondal, de Lamas... neles descóbreste a mesma door —a coita da emigración, a negra sombra, a saudade— e a mesma esperanza no espírito eterno da terra. Antre Curros Enríquez e Lamas Carvajal alcóntranse tamén novas afinidades nadas dun mesmo paisanaxe. Ourense está no seu corpo e na súa lírica. Fixémonos no seu arrepio de superstición. Os dous brasmas contra "o tangaraño". A poesía de Curros é ben coñecida, non é menos fermosa a de Lamas:

Nacéu co-a raquitis;  
con vica, patacas e leite, criárono,  
e medróu endebre,  
sin forzar, enfermo, sin sangue, mirrado...

Daba noxo velo  
n-o eixido d'a chouza n-un gueipo sentado,  
ou andar a gatas,  
ou ben com-as cobras n-o monte, d'arrastro...

A nai unha bulsa  
colgóulle ó pescozo con escapularios...  
O señor Abade  
máis de vinte veces foi a enconxuralo...

A Coba de Lobo  
pra ver si o curaban tamén o levaron,  
alí tres Mariás  
n-a pena furada tres veces pasárono...

Co-a probe criatura  
correron o antroido, fixeron o diaño  
os pais, os veciños,  
a espaldas da cencia i en nome dos santos...

Con tales seguras  
morréu consomido, viviu desecado,  
un ser, co que poido  
o yodo con ferro facer o milagro...

¡Pra tan negros crimes  
xusticia da terra non ergues cadalso!  
¡Non solo nos corpos  
tamén nas concencias está o tangaraño!

Lamas Carvajal non era tan bó prosista como poeta, mais algunha das súas começas manteñen, inda hoxe, o intrés. Primeiro porque neles adivíñase a retranca e o engado labrego, e segundo porque ás veces conta cousas estranhas, a dos "graxos da Burga" poño por caso<sup>25</sup>.

Eran os chamados "graxos" unhos rapaces orfos ourensáns, en número de sete "como os sabios de Grecia", que no ano 1834 metérónse nun cabouco que servía de rexistro como punto medio antre a Burga de Arriba e a Burga de Abaixo. Ali formaron a primeira "comuna" de que se ten lembranza na nosa terra.

Lamas Carvajal danos os nomes dos "comuneiros": O Mourón, o Pachete, o Portela, o Redes, o Carruxo, o Oso, o Cancheiro... Naquel burato, e tendo por lei social "todo é de todos", os "graxos" pasaron dez anos estarrexando aos taberneiros, ás panadeiras da Barreira e ás Autoridades. Pra que saíran das Burgas tiveron que poñerles "sitio" un piquete dos soldados do "provincial"...

O humorismo do "Tío Marcos da Portela" tiña raigañas populares en Ourense, a terra "da chispa", onde tan ben prenderan os *maios*.

Hai unha semellanza antre o humor do "Tío Marcos..." e os *maios*.

¿Qué son os *maios*? É unha festa tan vella que, pra algúns, é unha supervivencia das que celebraban os pagáns na primaveira en honor da deusa Afrodita. E o culto a Afrodita indentifícase co culto á deusa Milita dos babilonios, co culto á deusa Isatar dos asirios... Nas ceremonias litúrxicas, sempre acompañadas de cancións, pran-

<sup>25</sup> "Os Graxos d'a Burga" aparecér o día 29-VI-1884 no "Tío Marcos da Portela", logo foi recollida no libro *Gallegada*.

tábese un albre... piñeiro, bidueiro, carballo... Este albre representa ao albre do Paraíso<sup>26</sup>.

Nos derradeiros cen anos, os *maios*<sup>27</sup> adequiriron en Ourense o carácter dun certame poético onde os poetas exercían o oficio "crítico" que polo regular nunca deixó exercecer a censura. Erixidos en censores da moral púbrica berraban rindo as verdades (coma os bufóns do Carnaval de Colonia na chamada "die Narrenfreiheit", a *libertade dos tolos*).

Lembrémonos de vellas coplas dos *maios* galegos como ésta:

Falemos primeiro  
dos municipales,  
que no mundo enteiro  
no hai outros iguales.

Estaban afeitos  
a andar cos arados  
e agora cós uniformes,  
parecen maxistrados...

Velahí outra cantada en Pontevedra o ano 1923:

Señoras e señores  
poñan atención,  
que vamos a falare  
do Gobernador...

Nin é alto nin é baixo  
nin é malo nin é bó  
parece un reló parado  
dentro da diputación.

Unha terceira enmentando as vellas libertades patrias:

<sup>26</sup> Xosé Ramón e Fernández-Oxea, "Ben Cho Shey", "Vellas tradições da nosa Galicia", "Os Maios", conferencia no "Club de Directores de Empresa" da Crufa, 29 - outono - 1971.

<sup>27</sup> A festa dos *maios* tamén se celebra noutras rexións ibéricas como Castilla, León, Extremadura e, fora da península, en Gales e na Bretaña... Ver "A festa dos maios na Gran Bretaña" por Javier Fernández, "Grial", 22 - outono - 1968.

Xogamos de nenos  
moito coa billarda  
agora de grandes,  
pónennos a albarda...<sup>28</sup>

Valentín Lamas Carvajal non tivo ocasión de viaxar, nunca saliu da Galicia. A súa vida era sempre sinxela. Algunhas mañás, acompañado polas fillas e polo seu amigo o erudito crego don Marcelo Macías (Lamas Carvajal sempre tivo moitos amigos cregos, o derradeiro foi o poeta Rey Soto) chegaba até o paseo do Posío e —si o tempo era bó— sentábase ao sol nun daqueles bancos perto da vella fonte que viú do mosteiro de Oseira<sup>29</sup>.

Denantes de acurruncharse na casa como un vello e noble animal ferido, Lamas Carvajal presidía unha tertulia pequena —unhas sete persoas— no café de la Unión, máis coñecido polo nome de “café do Pepe” pois era o dono un tal Pepe Rodríguez<sup>30</sup>.

O “café do Pepe” tiña espellos e diváns de veludiño roxo. Tiña tamén unha caste de palco ao fondo coñecido como “el gabinete negro”, era alí onde pontificaba Lamas Carvajal, el mesmo sempre enloitado, negros os anteollos que lle cobrían os ollos valdeiros... o alzacuello branco somentes dáballe un aire protestante no estílo de Unamuno.

Por certo que Lamas Carvajal e Unamuno coñecéronse cando don Miguel visitóu Ourense. Estaban os dous falando no despacho de Lamas Carvajal cando escomenzaron a petar con forza no teito. Lamas fixo o posibél por acougar a Unamuno: “No es nada, es mi pobre hijo que está loco y le tengo encerrado”.

<sup>28</sup> Xosé Ramón e Fernández-Oxea, op. cit.

<sup>29</sup> Nos xardíns do Posío alcóntrase hoxe o monumento a Lamas Carvajal, obra do escultor Faílde.

<sup>30</sup> O “Café de la Unión” estaba no número 35 da Avenida de Pontevedra, no mesmo local que logo ocuparía “Cuevas y Comp. S. L.” A tertulia tiña un fondo musical, o que lle prestaba o pianista Sánchez Manzano, namorado de Chopin, e o violinista Julio Bello.

Este fillo de Valentín chamábase Modesto Silverio (foi o seu padriño don Modesto Fernández González) e non debía estar tan tolo por canto logo Valentín conseguiu que ingresara na Facenda. Foi “jefe do negociado de Hacienda” da delegación da Cruña<sup>31</sup>.

De Rosalía Castro e Manuel Murguía non queda hoxe descendencia. A de Curros Enríquez é cativa. Lamas Carvajal deixou unha abondosa semenza. No ano 1950 vivían 20 bisnetos de Valentín, e inda podían ser máis si dúas fillas, as que sempre o levaban collido polo brazo, non ficaran solteiras. Unha parte daquela melancónia do poeta cego prendéuse tamén nos xóvenes corpos de María Anxeles e Lola que non casaron. Moita xente en Ourense lembraráse inda hoxe do trío paseando polo camiño de Castela, até Mariñamansa<sup>32</sup>.

Lamas Carvajal —fora da doença dos ollos— era home de boa saúde. Coido que foron os sofrimentos morais os que non o deixaron chegar a vello.

Morréu o día 4 de setembro do ano 1906, aos 57 anos.

Catro días antes do pasamento, abafado o seu corpo delorido, Valentín Lamas Carvajal falou co seu amigo Antonio Rey Soto:

—¿Quiere usted hacerme el favor de escribir mi última carta? Es para nuestro buen Basilio. No quiero que crea que lo olvido en estas horas en que de todo me acuerdo...

“¡Estas horas en que de todo me acuerdo!...” Lembráriase entón o poeta cego dunha das súas poesías, daquela tituada “Galicia”?:

<sup>31</sup> Unamuno visitóu tamén a Filomena Dato e polo visto marchóu de Ourense preocupado pola cantidade de tolos que vira. Fernández Gallego, op. cit. pax. 23. Modesto Lamas, aparte da laboura na Facenda, foi tamén periodista, sucede a seu pai na dirección de “El Eco” até o fin do periódico. Modesto era home inxenioso. Morréu inda xoven, o 25-11-1933. Tifase casado o 26-VII-1911 con Amparo Fernández Alonso na eirexa de San Jorge da Cruña. Os seus fillos orfos foron educados no “Colegio de Huérfanos de Hacienda” de Madrid. Amparo López Lamas, art. cit.

<sup>32</sup> Augusta, a maior das fillas de Lamas Carvajal, casou con Manuel Malingre e tivo sete fillos.

Por eso en longas terras,  
de coitas e doores  
os fillos de Galicia  
morrendo tristes van:  
fáltalles a paz d'a alma,  
a luz dos seus amores,  
os aires da súa patria,  
as glorias do seu lar...  
Galicia! Nome santo  
que dixen con dilicia  
de nome que hoxe lembro  
co fogo d'a pasión;  
cando a morrer eu vaya  
o nome de Galicia  
diréño misturado  
c'o nome d'o meu Deus.<sup>33</sup>

Iste é o texto da carta dirixida a Basilio Alvarez:

"Mi querido amigo: Contesto a sus dos últimas cartas en una situación *horriblemente macabra*, como que después de haber recibido ayer el Viático ingresé *per accidens* en la Academia General de Difuntos. Los amigos y yo también, pues quisiera por dos años no dejar esto, desean que pierda curso pero estoy muy bien preparado y temo salir adelante porque, ni aun enfermo me gusta hacer el papel de tonto".

Na mesma carta, modelo de estoicismo, Lamas Carvajal engade que non lle queda "ni una mala libra de carne" pero que se sinte confortado pola familia, por Deus e pola boa conciencia, e que sofre e olla pra a morte con ánimo sereo: "la muerte dejó de ser para mi lo que un espantajo para los pájaros y un cocón para los niños".<sup>34</sup>

<sup>33</sup> Nos derradeiros anos da súa vida, Valentín Lamas Carvajal abandona a poesía. O derradeiro libro *A Musa das Aldeas* data de 1890, nesta obra Valentín Lamas Carvajal acada a máis perfeita xuntanza entre o sentimento persoal do poeta e o sentimento coleitivo do pobo labrego. "Durará tanto como dure Galicia" dixo Rey Soto da *Musa das Aldeas*.

<sup>34</sup> Fernández Gallego, op. cit. pág. 42.

Amalia Rosina, a muller amada por Lamas, a nai dos seus fillos, a compañeira e amanuense viviu trinta e tantos anos máis que o marido. Rosina finou en Ourense o 10-XI-1940.<sup>35</sup>

O mesmo día en que morréu Valentín Lamas Carvajal, o poeta cego, celebrábase a apertura da Real Academia Galega. Cando abriron a sesión inda non chegara á Cruña a noticia do seu pasamento.

Valentín Lamas Carvajal tiña reservado un sillón. Non foi ocupado por ninguén; o sillón ficou naquela primeira sesión valdeiro.<sup>36</sup>

Si pra acabar este traballo eu tivera que elexir un único verso, antre os centos e miles escritos por Valentín Lamas Carvajal lembraríame sempre daquela estrofa:

Gallegos más unión, a unión é forza  
e moitísima lle compre á nosa terra...

<sup>35</sup> No ano 1950 celébrase en Ourense o 100 aniversario do nacemento de Valentín Lamas Carvajal. Na comisión orgaizadora do homenaxe figuraban Antonio Rey Soto e Ramón Otero Pedrayo. Colocaron unha placa na casa onde morréu o poeta, rúa da Alba, 15. Antre os conferenciantes, no "teatro Losada", achábanse Celso Emilio Ferreiro, José Luis López Cid, Dionisio Gamallo Fierros... estivo presente unha filla de Lamas Carvajal, a dona Rosina Lamas Sánchez, viuda de Biempica. O dia de San Martiño descóbreste o moemento de Fallo na "Rosaleda" do Posio, no solenne aito falou Ramón Otero Pedrayo.

<sup>36</sup> Dempois da morte de Lamas Carvajal, Manuel Murguía gaba públicamente a memoria do poeta ourensán: "...Diferencias que hoy creo dolorosas en el modo de juzgar su producción nos separaron... entiendo que fue un inspirado y que la posteridad ...ha de darle, mejor dicho, le dá, lugar merecido y glorioso en nuestro Parnaso. "Discursos leídos en la solemne recepción de Académico de Número del señor don José Antonio Parga Sanjurjo: *El renacimiento de la Literatura regional*, por el señor Parga Sanjurjo: Contestación, por don Manuel Murguía".

XOGLARES GALEGOS

## V FESTA DA MIMOSA

Miñas donas, meus señores...

Sinto que as miñas verbas non teñan grandeza, que as miñas forzas señan cativas. Gostaría hoxe de ter a gracia falante dun Pastor Díaz, dun Castelar, dun Otero Pedrayo...

Celebramos hoxe a "V Festa da Mimosa". Festa de novo ritual e que xa adequiriu sona e lustre.

Nos anos derradeiros serviron coma mantedores da xuntanza os mestres Otero Pedrayo, Paz Andrade, Álvarez Blázquez, encarregándose sempre da presentación o profesor Ogando.

O verbo e sabencia das ilustres persoalidades galegas deu calidade a unha Festa que nasce alumíñada polas tradicións ourensás e polo engado do Carballiño. Engado ou meigallo, que polo regular teñen as vilas espritoalmente abeiradas a un arbre.

Lembrémonos do exemplo de Guernica, a cidade santa dos vascos.

O arbre desta nosa vila xa non existe hoxe, maisinda vive no noso pensamento. Cando decimos Carballiño ¿non mentamos o belido carballo da pousada do camiño vello?

Pois esto foi Carballiño. Unha pousada na beira do camiño vello que os camiñantes recoñecían polo gran carballo...

O carballo, o máis rexo e forte de todos os ábores galegos, o que millor atura a friaxe e as neves.

Perto da vella pousada e do vello carballo achábase

un souto de castiñeiro. No século XVIII os monxes de Oseira —que tiñan un certo senso da economía— coidaron de que iste era o lugar axeitado pra o feiral.

Ansi a creación da vila de Carbaliño ten dúas facianas. Unha de carácter místico, o seu nacer abeirado a un carballo, o arbre sagrado dos celtas galegos; outra faciana comercial e turística, empregada pola pousada e a feira.

Sempre mantivo a vila un anaco daquil engaiolamento que a pousada exercía sobor dos camiñantes. Dela viñéralle a sona:

"Pra carne, pan e viño... Carbaliño".

Endexamáis perdéu Carbaliño ise carácter aitivo e comercial, endexamáis esmorecéu o seu instinto teimoso de medrar.

Foi Carbaliño unha vila cativa, mais non foi unha *vila morta*.

No ano 1765 Carbaliño tiña 70 casas.

No ano 1780 sospiraba polo ferrocarril, unha teima recollida por un dos escritores da primeira renascencia:

"El día en que la locomotora cruce vuestras valles hoy desiertos y corone con blancos penachos de humo las erguidas cumbres de vuestras montañas será indudablemente uno de los más venturosos..."

Testa do Ribeiro de Avia, Carbaliño é sinónimo do viño que, xa no século XII foi cantado polo rei poeta Alfonso IX de León:

Asi como eu bebería  
von viño de Ouréns.

O mesmo viño que tanto gostaba aos ingleses dos séculos XIV, XV e XVI, o doce viño responsabre de que o duque de Lancáster, venro de Pedro o Cruel, perdera a coroa de Castela. Os "mercenarios" ingleses, en vez de loitar, botáronse a beber o viño de Ribadavia.

Carbaliño e viño e Carbaliño e auga.

Ao mesmo tempo que lle arrincaban vinte mil libras de ouro por ano, os románs decatáronse das virtudes má-

xicas das augas ourensás. Foron románs os primeiros *augustas e bañistas*.

Boelio Rufus, empregado das Postas Imperiales, foi tomar as augas a Bande —aquas Kerkenis. Milloró a súa saúde, mais logo morrería dun couce que lle deu un cabalo da Limia na chola.

Tivo millor sorte Aurelio Flavio, sanou en Molgas e pudo tornar a Roma pra asistir á tertulia literaria da emperatriz Julia Dómica.

Calpurnia Abasia, matrona romá que sofría de reumatismo, invocou ás ninfas das Burgas que lle prometeron a curación.

Estamos na meiga rexión loubada polo Licenciado Molina: "Tierra en gran manera deleitable", e polo Padre Castro: "Es tan fértil toda la comarca que bañan el río Avia y el Arnoya que no hay piedra que no de vinas ni peñasco que no abunde en regaladísimas frutas".

Hoxe é o día 14 de febreiro.

Nos países anglo-saxóns é día dos *Namorados*, cando a xente nova troca bicos e cartiñas.

A eirexa lémbrase de San Valentín, o bispo cristián martirizado no tempo do emperador Claudio.

Ollando por enriba do corpo ensanguentado do mártir cristián, a festa de San Valentín convírtese no mesmo festival román da Lupercalia que tiña lugar no meio de febreiro.

Era a gran festa pagá pra celebrar os funeráis do inverno, o reencontro de Cores e Demeter e a volta de Adonis aos brazos de Afrodita.

Era o trunfo da vida sobor da morte, de Eros sobor de Tánatos.

Na Lupercalia os xóvenes namorados escribían o nome do seu amantío e púñano naquela urna disposta aos pes da deusa do Amor.

Tamén eiquí en Ourense atopamos as tradicións pagás, a ledicia amorosa e tola da Lupercalia.

Eran aquelas carreiras a cabalo que os mozos arga-

llaban na Limia e nas Frieiras, era tamén o *Meco*, aquil estrano monifate das aldeas. Os mozos recollían palla e metiana en roupa de home, logo bulian co *Meco* de lugar en lugar, sempre na percura das *enchantas* de porco, bebendo e berrando "que lle mataban os touciños ao *Meco*".

Abelanzaban ao *Meco* dun albre ou dunha fiesta, e a morte do *Meco* era tamén agoiro da morte do inverno.

Este inverno foi longo e arnello. Tivemos neves e xeadas coma na Finlandia. Un mozo da vila de Ordes, que tiña 24 anos, morréu unha noite atufado por un braiseiríño.

Os vellos das aldeas pasaron moito frío e os labregos, acollidos ao réximen da "Acción Concertada" pedíronlle ao Estado prorrhoa pra pagar a cuota.

Mesmo semellaba que o inverno ficaría con nosco pra sempre, que a tristura non tería fin... Mais velahí que estamos hoxe celebrando a chegada do bo tempo, e facemos festa cristiá e pagá, baixo a presidencia desta raíña fermeira e máis do seu cortexo de belidas rapazas, temos tamén eiquí aos Poetas e certamente non faltan os namorados...

Canto nós fagamos será pouco pra o que meresce a groriosa primaveira ourensá.

A primaveira en Ourense chega camiñando por enriba dos camelios e, cando no follaxe laqueado deste arbre oriental vanse abrindo as camelias é coma si foran encendéndose estreliñas na noite.

Chega un intre no que todo o ceo é luz e todo arbre é fror.

Dempois dos camelios frorecen as acacias; é a mesma fror amarela a que lles anuncia aos estudiantes que o longo curso cheo de matemáticas e latíns vai de remate, que axiña chegarán os días lenes das vacacións pascuais.

Agora, coa mimosa en fror, temos que saudar á primaveira e un dos millores saúdos será recibila cos ver-

sos de Horacio na traducción galega de Aquilino Iglesia Alvariño:

Coa volta ledá da primaveira e de Favonio  
vaise desembrullando o inverno duro  
agora é tempo pra cinguir o cabelo relumbrante  
de mirto verde ou de froliñas novas...

Tamén é comprido, pra os ourensáns, louvala cos versos do mestre Curros Enríquez:

Como miniña tola  
que sai por ves primeira,  
con dengue e muradana  
prá festa do lugar,  
asi xentil e apostá  
vai vindo a primaveira,  
grinaldas e craveles  
vestindo a seu pasar...

Hoxe temos eiquí a beleza, a mocedade e o engado na persoa da "raíña" desta V Festa da Mimosa, temos connosco aos poetas premiados e, da súa man, chega a Carballiño a lembranza da escola poética galega da que, coido, pode decirse sen demasia que figura antre as mellores europeas.

Os nosos aituáis poetas son herdeiros dos xograres medieváis. Esta fonte de sabencia e gracia xurde nos séculos XI e XII, entra en Galicia peneirada nas malas do conde Raimundo de Borgoña, marido da princesa Urraca; chega ate nós apegada ás vieiras e báculos dos pelegrín galos.

Coñecemos o nome do noso primeiro xograr: chámabase *Palla*, fálase del nun documento real do ano 1136 e tamén no *Libro dos Linhagens* atribuído ao conde Pedro de Portugal.

Na Edade Meia a nosa terra foi o Parnaso da Iberia. Non soamente tiñamos nós centos de bos poetas, senón que tamén trovaban en galego os casteláns, os estremeños, andaluces e certos aragoneses... O galego era a lí-

gua dos castelos, a língua da poesía, a língua do amor...

Aquel estraio movemento poético encétase polo século XI, que foi cando, co conde Raimundo de Borgoña chegou á nosa terra a nova escola poética de inspiración provenzal, tivo o seu escintilante desenrolo no século XIII e esmoreceu —coma tantas outras cousas de valimento— no século XV, primeiro coas loitas civís galegas e logo coa desfeita da Galicia feudal polas forzas dos reis Católicos.

O derradeiro gran xograr foi Macías o Namorado, quen finou nas mans dun marido castelán celoso, polo ano 1434.

Coa cabeza do Mariscal Pardo de Cela rolou tamén polo chan de Mondoñedo a poesía galega.

Dempois da desfeita non somente non volve a xurdir un xograr de mérito senón que, na abafada Galicia, pérdense hastra os documentos onde estaban escritas as cantigas e pérdense tamén as músicas da escola medieval.

Hai pouco, cando estiven en Ourense, díxome meu amigo Ramón Otero Pedrayo:

—Maria Victoria ¡qué traxedia a nosa! Galicia tivo perdida durante cincocentos anos a súa poesía, que foi coma perder a tradición ou coma perder o amor, ou a libertade...

De ser a língua da poesía e do romance, a língua dos reises e dos castelos, a galega pasou a ser a cincuenta das línguas. Botárona fora dos códices, dos documentos oficiais, das Universidades, das escolas, das conversas dos podentes, aldraxada e proscrita a nosa língua seguío vivendo esmorecente, orfa de tradición e de cultura, nos labres do bo pobo labrego.

Da escola poética medieval non se tiña lembranza.

“Galicia, nunca fértil en poetas”, dixo Lope de Vega, e sen dúbida falaba de boa fé pois non oiría falar de ningún.

Sempre foi así: cando un pobo esquece a tradición, cando se perden a historia e a poesía, cando o pasado fica envolto nas néboas da iñorancia, cando xa non se

fala das grorias dos devanceiros, entón vaise a debruzar no colonialismo. No colonialismo e na pobreza.

Aquel estraio movemento poético xurde nun tempo en que semella coma si a forte Galicia encetadora da Reconquista fora a conquerir a supremacía sober dos outros reinos cristiáns da Iberia. Foi entón cando Galicia ergue nun cabalo branco a súa divinidade bélica, o seu apóstolo Santiago. Foi entón cando o gran bispo Xelmírez e o feudal conde de Trava teimaron de enlevar —de novo coma nos tempos dos suevos— unha monarquía galega. Foi entón cando todos os camiños de Europa levaban a Santiago de Compostela...

Cando os nosos xograres comenzaron a trovar, Galicia avanta até Oporto, logo —e xustamente no intre de maior froescencia— fén dese Galicia en dúas mitades. O xogo político crea a convencional fronteira do Miño, mais os galegos dunha e outra orela seguían falando a mesma lingua.

Os xograres portugueses non se desemellaban dos galegos nos cincioneiros.

Si é certo que a poesía nasce en Galicia no acento provenzal, temos que recoñecer que a imitanza dun arte alleo non afogou a orixinalidade literaria galega.

Aquelhas cantigas dos xograres galegos tiñan as súas raigañas no tesouro da poesía popular, viñan envoltas na ledicia e no misterio dun pobo amante da natureza, sinxelo, ironista, sensual e fondamente relixioso.

Bernal de Bonaval foi o primeiro dos nosos xograres naquél grorioso século XIII.

Nascéu (xa o dí o nome) en Santiago de Compostela, nunha familia burguesa.

Co Bernal de Bonaval entraron na corte do rei de Castela as modiñas populares galegas, chegaron tamén ecos das muíñeiras, das regueifas, dos alalás e dos anceios das rapaciñas namoradas.

Esta é unha das cantigas do Bonaval:

Ai fermosiña se ben achades  
lonxe da vila ¿quén esperades?  
vin atender o meu amigo.

vin atender o meu amigo.

Lonxe da vila ¿quén esperades?  
dirívolo ben pois me preguntades.  
vin atender o meu amigo.

O trasfondo galego da nova poesía foi recoñecido —inda que non o gabara— polo rei Alfonso X o *Sabio* naquela pauliña que lle botou a Pero da Ponte:

Vos non trobades como provenzal  
vos trobades como Bernal de Bonaval.

É decir, vós non seguides os modelos crásicos, face-des unha poesía ao voso xeito.

Do tempo de Bernal de Bonaval foi Martín Códax, a quen tamén chamaban Martín Moxa e Martín de Vigo. Ningún poeta galego en setecentos anos volvou a trovar o mar de Vigo coa sinxela acora de Martín Códax:

Ondas do mar de Vigo  
se vistes meu amigo...

Ondas do mar levado  
se vistes meu amado...

Se vistes meu amigo  
por que eu sospiro.

Se vistes meu amado  
por que hei gran coidado  
¡Ai Deus se virá cedo!

A poesía dos cancioneiros medieváis galego-portugueses divídese en tres crases: as cantigas de amigo, as cantigas de amor e as cantigas de escarño e mal decir.

As cantigas de *amigo* poderían tamén chamarse das

donas, pois nelas é sempre unha rapaza a que fala do seu namorado. O namorado, na Edade Meia chamábbase *o amigo*. A métrica dos versos é sempre moi sinxela, aviadá cos sentimentos. Os sentimentos esprímense moitas vegadas no xeito dun suposto parolar antre unha nai que inquire e unha filla que chora.

Un bon exemplo é a cantiga 170 do rei don Dinís:

¿De que morredes filla, a do corpo belido?  
madre morro de amores que me deu amigo.  
¿De que morredes filla, a do corpo louçano?  
Madre morro de amores que me deu meu amado

Ás veces a leria sirve pra reflexar a vella faciana das relacóns sexuales na Edade Meia. Nunha das cantigas de Pero da Ponte, unha nai aconsella á filla que lle conte unha trola ao amigo. Logo a rapaza trema:

Viste madre o escudeiro  
que me ouvera levar sigo,  
mentinlle e vai moi sañudo  
miña nai ven volo digo.

Madre namorada me deixou  
Madre namorada mi ha deixada  
Madre namorada me deixóu.

Madre vos que me mandaste  
que mentira a meu amigo,  
que consello me daredes,  
ora pois non é conmigo.

Madre namorada me deixou  
Madre namorada mi ha deixada  
Madre namorada me deixóu.

Nas cantigas de amor é sempre cantor un home que fai as gabanzas da namorada, coma nesta que o rei portugués don Dinis adicou a unha dona:

Ai, señor fermosa por Deus  
e por cuan boa vos el fez  
doedevos algunha vez de min e destos ollos meus  
que vos viron por mal de si,  
cando vos viron e por min.

Fixádevos que o rei don Dinis di *señor* cando está falandu dunha muller, é que a verba *señor* na edade Meia siñificaba indistintamente *señor* ou *señora*, coma no baxo latín “comes” é indistintamente conde ou condesa.

Nunhas das súas cantigas a Santa María o rei Alfonso X o Sabio fálalle desta guisa:

Rosa das rosas  
e fror das frores,  
dona das donas  
señor dos señores.

Inda millor que nas cantigas de *amigo* ou de *amor* o pasado pagano galego xurde nas cantigas de *escarño* e *mal dizer*. Nelás refléxase o arrepío das tribus celtas, as loitas de clans... Aldraxábanse antre eles os xograres, loitando coa pruma coma quen loita co ferro.

Fálase tamén, naquelas cantigas de *escarño* e *mal dizer*, do comercio carnal sen pudor e sen respeto pola moral establecida.

A Edade Meia galego-portuguesa aseméllase á antiguedade pagana na súa bárbara candura. Moitas daque-las cantigas soio poderían imprentarse hoxe no *Diccionario Secreto* de Camilo José Cela.

Non somentes as relacions amorosas, calquer cousiña ruín servíalles pra trovar. Cando o infante don Fernando tivo lombrices, o seu pai, o rei Alfonso IX de León (que tamén facía versos en galego) cantóuno nunha xeitosa cantiga:

Ca dormir non podia  
nen comia nenigalla  
e vermes del salán,  
muitos e grandes sen falla.

O mesmo rei Alfonso X o Sabio (neto do rei Alfonso), home tan piedoso que chegou a adicarlle 260 cantigas en galego á Virxe, gostaba de escoitar e de compór canções lúbricas, e inda máis, gostaba do xénero que nós hoxe chamamos pornográfico. Leia os libros obscenos do Deán de Calés e chegou ate o punto de contar a impúdica historia da abadesa preñada.

Tanto nos derradeiros anos do reinado do rei Alfonso III O Santo como nos primeiros do de Alfonso X o Sabio é cando millor floresce a poesía galego-portuguesa.

Son os sesenta primeiros anos do século XIII.

Ao rei Alfonso X de Castela chamábanlle O Sabio porque sabía moito de xurisprudencia, de teoloxía, de historia, da Biblia, de poesía e porque sempre estaba aollar pra as estrelas e tiña 50 estreleiros ao seu servicio.

O rei Sabio tamén empregaba alquimistas na percura da pedra filosofal. Teimaba de trasmutar os metáis en ouro porque sempre estaba mal de cartos e chegou a ter a coroa empeñada en mans dun rei mouro.

Arrousados pola liberalidade do rei intelectual, os xograres galegos e portugueses tomaron a camiño de Castela.

¿Queredes imaxinar cómo eran os xograres medievais? Pensade nos “Beatles”, os mesmos cabelos longos, as mesmas guitarras, os mesmos berridos, a mesma pouca vergonza... Saían de Galicia a cabalo, levando cada un o seu criado. Pedían pousada nos pazos dos fidalgos, nas casas bispales, nos mosteiros. Pra pagar a pousada trovaban e cantaban, tocaban as guitarras, pandeiros, violas, salteiros e outros instrumentos da música medieval.

Algúns dos xograres eran tamén titiriteiros, facían mímicas, acrobacisas, prestidixitacións nas prazas e nos adros das eirexas. Eran éstes os chamados *segrelas*, prestaban á súa aituación poética o viro profesional que a facía cecáis menos nobre i estimábel.

Os xograres eran acollidos de maneira desigoal. As veces facíanles agarimos e festas, ás veces os donos dos pazos mandaban aos servos que lles botaran os cans.

Formaban parte dunha mesma xeneración poética os seguintes xograres: Ayras Nunes, Johán Airas, Johán Zorro, João Baveca, Fernán Vello, Alfonso Eanes de Coto. E logo viñan os chamados Peros (Pedros) que foron: Pero da Ponte, Pero de Ambroa, Pero de Amigo, Pero de Armea, Pero García Burgalés...

Un día, cando o rei *Sabio* andaba rifado cos xograres e non os levó nunha das expedicións, deu a orden de que non foran con el:

Nem Pero Garcia,  
Nem Pero de España,  
Nem Pero Galego,  
Nem Pero Galiña...

A miúdo cos xograres viaxaban as xograresa, tamén chamadas soldadeiras.

Iban igoalmente a cabalo e levaban coma compaña unha serva.

A verba soldadeira ven do provenzal *soudadiera* e significa muller que recibe soldada ou pago polo traballo executado en público.

As xograresa non facían versos, a súa laboura era a de cantar e danzar.

Coñecemos o nome de 15 soldadeiras galegas. A primeira foi Mayor Pérez, cantatriz das festas de Lugo do ano 1228.

As soldadeiras foron admiradas polo seu arte e fermosura e rexoubadas a conta dos costumes ceibes.

A de maior sona foi a María Pérez máis coñecida coma María Balteyra. Era unha rapaza de Coirós, a Cruña, grande, fermosa e amoral que fascinou a todos os xograres da corte do rei *Sabio*, que fascinou ao mesmo rei *Sabio*.

Dez trovadores, incluíndo o rei Alfonso, cantan e aldraxan a María Pérez en dazaséis cantigas.

O primeiro aldraxe que lle botan enriba do corpo era o nome, supoñendo que isto de Balteyra ven de "Baltoteira" unha verba que traducida ao castelán quere decir "embustera", "cochina", "tramposa", "zafia"...

Eu pregunto ¿sería ansi a María Balteyra ou, en verdade, os xograres falaban mal da fermosa rapaza de Coirós porque todos a querian ter pra si i ela namorouse dun estudiante?

Tamén o feito de que a María Pérez nascera en Coirós ten a súa meirande importancia. Eu non quero ofender ás boas xentes de Coirós, mais nós, na Cruña, cando queremos dicir que unha muller é ordinaria decimos que é de Coirós. Eu fun unha neniña sinxela emporiso *despacchada* que facía suspirar á miña vella neneira: "Ti non eres máis que unha lercha de Coirós".

Cecáis a desvergonza da María Pérez non era senón a consecuencia dun espírito ceibe e orixinal, reflexo da súa fermosura física.

Non tivo a Balteyra sorte cos confidentes, ela afiúzara no xograr Pero de Amigo (clérigo natural de Oza dos Ríos) e Pero de Amigo é de certo quen máis a aldraxa.

Foi tamén aldraxada polo seu primeiro amante Pero de Ambroa (que tamén era nado en Coirós), nembargantes o feito de que o mesmo Pero de Ambroa estivo toda a vida tolo de amor pola María Balteyra.

"Que ando por ela sandeu", confesou nunha das cantigas.

Pero de Ambroa e María Balteyra decidiron ir xuntos a Terra Santa nunha das Cruzadas. Sumáronse á expedición. A forte rapaza de Coirós chegou a Xerusalén, onde recolléu un saquín cheo de reliquias, porén o seu amigo nunca pasou de Montpellier, o que fixo rir aos outros xograres:

"Pero de Ambroa, sempre oin cantar  
que nunca vos andasteis sobre mar...", botóulle en cara Gonzalo Eanes de Coto.

Cando a María Balteyra se namorou dun estudiante, Pero de Ambroa laia o seu dor nunha cantiga:

Si eu no mundo fixen algun cantar  
como faz home con coita de amor.  
Achome mal e quérome quitar  
ca a dona que sempre loey  
en meus cantares e por quen trobei  
anda morrendo por un escolar.

O seu afervoado amor pola María Balteyra convírtese en odio.

Pero de Ambroa bótalle en cara que xa non é xoven, que o estudante váille comer canto tiña aforrado e, cando tamén se lle esgote a fermosura, ninguén se lembrará dela e non terá outro camiño senón poñerse a *alcayotar*.

Poidera ser que iste agoiro impresioara a María Balteyra, a xograresa foi visitar a Pero de Amigo e dixolle que quería voltar pra Galicia, pidíulle un consello mais o Pero de Amigo non lle deu coma resposta senón uns versos:

Maria Balteyra que se queria  
hir, ca de eiqui, venme a preguntar  
eu direi, pois vos ides vosa maja  
¿a quen deixades o voso escolar  
o voso fillo e vosa compañía?

A María Balteyra non acabóu de "celestina"; pode que fora fresca, mais non era parva.

Non sabemos que foi do fillo e do estudiante e da compañía. O que sí sabemos é que a María Balteyra volvéría a Galicia chea de cartos, que non mostrou o debido arrependimento polo seu pasado, o que sintía era ser vella e non seguir cantando e facendo das súas. Herdou dos pais, que polo que contan foron fidalgos en Coirós, e logo a Balteyra deu en exercer a *filantropía* á maneira en que a exerceron moitos outros galegos ilustres, regalou primeiro canto tiña á eirexa, cobró logo cartos polo chamado regalo e cobró tamén o usufructo do que regalara.

Foi enterrada nun ataúde vermello e os monxes de Sobrado rezaron longamente polo seu eterno descanso.

Outras soldadeiras galegas de sona foron María do Grave, María Negra e Ourana, a *Peixota*.

As primeiras foron cantadas nos versos dos xograres.

"Dona María Negra ben tallada  
dicen que sodes de min namorada", presumiría Pero García Burgalés.

Xoan Soares falou de María do Grave con pouco respeito:

María do Gravem grave de saber  
porque vos chaman María do Grave...

O resto da cantiga é lurpia, xogando coa libertade sexual da xograresa.

De toda a xeneración poética vencellada coa María Balteyra un dos más aventaxados poetas foi Pero da Ponte, quen tiña o corpo disforme coma Esopo.

Dubídase si foi nascido en Pontevedra, en Ponte de Eume ou en Ponte de Lima. Paresce que era de Pontevedra. Nunha cantiga adicada á dona do seu pensamento, Pero dille o seguinte:

Señor do corpo delgado  
en forte ponte eu fun nado  
que nunca pedi coidado  
nen afán, des que vos vi,  
en forte ponte fun nado  
señor por vos e por mi.

O verso é patético. Ún decátase da teima do Esopo galego que, ao mesmo tempo en que asconde a cativez física, ergue pra a dona delgadiña a grandeza da vila e da ponte onde nascera.

No terreo psicolóxico son tamén de interés as relacións de Pero da Ponte e de Alfonso de Cotom. O Cotom era de Negreira.

Os doux aldraxábanse e non podían vivir alonxados.

Pasaban os días trovando polas pousadas e o exceso de viño naquelas esmorgas matóu ao probe do Alfonso Eanes que non tiña ben o fígado.

O rei Alfonso o *Sabio* (que non quería ben ao Pero da Ponte) denunciouno coma ladro e —un pouco esaxeradamente— de asesino do Cotom, dí tamén que Dempóis de levar o corpo até o cimiterio, Pero da Ponte adonouse das cantigas do morto e recitábaas como se foran del:

Pero da Ponte fixo un gran pecado  
de seus cantares que el foi furtar  
a Cotom...

Pero da Ponte (que posibelmente era fillo de crego e non tiña cartos) cobraba pola súa laboura poética, foi o que chamaban “un segrel”.

Antre os xograres galegos o rei Sabio distingúia a Airas Nunes quen lle servía de segredario e axudába no na composición das piedosas cantigas adicadas á Virxen, como ista, por exemplo:

Ven veñas mayo, et con alegria  
por en roguemos a Santa María,  
que a seu fillo rogue todavía,  
que el nos garde de erro e de folia  
ven veñas mayo.

Airas Nunes foi primeiro crego e familiar do bispo de Tui. Pasados os anos fixose segrel e comenzou a trovar por Galicia e fora dela. Il mesmo o di:

Andei señor León e Castela  
despois que me en desta terra quitei...

Airas Nunes é o máis intelectual dos xograres galego-portugueses. Tamén en Airas Nunes —coma en Pero da Ponte— descóbreste unha forte orixinalidade de inspiración galega pola que se afasta do artificio provenzal.

Na cantiga número 455 sinala a súa anguria espiritoal, nela conta que, coma no mundo acabouse a verdade andivo na súa percura primeiro pelegrinando polos pazos e castelos e logo polos mosteiro.

Preguntaba aos señores, aos cregos e aos frades e sempre recibiu a mesma resposta:

Porque no mundo mengou a verdade  
puñei un dia de a ir buscar  
e hi por ela fui preguntar,  
dixeronme todos: allur la buscades  
ca de tal guisa se foi a perder  
que non podemos en novas saber  
nen ia non anda na irmande.

Nos mosteiro e frades sagrados  
a demandei e dixerónme asi,  
non busquedes vos a verdade eiqui  
que non mora con nosco por boa fe.

Aseméllase estranamente esta cantiga a unha de Rilke, a cantiga galega do século XIII revela unha gran libertade de orden espiritoal. Antre a laboura poética do mesmo Airas Nunes a más xentil das cantigas é aquela na que fala da danza das rapaciñas namoradas:

Bailemos nos ja todas ai amigas!  
so aquestas avelans froridas.  
Bailemos nos ja todas ¡ai irmans!  
so aquestas ramas destas avelans.

As condicións de vida dos xograres refléxanse nas mesmas cantigas. Sabemos que Johán Zorro gostaba moi-to da mar e dos ríos pois sempre as súas cantigas discurren nunha paisaxe marítima:

Pola ribeira do rio salido  
trebellei madre, coo meu amigo.

Pola ribeira do rio levado  
trebellei madre co meu amado.

Igoalmente sabemos que o xogrарь compostelán Johán Ayras tiña unha muller moi celosa. Un dia un amigo propónlle que fora con il de visita á casa dunha das xograres, Johán Ayras non foi, pola conta dos celos da muller, ansi respondéulle en verso:

Ai Pero Garcia  
gran medo ei  
de dona Maria  
que nos mataria,  
mal coñecedes dona Maria  
¡ai Pero Garcia!

Pode que iste Pero García fora “o Burgalés”, poeta castelán que trovaba en galego.

A dona Beatriz de Castela, filla de Alfonso X O Sabio casou co rei de Portugal e tivo por fillo ao rei don Dinís.

Cando o neno tiña 5 anos foi enviado á corte de Castela en calidade de embaixador de Portugal. Un bon embaixador, un pouquiño novo. Ansí don Dinis coñecéu aos xograres e ás soldadeiras galegas, comenzando polo mal tallado Pero da Ponte e acabando pola ben tallada María Balteyra. Ansí o neno príncipe fixose un doado poeta.

Comenzó a trovar cando tiña 17 anos e fixo versos até o día en que tivo 40. Dempóns dos 40 arromba a lírica.

Coma poeta, o rei don Dinís de Portugal, é o más abondante dos xograres galego-portugueses. Deixóunos duascentas catro cantigas. A maioría delas son de amor, pois (casado coa santa raíña Isabel, filla do rei de Aragón) foi iso que no *argot* da Cruña chamamos “un carreta nenas”.

Unha das más fermosas cantigas do rei don Dinis é esta:

Ai frores, ai frores do verde pino  
se sabedes novas do meu amigo...

A tradición poética que o rei Dinis herdara do seu abó Alfonso o Sabio pasou logo ao seu fillo bastardo, don Pedro, conde de Barcelos.

Na corte de Portugal xuntábanse os xograres galegos, casteláns e os aragoneses que trovaban ao estilo da Provenza.

Moitos daqueles feudais galegos da Edade Meia tinan os poderes dun rei.

Un destes fortes feudais foi don Rodrigo Gómez, o deradeiro dos condes de Trava e Trastamara, tamén poeta.

Don Rodrigo e máis a súa mesnada acompañaron ao bispo de Compostela Arias Gallinato na conquista de Sevilla.

Cecáis pra enlevar a moral das tropas, don Rodrigo levou tamén aos xograres, antre eles Pero Vello de Taberros, Payo Suárez, Johán Baveca, Pero de Amigo, Pero de Armea, Pero da Ponte...

Iba tamén con eles a María Balteyra que non lle tiña medo aos mouros e que facía a guerra cantando baladas galegas.

Noustante, a leda campaña acabou mal: morreu don Rodrigo ás portas de Sevilla.

Sevilla, a gran capital da España musulmana, tiña daquela cinco centos mil habitantes. Era unha cidade de moitos bens e de gran refinamento oriental. Pra a conquista da fabulosa capital chegou unha escoadra de Pontevedra baixo o mando do almirante Payo Gómez Chariño. No meio da loita, o almirante galego —tamén poeta— implora axuda do santo apóstolo:

¡Ai Santiago! patrón sabido,  
vos me axudades, o meu amigo  
sobre o mar ven quen frores de amor ten,  
mirarei madre as torres de Jeen...

Moitos daqueles poetas da xeneración de María Balteyra procedían, como a soldadeira, das terras que son hoxe provincia da Cruña, porén a Cruña non tivo o monopolio da poesía medieval.

Tamén Ourense foi terra adoitada pra o lirismo. Un dos más grandes xograres ourensáns era Pero Meollo, quen viviu a fins do século XII.

Este xograr deixóunos nove cantigas de *amigo* que recordan sensibelmente a posterior poesía de San Juan de la Cruz. Encóntrase xa en Pero Meollo un adianto dos

símbolos caros a San Juan de la Cruz, e coma el sempre está a falar de cervos.

Nunha das cantigas de Pero Meollo unha nai inquire obtendo da filla a seguinte resposta:

Tardei miña nai na fontana fria  
cervos do monte a auga volvian.

Tardei miña madre na fria fontana  
cervos do monte volvian a auga.

Non satisfeita por estas poéticas razóns, a nai adopta unha posición más práctica:

Mentis miña filla mentis por amigo  
nunca vin cervo que volvera ao rio.

Mentis miña filla, mentis por amado  
nunca vin cervo que volvera ao alto.  
Os amores hei...

Payo Gómez Chariño e Rodrigo Gómez de Trastámera non foron os únicos troveiros galegos pertencentes á nobreza. Outros poetas nobles foron Fernán Páez de Tamallancos, ourensán, Ezair de Eannes, quen estudiou humanidades na Sorbona, o señor de Corcubión, antero de Camões, e Fernán de Esquicio, señor de Xubia.

Men Rodríguez Tenorio, fillo do almirante de Alfonso XI, Alfonso Jofre Tenorio (século XIV) viviu esiliado en Portugal moitos anos. Os portugueses mandárono de volta pra Castela no curso dunha daquelas tristes operacións chamadas "escambo" e veu morrer decapitado por orden de don Pedro *el Cruel*.

Mentras ficaba no esilio, Men Rodríguez Tenorio lembrábase da súa amiga,adicándolle os saudosos versos:

Ali hu dela quitei os meus ollos  
e me dela triste parti,  
se coidase vivir canto viví sen na ver  
nunca me valha Deus.

No mesmo século XIV tivemos outro gran xograr cortesán: Alfonso Álvarez de Villasandino.

Un día do ano 1369, Xoana de Sosa, manceba do rei Enrique II de Castela, saliu na compañía das súas donas a pasear por un xardín de Sevilla. Xoana era unha muíller fermosa, a súa imaxen no meio das frores era belida. O rei pidíulle ao xograr que lle fixera unha cantiga, entón Alvarez de Villasandino recolléu poéticamente aquil momento da xuventude frorida de Xoana:

Por un naranjal andando  
vi estar donas e donsellas  
todas de amor falando...

Pasa o século XII, encheito pola persoalidade do bispo Xelmírez, pasa o século XIII, o da frorescencia lírica, pasa o século XIV, cando na Galicia inda se escotaban as belidas trovas; veu logo o triste século XV, coas loitas civís entre os irmandiños e os feudais de Galicia, o século en que Castela, imponiendo unha man de ferro sobor da nobleza galega deixa ao noso país sen testa, sen alma...

Dempóis da desfeita perdérónse os códices, as historias e as lembranzas. A língua dos reises e dos castelos pasou a ser a língua da vergoña. Coma xa dixen ao principio, o galego evasise dos documentos oficiais, das conversas dos ricos, das escolas, das universidades...

Somente o pobo teimou de seguir empregando a língua abafada. Eles —os galegos analfabetos— convertíronse nos guardiáns do tesouro espirtoal.

No século XVIII serían doux monxes, os mestres da primeira renascencia. Falo naturalmente do ourensán Padre Feixón e do seu amigo e discípulo o pontevedrés Padre Sarmiento.

Sarmiento atopa unha carta do Marqués de Santillana que o fai cavilar.

Nesta carta o Marqués de Santillana (século XV) contaba que, sendo il neno, tiña ollado na casa da súa aboa, dona Mencía de Cisneros, o libro das cantigas galego-portuguesas. Algunhas das fermosas cantigas do libro fo-

ran escritas polo rei de Portugal don Dinis. Engadía tamén Santillana, que nos tempos da mocedade da súa aboa, cuáseque todos os poetas ibéricos trovaban sempre en galego.

Alorizado pola descoberta, o Padre Sarmiento comenzou a remexer polos arquivos nunha anguriosa percura do libro das cantigas, que non atopou.

Cecáis polas condicións do seu temperamento introvertido, o Padre Sarmiento tiña sona na corte de ser un home "extravagante".

Dempoés de que repetira púbricamente que a lingua galega fora nun tempo a lingua xeral da poesía ibérica, os eruditos casteláns pensaron que o Padre Sarmiento tolarea.

¿Cómo aceitar que os reises, os nobles, os cultos e os elegantes elexiran pra trovar un dialeito ruín?

¿Quénes eran aqueles troveiros? ¿Ónde estaban as cantigas galegas? ¿Ónde o sonado libro de que falara Santillana?

Polo ano 1850 un profesor alemán, Ferdinand Wolf, atopa o tesouro poético que, polos nosos pecados, perdéramos nós.

¿E sabedes ónde foi descobrir unha copia do libro das cantigas mentado por Santillana?

No Vaticano. Polo lugar onde apareceu este libro é coñecido coma "Cancioneiro galego-portugués da Vaticana". Achanse no texto 1.205 cantigas de cen poetas.

Ferdinand Wolf deu conta do descubrimento nun traballo científico publicado en Berlín o ano 1859: "Studien zur Geschichte der Spanischen und portugiesischen Nationalliteratur".

O "Cancioneiro da Vaticana" foi primeiro imprentado na Alemaña polo profesor Ernesto Monaci, o ano 1875.

Por aqueles mesmos anos o profesor Corvisieri encontrou na biblioteca do conde Brancutti un segundo libro de cantigas galego-portugués. Tamén participa deste

novo descubrimento o estudante Enrique Molteni, quen logo finaría aos 24 anos.

Este segundo libro, achado por Corvisieri e Molteni, era unha nova copia do orixinal libro das cantigas galego-portugués que fixera, no século XVI, o humanista italiano Anxelo Colocci. Aparecen equí todas as cantigas de "Cancioneiro da Vaticana" e catrocentas máis.

O novo cancioneiro leva o nome de "Colocci-Brancutti" e foi mercado polo goberno portugués o ano 1924. Hoxe encóntrase na Biblioteca de Lisboa.

Na mesma biblioteca de Lisboa encóntrase tamén un terceiro libro das cantigas galego-portugués: o chamado "Cancioneiro de Ajuda" por ser descoberto, igoalmente a fins do século XIX, no pazo real de Ajuda polo Lord inglés Charles Stuard.

Serían pois eruditos alemáns, italianos e ingleses que atoparon primeiro e estudaron dempois o sonado libro das cantigas.

Logo, equí en España faise un novo descubrimento. No ano 1914 Pedro Vindel, coñecido libreiro de Madrid, atopa nun anaco de pergamo que servía coma forro ao tratado de Cicerón "De officis", sete cantigas do xograr Martín Códax, coa música correspondente.

Nos cancioneiros da "Vaticana", "Colocci-Brancutti" e "Ajuda" figura unha parte, grandeira, do tesouro poético por nós perdido.

Non é, por disgracia, o tesouro cabal. Mancan áinda moitísimas cantigas das que temos somentes noticias indirectas, antre elas cantas escribiran Fernán Casquicio e Vasco Pérez de Camões, antero de Camões.

De Mendijo, un dos nosos grandes poetas, non temos senón unha cantiga, a da rapaciña namorada que agarra na illa de San Simón parolando docemente:

Sediame eu na ermida de San Simón  
e cercábanme as ondas que grandes son...

En Portugal decatáronse axiña da importancia literaria dos Cancioneiros, maxistralmente estudiados e in-

terpretados pola dona Carolina Michælis de Vasconcelos, por Teófilo Braga, polo doutor José Joaquim Nunes e outros eruditos.

Galicia tivo coñecimento da perda e descubrimento do material poético a traveso do libro *El Idioma Gallego, su antigüedad y vida* escrito polo cruñés Antonio de La Iglesia e imprentado na Cruña (imprenta de "La Voz de Galicia") o ano 1886.

Logo de recibidas as primeiras novas, pasarián longos anos sen que lles prestáramos a merescida atención. O interés despértase no ano 1905 cando don Manuel Murguía fala dos troveiros galegos nunha conferencia dita na Academia de Bellas Artes da Cruña.

Cecáis o máis estrano do estrano conto é o feito de que Galicia coñecéu unha segunda froescencia lírica no século XIX sen ter denantes concuencia da primeira. Os nosos grandes vates do século derradeiro, Valentín Lamas Carvajal, Curros Enríquez e Pondal morreron sen ter coñecimento da lírica dos Cancioneiros.

Porén dende o intre en que foron coñecidas, o galego medieval das cantigas agroma na lírica dos novos poetas.

A primeira xeneración beneficiada polo descubrimento dos Cancioneiros é a chamada "Xeneración Nós".

Coma nomes guieiros da xeneración "Nós" figuran os de Alfonso Castelao, Vicente Risco, Ramón Cabanillas, Antón Lousada Diéguez, Florentino Cuevillas e Ramón Otero Pedrayo.

Cecáis polo seu coñecimento da lírica medieval, o galego empregado polos novos mestres da nosa cultura é superior ao galego empregado polos precursores.

Ansí, coma por miragre, a nosa língua malfadada veu recobrar o seu vello esplendor, hoxe, coma proba dunha nova vitalidade, xurden novos xograres galegos (semeillantes en físico, longos cabelos e xeito de trovar aos medievais) que van de Galicia a Castela e a outras rexións ibéricas levando as nosas músicas e modiñas...

De novo a língua galega é a língua do pobo e a língua da cultura, a língua da poesía e a língua do amor...

## NOTAS

Pra a descripción xeral do Carballiño e comarca catéi os libros *Historia de Ribadavia*, polo P. Samuel Eiján, Madrid 1920, e a *Guía de Carballiño*, por Xosé Fariña Jamardo, Madrid 1961. No primeiro atópase a cita do licenciado Molina e tamén a de: "Es tan fértil toda la comarca que bañan el río Avia y el Arnoya, etc."; no segundo, noticias do nacemento de Carballiño coma unha pouzada ao pé do vello carballo, tamén as estadísticas da poboación.

O tema da Galicia romá, así como as historias dos "agüistas", o orixinal costume de colgar "o Meco" e outras singularidades poéticas vencelladas coa primaveira ourensá, pódense estudar no libro *Cosas de Orense* de Florentino Cuevillas, Orense 1969.

A evocación dos amorosos festiváis da Lupercalia e a posterior de San Valentín foron recollidos das páxinas da "Eencyclopaedia Britannica".

Pra as relacions históricas antre Ribadavia e Inglaterra catéi o libro *Ribadavia*, por Manuel Chamoso Lamas, Santiago, 1951, descobrindo que, no século XVI, Inglaterra era a maior consumidora da produción vinícola do Ribeiro.

A citada tradución de Horacio aparece no libro *Carmina*, por Aquilino Iglesia Alvariño.

A cita "El día en que la locomotora cruce vuestros valles", etc., está recollida nos *Estudios sobre Galicia* de Leandro Saralegui, La Coruña, 1888.

Do libro de Antonio M. de la Iglesia: *El Idioma gallego, su antigüedad y vida*, La Coruña 1886, está recollida a poesía "Com'a miniña tola que sai por ves primeira..."

A literatura sobor dos Cancioneiros é moi abundante. O meu estudo abrangue as fontes xurdidas do "Cancioneiro da Vaticana" ansi coma do libro das *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medieváis galego-portugueses*, edición crítica polo profesor M. Rodrigues Lapa, Coimbra, 1965; servíme xenerosamente dos libros *Cantigas d'Amigo dos trovadores galego-portugueses*, edición crítica por José Joaquim Nunes, 4 vol. Coimbra 1928, e *Glossario do Cancioneiro de Ajuda*, por Carolina Michælis de Vasconcelos, Lisboa, 1922. Traballéi tamén no texto das *Cantigas de Santa María* de Alfonso o Sabio, introdución do Marqués de Valmar, Madrid, 1889. Nos estudos críticos citados arrinquéi as referencias e datos percisos pra entender a laboura e refacer parte da vida dos xogrades e das xograrezas, achando novas e curiosas informacións nos seguintes libros: *Los trovadores gallegos*, de Manuel Murguía, conferencia dada na Academia de Bellas Artes de La Coruña, La Coruña, 1905; *El Idioma Gallego, su antigüedad y vida*, por Antonio M. de la Iglesia, La Coruña, 1886; *Algunos temas gallegos*, por Andrés Martínez Salazar, La Coruña, 1968; *La literatura medieval en Galicia* por José Mouríño, Madrid, 1929; As informacións citadas debo engadir as recollidas na *História crítica de la Literatura gallega*, por Augusto G. Besada, 2 vol. A Cruña, 1887, *Historia de la literatura gallega*, por Benito Varela Jácome, La Coruña 1951, *Escolma da poesía galega, escola medieval galego-portuguesa 1198-1346*, edición de Xosé María Alvarez Blázquez, *Dos mil nombres gallegos* por Francisco Lanza Alvarez, "Revista del Instituto Cornide de Estudios coruñeses", n. 3, La Coruña, 1967.

## VERBAS GALEGAS EN BUENOS AIRES

## A GRAN XENERACIÓN "NÓS"

Gracias irmáns polo honor que nos confire a vosa invitación, gracias pola vosa asistencia. Hoxe, por primeira vez, vou falar en público pra unha comunidade galega das Américas e de certo sinto unha fonda emoción<sup>1</sup>.

Estou eiquí —chegada da nosa lonxana e belida Galicia— pra falarvos dunha xeneración estraia de homes galegos, da chamada "Xeneración Nós".

Porén, denantes de falar da Xeneración Nós, compre lembrarse da laboura dos Precursores.

Risco, que sempre estaba mentando o fado hindú, o Karma, esplicaba que o Karma é a suma dos feitos dos nosos devanceiros e dos nosos propios feitos.

Xa vós sabedes que, dende o século XV, cando a Galicia feudal foi asoballada polos Reises Católicos, a nosa terra ficou calada e esmorecente.

Castelao di que o silencio literario galego débese á imposición oficial do castelán; a xente falaba nunha lingua que non escribía e escribía na lingua que non falaba.

Soio cando certas crases acadaron o bilingüismo Galicia rompe a falar nas dúas línguas.

Débense aos Padres Feixóo e Sarmiento (xa no século XVIII) as primeiras gabanzas que, dende a desfeita, recibira a lingua galega.

Non era certo que o galego fora un dialecto dexenerado do portugués, senón, polo contrario, a raigaña nai da lingua portuguesa.

<sup>1</sup> Conferencia no salón Castelao do Centro Gallego de Buenos Aires, o luns 19 de xullo de 1971, Xornadas Patrióticas Galegas.

Os sabios prestaron a primeira axuda e non pasarián moitos anos sen que xurdira novamente o espírito galego, cecáis alporizado polas ferventes verbas do poeta Añón:

Ai, esperta adourada Galiza  
deste sono en que estás debruzada...

Comenza a renascencia da cultura catalá o ano 1859, data en que se celebraron os primeiros Xogos Froráis situando Victor Balaguer coma mantedor dos mesmos desenrolados na salón de *Consello do Cento* de Barcelona.

Alumiñados polo exemplo catalán dous intelectuáis da Cruña, os irmáns de la Iglesia, aguisan o ano 1861 os primeiros Xogos Froráis galegos e a primeira Escolma de poesía.

Pra os primeiros Xogos Froráis galegos deu os cartos un *indiano*, home intresante e culto, don Pascual López Cortón.

Unha filla do señor López Cortón casaría con don Manuel Bartolomé Cossío —un dos dirixentes da “Institución Libre de Enseñanza”—, outra filla co filósofo galeguista Xoan Vicente Viqueira, tamén formado na *Institución*. Polas bodas das señoritas López Cortón prodúcese a xuntanza entre unha rama do galeguismo e a louvada *Institución Libre de Enseñanza*.

Ao espreguizarse Galicia do sono xurde tamén un movemento de inquietud social na xuventude galega.

Líder da *rebeldía* será un estudiante de Betanzos, Antolín Faraldo, fillo dun escribano.

Antolín Faraldo cingue o fado da mocedad ao fado incerto dun *pronunciamiento* militar que tería un fin tráxico en Carral. Faraldo, fuxido en Portugal, morrería lonxe de Galicia aos trinta anos.

A inquietud social-política rexurde no banquete de Conxo cando os estudiantes e os obreiros de Santiago de Compostela xuntáronse na carballeira cercada polos soldados e a policía.

O temor das autoridades non estaba cecáis xustificado, mais na esfera do espírito foi aquil un dos aitos que deixaron unha sinal na historia de Galicia.

Tratábase naquela xuntanza do ano 1856 de acadar a solidariedade das crases sociáis. Nos brindis de Aguirre e de Pondal brillou o anejo de libertade e democracia na- do nos corazóns sinxelos de estudiantes e artesáns.

Os estudiantes Aguirre e Pondal eran, daquela, moi novos.

Aguirre morrería no seguinte vran, afogado na mar da Cruña.

A vida de Pondal sería longa. Era médico coma Castelao e, coma Castelao, non exercía a profesión. Tivo unha modesta facenda que lle permitía vivir nunha aura poética. Conxurada pola lírica de Pondal renasceron os esquecidos celtas, os druídas, os bardos, a liturxia dos castros e o *substratum da protohistoria*.

O himno galego é unha chamada pra os durmientes: “esperta do teu sono, fogar de Breogán”.

Desperta, ou semi-desperta, Galicia pregúntase cá é o seu fado, enténdese que a crave do porvir está no coñecimento do pasado.

A nova concencia histórica ten dúas facianas, dous nomes: Manuel M. Murguía e Benito Vicetto.

As dúas grandes persoalidades do renacer galego tiñan a xenética mesturada. Vicetto era fillo de nai galega e de pai italiano. O pai era o capitán dunha *goleta pirata* que facía contrabando entre Génova, Trieste e a Ría de Arousa.

Murguía era o fillo do boticario Martínez, de Santiago, a nai era vasca.

Vicetto herdou do pai a fermosura. Tiña a cabeza dunha estatua romá. As súas primeiras novelas, coma *Los hidalgos de Monforte*, seguían a liña dun Walter Scott, escribiú logo unha *Historia de Galicia* en sete volumes e a novela autobiográfica *Victor Basben*, o Werther galego.

Manuel Murguía móstrase pagado dos seus anteriores

vascos. "Mi madre —escribe nos *Precursores*— era de esa orgullosa tierra en que ni se teme ni se miente".

Esquecendose do nome do pai, sempre firma co nome vasco da nai. O Patriarca das Letras Galegas, o catalizador da renascencia, era tan cativo de corpo coma grande de espirito.

Pola teima de parescer máis alto, sempre levaba posto o sombreiro de *copa*. Os rillotes da Cruña bulfábanse del. A súa propia dona, Rosalía de Castro, tomóulle xentilmente o pelo naqueles versos festivos:

Meu santo San Antonio  
daime un homiño  
anque o tamaño teña  
dun grau de millo.

Pra a Real Academia Galega a renascencia literaria galega ten unha data percisa: o no 1863, cando Rosalía de Castro pubrica en Vigo os *Cantares Gallegos*.

Cos "Cantares" xurde un dos máis grandes poetas de Europa e rexurde tamén a esquecida e, dende séculos abafada língua galega.

Naquela fermosa muller que foi Rosalía de Castro, fruto do amor imposibel dun crego e unha fidalga, dase un mirage: a xuntanza espritoal do feudalismo e do pobo alonxados dende as loitas civís do século XV.

Pola banda da nai, Rosalía pertece á fidalguía, polo pai é unha labrega. Críase como unha nena labrega na casa dos abós, e cecais sería esta crianza a que lle permitiu entender e apreixar líricamente a traxedia e a dor do pobo.

Na persoa de Rosalía de Castro materialízase o espírito do "banquete de Conxo".

¿Cómo encontrar as verbas que nos devolvan o significado de Rosalía? Rosalía é pra nós coma unha santa, coma unha deusa da raza.

Na mesma eirexa de Santo Domingo de Compostela, nun sartego perto do de Rosalía Castro, fica dende o ano

1900 o profesor Alfredo Brañas, unhas das outas persoalidades da Galicia moderna.

Brañas nascéu en Carballo, profesor de Dereito da Universidade de Compostela, a súa entrada no galeguismo sinala tamén o vencellamento dos mestres no movemento cultural criado polos estudiantes.

A gran executoria de Alfredo Brañas foi a de xuntar dous conceptos que non estaban ben ligados nas teorías de don Francisco Pi y Margall. Federalismo e Rexión histórica.

Brañas imprenta o seu libro *El Federalismo* o ano 1889.

Logo foi invitado a Cataluña pra dictar unhas conferencias. Estas conferencias (polo que dixo Cambó) impresionaron fortemente a Prat de la Riva, que daquela inda era estudiante, e abriron luces pra a cuestión catalá.

Ao mesmo tempo, as teorías de Brañas exercen unha grande influencia no desenrolo espritoal de Sabino Arana Goiri. A renascencia vasca xurde pola acción do partido nacionalista fundado por Sabino Arana o ano 1894, namentres que do rexionalismo de Prat de la Riva nasce o movemento político da Mancomunidade catalá.

Nen Alfredo Brañas, nen o seu discípulo Manuel Murguía eran homes políticos, así que non chegarían a formar partido nem organizaron as forzas pra trasformar a teoría en práctica.

Eles fuxiron da acción conformándose coa conquista das intelixencias e a denuncia do centralismo.

Encarregado de pronunciar o discurso de apertura do ano académico de 1892, Alfredo Brañas falou ansi:

"Si la centralización en todas sus formas ha sido la causa única de la crisis económica de la época presente, está claro que la descentralización regional, en sus manifestaciones correlativas será también el único remedio que podamos aplicarle".

Brañas tivo moitos discípulos na Cruña e un deles sería don Euxenio Carré Aldao.

A familia Carré, de orixen catalán, descendía de Juan

Carré Bartrá, o mozo panadeiro de Gerona que foi pra a Cruña unhos anos antes da revolución de Riego. Era moi boa persoa, estivo na cadea por liberal.

Don Euxenio Carré Aldao tiña unha librería no Riego de Agua, chamada en recordo das teorías de Brañas, "Librería Regional".

Don Celso García de la Riega, que estaba rifado con don Euxenio Carré Aldao, bautizaría o local e máis a tertulia que ali se xuntaba, co nome de "A cova céltiga".

Gostaba don Euxenio de que o chamaran polo seu nome galego: Uxío. Mais en verdade nin lle decían Euxenio nen Uxio, senón que os tertuliáns chamábanlle "papá Carré".

A tertulia da "Cova céltiga" asistían Murguía, Pondal, Martínez Salazar, Lugrís Freire, Eladio Rodríguez González, Vaamonde Lores, Tettamancy, Estrada Catoira, Salvador Golpe...

De cando en cando tamén Emilia Pardo Bazán facía lle unha visita a papá Carré. A dona gostaba de parolar cos intelectuais rexionalistas. Somentes parolar. Emilia era unha muller cobizosa, quería ter o tíduo de condesa reconecido en Castela, quería a banda de María Luisa, quería formar parte da Real Academia Española, quería ser profesora de Literatura da Universidade Central, quería ter a Prensa de Madrid ao seu servizio. Decatábase Emilia Pardo Bazán que enrolándose na escola cultural galega iba a ter poucas, ou cecás ningunha, das prebendas areladas.

Do movemento rexionalista creado por Brañas e Murguía xurdiron a "Liga galega", do ano 1897, as campañas de "Solidaridade galega", as Asambleas de Monforte dos anos 1808, 9 e 11, e o movemento agrario de "Acción galega" que dirixía Basilio Álvarez, abade de Beiro, a "Real Academia Gallega", e as "Irmandades da Fala" o ano 1916.

As Irmandades foron feitura dos irmáns Antón e Ramón Vilar Ponte. Antón Vilar Ponte (outro nome máxico

na historia do renacer cultural galego) era boticario. Tivo unha botica en Foz que deixó polo periodismo, polos libros e as conferencias.

Antón Vilar Ponte escribiu un libro sobre do rexionalismo que foi un "best seller".

O fundador das *Irmandades* era un romántico. Sendo mozo traballou coma periodista en Cuba, onde se meteu en moitos lios, entre eles nun *desafío a espada*. Polas condicións do terreo decidiron os padriños que os duelistas tiñan que descalzarse, Antón Vilar Ponte lembrouse do seu calcetín roto e, con perigo de vida, quedou cos zapatitos postos.

Un certo recendo do romantismo de Vilar Ponte impregna ás *Irmandades da Fala*; noustante non todo era romanticismo, baixo a inspiración de Lois Porteiro Garea as "Irmandades" teimaron de facer unha laboura política, de partido.

Porteiro Garea era de Lugo, profesor de Dereito Civil da Universidade de Santiago de Compostela.

Tamén a mocedade galega enrólase nas *Irmandades* e daquela xurden os nomes logo consagrados pola sona: Cabanillas, López Abente, Castelao, Eladio Rodríguez y González, Vicente Risco, Noguerol, Lugrís Freire, Quintanilla, Peña Novo, Lousada Diéguez...

As *Irmandades da Fala* da Cruña imprentan de novo unha revista, *A nosa terra* que fora fundada por Carré Aldao.

A primeira xuntanza das "Irmandades" celébrase en Lugo, o ano 1917, pola iniciativa de Lois Porteiro Garea; a segunda tivo lugar en Santiago, onde pediron a creación de cátedras en galego e a de unha Universidade industrial; a terceira foi en Vigo, pídense unha nova legislación que acabe co absentismo agrario; a cuarta xuntanza desenrolouse en Monforte, onde era notario Banet Fontenla, ali pidan que señan redactados en galego os documentos notariáis e xudiciais.

Na derradeira xuntanza tomou parte Cambó, chegando espresamente de Cataluña. Un xoven de Ourense, Vi-

cente Risco, dixo as verbas limiares no aito da presentación de Cambó.

Pasados os anos, e xa escribindo eiquí, en Buenos Aires, Castelao diría: "Sempre, sempre me lembraréi das quelas xuntanzas, cando comprobamos que, por falarmos galego podíamos discutir sin disputar. E sobor de todo aquel sentido afán de chamarnos *irmáns*".

Non hai dúbida de que, baixo a influencia do profesor Porteiro Garea, as *Irmandades da Fala* teimaron convertirse nun partido político, mais coma os irmandiños fora das ferventes mocedades non tiñan clientela dabondo, era forzoso acadar a colaboración dos partidos que eles consideraban achegados, principalmente a dos republicáns históricos.

Dende o Casino da Cruña, os republicáns dominaban o concello e a política da cidade. Eran federalistas pimargaliáns, moi boa xente, moi moral, moi patriótica, bos amigos dos seus amigos. Tiñan todas as virtudes habidas e por haber, mais non eran galeguistas no senso das "Irmandades".

Sempre que se refería aos inteleituáis da "Cova céltiga", o Médico Rodríguez, un dos más ilustres republicáns da Cruña, chamáballes "enxebres trogloditas".

No seu libro *Los desastres y la regeneración de España*, o Médico Rodríguez escribe: "Si los regionalistas siguen el mismo camino, el porvenir no puede reservarles otros destinos que componer cantos célticos y tocar la gaita gallega y entonar endechas a los reyes suevos".

"A incomprendión do Casino —diría logo Castelao— obrigónos a deixar a política militante pra entregarnos de cheo á laboura cultural".

Botándose fora da política, as *Irmandades da Fala* adicáñanse ao ensino do galego, crean o primeiro Conservatorio de Arte nacional galego e unha Escola dramática onde estrenaron moitas obras, antre elas *Man de Santiña* de Ramón Cabanillas.

Daquela semente cultural, dainxente laboura realizada polas *Irmandades da Fala* iba xurdir a máis bril-

te xeneración literaria de que se ten lembranza en Galicia dende os tempos dos xograres medievais, a "Xeneración Nós".

A *Xeneración Nós* ten, pra a cultura galega, un significado semellante ao que tivo a *Xeneración do 98* pra a cultura ibérica.

Os nomes guieiros da *Xeneración Nós* son os de Daniel Castelao, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Antón Lousada Diéguez e Florentino Cuevillas.

Outros nomes ilustres da cultura galega avencéllanse cos denantes citados: Antón Vilar Ponte, das *Irmandades da Fala*, Xohán Vicente Viqueira, o filósofo galeguista da *Institución Libre de Enseñanza*, Antón Noriega Varela, o poeta da montaña; lembrémonos tamén dos oradores e políticos: profesor Porteiro Garea, Leonardo Rodríguez, Xaime Quintanilla, Luís Peña Novo...

No xuvenil cortexo que sigue as pegadas da *Xeneración Nós* encóntranse os mozos máis brillantes da xeneración intelixente logo malferida i espallada pola cruidade do noso recente pasado.

É pra min hoxe moi emocionante evocar a memoria de Castelao eiquí en Buenos Aires, no "Centro Gallego" que lle deu hospitalidade e acougo, nesta sala que leva o seu nome, na mesma casa onde ficou morto... ante vós que o coñecéstedes e tivéchedes por el a meirande devoción. Aquel home esgrevio acadaba máis amor que ningún outro galego do seu tempo e doutros tempos.

"Cada povo —dixo o noso filósofo Ramón Piñeiro— vai realizando o seu íntimo ideal de bondade gracias á eisistencia dalgúns homes superiores que consumen a súa vida nun perene sofrir polos males de todos".

Castelao era o símbolo das arelas morales do pobo galego.

Algúns dos eiquí presentes formabades parte daquil cortexo afervoadoo que recibiu a Castelao cando chegou, no vapor "Argentina", o ano 1940.

Ao ano de chegar Castelao asistiades ao estreno da súa obra *Os vellos non deben de namorarse*.

Coñecéstedes a Castelao eiquí, no Centro, noutras sociedades galegas, especialmente no "Centro Ourenseán", ou cecáis na súa casa no piso séptimo da Avenida Belgrano, 2605.

Lonxe da terra, aquecido o corazón pola vosa xenerosidade, Castelao traballaba no seu testamento político, *Sempre en Galiza*, que foi tamén imprentado polos galegos arxentinos o ano 1944.

Lembrémonos cando, no mes de xullo do ano 1947, chegou a Buenos Aires, convidado por vós pra participar naquelhas "xornadas patrióticas" don Ramón Otero Pedrayo, que pasaría longas horas perto do seu irmán Castelao.

Logo don Ramón escribiría: "Naquelhas conversas na casa de Castelao tiñamos a seguranza de que non había de voltar vivente a Galicia... cada día Castelao facíase más transparente, más espirto..."

"O día 5 de setembre do ano 1947 —conta don Ramón no *Libro dos Amigos*— apretéi por derradeira vez o corpo levián de Castelao".

Cando penso naquela aperta que se deron eiquí, en Buenos Aires, Otero Pedrayo e Castelao, descobro o trasunto racial. Pra min é a longa *perta* que, por enriba do mar, cincue e vencella espiritualmente á nosa Galicia e á vosa Galicia. A Galicia xeográfica e a Galicia da emigración e do exilio.

A doença entró no corpo levián de Castelao. A dor fixo presa del e deulle un nome "o peteiro do corvo". Dixo que tiña un corvo petándolle no peito. E logo tiña outra doença: a morriña. Non quería morrer lonxe da terra, coma Curros Enríquez. Nos derradeiros tempos foi cando lle dixo a un dos nosos paisanos que marchaba pra a Cruña:

"En chegando, precuras un piñeiro e daslle por min unha aperta e un bico".

Veu logo o triste día da operación. Xa vós sabedes que Castelao afrontou o trance coma un estoico. Cando o levaban pra o quirófano, eiquí neste Sanatorio do Centro, inda lle contó un chiste á enfermeira sobor dun alagamento en Padrón, dos afogados que chegan ao ceo, e coa teima de falar da forza das augas fan rir a un dos benaventurados: a Noé.

O día 7 de xaneiro do ano 1950 morréu Alfonso Castelao. Morréu lonxe da terra coma Curros Enríquez. Foi levado por vós ao panteón do Centro Gallego, no cemiterio da Chacarita. "Donde él esté está también Galicia" dixo na hora do entierro o presidente do Centro Gallego, daquela don Xosé Villamarín.

Morto Castelao, foi cantado polos poetas irmáns. ¿De qué morréu a nosa prenda? pregúntase Cabanillas, e déunos a resposta:

¡Morréu do mal dos bos e xenerosos!  
¡Morréu de amor á terra!

Agora o seu nome avencéllase na leenda racial co nome do Mariscal Pardo de Cela. Un poeta galego arxentino, o voso Avelino Díaz, recolléu o sentir da colectividade:

¡Ouh mestre ben amado,  
ti non te fuches, non estás ausente,  
que por nós ven lembrado,  
decote estás presente  
no noso corazón i a nosa mente...

Agora agardamos que non tardará en chegar o día en que os discípulos de Castelao (coma outrora os discípulos xacobeos de Palestina, coma os discípulos priscilianistas na Alemaña) poidan recoller o corpo do noso mártir e levalo pola mar até a Galicia, pra enterrar os restos no panteón de galegos ilustres, perto de Rosalía de Castro, perto do mestre Alfredo Brañas.

Castelao nascéu en Rianxo, a vila do almirante Payo Gómez Chariño, conquistador de Sevilla, e do poeta Manoel Antonio, o día trinta de xaneiro do ano 1886.

Era, como vós ben sabedes, fillo do patrón de pesca Mariano Rodríguez Dios e de Xaquina Castelao Jaumes, unha fermosa muller dese tipo helénico que se dá tan ben nas Rías Baixas.

Levárono a cristianar na eirexa de Santa Comba.

—¿Cómo se vai chamar o neno? —preguntaría o crego, don Xosé Magariños.

—Daniel —respondéulle a madriña.

—Moi ben, daquela chamaráse Alfonso.

E o crego —fervente monárquico— bautizóu ao neno co nome do futuro rei de España, que inda non nascera, pero do que xa se sabía que, de ser neno, chamaríase Alfonso coma o pai.

A Mariano e Xaquina non lles gostou ren o cambeo, cecáis por non ser tan monárquicos coma o crego. Na familia, e pra certos amigos, Alfonso sería sempre Daniel.

Moitos dos discípulos hoxe chámanlle tamén Daniel.

Coma vós mesmos, o pai de Castelao veu emigrado pra esta terra hospitalaria e xenerosa. Eiquí tivo unha pulpería na Pampa. Mandou logo vir á familia.

Castelao chegou eiquí o ano 1896, cando tiña dez anos.

O feito de ser un neno emigrante marcóuno psicolóxicamente pra toda a vida. Estivo perto da violencia e da morte, sofríu medo, tivo morriña, a experiencia persoal xurde na laboura artística.

En *Retrincos* coma en *Os dous de sempre* encóntranse anacos das primeiras vivencias.

Lembrándose da pulpería do pai, Castelao di: “Pra rexir semellante negocio compría conquerir sona de valente”.

Na pulpería da Pampa recibíase aquela revista dirixida polo galego Xosé María Cao. Ollando pra os dibuxos e caricaturas de Cao na revista “Caras y Caretas”, nasce a vocación artística do noso Castelao.

Mariano Rodríguez, noustante, quería facer do rapaz

un industrial, mais conta que, cando quedaba soio na tenda, Castelao despachaba “a ollo, a encher”, dáballe igoal un kilo coma kilo e meio...

Gostaba do arte, gostaba da vida ceibe dos “gauchos”, de correr a cabalo pola Pampa...; temendo que estas aficións o convertiran nun auténtico “gaucho”, o pai mandóuno —coa nai e as irmás— pra Galicia.

Ansi Castelao somente ficou catro anos na Arxentina, dos dez aos catorce, mais coido que a experiencia americana sería fundamental na formación da súa persoalidade: achegado ao pobo vencellouse cos emigrantes gallegos, sintíndose perto daqueles probiños que —eternamente malferidos polo fado— non atoparon nas Américas cousa millor que novas penas, novos abaixamentos, novas doenzas...

Afincado novamente en Galicia, o rapaz Castelao fixose bachiller en dous anos, e cursa a carreira de Meicíña, tamén en Santiago de Compostela, na Universidade de Roberto Núñez Santos.

Era un estudiante moi querido, cecáis porque tocaba a guitarra e facía dibuxos e caricaturas ¡i era tan simpático!

Fixose licenciado o ano 1909.

—¿Cuáles eran sus sentimientos el día en que se hizo médico? —preguntaríalle pasado o tempo un periodista.

—¡Mis sentimientos! ¡Os mesmos que cando me dieron a licencia de caza! —respondéulle co sorriso meigo.

Somente dous anos exercéu Castelao a profesión de médico en Rianxo. Ao mesmo tempo nasce a súa vocación periodística e política.

Eduardo Dieste, Xosé Arcos e Alfonso Castelao, que daquela sempre firmaba Alfonso Rodríguez, uniron forzas pra imprentar a revista “El barbero municipal” que tiña coma teima a de amolar a don Manuel Viturro.

Don Manuel Viturro era o segredario da diputación da Cruña e o cacique de Rianxo. Coma don Manuel Vitu-

rro era *liberal* o semanario declarárase *conservador*. Pra o xoven Castelao o cacique era o demo. Pasados os anos e xa no esilio, Castelao recoñecéu que o caciquismo pode ser unha das formas primarias da democracia representativa.

O ano 1912 Castelao cásase cunha elegante señorita da Estrada, Virxinia, filla do abogado Camilo Pereira. Casounos unha persoalidade por vós ben coñecida: o crego Antonio Rey Soto. Virxinia morréu no nadal de 1969 en Madrid. Xa vós sabedes coma era Virxinia, muller fermosa na súa xuventude, traballadora, discreta e digna.

Xa casado, Castelao tivo que facerse con ingresos regulares e fixo oposiciones pra entrar no corpo de *Estadística*.

—É unha carreira de moito porvir —dicia—, o presente é malísimo.

O ano 1916 foi destinado a Pontevedra e dende entón (fora dos meses en que estivo desterrado en Badajoz e dos que pasou en Madrid coma diputado) sempre viviu aló, até a guerra civil.

Unha das características dos homes da *Xeneración Nós* era a de non quereren saír de Galicia. Ao reverso da dona Emilia Pardo Bazán, ao reverso de Valle Inclán, os homes de *Nós* refugaban tanto a Madrid coma os éxitos cortesáns. Non tiñan outra teima que non fora o desenrollo da cultura galega.

En Pontevedra, Castelao e Virxinia sofriron a gran tragedia da súa vida: morrélles o seu fillo único, rapaz de 13 anos.

Esta tragedia síntese na obra de Castelao, onde sempre fala dos nenos con tanto amor.

Manuel Murguía, o patriarca das Letras Galegas, era un home moi pequeno, polo contrario Alfonso Castelao era tan alto que chegou a ter vergonza e cecáis por iso andaba coma encorvado. Daquela os galegos eran más cativos que son hoxe.

Inda de novo, Castelao xa tiña pouca vista e gastaba

anteollos. O seu sorriso malicioso facía pensar no Daniel de pedra do *Pórtico de la Gloria*, da Catedral de Santiago.

Había en Castelao un certo magnetismo que lembraba o de Nóvoa Santos, un engado enfeitizante que conquería os corazóns, era especialmente querido pola mocedade.

Unha serán do mes de San Xoan do ano 1920 xuntáronse en Pontevedra Castelao, Lousada Diéguez, Cabanillas e Vicente Risco pra tratar de fundar unha revista galega.

Encontráronse no café Méndez Núñez.

Vicente Risco tiña daquela 36 anos, era o único que entendía un tantiño de revistas, pois xa creara (e matara) unha, a estrana pubricación neosófica “La Centuria”.

Falouse primeiro de cartos.

—O caso —dixo Risco— é tirar o primeiro número, logo xa se verá.

Pra o primeiro número adiantou os cartos Lousada Diéguez.

Parte de Castelao a proposta de que a revista se chame “Nós”. Ao dicir “Nós” ¿pensaban somente neles, o cativo grupo intelectual? ¿pensaban tamén no pobo?

Ourense é un semilleiro de talentos. Tivo, na aura renascente, ao gran poeta Valentín Lamas Carvajal, aos eruditos don Benito Fernández Alonso, Saco y Arce, Marcelo Macías, Antonio Rey Soto, e tivo tamén, por enriba de todos os pensadores e poetas, a Manuel Curros Enríquez, o xenio irmán de Rosalía de Castro.

Agora en Ourense iba a aquecer un novo movemento galeguista ideado por Vicente Risco.

Vicente Risco foi un dos homes más intresantes e psicolóxicamente más complicados que xurden na Galicia moderna.

En pequeno tiña unha certa semellanza física con

Castelao (a mesma fina estampa de intelectual). O seu nome completo era Vicente Martínez-Risco Agüero.

Risco nascéu en Ourense na casa, propiedade dos abós de don Ramón Otero Pedrayo, inda hoxe residencia de don Ramón. A casa número 25 da rúa da Paz, ansi chamada en conmemoración da *Paz de Vergara* do ano 1839. O nome medieval da rúa era —dende o século XIV— un nome gremial, *rúa dos Zapateiros*.

A familia de Risco ocupaba o primeiro andar, a de don Ramón o segundo.

Risco era cativo de corpo, de xenio rabudo e tíñalle medo ás arañas e ás matemáticas.

Os pais de Risco eran moi boa xente, pero tiñan dúas manías: os purgantes e as cámaras pechadas.

Vicente Risco estudiou no vello Instituto, sito onde hoxe está o pazo bispal, non adeprendéu moito nas aulas pero sí nos xantares cunhas tías vellas.

De neno, Risco e máis o seu amigo Otero Pedrayo representaban unhas farsas de carácter medieval, "Os castelos de Adolfo", con persoaxes de papel que manexaban coas mans. Dende neno acendéuse en Risco un espírito de misterios e iniciacións, de cencia oculta, solemnidade e apocalipsis.

Pra darlle satisfacción aos pais, que o querían maxistrado, Risco estudiou a carreira de abogado en Santiago de Compostela por libre. Non sabía ren de dereito civil ou canónico, do que sabía moito era dos misterios expíos, das relixións indias, das conxugacións sánscritas, da liturxia do kalevala.

Arrincaba os estranos coñecimentos de libros franceses, especialmente do Budismo esotérico de Sinnet.

Risco conqueriu unha cultura rara, hermética, enfeitizada.

Cando non estudaba as cousas de Babilonia facía vida de sociedade. Era un tantiño *snob*. Ás veces compuña o seu albre xenealóxico, inda que a súa fidalguía non era moi esaxerada.

Viña dunha vella familia de Castro Caldelas. Un dos seus abós foi boticario.

Daquela, inda o xoven Risco estaba moi alonxado da cultura galega.

Tendo unha vocación filosófica, a precisión de gañarse a vida forzouno a opositar ingresando, co número 1, na escola do Maxisterio.

Foi profesor de Historia na Escola Normal de Ourense, cidade onde sempre viviu, a excepción dunhas meses que pasou en Madrid dempués da guerra civil.

Logo de dar voltas e revirivoltas, de debullar no sánscrito e de saber máis dos misterios expíos que o mesmo don Primitivo Rodríguez Sanjurjo (don Primitivo Rodríguez Sanjurjo era un dos expertos órficos de Ourense) Vicente Risco veu descobrir Galicia polo camiño do druidismo, Prisciliano e a Santa Compañía. A beleza melancólica dunha cultura en trance de morte alumea en Vicente Risco unha enerxía de apóstolo. Ingresou nas *Irmundades da Fala*.

Ramón Cabanillas, que tiña dez anos máis que o Risco, era natural de Cambados. Achegouse á ialma de Galicia na emigración. Na Habana imprenta os libros *Do desterro* e *Vento Mareiro* onde brila a fonda cultura humanística recollida —fora estudiante de crego— no Seminario de Santiago de Compostela.

Ramón Cabanillas iba ter unha vida longa e fecunda. Eu presenciéi a súa *coronación* coma poeta laureado da raza en Padrón.

Foi coma unha antiga ceremonia de vello ritual, como a esaltación druídica dun bardo.

Con un libro de Ramón Cabanillas *Antífona da Cantiga* nasce, o ano 1951, a editorial "Galaxia que viña continuar a laboura cultural comenzada pola "Biblioteca Gallega" e pola "Editorial Nós".

Antón Lousada Diéguez, que debía ter os mesmos anos que Cabanillas, era natural da Estrada. Estudante na

Universidade de Deusto caeu baixo o engado da forza exemplar de Vasconia.

Era ese raro espécimen do galeguista carlista.

Foi primeiro profesor de Filosofía do Instituto de Ourense e logo do de Pontevedra. Na epidemia de tifus morréu en Ourense a súa primeira muller, que era unha señorita da casa de Valladares, sobriña neta de don Marcial, o autor do Diccionario, e da primeira novela en galego *Marina ou a filla espúrea*.

Lousada Diéguez morréu en Pontevedra o ano 1929. Dempón do entierro Castelao falou con don Ramón Otero Pedrayo:

—“Imos facer un libro sobre Lousada, un libro encuadrado en ouro, ilustrado por mi”.

De Lousada quedan algúns contos e artigos espallados nos xornáis. Pra “Nós” escribiu a “Teoría cuasi trascendente da velocidade”. Deixó tamén un ensaio dramático inédito “A Domeadora”.

Eu non conozzo a obra literaria de Lousada Diéguez, mais coido que non reflexa a importancia atinguida polo mesmo Lousada no desenrollo cultural galego.

Lousada Diéguez exercéu un maxisterio persoal e si eu teño unha noticia esacta do seu significado, non é polo que ún pode ler nos libros senón polo que me contou don Ramón Otero Pedrayo.

—Non teño coñecido persoalidade de semellante forza suxestiva —dí don Ramón.

Pouca xente sabe que don Ramón foi levado ao galeguismo por Lousada Diéguez.

Don Ramón foi o fillo único que tiveron o doutor Otero e a súa dona, Eladia Pedrayo Sotelo, petrucia de Trasalba.

O abó de don Ramón era o xefe do partido conservador de Ourense. Pra algúns era lóxico que fora conservador xa que tiña moito que conservar.

Ramón pasaba os invernos en Ourense e os vrans en Trasalba.

¿Cómo aduviñar daquela que o Pazo de Trasalba che-

garía a adequirir a mesma groria que o Pazo de Casdemiro, fogar do Padre Feixoo?

Ramón Otero Pedrayo estudiou Filosofía e Dereito en Madrid. Daquela non toleaba polos libros de texto. Gostábanlle as rapazas loiras e pasear, moi elegante e ben posto, pola Carrera de San Jerónimo.

Xa estaban as *Irmundades da Fala* en marcha, xa estaba o seu amigo Risco envolto no engado galeguista e ainda don Ramón vagaba polos vieiros da cultura francesa.

Era un xoven mouro, atractivo, escanizado e de pouca saúde. Doña Eladia tremaba de que morrera noviño. Doña Eladia tiña a ilusión de que Ramón casara con unha sobriña de Montero Ríos e que chegara a ser académico de “Ciencias Morales y Políticas”. A forza magnética, a suxestión do pontevedrés Antón Lousada Diéguez arrincou a don Ramón do seu vagar e obrigoulle a enfrentarse co seu sino.

Achácase a misión que sempre foi fácil pra don Ramón Otero Pedrayo de ser o representante da nosa cultura e do inmorrente espírito galego.

Florentino López Alonso Cuevillas estudiou o bachillerato no Instituto de Ourense con Risco e más con Otero. Era o fillo póstumo e único dun Delegado da Facenda, pola nai pertencía a unha vella familia ourensá.

Cuevillas estudiou a carreira de Farmacia en Santiago de Compostela, mais logo prefirió ingresar na Facenda de Ourense a poñer unha botica.

Seguramente foi unha sorte pois, pra farmacéutico, *Floro* (coma familiarmente o chamaban) tiña demasiada afición a tomar píldoras e meicinas.

—Si Cuevillas tiene una farmacia —dixo un amigo— se la devora él solo en ocho días.

O primeiro traballo coñecido de Cuevillas é un estudo encol da revolución rusa, imprentado na revista neosófica de Risco “La Centuria”.

Cuevillas comenzou falando, con moito detalle, dos

*preliminares e causas e morréu a revista neosófica de nantes de que Cuevillas chegara á revolución.*

Logo Cuevillas escribiría pra “Nós” aqueles belidos artigos onde falaba do tempo e da vida. Víñeron dempois (a partir do número 9 de “Nós”) os estudos arqueoloxicos comenzando pola mansión de Aquis Querquennis.

Pola súa exemplar dedicación, polo seu talento literario e científico coñecemos millor a Galicia céltiga e precéltiga, as poblacions que moraban nos castros e aqueles misteriosos antergos dos galegos, os *Oestrimnios*.

A tarefa admirábel de “Floro” Cuevillas foron vencellándose pasenfiamente homes xóvenes que tamén adicarián as súas enerxías ao esclarecemento do pasado galego, coma Fermín Bouza Brey, Xaquín Lourenzo e outros.

O primeiro número da revista “Nós” aparece o dia 30 de outono do ano 1920. “Nós” impréntase primeiro en Ourense, dempois na Cruña e —xa nos derradeiros tempos— na Editorial Nós de Santiago de Compostela, da que era director - propietario o benemérito don Ánxel Casal.

A inquietanza que desperta “Nós” alumea o movemento estudantil encamiñado a galeguizar a Universidade de Santiago de Compostela, do que nascerían o “Seminario de Estudios Galegos” e o proyecto da Residencia de Estudantes.

Da revista “Nós” imprentáronse 138 números, o 139 non chegou a sair polos acontecimentos do ano 1936. “Nós” era unha publicación tan xeitosa coma probe, que non chegou a tirar enriba de 500 exemplares. Estaba sempre en perigo de morrer e, si viviu tanto tempo foi polas axudas dos amigos e colaboradores, principalmente pola subvención que lle pasaba o gran político pontevedrés Manuel Portela Valladares.

Pese ás axudas, “Nós”, que era unha revista “mensual”, saía con unha certa irregularidade. Cando veu a Dictadura de Primo de Rivera, Risco decidiu que o millor

era pechala. Pasados douos anos rexurde novamente “Nós”.

A principal misión de “Nós” era a de que Galicia fose comprendida polos galegos. “Na nosa terra —escribiú Risco— pódese ser mestre, bachiller, profesor, médico, funcionario, maxistrado, coengo, bispo, obter os máis outos grados e os máis outos cárregos sin saber ren de Galicia. O estado concede gratuitamente o dereito de información”.

O amor á terra misturábase co amor á lingua do pobo.

“O problema do idioma en Galiza —diría Castelao— é pois un problema de dignidade e de libertade pero, máis que nada, é un problema de cultura”.

O editorial do primeiro número de “Nós” era obra de Vicente Risco: “Con tal de que poñan por enriba de todo o desexo colectivo de superación —sinala— os colaboradores de Nós poden ser politicamente o que lles pete...”

Na seguinte páxina, Cuevillas afirmaba: “Eu creo no triunfo do socialismo, porque creo que a sociedade humá é un organismo vivo, suxeto a leis biolóxicas parecidas ás que rixen o desenvolvimeto dunha planta ou dunha besta”. Arturo Noguerol, tamén no mesmo número, dicía o contrario: “Non creo que o socialismo nin o anarquismo sexan a solución do problema social, as teorías de Marx son vellas i equivocadas”.

É posíbel que non atopemos a mesma ideoloxía en todos os homes da *Xeneración Nós*, mais en xeral pode decirse que nela alentaba o vello liberalismo finisecular e que, por enriba de todo, puñan a libertade individual.

Polo que se refire a España, eles dólense da decadencia, porén afiuzaban nun rexurdir no que Galicia tería a misión que lle fora profetizada polo vate Pondal:

“A luz virá para a caduca Iberia dos fillos de Breogán”.

Unha das maiores inxusticias antre as moitas sofridas polos homes da *Xeneración Nós*, foi a de acusalos coma “separatistas”.

“Creemos —son verbas de Castelao— que o separatis-

mo é unha idea anacrónica e somente a disculpamos como un movemento de desesperación... non intentamos tronzar a solidaridade dos pobos españoles —reforzada por unha convivencia de séculos— senón máis ben posibilitar a construción da gran unidade ibérica”.

Esta foi a posición política de Castelao até o ano 1940 en que, novas circunstancias, fórzano a radicalizarse.

Non teño tempo pra tratar de todos os aspectos e sussurencias da fascinante *Xeneración Nós*, mais hai dous puntos que deben quedar claros. Un é o magno propósito que eles tiñan de vencellar a cultura galega coa europea. Foron os homes de *Nós* os primeiros que sentiron o anejo colectivo de ligar novamente Galicia coas nacións celtas, aquelas “sete irmáns” do vello poema:

“Ei, Armórica, Cornubia e Cambria  
Escocia, Erín, Galecia, e a Illa de Man...”

Alfonso Castelao viaxa pola Bretaña pra estudar os cruceiros.

Vicente Risco olla encandilado pra a *Mitteleuropa*. Ramón Otero Pedrayo traduce ao galego o *Ulisses* de James Joyce. O número 18 de “Nós” foi adicado á loita de Irlanda, neste número figurán os retratos de De Valera e de Mac Swynwy e o canto á libertade irlandesa de Cabanillas:

Irlanda, Irlanda irmán  
ten unha nova estrela o noso ceo  
e ten uns santos novos noso altar.

Escritores bretóns, coma Nazariat, mandaban artigos a “Nós”.

Os mestres literarios dos homes da *Xeneración Nós* serían principalmente Ruskin, Carlyle, Edgard Allan Poe, os poetas malditos franceses, Huysman, Rachilde, Maeterlink, Ibsen, D'Annuncio, Nietszche, o conde de Lautremont, Omar Khaiyam, Tagore, Ganivet, Eca de Queiroz, James Joyce, Eugenio de Castro, Maragall, Xenius, Rubén Darío, Leopoldo Lugones...

Outro punto clave na historia de “Nós” era o desexo de achegarse a Portugal. Xa no primeiro número da revista pubricaban un poema de Teixeira de Pascoaes.

Teixeira de Pascoaes era un fidalgo do Amarante, home de gran cultura que aguisou xuntanzas literarias galego-portuguesas no seu pazo.

A *Xeneración Nós* acusa tamén a influencia do filósofo Leonardo Coimbra, asimesmo colaborador da revista.

Antre as grandes tragedias históricas da Galicia contase a de perder toda a poesía medieval.

Por unha carta do Marqués de Santillana e por outros documentos, sabíase que na Edade Meia, Galicia tivera moitos xogrades.

¿Ónde ficaban as obras dos xogrades?

E velahí que xurde a *Xeneración Nós* ao mesmo tempo en que, pola vía de Portugal chega a Galicia o tesouro dos Cancioneiros galego-portugueses, o da “Vaticana”, o de “Ajuda”, o “Colocci-Brancutti...”

Este descubrimento sirve coma bautizo de gracia.

Compre primeiro á *Xeneración Nós* beber na fonte poética dunha esquecida Galicia medieval e cecáis polo coñecemento dos Cancioneiros o galego da *Xeneración Nós* é moi superior ao galego empregado polos Precursores.

Pasados cinquenta anos desde o día da fundación da revista “Nós” xa non viven os más daqueles homes esgrevios: Alfonso Castelao, Lousada Diéguez, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Florentino Cuevillas, morreron.

Inda está con nós, pra a nosa ledicia e pra gloria das nosas letras, don Ramón Otero Pedrayo... Hoxe podemos decirle a don Ramón que nen os traballos, nen a door da súa vida e da vida dos devanceiros foron estériles.

Hoxe estamos vendo como xurde unha nova e aferroada xeneración galega disposta a seguir polos vieiros señalados polos endexamáis esquecidos mestres da cultura galega.

## BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Montero, Xesús, *Rosalía de Castro*, Madrid, 1972.  
Armesto, Victoria, *Galicia Feudal*, Vigo, 1971.  
Auvergne, Edmund B., *A queen at bay, the story of Cristina and don Carlos*, London, 1910.
- "Boletín de la Real Academia Gallega", año II, núms. 16 y 17, Coruña, 20 nov., 1907.  
"Boletín oficial del Arzobispado de Santiago", número extraordinario, 2, outono, 1920.
- Cabaleiro Goás, M., *Un médico humanista: Roberto Nóvoa Santos*, "Archivo Iberoamericano de Historia de la Medicina y Antropología médicas", vol. XVII, año MCMLXV.  
*Cancioneiro da Vaticana*.  
Candelas Barrios, Jacinto, *La antropología de Nóvoa Santos*, Barcelona, 1971.  
*Cantigas d'Amigo, dos trovadores galego-portugueses*, edición crítica por José Joaquim Nunes, 4 vols. Coimbra, 1928.  
*Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, edição crítica pelo Prof. M. Rodrigues Lapa, Coimbra, 1965.  
*Cantigas de Santa María*, de Alfonso el Sabio, Madrid, 1889, Introducción del Marqués de Valmar.  
Castro, Rosalía de, *Obras Completas*, M. Aguilar, editor, Madrid, 1944.  
Correa Calderón, Evaristo, *Bibliografía de arbitristas, reformadores y economistas gallegos*, "Cuadernos de Estudios Gallegos", fascículo XLVI, año 1960.  
Cuevillas, Florentino, *Cosas de Orense*, Orense, 1969.  
Chamoso Lamas, M., *Ribadavia*, Santiago, 1951.  
Del Río, Bernardo: *Bernardo del Río describe La Coruña de*

- fines del siglo XVIII, "Instituto Cornide", revista, año II, número 2, 1966.
- Dónega, Marino, *Lamas Carvajal nas letras*, art. en "La Voz de Galicia", 14-V-72.
- Eiján, P. Samuel, *Historia de Ribadavia*, Madrid, 1920.
- Enciso Recio, Luis Miguel, *Los establecimientos industriales españoles en el siglo XVIII*, Madrid, 1963.
- Escolma da poesía galega, escola medieval galego-portuguesa, 1118-1346, Vigo, 1952.
- Fariña Jamardo, José, *Guía de Carballedo*, Madrid, 1961.
- Filgueira Valverde, X., *No centenario. O P. Sarmiento e a fala galega*, en "Grial", núm. 38, 1972.
- García Martí, Victoriano, prólogo de las *Obras Completas de Rosalía de Castro*, edit. Aguilar, Madrid 1944.
- García-Sabell, Domingo, *Obra médica y doctrina biológica en Nóvoa Santos*, conferencia homenaje a la memoria del profesor Nóvoa Santos pronunciada por el Dr. D. García-Sabell en la Facultad de Medicina, el 10 de abril de 1964.
- González Besada, Augusto, *Historia crítica de la literatura gallega*, 2 vols. La Coruña, 1887.
- Heras y Muñoz, Manuel, *Los Borbones ante la Revolución*, vol. I.
- Iglesia, Antonio de la, *El idioma gallego, su antigüedad y vida*, La Coruña, 1886.
- Iglesia Alvariño, A., *Carmina*, traducc. de Horacio.
- "Instituto Cornide de Estudios coruñeses", Revista n. 3, La Coruña, 1967.
- Lamas Carvajal, Valentín: *Flores de Ayer*, *El Cancionero del Miño*, 1870; *La monja de San Payo*, 1871; *Las dos Perpetuas*, 1873; *Espiñas, follas e frores*, 1875-76; *Des cartas ós galegos*, 1875; *Desde la reja, cantos de un loco*, 1878; *Saudades Gallegas*, 1880; *Gallegada*, 1887; *Catecismo do Labrego*, 1889; *A musa das aldeas*, 1890.
- Lamas Carvajal, Valentín, *Mostacilla versos humorísticos*, Orense 1897, vol. I.
- Lamas Carvajal, Valentín, *Poesías, selección y prólogo*, por Juan G. del Valle, A Cruña MCMXXV, vol. I.
- Lanza Álvarez, Francisco, *Dos mil nombres gallegos*. Buenos Aires.

- López-Aydillo, Eugenio y Palacios, José, *Valentín Lamas Carvajal, Estudio biográfico y crítico con una selección de sus mejores composiciones*, Madrid, 1925.
- López Lamas, Amparo, *Da fala de Lamas ao castrapo da súa bisneta*, art. en "La Voz de Galicia", 1-VI-72.
- Madariaga, Salvador de, *Mujeres españolas*, Madrid, 1972.
- Marañón, Gregorio, *La medicina y nuestro tiempo*, Buenos Aires, 1954.
- Martín, Elvira, *Tres mujeres gallegas del siglo XIX*, Barcelona, 1962.
- Martínez Barbeito, Carlos, *Evocación de José Cornide*, discurso leído al ser recibido como miembro de número del "Instituto Cornide", 11-feb., 1965.
- Martínez Barbeito, Carlos: *Perfil Histórico-económico de La Coruña*, no "Libro conmemorativo de las Bodas de Oro, 1918-1968 del Banco de La Coruña".
- Martínez Barbeito, Carlos, *Economistas gallegos del pasado*.
- Martínez Morás, Andrés, *Semblanzas raciales*, Madrid, 1930.
- Martínez Salazar, Andrés, *Algunos temas gallegos*, La Coruña, 1968.
- Meijide Pardo, Antonio, *Correos marítimos entre Falmouth y La Coruña, 1689-1815*, discurso leído al ser recibido como miembro de número del "Instituto Cornide" el 20 de mayo de 1966, La Coruña, 1966.
- Meijide Pardo, Antonio, *Aportación a la Historia industrial coruñesa: las fábricas textiles de Sada 1675-1762*, separata del Instituto José Cornide", Revista n. 1, 1965.
- Meijide Pardo, Antonio, *Hombres de negocios de La Coruña dieciochesca*, Jerónimo Hijosa, separata da "Revista del Instituto Cornide", n. 3. La Coruña, 1967.
- Meijide Pardo, Antonio, *Un capitán de industria en la Galicia del antiguo régimen*, Historia Económica y Social, separata, enero-diciembre, 1968.
- Meijide Pardo, Antonio, *Mercaderes catalanes en Galicia, Juan Carré y Bartrá, (1806-1844)*, separata do "Boletín de la Real Academia Gallega".
- Meijide Pardo, Antonio, *El hambre de 1768-1769 en Galicia y la obra existencial del Estamento Eclesiástico compostelano*. Revista "Compostellanum", abril-junio 1965.
- Michaels de Vasconcelos, Carolina, *Glossario do Cancioneiro de Ajuda*, Lisboa, 1922.

- Montero Díaz, Santiago, *La idea del hombre en Nóvoa Santos*, "Archivo Iberoamericano de Historia de la Medicina y Antropología Médica", vol. VI, enero-marzo-abril y junio 1954.
- Mouriño, P. José, *La literatura medieval en Galicia*, Madrid, 1929.
- Murguía, M., *Los trovadores gallegos*, conferencia dada en la Academia de Bellas Artes de La Coruña el 23 de enero de 1905, La Coruña, 1905.
- Naya Pérez, Juan: *Antigua importancia de La Coruña en el orden comercial y mercantil*, en "La Voz de Galicia" do 21 de abril de 1966.
- Nóvoa Santos, Roberto: *La mujer, nuestro sexto sentido y otros esbozos*, Madrid, 1929.
- Nóvoa Santos, Roberto: *El problema del mundo interior*, discurso leido en la inauguración del curso académico de 1920 a 1921, por el profesor doctor médico Roberto Nóvoa Santos.
- Nóvoa Santos, Roberto: *Cuerpo y Espíritu*, Madrid, 1930.
- Nóvoa Santos, Roberto: *El advenimiento del hombre y otras conferencias*, Buenos Aires, 1943.
- Nóvoa Santos, Roberto: *Patología de Santa Teresa de Jesús*. Madrid, 1933.
- Nóvoa Santos, Roberto: *La inmortalidad y los orígenes del sexo*, Madrid, 1931.
- Nóvoa Santos, Roberto: *La Santa Compañía*, en "La Voz de Galicia", 2-11-1925.
- Nóvoa Santos, Roberto: *El Instinto de la Muerte*, Madrid, 1927.
- Otero Pedrayo, Ramón, *El doctor Varela de Montes, médico humanista compostelano del siglo XIX*, Santiago de Compostela, 1952.
- Ramón e Fernández-Oxea, Xosé, "Ben Cho Shey", *Vellas tradições da nosa Galicia: os maios*, conferencia no Club de Dirixentes de Empresa da Cruña, 29, outono, 1971.
- Sande González, Rafael: *La Coruña económica y financiera*, discurso leido al ser recibido como miembro de número del "Instituto Cornide". La Coruña, 1966.
- Saralegui, Leandro de, *Estudios sobre Galicia*, La Coruña 1888.

- Tettamancy Gastón, Francisco, *Apuntes para la Historia Comercial de La Coruña*, prólogo de Salvador Golpe, La Coruña, 1900.
- Vaamonde Lores, César,: *De Monetaria Gallega*. "Boletín de la Real Academia Gallega". núms. 258-63. La Coruña, 1936.
- Varela de Montes, José: *Distinción entre la verdadera y falsa experiencia en medicina y caracteres del verdadero médico según las ideas del célebre Zinermann*, Santiago, 1821.
- Varela de Montes, José: *Historia razonada de Josefa de la Torre*, por José Varela de Montes, Catedrático de Fisiología e Higiene en la Universidad de Santiago, profesor de número del Gran Hospital", Santiago, 1838.
- Varela de Montes, José: *Discurso leido por el Excmo. Sr. Don José Varela de Montes en la sesión celebrada por la Sociedad Económica de Amigos del País*, en la ciudad de Santiago, en el acto de tomar posesión del cargo de Director de la misma, año 1862. Santiago, 1862.
- Varela de Montes, estudio en "Mondariz", año IV, n. 33, 20-X-1918.
- Varela de Montes, José, *Ensayo de Antropología o sea Historia Fisiológica del Hombre*, Madrid, 1844.
- Varela de Montes, José, *Piretología razonada*, Santiago, 1859.
- Varela Jácome, B. *Historia de la Literatura Gallega*, La Coruña, 1951.
- Vedia y Goossens, Enrique de: *Historia y descripción de la ciudad de La Coruña*, La Coruña, 1845.

## ÍNDICE ONOMÁSTICO

### A

Acevedo, Félix, 76.  
Agar, Fernando, 51.  
Agregan, Antonio, 166.  
Aguirre, Lucas, 179, 231.  
Alfonso III, el Santo, 211.  
Alfonso IX, de León, 202, 210.  
Alfonso IX, 14, 16.  
Alfonso X, el Sabio, 151, 208,  
210, 211, 212, 216, 218, 226.  
Alfonso XIII, 141.  
Almanzor, 72.  
Alonso Montero, Jesús, 74.  
Alsina, Fernando, 131.  
Alvarez, Basilio, 115, 122, 183,  
186, 195, 196, 234.  
Alvarez Blázquez, José María,  
201, 226.  
Alvarez de Villasandino, Alfon-  
so, 221.  
Allan Pöe, Edgard, 250.  
Ambroa, Pero de, 212, 213, 214.  
Amigo, Pero de, 212, 213, 214,  
219.  
Andrade e Lemos, 23.  
Antela, Agustín, 34.  
Arana Goiri, Sabino, 233.  
Aranda, Conde de, 141.  
Arcos Xosé, 241.  
Arenal, Concepción, 181.  
Areto, Celso, 90.  
Arias Gallineteo (Obispo), 219.  
Armea, Pero de, 212, 213, 219.

### B

Armesto, Victoria, 67, 122, 132,  
160, 188.  
Astai, 12.  
Atocha, Martín de Carricarte,  
Vda. e Hijos de, 55.  
Aurelio Flavio, 203.  
Ayras, Johan, 212.

Bacteyra, María, 212, 213, 214,  
218, 219.  
Balaguer, Victor, 23.  
Balboa e Sarmiento, Clara de,  
138.  
Baltar Domínguez, Ramón, 160.  
Banderice, Cornelius, 26.  
Baneca, João, 212, 219.  
Barcia Caballero, Xohán, 98.  
Barrié Juan Francisco, 45, 46,  
47, 48, 49, 50.  
Barrié, Pedro, 55.  
Bartolomé Cossío, Manuel, 230.  
Bedoya, (Doctor), 62.  
Bello, Julio, 194.  
Besada, Augusto G., 226.  
Bescansa, Martín, 53.  
Blanco Rivero, Luis, 98.  
Boelio, Rufus, 203.  
Bonaparte, José, 48.  
Bonaval, Bernal de, 207, 208.  
Borgoña, Raimundo, 205, 206.  
Borrouw, 67.  
Bouza Brey, Fermín, 248.

Braga, Teófilo, 224.  
Brancutti (Conde) 222.  
Brañas, Alfredo, 56, 57, 118, 233, 234, 239.  
Bret, Enrique, 52.  
Brigo, 13.

## C

Cabaleiro Goás, 108, 109, 118.  
Cabanillas, Ramón, 224, 235, 236, 237, 239, 243, 245, 250, 251.  
Calés, Dean de, 211.  
Calixto, (Fillo de Varela de Montes), 93.  
Campo, Casiano de, 69.  
Campo, Catalina do, 28.  
Campo, Martín do, 22, 28, 29.  
Candela Barros, Jacinto, 125.  
Cao, Xosé María, 240.  
Carlos II, 140, 141.  
Carlos III, 19, 31, 32, 41, 42, 56, 84, 141.  
Carlyle, 250.  
Carmen (dona de Varela de Montes), 67, 70, 91, 92.  
Carmena (Doctor), 129.  
Carré Aldao, 51, 186, 233, 234, 235.  
Carré Alvarellos, Leandro, 51.  
Carré Alvarellos, Luis, 179, 182.  
Carré, Juan, 49, 50, 51, 66, 234.  
Carré María, 50.  
Carvajal, María Manuela, 165.  
Carvajal, Pedro, 167, 168.  
Casal Anxel, 248.  
Casares, Antonio (Catedrático), 93.  
Casio Dion, 11.  
Casquicio, Fernán, 223.  
Castelao, 143, 224, 229, 231, 236, 237, 238, 239, 240, 241, 242, 243, 249, 250, 251.  
Castelao, Daniel, 237.  
Castelao Jaumes, Xoaquina, 240.  
Castellar, 201.  
Castro, Eugenio de, 250.

## CH

Chamoso Lamas, Manuel, 225.  
Chopin, 194.

## D

Dalmau, José, 48, 50.  
D'Annuncio, 250.  
Dario, Rubén, 250.  
Darwin, Charles, 87, 104.  
Dato, Filomena, 195.  
Dato Muruais, Xosé, 167.

Castro, Francisco de, 57.  
Castro, Rosalía de, 76, 83, 164, 174, 175, 177, 178, 190, 191, 195, 232, 239, 243.  
Castro y Abadía Teresa de, 73, 74.  
Cayuela (Coronel), 76, 77, 80, 81.  
Cela, Camilo José, 210.  
Ceres (Diosa griega), 85.  
Cervantes, 94.  
Cesáreo (Obispo), 182.  
Cirera, Vda. e Hijos de, 55.  
Codax, Martín, 208, 223.  
Coimbra, Leonardo, 251.  
Colmeneiro (Padre Prior de Xubia), 152.  
Colocci, Anxelo, 223.  
Conde, Francisco, 71.  
Cornide, Joseph de, 13, 14, 15, 33, 34, 37, 39, 42, 43, 68.  
Cortés Donoso, 74.  
Corvisieri (Profesor), 222, 225.  
Cotom, Alfonso, 215, 216.  
Couce Doce, Alfonso, 99.  
Cruña, Daniel da, 18.  
Cuevillas, Florentino, 224, 225, 237, 251.  
Curbera e Capdesunyer, Eugenio da Guarda, 55.  
Curros Enríquez, 164, 174, 175, 177, 178, 179, 180, 181, 182, 183, 191, 195, 205, 224, 238, 239, 243.

## E

Eannes de Cotom, Alfonso, 212, 213, 215.  
Eannes de Ezair, 220.  
Eiján, Samuel, 225.  
Enrique II, 221.  
Ensenada, Marqués de La, 27.  
Espartero (Regente), 51, 72.  
Esquicío, Fernán de, 220.  
Estrada Catoira, 234.

## F

Fabra Barreiro, Gonzalo, 160.  
Faraldo, Antolín, 75, 230.  
Farina, Nicandrio, 54.  
Fariña Jamardo, Xosé, 225.  
Feixón, Anselmo, 142.  
Feixón, Fray Benito Xerónimo, 139, 140, 141, 142, 143, 144, 145, 146, 147, 149, 150, 154, 156, 159, 160, 229.  
Feixón, Plácido, 142.  
Felipe II, 18, 69.  
Felipe V, 141.  
Fernández Alonso, Amparo, 195.  
Fernández Alonso, Benito, 181, 243.  
Fernández de Andeiro, Xohán, 16.  
Fernández Gallego, 164, 167, 179, 195, 196.  
Fernández González, Modesto, 179, 195.  
Fernández, Javier, 193.  
Fernández, Manuel, 114.  
Fernández Morejón, Antonio, 63.  
Fernández Oxea, Xosé Ramón,

188, 193, 194.  
Fernández, Rafael, 99.  
Fernández Sánchez, 63.  
Fernández, Xosé, 54.  
Fernando VI, 141, 144.  
Fernando I de Portugal, 16, 18.  
Ferreiro, Celso Emilio, 197.  
Ferro, M.ª Juana, Vda. de Juan, 14.  
Fierros, Dionisio, 92.  
Figueroa, José B., 29.  
Filgueira Iglesias, M.ª Angeles, 160.  
Filgueira Valverde, 159, 160.  
Fonseca, Alonso de, 67, 167.  
Fontán (xeógrafo), 89.  
Fontenla, Jenaro, 51.  
Freire Bareiro, 63.

## G

Galiacho, Xoaquín, 54.  
Galino, M.ª Angeles, 160.  
Gamallo Fierros, Dionisio, 197.  
Gamallo Pastora, 105.  
Ganivet, 250.  
García Burgalés, Pero, 212, 215, 218.  
García de la Riega, 234.  
García Ferreiro, Alberto, 167, 181, 183.  
García Gosende, Alonso, 138.  
García Mosquera, Xosé, 167.  
García, Pedro Xosé, 138.  
García Sabell, Domingo, 97, 108, 115, 123, 130.  
Garrido Bouzas, Remixio, 188.  
Gerión, 13.  
Gesta y Leceta, Marcelino, 160.  
Giannini, Eustaquio, 34.  
Gil Casares, Miguel, 98, 107.  
Giner de los Ríos, Francisco, 156.  
Golpe, Salvador, 234.  
Gómez Charíño, Payo, 219, 220, 239.  
Gómez das Mariñas, Payo, 35.

Gómez, Rodrigo, 219, 220.  
 Gómez Ulla, Mariano, 128, 129.  
 Gómez (Xeral Carlista), 72, 76.  
 González del Castillo, Francisco,  
   40.  
 González López, Emilio, 116.  
 Gosende, Xohán, 139.  
 Grave, María de, 215.  
 Guzpel, Lidia, 101, 103.

## H

Heras y Muñoz, Manuel, 141.  
 Herce, Bruno, 55.  
 Hércules, 13.  
 Heredia, Miguel Pedro de, 90.  
 Hernando; Teófilo (Doctor), 128.  
 Herranz, María, 129.  
 Herrera, Martín de, 113.  
 Hervada (Doctor), 107.  
 Hervella, Bernardo, 33.  
 Hipalo, 13.  
 Hijosa, Jerónimo, 37, 38, 39, 40,  
   41, 42, 43, 44, 45, 46, 68.  
 Hipócrates, 61, 65, 89, 90.  
 Horacio, 205.  
 Huysman, 250.

## I

Ibsen, 250.  
 Iglesias Alvariño, Aquilino, 205,  
   225.  
 Iglesias, Antonio M. de la, 225,  
   226.  
 Iria Flavia, 11.  
 Irmandiños, 16.  
 Isabel II, 74, 75, 81, 85, 90, 95.

## J

Jaso, Leoncio, 129.  
 Jofre Tenorio, Alfonso, 220.  
 Joyce, James, 250.  
 Juana la Loca, 19.  
 Junio Bruto, 150.

## K

Kent, Victoria, 105.  
 Khayam, Omar, 250.  
 Kiel, Baltasar, 21, 22, 26, 29.  
 Kiel, Magdalena, 28.

## L

Labarta, Luis, 55.  
 Labrada, Xosé Lucas, 32, 39.  
 Lafuente, Modesto, 83.  
 La Iglesia, Antonio de, 224.  
 Laín Entralgo, Pedro, 121.  
 Lamas Carvajal, Valentín, 163,  
   164, 165, 166, 167, 168, 169,  
   170, 171, 172, 173, 174, 175,  
   176, 177, 178, 179, 180, 181,  
   182, 183, 184, 185, 186, 188,  
   189, 190, 191, 192, 194, 195,  
   196, 197, 224, 243.

Lamas, Modesto, 195.  
 Lamas Sánchez, Rosina, 197.  
 Lamas, Xosé Francisco, 165.  
 Lameiro, 184.  
 Lancaster, Duque de, 16.  
 Lanza Alvarez, Francisco, 226.  
 Lapuente, Luis de, 129.  
 Lautremont (Conde de), 250.  
 Lope de Vega, 206.  
 López Abente, 235.  
 López Alonso Cuevillas, Florentino, 247, 248, 249.

López Aydillo, Eugenio, 167.  
 López Cid, José Luis, 197.  
 López Cortón, Pascual, 230.  
 López Fermín, 77.  
 López Lamas, Amparo, 169, 176,  
   185, 195.

López Neira, 80.  
 López Peláez, Antolín, 160.  
 Lousada Diéguez, Antón, 224,  
   235, 237, 243, 245, 246, 247,  
   251.  
 Ludwig Feuerbach, 109.  
 Lugones, Leopoldo, 250.  
 Lugrís Freire, 234, 235.  
 Luis (fillo de Varela de Montes),  
   93.

## M

Mac Dougall, William, 112.  
 Macías, Marcelo, 194, 243.  
 Mac Lellana (Doctor), 105.  
 Madariaga, Salvador de, 75.  
 Maeterlink, 250.  
 Magariños, Xosé, 240.  
 Majide, Antonio, 25, 68.  
 Malingre, Manuel, 195.  
 Malvar, (Obispo), 68.  
 Mañara, Miguel de, 140.  
 Mañer, 145, 150.  
 Manoel Antonio (Poeta), 239.  
 Maragall, 250.  
 Marañón (Doctor), 121, 123.  
 Marchesi, Irene, 45, 48.  
 María Cristina (Reina), 51.  
 Maristán y Herrero, 55.  
 Martelo Pauman, Evaristo, 177.  
 Martín, Antolín, 77.  
 Martineta, Elvira, 55.  
 Martínez Barbeito, Carlos, 57.  
 Martínez, M.ª Francisca, 73, 74.  
 Martínez Moras, Andrés, 123.  
 Martínez Salazar, Andrés, 226,  
   234.

Martínez Viojo, José, 74.  
 Medina Sidonia, Duque de, 148,  
   159.  
 Medinaveitia, Juan, 128.  
 Mencía de Cisneros, 221.  
 Mendiño de, 223.  
 Menéndez, Xohán, 55.  
 Meollo, Pero, 219, 220.  
 Merino (Cura), 86.  
 Michælis de Vasconcellos, Carolina, 224, 226.

Minerva (Diosa Griega), 85.  
 Modesto Silverio, 195.  
 Molteni, Enrique, 222.  
 Monaci, Ernesto, 222.  
 Monsiu, Somoza de, 38.  
 Montero Díaz, Santiago, 108,  
   109, 127.  
 Montero Ríos, 115, 247.

Montes, Lorenzo, 62.  
 Moore, John, Sir, 51.  
 Moreno Astray, Félix, 93, 94.  
 Moreno (Profesor), 93.  
 Mosquera, Augusto, 179.  
 Mourinho, José, 226.  
 Moxa, Martín, 208.  
 Muñiz, Pedro, 112.  
 Murguía, Manuel, 93, 174, 175,  
   195, 197, 224, 226, 231, 233,  
   234, 242.

## N

Naya Pérez, Juan, 52.  
 Negra, María, 215.  
 Nelken, Margarita, 105.  
 Nietszche, 250.  
 Noguerol, Arturo, 249.  
 Noriega Varela, Antón, 163, 237.  
 Novoa Gamallo, Olga, 132.  
 Novoa Gamallo, Ramón, 132.  
 Novoa Row, Pedro, 116.  
 Novoa Santos, Roberto, 89, 95,  
   97, 98, 99, 101, 102, 103,  
   104, 105, 106, 107, 108, 109,  
   110, 111, 112, 113, 114, 116,  
   117, 118, 119, 120, 121, 122,  
   123, 124, 125, 126, 127, 128,  
   129, 130, 131, 132, 133, 241,  
   243.

Nunes, Ayras, 212, 216, 217.  
 Nunes, José Joaquín, 224, 226.

## O

Olivares, 71.  
 Oliverio, 170, 172, 173, 184.  
 Osorio, Paulo, 11.  
 Otero Pedrayo, Ramón, 51, 62,  
   69, 71, 72, 82, 91, 106, 197,  
   201, 206, 224, 237, 238, 244,  
   246, 247, 250, 251.  
 Outeiriño, Xulio, 123, 127, 128,  
   129, 131.

P  
 Paez de Tamallancos, Fernán, 220.  
 Padre Alvarez, Sotelo, 19.  
 Padre Flórez, 11.  
 Padre Sarmiento, 38, 43, 221, 222.  
 Palacios, José, 167.  
 Pan, Marcos, 68.  
 Pardo Bazán, Condesa de, 168, 234, 242.  
 Pardo Bazán, Xosé, 39.  
 Pardo de Cela (Mariscal), 206, 239.  
 Pardo Mejide, 22, 38, 47, 50.  
 Parga Sanjurjo, José, 175, 197.  
 Parker, John, 25.  
 Pastor (mencíñeiro), 73.  
 Pastor Díaz, 83, 114, 201.  
 Paz Andrade, 201.  
 Pedrayo Sotelo, Eladia, 246, 247.  
 Pedro de Portugal, 205, 218.  
 Pedro (O cruel), 202, 220.  
 Pemán, 169.  
 Pensado, José Luis, 160.  
 Peña Novo, Luis, 235, 237.  
 Pepa a Loba, 72.  
 Pereira, Camilo, 242.  
 Pérez de Camões, Vasco, 223.  
 Pérez Galdós, Benito, 53.  
 Pérez, María, 212, 213.  
 Pérez, Mariana, 29.  
 Pérez Mayor, 212.  
 Pérez Urraca, (Viuda de Ramírez Marina), 14.  
 Pérez, Vicente, 180, 181, 183.  
 Picos, Ramón, 55.  
 Pintos, Xohán Manuel, 169.  
 Piñeiro, Alonso de, 17.  
 Piñeiro, Ramón, 237.  
 Pitaluga (Doctor), 121.  
 Pita, María, 17, 35.  
 Pi y Margall, Francisco, 233.  
 Platón, 85, 87.  
 Plinio, 76.  
 Pondal, Eduardo, 76, 175, 177, 191, 224, 231, 234.  
 Ponte, Pero da, 208, 209, 212,

215, 216, 218, 219.  
 Porteiro Garea, Lois, 235, 236, 237.  
 Prado, Xavier, 184.  
 Primo de Rivera, 117.  
 Prisciliano, 118, 245.  
  
 Q  
 Queiroz, Eca de, 250.  
 Quevedo, Oscar G., 112.  
 Quijano Alonso, 145.  
 Quintanilla, Xaime, 237.  
  
 R  
 Rabago (Padre), 154.  
 Rachilde, 250.  
 Raimundez de Ibáñez, Antonio, 38.  
 Raxoy (Obispo), 67.  
 Recamán, Manuel, 66.  
 Recarey, Anxel, 29.  
 Recio, Luis Miguel, 22.  
 Reises Católicos, 18.  
 Resende Pumariega, Manuel, 55.  
 Rey Soto, Antonio, 195, 196, 197, 242, 243.  
 Río, Nicolás María del, 55.  
 Risco, Vicente, 244, 229, 235, 236, 237, 243, 244, 245, 247, 248, 249, 250, 251.  
 Riva, Manuel de la, 71.  
 Riva, Prat de la, 232.  
 Risbourg, Marqués de, 69.  
 Rhine, Joseph, 112.  
 Rodríguez Lapa, M. (Profesor), 226.  
 Rodríguez Américo, 236.  
 Rodríguez Cadarso (Doctor), 106, 132.  
 Rodríguez de Molina, Juan, 15.  
 Rodríguez Dios, Mariano, 240.  
 Rodríguez González, Eladio, 234, 235.  
 Rodríguez, Leonardo, 99, 237.  
 Rodríguez, Manolito, 99.  
 Rodríguez, Mariano, 240.  
 Rodríguez Martínez, Xosé, 100.

Rodríguez Pastor, Ricardo 55.  
 Rodríguez Sanjurjo, Primitivo, 245.  
 Rodríguez Seoane, 91.  
 Rodríguez Tenorio, Men, 220.  
 Rodríguez, Xosefa, 40.  
 Rodríguez, Xosé María, 55.  
 Rof Carballo, Juan, 122, 130, 160.  
 Rollano, M., 54.  
 Romana, Marqués de la, 48.  
 Rosmanta Guede, Antonio, 169, 170.  
 Romero Molezún, 98, 105.  
 Roo, Adrián de, 21, 22, 23, 24, 26, 27, 29, 30, 33, 34, 45.  
 Roo, Fernando, 28.  
 Rubine, Fernando, 55.  
 Ruibal, Alvaro, 94.  
 Ruskin, 250.

## S

Saco y Arce, Antonio, 167.  
 Sagra, Ramón de la, 84, 93, 94.  
 Sahadun (Doctor), 63.  
 Salgado, Enrique, 55.  
 Sánchez de Ratia, 17.  
 Sánchez Gómez, Amalia Rosina, 166.  
 Sánchez Manzano (pianista), 194.  
 Sánchez, Pedro Antonio, 33.  
 Sánchez Román, Felipe, 116.  
 San Martín Pinario, 84.  
 San Román, Conde de, 69.  
 Santillana (Marqués de), 151, 221, 222, 251.  
 Santos Vidal (Doctor), 107.  
 Sanz del Río, Julián, 64.  
 Saralegui, Leandro, 225.  
 Sargadelos, Marqués de, 27.  
 Sarmiento, Martín Fray, 137, 138, 139, 140, 141, 142, 143, 144, 145, 146, 147, 148, 149, 150, 151, 152, 153, 154, 155, 156, 157, 158, 159, 160, 184, 221, 229.  
 Scott, Walther, 231.

Schopenhauer, 104.  
 Seixas, Varela, 44.  
 Servio Lupo, Gayo, 13, 15, 34.  
 Serra, Narciso (Poeta), 180.  
 Silio Itálico, 150.  
 Silverio (Hermano de Valentín Lamas), 165, 166.  
 Solón, 85.  
 Solórzano, Fernando, 54.  
 Sosa, Xoana de, 221.  
 Soto Marne, (Padre), 145.  
 Sotomayor (Duque de), 158.  
 Soult, 47.  
 Stapleton, Midare, 27.  
 Stuard, Charles, 223.  
 Suárez, Payo, 289.  
 Suárez Pumariega, Xermán, 55.  
 Suner (Doctor), 122.

## T

Tabeiros, Pero de, 219.  
 Tagore, 250.  
 Teixeira de Pascoaes, 251.  
 Teixeiro, Maximino (Doctor), 90, 95, 98, 105.  
 Tettamancy, Castor, 51, 52, 53, 55, 56, 234.  
 Torre, Xosefa da, 76, 77, 78, 79.  
 Trajano, 13.

## U

Ugarte, Agapito, 54.  
 Unamuno, Miguel, 116, 194, 195.  
 Urbis, Laureano, 166.  
 Uribarri, Alonso de, 19, 20.  
 Urraca (Princesa), 205.

## V

Vaamonde Lores, 234.  
 Valladares, Marcial, 174, 184.  
 Valle-Inclán, 242.  
 Varela, Anxel, 176.  
 Varela de la Iglesia, 98.  
 Varela de Montes e Recamán, Jesús, 92.

Varela de Montes, Xosé, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 94, 95, 97, 98, 105, 116, 119.

Varela, Jácome, 226.

Varela Paz, Luis, 93.

Varela Radio, 98, 121.

Vázquez Núñez, Arturo, 167, 181, 188.

Vélez (Obispo de Compostela), 77.

Vello, Fernán, 212.

Vicetto, Benito, 231.

Vigo, Martín de, 208.

Vilar Ponte, Antón, 234, 235, 237.

Vilar Ponte, Ramón, 234.

Villamarín, Xosé, 239.

Villar de Francos, Xohán, 54.

Villar Iglesias, Martín, 106.

Viñas, Xohán Xosé, 74, 90.

Viqueira, Xohán Vicente, 126, 230, 237.

Vitry, Luis, 52.  
Viturro, Manuel, 241.

## W

Washington, Irving, 74.  
Wolf, Ferdinand, 222.

## X

Xavier (hermano de Fray Martín Sarmiento), 137, 143, 148, 149, 154, 158.  
Xelmírez (Obispo), 61, 207, 221.  
Xenius, 250.  
Xosé (fillo de Varela de Montes), 93.

## Z

Zárate, Gil de, 90.  
Zinermann, 61, 64, 65, 70, 91.  
Zorrilla, 168, 169.  
Zorro, Johan, 212, 217.

## ÍNDICE

	<i>Páxs.</i>
MERCADORES DA VELLA CRUÑA .....	11
MÉDICOS DA ESCOLA DE FONSECA	
<i>Varela de Montes</i> .....	61
<i>Roberto Nóvoa Santos. A maxia do mestre</i> .....	97
<i>Discurso Académico de Nóvoa Santos en Santiago</i> ...	110
FRAI MARTÍN SARMIENTO .....	137
VALENTÍN LAMAS CARVAJAL .....	163
XOGLARES GALEGOS .....	201
VERBAS GALEGAS EN BUENOS AIRES	
<i>A gran Xeneración "Nós"</i> .....	229
BIBLIOGRAFÍA .....	253
ÍNDICE ONOMÁSTICO .....	261

Este libro de  
Victoria Armesto  
saíu do prelo en  
"Artes Gráficas Galicia, S. A."  
de Vigo —Burgos, 96—  
o día 6 de setembro de 1973